



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 23

Sesión Plenaria
4 de abril de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Ditame da Comisión do Estatuto dos Deputados, do 21 de marzo de 2017, sobre as declaracións de actividades das deputadas e dos deputados da X Lexislatura

Punto 2. Comparecencia

1138 (10/CPP-000009)

Do Sr. conselleiro de Facenda, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

Punto 3. Mocións

3.1 7053 (10/MOC-000023)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 5106, publicada no BOPG nº 71, do 22.02.2017, e debatida na sesión plenaria do 21.03.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

3.2 7054 (10/MOC-000024)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa distribución da renda salarial. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 2374, publicada no BOPG nº 36, do 28.12.2016, e debatida na sesión plenaria do 21.03.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

3.3 7065 (10/MOC-000025)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación económica e social da mocidade, e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia laboral. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 1215, publicada no BOPG nº 18, do 23.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 21.03.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 4369 (10/PNP-000360)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel, e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dos mecanismos necesarios para consensuar coas forzas políticas a posición que vai defender Galicia na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado en relación co Pacto de Estado social e político pola educación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 62, do 08.02.2017

4.2 5148 (10/PNP-000432)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David, e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para frear a praga da avespiña do castiñeiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 71, do 22.02.2017

4.3 5234 (10/PNP-000439)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto, e seis deputados/as máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia, xunto coa Fegamp, da creación de cemiterios de carácter supramunicipal que poidan atender a demanda de enterramentos conforme os requisitos das confesións minoritarias con maior arraigamento en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 71, do 22.02.2017

4.4 5350 (10/PNP-000449)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción, e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co actual sistema de concesión e a normativa reguladora de bolsas e axudas ao estudo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

4.5 6206 (10/PNP-000536)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco, e tres deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento para o desenvolvemento pola sociedade pública Suelo Empresarial del Atlántico, S. L. de novos procesos de venda de parcelas con prezos bonificados que fagan máis competitivo o polígono industrial de Vimianzo e de iniciativas para a súa promoción, así como o inicio dos trámites para acadar a transferencia a Xestur de todas as ofertas de solo industrial en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 83, do 15.03.2017

4.6 6345 (10/PNP-000554)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles, e seis deputados/as máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun programa de conmemoración do 30º aniversario da declaración pola Unión Europea do Camiño de Santiago como Primeiro itinerario cultural europeo no que se recollan actuacións de recoñecemento dos demais itinerarios europeos do Consello de Europa dos que participa Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 83, do 15.03.2017

4.7 6483 (10/PNP-000572)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis

Sobre o impulso polo Goberno galego dun plan integral de actuacións para mellorar a calidade de vida e minimizar o impacto das diversas infraestruturas de comunicación na parroquia de Chapela, no concello de Redondela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 22.03.2017

4.8 6702 (10/PNP-000590)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Fomento dos investimentos precisos para garantir un servizo ferroviario de ancho métrico (Renfe-Feve) en Galicia nas mellores condicións posibles, así como a transferencia á Xunta de Galicia das competencias na materia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 22.03.2017

Punto 5. Interpelacións

5. 11048 (10/INT-000032)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a política do Goberno galego en relación coas reválidas de segundo de bacharelato establecidas na LOMCE

Publicación da iniciativa, BOPG nº 18, do 23.11.2016

5.2 6362 (10/INT-000259)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, e dous deputados/as máis

Sobre a inmatriculación no rexistro da propiedade de bens inmobles da Igrexa católica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 16.03.2017

5.3 6747 (10/INT-000275)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co servizo de transporte sanitario terrestre

Publicación da iniciativa, BOPG nº 88, do 23.03.2017

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 7111 (10/POPX-000025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego dalgún plan para frear a deterioración socioeconómica do rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

6.2 7127 (10/POPX-000026)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a garantía polo Goberno galego do uso de todos os recursos que ten para atallar os problemas de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

6.3 7128 (10/POPX-000027)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as zonas grises que hai no financiamento da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 7110 (10/PUP-000070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, e dous deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central do mantemento dos rexistros da propiedade suprimidos en Galicia polo Real Decreto 195/2017, do 3 de marzo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

7.2 5839 (10/POP-000765)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do mantemento do uso sociosanitario dos terreos da antiga Residencia de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 08.03.2017

7.3 7126 (10/PUP-000071)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel, e seis deputados/as máis

Sobre a posición defendida por Galicia na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado respecto da necesidade dun pacto de Estado social e político pola educación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

7.4 7135 (10/PUP-000072)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego diante da contradición evidente entre os novos criterios de financiamento do ensino concertado e o plan de educación en igualdade da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

7.5 2910 (10/POP-000308)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e dous deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da construción urxente dun novo centro de saúde na antiga Comandancia de Mariña de Vilagarcía de Arousa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

7.6 6529 (10/POP-000846)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores, e dous deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da implementación de medidas de mellora para o Hospital Virxe da Xunqueira de Cee

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 22.03.2017

7.7 6647 (10/POP-000860)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta, e sete deputados/as máis

Sobre o número de familias que se beneficiaron do Plan de axudas á natalidade dende a súa posta en marcha

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 22.03.2017

7.8 6678 (10/POP-000865)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula, e dous deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da continuación coa concesión de subvencións a asociacións de apoio á muller embarazada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 22.03.2017

7.9 7100 (10/PUP-000069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis

Sobre as medidas concretas adoptadas ou previstas pola Xunta de Galicia para defender as terras agrarias e os postos de traballo afectados polos proxectos de extracción de seixo promovidos por Erimsa nos concellos de Frades, Mesía, Oroso e Ordes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

7.1 05242 (10/POP-000675)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique, e seis deputados/as máis

Sobre a evolución, por segmento de frota, das descargas e vendas nos últimos anos no caladoiro nacional Cantábrico noroeste

Publicación da iniciativa, BOPG nº 71, do 22.02.2017

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor presidente comunica que dona Magdalena Barahona Martín xustificou a súa inasistencia. (Páx. 14.)

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria e alteración da orde do día

O señor presidente comunica que a interpelación que figura en terceiro lugar se debaterá pola tarde, ao igual que as preguntas que figuran en quinto e sexto lugar. (Páx. 14.)

Así mesmo, comunica a retirada, polas súas autoras, da interpelación que figura en primeiro lugar. (Páx. 14.)

Ditame da Comisión do Estatuto dos Deputados, do 21 de marzo de 2017, sobre as declaracións de actividades das deputadas e dos deputados da X lexislatura. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente dálle a palabra ao señor presidente da Comisión do Estatuto dos Deputados (Puy Fraga) para que proceda a dar lectura ao Ditame da Comisión do Estatuto dos Deputados sobre as declaracións de actividades das deputadas e dos deputados da X lexislatura. (Páx. 14)

O señor presidente da Comisión do Estatuto dos Deputados (Puy Fraga) le o ditame, que se aproba por asentimento. (Páx. 14)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Facenda, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 15.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 24.), Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 27.), Sr. Lago Peñas (EM) (Páx. 31.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 34.)

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 37.)

O señor presidente (Calvo Pouso) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 44.) Nesta rolda, interveñen a señora Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 45.), a señora Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 46.), o señor Lago Peñas (EM) (Páx. 48.), o señor Puy Fraga (P) (Páx. 50.) e o señor conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 52.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada á moción. (Páx. 55.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Solla Fernández (EM). (Páx. 55.)*

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 58.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 60.) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 62.)*

A señora Solla Fernández (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 64.)

Moción do G. P. de En Marea sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa distribución da renda salarial. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Lago Peñas (EM). (Páx. 66.)*

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 69.), Sra. Blanco Rodríguez (S) (Páx. 70.) e Sr. Tellado Figueira (P). (Páx. 72.)*

Nova intervención do señor Lago Peñas (EM). (Páx. 74.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación económica e social da mocidade e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia laboral. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada á moción. (Páx. 74.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Blanco Rodríguez (S). (Páx. 77.)*

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Vázquez Verao (EM). (Páx. 80.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 82.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 83.)*

A señora Blanco Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 85.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 87.)*

O señor presidente anuncia que na seguinte moción, por iniciativa do Grupo Parlamentario de En Marea, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, solicita a votación por puntos. (Páx. 88.)

O señor Lago Peñas (EM) acepta a votación por puntos e precisa os termos desta petición. (Páx. 88.)

Votación dos puntos 3, 4, 5 e 6 do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Manuel Lago Peñas, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa distribución da renda salarial: *aprobados por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación dos puntos 1 e 2 do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Manuel Lago Peñas, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa distribución da renda salarial: *rexeitados por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 89.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación económica e social da mocidade e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia laboral: *rexeitados por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 89.)

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e catro minutos da tarde e retómase ás catro e dezaseis minutos.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dos mecanismos necesarios para consensuar coas forzas políticas a posición que vai defender Galicia na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado en relación co Pacto de Estado social e político pola educación. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 90.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 90.)

Intervención do grupo emendante: *Sra. Chao Pérez (EM).* (Páx. 93.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 95.) *e Sr. Fernández Gil (P).* (Páx. 97.)

O señor Álvarez Martínez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 99.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez e D^a Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para frear a praga da avespiña do castiñeiro. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rodríguez Estévez (EM).* (Páx. 101.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 104.), *Sr. Quiroga Díaz (S)* (Páx. 106.) *e Sr. González Vázquez (P).* (Páx. 107.)

Nova intervención do señor Rodríguez Estévez (EM). (Páx. 109.)

Declaración institucional

O señor presidente dá lectura e somete á aprobación da Cámara unha declaración institucional, en relación coa celebración do Día Internacional do Pobo Xitano, que se aproba por asentimento. (Páx. 110.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e seis deputados/as máis, sobre o impulso pola Xunta de Galicia, xunto coa Fe-gamp, da creación de cemiterios de carácter supramunicipal que poidan atender a demanda de enterramentos conforme os requisitos das confesións minoritarias con maior arraigamento en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 111.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 112.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 115.) e *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 118.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Santos Queiruga (EM).* (Páx. 119.)

O señor Pazos Couñago (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx.121 .)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Concepción Burgo López e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co actual sistema de concesión e a normativa reguladora de bolsas e axudas ao estudo. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 123.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Burgo López (S).* (Páx. 123.)

Intervención do grupo emendante: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 126.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Cuña Bóveda (EM)* (Páx. 127.) e *Sr. Fernández Prado (P).* (Páx. 129.)

A señora Burgo López (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 130.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento para o desenvolvemento pola sociedade pública Suelo Empresarial del Atlántico, S. L. de novos procesos de venda de parcelas con prezos bonificados que fagan máis competitivo o polígono industrial de Vimianzo e de iniciativas para a súa promoción, así como o inicio dos trámites para acadar a transferencia a Xestur de todas as ofertas de solo industrial en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. .132)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Casal Vidal (EM).* (Páx. 132.)

Intervención do grupo emendante: *Sr. Castiñeira Broz (P)*. (Páx. 134.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 136.) e *Sra. Pierres López (S)*. (Páx. 137.)

O señor Casal Vidal (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 139.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Ángeles Antón Vilasánchez e seis deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun programa de conmemoración do 30^o aniversario da declaración pola Unión Europea do Camiño de Santiago como Primeiro itinerario cultural europeo no que se recollan actuacións de recoñecemento dos demais itinerarios europeos do Consello de Europa dos que participa Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 141.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Antón Vilasánchez (P)*. (Páx. 141.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Burgo López (S)* (Páx. 145.) e *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 146.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 148.)

A señora Antón Vilasánchez (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 149.)

Declaración institucional

O señor presidente dá lectura e somete á aprobación da Cámara unha declaración institucional, en relación coa urxente necesidade de que os gobernos da Unión Europea, e en particular o de España, axilicen de maneira significativa o proceso de traslado de persoas refuxiadas a España mediante a súa recolocación e reasentamento e cumpran no prazo previsto os compromisos acordados coa Unión Europea de acoller a 17.337 persoas refuxiadas, que se aproba por asentimento. (Páx. 151.)

Interpelación de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co servizo de transporte sanitario terrestre. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 152.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 155.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 157.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 159.)

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da construción urxente dun novo centro de saúde na antiga Comandancia de Mariña de Vilagarcía de Arousa. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 161.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 163.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 164.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx.165 .)

Pregunta de D^a María Dolores Toja Suárez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da implementación de medidas de mellora para o Hospital Virxe da Xunqueira, de Cee. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Toja Suárez (S)*. (Páx. 166.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 167.)

Réplica da autora: *Sra. Toja Suárez (S)*. (Páx. 168.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 169.)

Suspéndese a sesión ás oito e trinta e seis minutos do serán.

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Imos dar comezo á sesión. *(Pausa.)*

Bos días. Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a súa inasistencia a deputada dona Magdalena Barahona Martín.

Silencio, por favor.

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria e alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Antes de entrar na orde do día, quero comentarlle unhas alteracións que xa foron faladas cos portavoces. En concreto, a interpelación que figura en terceiro lugar, que é unha interpelación ao conselleiro de Sanidade, sobre o transporte sanitario terrestre, debaterémola hoxe pola tarde; ao igual que as preguntas tamén ao conselleiro de Sanidade, que figuran en quinto e en sexto lugar.

E tamén teño que comentarlles que foi retirada polas súas autoras a interpelación que figura en primeiro lugar.

Polo tanto, comezamos xa coa orde do día.

Primeiro punto.

Ditame da Comisión do Estatuto dos Deputados, do 21 de marzo de 2017, sobre as declaracións de actividades das deputadas e dos deputados da X lexislatura

O señor PRESIDENTE: Para a lectura do ditame da comisión ten a palabra o seu presidente, don Pedro Puy.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN DO ESTATUTO DOS DEPUTADOS (Puy Fraga): Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Ditame da Comisión do Estatuto dos Deputados sobre as declaracións de actividades das deputadas e dos deputados da X lexislatura.

A Comisión do Estatuto dos Deputados, nas reunións do 2 e 21 de marzo de 2017, eleva a presente proposta para a súa inclusión na orde do día cos seguintes antecedentes.

A comisión estudou e examinou as declaracións de actividades presentadas polas deputadas e polos deputados da X lexislatura para o efecto de elaborar a seguinte proposta baseada nos seguintes fundamentos normativos:

Primeiro. A Comisión do Estatuto dos Deputados desenvolveu o seu labor nos termos previstos no artigo 16.2 do Regulamento. As deputadas e os deputados teñen a obriga de comunicar por escrito calquera modificación que se produza nas súas actividades e que poida afectar a súa situación funcional ou económica como parlamentaria ou parlamentario.

En correspondencia co cumprimento desta obriga, a comisión, pola súa banda, asume unha función permanente de revisar a dita situación e de manter ou modificar posteriormente a súa proposta.

Segundo. No exercicio da súa función de verificación, confrontou as declaracións presentadas coas causas de incompatibilidade establecidas nos artigos 4 e 6 da Lei autonómica 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e a súa concordancia co artigo 6 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño.

Rematado o seu labor e por unanimidade emite o seguinte ditame:

As deputadas e os deputados da X lexislatura do Parlamento de Galicia non están neste intre, a teor da documentación presentada, incurso en causas de incompatibilidade e, xa que logo, poden exercer con plenitude os dereitos e deberes inherentes ao cargo parlamentario.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Se lles parece, votamos isto por asentimento. *(Apróbase por asentimento.)*

Están todos de acordo. Queda, polo tanto, aprobada por asentimento.

Continuamos coa orde do día, co punto segundo.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Facenda, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: Para isto ten a palabra o señor conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Señor presidente, señorías, bos días.

A miña comparecencia de hoxe é para presentar as liñas xerais da Consellería de Facenda na presente lexislatura. Finaliza a rolda que durante os últimos meses realizaron todos os membros do Goberno para avanzar os obxectivos de cada departamento autonómico; uns meses nos que non estivemos parados, senón todo o contrario, traballamos arreo para aprobar os orzamentos en menos dun mes; para eliminar os impostos para mozos, familias numerosas

e persoas con discapacidade que decidan vivir en zonas pouco poboadas; para cancelar os axustes salariais xerais que tivemos que aplicar de maneira temporal debido á crise económica; xa reanudamos, pois, as pagas extras completas para todos os empregados públicos; impulsamos a negociación colectiva equiparando as condicións de traballo de 1.800 profesionais do Consorcio de Igualdade e Benestar; seguimos reducindo o período medio de pago aos nosos provedores; cumprimos un ano máis o déficit público; e reforzamos o autogoberno, cun tribunal propio, para resolver recursos contractuais en Galicia e ser a primeira comunidade autónoma que iniciou o debate sobre o novo modelo de financiamento autonómico pactando o experto designado para abordar a súa revisión.

E puidemos facer todo isto porque temos estabilidade, xa que os galegos optaron de forma maioritaria por un goberno estable; temos continuidade nas políticas e na xestión, que está permitindo ter o maior crecemento en nove anos; e temos planificación, non improvisamos; sabemos o que queremos e como acadalo.

Contamos co Plan estratéxico 2015-2020 como ferramenta clave para consolidar a plena recuperación económica de Galicia, partindo dun novo modelo con base no coñecemento, a sostibilidade ambiental e a cohesión territorial, que busca un crecemento sostido, no entorno do 2,5 % do PIB, e rebaixar a taxa de paro ao entorno do 10 %.

Logo dos dous primeiros anos da súa vixencia, podemos afirmar que o Plan estratéxico está sendo útil e servindo para cumprir os obxectivos. Pero somos rigorosos e realizaremos un seguimento exhaustivo do avance dos obxectivos transversais, unha avaliación dos principais indicadores de resultado dos obxectivos estratéxicos e dos programas de gastos e un seguimento operativo co grao de avance das diferentes liñas de actuación que contribúen á consecución deses obxectivos estratéxicos.

Todo isto para que o Plan estratéxico siga a ser a folla de ruta da Xunta de Galicia ata 2020 e corrixir os obxectivos ou liñas de actuación que non amosen os resultados esperados sen xustificación. Porque, señorías, afrontamos unha lexislatura con moitos retos, pero cun gran obxectivo prioritario: completar a recuperación económica dos cidadáns de Galicia mediante un novo modelo de crecemento máis resistente a futuros cambios de ciclo. Para conseguilo necesitamos afondar no modelo propio de crecemento de Galicia que temos acadado nos últimos anos, cun crecemento san e sostido. ¿E por que digo completar a recuperación económica? Porque, afortunadamente, a situación xa non ten nada que ver coa que había a comezos da pasada lexislatura, e levamos tres anos cun crecemento cada vez máis sólido. As últimas cifras coñecidas en relación co peche do ano 2016 reforzan esta melloría, por exemplo, o PIB do 2016. A economía galega creceu un 3,4 en 2016, e estivo entre as que mellor comportamento tivo en España, dúas décimas mellor que a media. Este é o mellor dato de crecemento dende 2007. Estamos converxendo con España e con Europa. Levamos crecendo tres anos consecutivos, cun comportamento en 2015 mellor que en 2014, e en 2016 mellor que en 2015. Pero tamén, menos paro. Galicia pechou 2016 con 22.894 desempregados menos que en 2015, cun descenso do 10 %. É a maior caída dende o inicio da crise. Levamos máis de tres anos de baixadas de paro consecutivas na evolución anual, e Galicia sitúase en niveis de paro inferiores aos que había hai sete anos.

A contratación tamén medrou en 2016 nun 7,55 % e os contratos indefinidos creceron un 9,8 %, e a contratación a tempo completo fíxoo nun 8,7 %. Os datos coñecidos hoxe seguen sendo positivos. En marzo hai un 9,4 % menos de parados que hai un ano e ademais a contratación en xeral medrou case un 15 %.

Pero tamén, menos déficit. Galicia volveu cumprir en 2016 o obxectivo de déficit público, que se reduciu ata o 0,54 % do PIB, por debaixo do límite, pois, do 0,7 % que tiñamos as comunidades autónomas. Galicia consolídase como a comunidade de referencia da estabilidade orzamentaria de novo en 2016, cun déficit inferior á media en 3 décimas.

Volvo reiterar en sede parlamentaria o noso compromiso de volver cumprir neste 2017 o obxectivo de déficit establecido no 0,6 % do PIB e así fixado nos nosos orzamentos.

Señorías, o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria é unha das bases do modelo de crecemento san que estamos a impulsar. Galicia aposta pola redución do déficit e do gasto en xuros para poder dedicar máis recursos ao gasto social e aos investimentos.

Pero tamén, menos débeda. Grazas a este control, Galicia consolídase entre as comunidades autónomas con menos débeda de España. Pechamos o 2016 cunha ratio de débeda PIB do 18,7 %, practicamente igual que en 2015, e 6,2 puntos inferior á media.

No 2016 reducimos os xuros da débeda en 38,3 millóns de euros, cifra que ascende a 92 millóns se temos en conta os dous últimos exercicios. Galicia é a comunidade autónoma que menos incrementou o seu volume de débeda dende 2008, e na actualidade mantén un endebedamento notablemente inferior á media, cando no 2008 era superior.

Polo que respecta ao esforzo investidor, Galicia situouse en 2016 como a segunda comunidade con maior esforzo investidor, o dobre que a media.

Pero tamén, récord nas exportacións. As exportacións de bens e servizos medraron o ano pasado un 5,5 %, 1,3 puntos máis que o ano anterior. Nesta boa evolución foi clave o récord do comercio exterior, pois Galicia superou por primeira vez a barreira dos 20.000 millóns de euros.

Paso agora a relatar as dez principais liñas de actuación previstas para esta legislatura.

En primeiro lugar, imos consolidar a recuperación económica dos cidadáns cun crecemento san e sostido. Levamos catro anos completos cun crecemento económico constante e progresivo, e estamos intensificando a converxencia con España. Unha vez acadados avances interanuais por riba do 3 %, queremos manter un crecemento sostido. Galicia sae da crise cunha economía máis moderna e mellor preparada para o futuro. Conseguimos un crecemento san para ter unha economía sa, que foxe de burbullas e aposta por unha economía produtiva e competitiva. En tres anos conseguimos recuperar o PIB perdido nos seis anos anteriores, e desde 2009 melloramos dúas posicións en PIB per cápita no conxunto de comunidades autónomas e elevámolo ao 89,1 %. E o máis importante é que a recuperación non só é de riqueza, senón tamén de emprego. Creamos en dous anos 40.000 postos de traballo a tempo completo.

Tamén reforzamos o peso do gasto público, que gaña 1,4 puntos en relación con antes da crise, e pasa a representar agora o 16 %, que tiñamos no 2008; nestes momentos, no 2016, está no 17,4 %.

En definitiva, Galicia sae da crise cunha economía máis moderna, máis aberta, con mellores servizos, cun sector primario que ten futuro, cunha industria cada vez máis competitiva e cuns servizos públicos reforzados.

En segundo lugar, como liña estratéxica, imos traballar para acadar un modelo de financiamento autonómico que atenda as necesidades dos galegos. Sen dúbida, un dos aspectos máis importantes da presente lexislatura será a revisión do sistema de financiamento autonómico. E, modestamente, creo que comezamos ben. Xa consensuamos o experto designado por Galicia para abordar esta revisión e aprobamos unha moción sobre a posición que debemos defender.

Señorías, sabido é que o actual modelo non é satisfactorio por varias razóns. As principais: é insuficiente e pouco resiliente ás crises; non conta cun mapa de servizos que cuantifique o custo de servizos da súa prestación; non recolle debidamente ponderadas circunstancias excepcionais que ten a nosa comunidade, como son a gran dispersión e o elevado avellentamento da súa poboación.

Polo tanto, existe unha insuficiente valoración da variable dispersión e un peso da poboación protexida polo factor avellentamento afastado da realidade. Por iso pedimos introducir máis tramos de idade a partir de 65 anos, porque non é o mesmo o custo en servizos sociais e sanidade dunha persoa de 65 anos, de 85 anos ou de 95 anos. En Galicia temos case cento dez mil persoas de 85 ou máis anos.

¿Cal é a aspiración de Galicia? Queremos un sistema que garanta as necesidades de financiamento dos servizos públicos que prestamos. E querémolo pactar entre todos para abordar de maneira seria a necesidade da revisión do modelo e enmarcar as prioridades e os prazos para abordala. A Conferencia de Presidentes do mes de xaneiro foi un bo comezo, porque Galicia defendeu a súa postura e escoitou a postura dos demais. Entre todos sentamos as bases para acordar a revisión do modelo de financiamento autonómico con base en tres principios: custo efectivo dos servizos, multilateralidade e estabilidade.

É esencial conseguir financiar o custo efectivo dos servizos. E para iso temos que saber o que custa prestalos en cada comunidade, coas súas singularidades e especificidades, e nomeadamente a sanidade, que en Galicia supón máis do corenta por cento do orzamento. É esencial que os recursos que se integran no sistema se negocien entre todos de maneira multilateral, cuns criterios que garantan a mesma calidade na prestación de servizos con independencia do territorio onde se presten. E é esencial tamén que o novo sistema de financiamento autonómico achegue estabilidade e teña vocación de permanencia, polo que a sanidade e a dependencia deben ter estas separadas.

Esta revisión xa está en marcha e, dada a transcendencia que terá para a nosa comunidade autónoma, esperamos contar co apoio dos restantes grupos parlamentarios. Señorías, reitero que a nosa estratexia estará guiada en todo momento pola lealdade e pola firmeza.

Terceira liña estratéxica: imos completar a senda de consolidación fiscal e cumprir os obxectivos de estabilidade orzamentaria. A estabilidade orzamentaria é esencial para garantir a sustentabilidade do Estado de benestar. Queremos cumprir unha vez máis o pactado no Consello de Política Fiscal e Financeira, completando deste xeito o proceso de consolidación fiscal de Galicia.

A redución constante e progresiva do déficit público foi moi positiva para os galegos, porque permitiu manter a solvencia das contas e a nosa autonomía financeira. Galicia é a única comunidade de réxime común que non pediu nin un euro dos 156.000 millóns que puxo o Estado para chegar a final de mes. Pero si demandamos un mecanismo exclusivo para as comunidades autónomas cumpridoras. E por iso o Estado, por proposta de Galicia, habilitou en 2015 o Fondo de Facilidade Financeira. ¿Por que se adheriu Galicia a este fondo? Porque non ten ningunha condicionalidade, porque mantemos a nosa autonomía financeira, porque é totalmente opcional, xa que podemos entrar ou saír cando queiramos, e porque ten condicións vantaxosas que nos permiten aforrar millóns de euros en xuros de débeda para dedicalos a gasto produtivo.

Galicia é unha das dúas comunidades que pode utilizar este mecanismo; o resto non pode, porque non cumpren os seus obxectivos de déficit e débeda. Galicia pode elixir: podemos acudir aos mercados financeiros cando queiramos e podemos utilizar o Fondo de Facilidade Financeira se nos beneficia. E isto ten o nome: autogoberno.

O balance é moi positivo: desde a posta en marcha do Fondo de Facilidade Financeira Galicia aforrou 340 millóns de euros. Señorías, reitero que cumprir os obxectivos de déficit e de débeda é positivo para Galicia. Galicia é a comunidade que menos aumentou a súa débeda desde 2008. E iso ¿saben o que significa? Menos cargas financeiras para os que virán despois de nós, é dicir: responsabilidade. De feito, unha vez conseguido estabilizar a ratio de débeda-PIB, o obxectivo é diminuíla de maneira constante e progresiva.

Cuarta liña de actuación: imos manter Galicia entre as comunidades cunha menor presión fiscal para as rendas medias e baixas. Galicia seguirá sendo unha das comunidades nas que as rendas medias e baixas pagarán menos impostos. Non subiremos os impostos e mantemos durante esta lexislatura a rebaixa do imposto de sucesións, pola que non pagan tributo o 99 % dos galegos, e a rebaixa do IRPF, que beneficia o 98,5 % dos galegos, e completaremos a estratexia de impostos cero para quen queira vivir do rural e vivir no rural. Esta rebaixa tivo un impacto no primeiro ano de aplicación de 41 millóns de euros. Son recursos que quedaron en mans dos fogares galegos para reactivar o consumo interno e manter íntegro o seu patrimonio en caso de perda dun familiar. Este ano, o impacto será maior, duns 140 millóns de euros, porque terá efecto na recadación da comunidade a rebaixa do IRPF para 2016, e ademais xa terá pleno efecto a rebaixa do imposto sobre sucesións.

Señorías, ademais de non subir impostos, analizaremos ano a ano a posibilidade de novas rebaixas, sempre en función da recuperación do ingreso público. E para complementar estas rebaixas de impostos tamén manteremos os beneficios fiscais aprobados no IRPF, no imposto sobre transmisións patrimoniais e no imposto de sucesións e doazóns. Ademais, manteremos os tipos reducidos no imposto de transmisións matrimoniais para a adquisición de

vivenda habitual, tanto de mozos como de familias numerosas e persoas cunha discapacidade superior ao 65 %.

Outro pilar fundamental será continuar potenciando a información ao contribuínte, para facilitar o cumprimento das súas obrigas, e a loita contra a fraude fiscal, para cumprir o Plan de control tributario, fundamentado nos principios de xustiza, igualdade e capacidade económica. Nos catro anos que leva en funcionamento a Axencia Tributaria de Galicia xa afloraron máis de seiscientos millóns de euros en débeda non declarada.

Nesta lexislatura potenciaremos as novas tecnoloxías e fomentaremos a especialización.

En quinto lugar, imos comprometer nos nosos provedores a conseguir un período medio de pago arredor dos dez días. Preto do oitenta por cento das facturas que paga a Xunta son electrónicas, un sistema no que Galicia foi pionera no conxunto de España desde o ano 2010. Na actualidade, Galicia é a terceira comunidade de réxime común que paga con maior axilidade aos seus provedores, e o período medio de pago no 2016 baixou a pouco máis de vinte días. Estamos pagando mellor e con máis asiduidade que a maioría de comunidades, pero queremos dar un paso máis e conseguir nesta lexislatura reducir o período medio de pago arredor dos dez días, un obxectivo por certo moi ambicioso. Neste proceso de xeneralización da factura electrónica, tras completar a súa posta en funcionamento en todas as entidades do sector público, universalizarase o sistema para os centros educativos.

Ademais, continuaremos coa implantación do sistema de licitación electrónica e do sistema de contratación electrónica para que en todos os trámites relacionados coa contratación pública desapareza o papel.

Sexta liña estratéxica: imos optimizar a xestión e coordinación orzamentaria e estatística. Avanzaremos na sistematización dos escenarios orzamentarios plurianuais, afondaremos na orzamentación e xestión cara a resultados con base en obxectivos fixados no Plan estratéxico, desenvolveremos a oficina orzamentaria para optimizar o seguimento polo miúdo das principais políticas de gasto e camiñaremos cara ao papel cero na xestión orzamentaria, coa informatización de todos os procedementos, ademais de mellorar a coordinación dos diferentes servizos.

Igualmente, no exercicio das nosas competencias en tutela financeira sobre entidades locais, reforzaremos a cooperación e a coordinación coas corporacións locais para mellorar as súas actuacións financeiras e orzamentarias.

No ámbito tributario redobraremos a colaboración con outras administracións autonómicas e locais para gañar en eficacia na xestión, facilitándolles neste último caso a posibilidade de levar a cabo a súa xestión recadatoria en vía executiva.

E na busca dunha administración máis eficiente e moderna e próxima ao cidadán, implementaremos un sistema telemático de presentación de avais, depósitos e garantías ante a Caixa Xeral de Depósitos, e así mesmo reforzaremos a supervisión tanto de mutuas como de corredores e corredorías de seguros.

Señorías, contamos co Plan galego de estatística 2017-2021, e nesta lexislatura reforzaremos a información, a eficiencia, a transparencia e a coordinación do Instituto Galego de Estatística con outros sistemas estatísticos.

Está previsto ampliar a información sobre dependencia, coidado de menores, autoemprego, capital social e conciliación entre traballo e vida laboral, así como analizar polo miúdo varios sectores produtivos, como son o téxtil, a minaría, a cadea agroalimentaria e o forestal.

Sétima liña de actuación: imos afondar na política de racionalización e alugueiros cero. Temos en marcha un plan patrimonial para que o cen por cento dos servizos administrativos se desenvolvan en dependencias propias. Nesta estratexia aspiramos a que a Administración galega teña unha oficina única e recoñecible, unificando a imaxe de todas e cada unha das dependencias para facela máis recoñecible para os cidadáns. E queremos reforzar a política de alugueiros cero para eliminar de maneira progresiva os alugueiros de locais e reinvestir o aforro no mantemento do patrimonio inmobiliario da Xunta, co fin de optimizalo e pólo en valor.

Xa temos en marcha actuacións concretas: en Vigo, executando a Cidade da Xustiza, aproveitando as instalacións do antigo hospital; en Pontevedra, recuperando o edificio Benito Corbal para albergar servizos da Xunta, da Universidade de Vigo e das entidades sociais da cidade; en Santiago de Compostela, co proxecto do novo San Caetano, para ampliar as actuais instalacións administrativas coas dependencias na estación de autobuses, unha vez que esta se traslade á futura estación intermodal; en Ourense, coa posta en valor dun local propio, actualmente sen uso, para a nova sede da Axencia Tributaria de Galicia, o que permitirá optimizar este patrimonio autonómico. E temos previsto continuar coa posta en valor dese patrimonio propio con actuacións noutras cidades galegas para ubicar servizos administrativos autonómicos.

Outro obxectivo é elaborar unha nova Lei de patrimonio, que achegará simplificación e unidade a esta materia, ademais de facilitar o seu coñecemento, consulta e aplicación.

Igualmente, continuaremos nun proceso de mellora continua da calidade da transparencia no sector público que complete os procesos de reestruturación e simplificación administrativas xa en marcha.

Oitava liña de actuación: imos acadar a plena estabilidade do emprego público. Unha vez cancelados todos os axustes salariais xerais de competencia económica que foi necesario adoptar durante a crise, unha prioridade pasa a ser acadar a plena estabilidade do emprego público. Galicia foi a Administración autonómica que mantivo máis estable durante a crise o seu número de efectivos. Non optamos por despedimentos como fixeron outras comunidades; de feito, na actualidade temos practicamente o mesmo número de efectivos que en 2008.

Ademais, Galicia tamén é a comunidade que ten a taxa de temporalidade máis baixa de toda España: un 14 % fronte á media do 20,5 %. Temos, pois, 6,5 puntos menos de interinidade que a media de comunidades, e queremos seguir reducindo esta porcentaxe. Se temos en conta que o obxectivo do Goberno central é deixar a taxa de temporalidade nun 8 %, Galicia

xa ten máis da metade do camiño percorrido, e será a comunidade que menor esforzo relativo terá que facer.

Señorías, se en Galicia hoxe temos a menor taxa de temporalidade é porque o Goberno galego convocou as oposicións sempre que o tivo autorizado e aproveitando ao máximo a taxa de reposición. Agora estamos dándolle pulo. No 2016 ofertamos 2.644 prazas, máis do dobre que no ano 2015 e a maior oferta de emprego dende o 2009. E neste ano queremos ofertar outra, que superará claramente as 3.000 prazas.

Neste sentido, permítanme que lles diga que o tempo, humildemente, nos deu a razón en Galicia, porque non somos aventureiros senón responsables. Non o foron tanto algúns partidos que nos exixiron facer esta convocatoria cando non había seguridade xurídica. E agora, cando si existe, alí onde gobernan non convocan oposicións. Polo tanto, creo que nesta materia hai que ter un pouco de rigor, un pouco de seriedade e un pouco de responsabilidade.

Novena liña de actuación: imos acadar a plena equiparación das condicións de traballo dos empregados públicos. Ademais da plena estabilidade do emprego, aspiramos a ter a plena equiparación nas condicións de traballo de todos os empregados públicos. Empregaremos os novos instrumentos previstos na Lei de emprego público, aprobada na pasada lexislatura, para acadar a máxima homoxeneidade nas condicións tanto retributivas como de emprego do persoal ao servizo do sector público autonómico.

No último ano fomos quen de pactar cos sindicatos para dous novos colectivos: bombeiros forestais e Consorcio de Igualdade e Benestar. En especial, completaremos as ofertas de integración no réxime laboral común da Xunta de Galicia e formularemos ofertas de funcionalización para as persoas que xa son na actualidade persoal laboral.

Implantaremos un sistema de concurso áxil que permita aos profesionais manifestar a súa preferencia e disposición polo desempeño de postos de traballo de características ou en localidades sinaladas; e correlativamente a Administración ofreceralles o desempeño deste tipo de postos na medida en que vaian xurdindo as necesidades de cobertura. Ademais, xa pactamos cos sindicatos a segunda actividade para os bombeiros forestais, co fin de que os maiores dunha determinada idade xa non teñan que apagar lumes.

E, como avancei, acabamos de asinar cos sindicatos un acordo para que os máis de 1.800 efectivos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar pasen a ter un salario equiparable ao do resto do persoal laboral da Xunta, porque neste goberno cremos na estabilidade e na equiparación do emprego público.

Outro aspecto no que avanzaremos será na exención de taxas para os procesos selectivos, fundamentalmente para parados de longa duración e persoas con discapacidade. Respecto deste último colectivo, nesta lexislatura tomarán posesión os primeiros funcionarios galegos seleccionados a través dunha convocatoria específica para persoal con discapacidade intelectual. Por primeira vez, persoas con discapacidade intelectual terán a oportunidade de conseguir un emprego na Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) Este sábado 8 de abril, case 500 aspirantes concorrerán á primeira convocatoria. Comprometémonos a manter e potenciar estas vías de

acceso. Outra medida será a implementación dunha lista de acceso a emprego temporal e específico para as persoas con discapacidade intelectual.

En resumo, buscamos consolidar unha función pública profesional, motivada, eficiente e orientada ao servizo público.

Nesta lexislatura desenvolveremos a Lei do emprego público e modernizaremos o réxime estatutario e do conxunto de dereitos e obrigas dos profesionais ao servizo dos cidadáns e das institucións públicas, e afondaremos nas políticas que prestixien a figura do empregado público, estendan a cultura da transparencia no exercicio da función pública, fomenten a participación e o goberno aberto e completen o cambio tecnolóxico nas condicións de traballo que nos permitan atender os cidadáns as 24 horas do día os 365 días do ano.

E, en décimo lugar, como liña estratéxica, imos executar o Plan estratéxico 2015-2020 en liña coa programación do Marco europeo 2020.

Señorías, como dicía ao inicio da miña comparecencia, para manter un crecemento san e sostido, executaremos o Plan estratéxico 2015-2020. A prioridade é consolidar a plena recuperación económica dos cidadáns de Galicia. Ao respecto insisto en que avanzaremos na sistematización dos escenarios orzamentarios e plurianuais encaixados no propio Plan estratéxico, e en orzar e xestionar de cara a resultados e con base nos obxectivos fixados tamén no dito plan.

E para aproveitar ao máximo os nosos recursos, tamén melloraremos a xestión dos fondos europeos. Galicia xa executou os fondos dos programas Feder e FSE do anterior período 2007-2013 en liña coa media da Unión Europea e de forma eficaz e eficiente tanto en termos de execución financeira como de indicadores operativos. Pero queremos seguir mellorando. Así, na procura dunha maior eficacia na xestión destes recursos, e para maximizar o seu impacto, Galicia xa ten deseñado e aprobado pola autoridade de xestión un novo sistema de xestión e control acorde coas novas exixencias da Unión Europea. Levaremos a cabo un seguimento e unha avaliación continuos do Plan estratéxico e dos programas operativos Feder e FSE. Creo que é unha estratexia coherente, na liña da programación dos fondos europeos e da Estratexia Europa 2020, e tamén do plan nacional de reformas e das políticas económicas e sociais da Unión Europea.

Prevedemos empregar novos mecanismos, como son os instrumentos financeiros que permiten investimentos con carácter reutilizable, que multiplican o efecto positivo e o acceso ao maior número de empresas.

Tamén priorizaremos o uso innovador de todos os fondos europeos que sirvan de panca para a comercialización e implantación de tecnoloxías innovadoras. Así mesmo, o uso dos custos simplificados consideramos que é unha oportunidade para acadar unha maior eficiencia na xestión e no control, porque con base no ditame aprobado polo Comité das Rexións —e que liderou Galicia—, titulado «Recomendacións para un mellor gasto», buscamos a máxima eficacia e o maior impacto no emprego dos recursos dos programas operativos dos fondos europeos.

Vou rematando. E quixera facelo cun chamamento á unidade e ao consenso, que sen dúbida axudarían a conseguir os retos que Galicia ten por diante como país. Porque os logros que se poidan acadar nesta lexislatura non o serán do Goberno galego senón de todos os galegos e de todas as galegas.

E no inicio de ano temos datos esperanzadores, pois mantemos un crecemento económico sólido, con incidencia en sectores clave da nosa economía, como son a industria e os servizos. Son datos referidos a xaneiro de 2017, que nos indican que a actividade do sector servizos medrou máis do 10 %, que sitúa Galicia á cabeza de España. O negocio da industria medrou máis dun 13 %, o maior incremento da serie histórica. A entrada de pedidos na industria medrou por riba do 25 %, máis do dobre que a media española. E as exportacións medraron un 12,7 % tras acadar un récord histórico no 2016.

Melloramos moito, pero, sen dúbida, queda moito por facer. Estamos no bo camiño, pero dende o Goberno galego somos conscientes de que resta moito por facer para mellorar a vida dos nosos cidadáns. Porque mellorar a vida dos cidadáns galegos será a meta que guiará o noso traballo durante esta lexislatura clave, na que entre todos consolidaremos a recuperación económica dos cidadáns cun crecemento san e sostido.

Traballaremos para acadar un modelo de financiamento autonómico que atenda as necesidades dos galegos, completaremos a senda de consolidación fiscal e cumprimos os obxectivos de estabilidade orzamentaria. Manteremos a Galicia entre as comunidades autónomas cunha menor presión fiscal para as rendas medias e baixas. Conseguiremos un período medio de pago para os nosos provedores no entorno dos dez días e optimizaremos a xestión e coordinación orzamentaria e estatística. Afondaremos na política de racionalización e alugamentos cero. Acadaremos a plena estabilidade no emprego público, e tamén a equiparación, a plena equiparación, das condicións de traballo dos nosos empregados públicos. E sempre teremos como guía o Plan estratéxico 2015-2020.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todos e a todas.

Señor conselleiro, a verdade é que, despois da súa intervención, desde o grupo parlamentario que represento só podemos constatar que vostedes veñen aquí a ofrecernos máis do mesmo, máis continuísmo, máis conformismo e máis submisión ao Goberno central; unhas liñas estratéxicas que ao noso ver son absolutamente insuficientes para o noso contexto, insuficientes para situar Galiza nunha boa posición para os retos de futuro, insuficientes para reactivar a súa economía e alicerzar sectores estratéxicos, insuficientes para garantir a igualdade dos galegos e galegas e insuficientes para demandar unha relación xusta co Estado español.

En primeiro lugar, permítame que lle diga, señor Martínez, que tivo vostede, a verdade, mala sorte co calendario. Si si, mala sorte, non ría. Porque ata certo punto vir aquí outra vez con plans envoltorio e co relato da recuperación que cuñou o Partido Popular pois entra dentro do guión, pero, claro, xusto hoxe, que é o día que os orzamentos do Estado chegan ás Cortes do Estado e que imos ver o que xa vostedes levan varios días vaticinando na prensa, que imos ver un novo agravio para Galiza, co silencio cómplice do seu Goberno, pois ten que ser, polo tanto, un tanto bochornoso. Porque, para non improvisar —que vostedes din que non improvisan—, parece bastante improvisado o que aconteceu onte, cando tivemos aquí a visita da señora Sáenz de Santamaría para prometermos unha contía adicional —chámanlle vostedes— para Galiza. Primeiro vimos como durante a semana pasada, mentres o señor Rajoy facía anuncios para Cataluña, este goberno debía de estar xa de vacacións de Pascua. Porque non dicía absolutamente nada e non exixía os atrasos que corresponden a este país.

Entón eu preguntolle se se vai conformar con que veña a señora Sáenz de Santamaría a repetir os compromisos que tantas veces incumpriu o Goberno central con este país, que seguramente volvan aparecer sobre o papel e continúen sen executarse. Porque onte a señora Sáenz de Santamaría veu aquí a mercadear directamente con 247 millóns que vostedes chaman «adicionais». Eu preguntolle se para vostede isto é unha propina por bo cumpridor e alumno avantaxado de Montoro —que ese título hai que recoñecerllo— ou se é, como pensamos dende o grupo nacionalista, unha auténtica esmola. Porque nun contexto no que ademais o señor Montoro vén de anunciar que non descarta quitas da débeda ás comunidades autónomas que a contraeron a través do mecanismo do FLA, se no caso de Galicia a vantaxe de non ter recorrido a el, a vantaxe de ter sido o alumno número un en políticas de recortes e austeridade, van ser simplemente eses 247 millóns —que, como explicarei, son absolutamente insuficientes—, pois xa me dirá qué sacamos a cambio. Para nós este é un simple carameliño para axudalos a disimular que este goberno non pinta absolutamente nada nas negociacións con Madrid, e, ademais, visibiliza outra cuestión que xa temos posto desde o nacionalismo sobre a mesa, que é que este modelo de financiamento non chega en absoluto para xestionarmos de forma suficiente as nosas competencias.

Os recursos —reiteramos— que o Estado destina ao sistema de financiamento son totalmente insuficientes para financiar piares básicos da nosa sociedade, como a educación, o ensino ou os servizos sociais, e cuxas necesidades de gasto, ademais, nun contexto de crise se viron acrecentadas. ¿Que pasa? Que tamén nesta cuestión volvemos ver as consecuencias da falta de autogoberno e da falta de aspiración deste goberno. Novamente estamos nun marco, nun sistema que está diametralmente oposto aos valores da xustiza social. E mentres os gastos das comunidades autónomas están absolutamente encorsetados e pautados, a Administración central pode gastar ao seu libre albedrío. Deste xeito, na actual distribución dos recursos públicos vemos que precisamente é a actual Administración central a que está sobrerrepresentada e absorbe máis dun 50 % dos mesmos. Se esta é a suposta solidariedade que lle temos que agradecer ao Estado español, pois, desde logo, a nós non nos parece de recibo.

Entendemos que este marco e este modelo nos limita, impídenos xestionar os nosos recursos e destinalos a reforzar servizos básicos, nun contexto no que, ademais, estamos lonxe desa recuperación que vostedes tanto pintan. Porque cómpre recordar que, por exemplo, a taxa de exclusión social do noso país vai en aumento neste último ano, e máis de 70.000 persoas

están en risco de exclusión social ou de pobreza. Neste contexto de emerxencia temos un modelo de financiamento que non chega e un goberno que, malia levarmos tres anos de atraso no debate deste modelo de financiamento, nin sequera destinou tres minutos da súa intervención a falar del.

Galiza, desde 2009, perdeu xa con este modelo de financiamento máis de 9.000 millóns de euros, e vostedes pretenden que, co anuncio de onte da señora Santamaría, nos conformemos con 247 millóns máis para a sanidade e para outros destinos. Debe ser que a moda desta última semana é a de anunciar esmolos deste tipo, que nin sequera é a contía que vostede nos dixo hoxe aquí que aforrou Galiza a través do Fondo de Facilidade Financeira. Polo tanto, nós entendemos que isto non é de recibo e que estes acontecementos nos serven para poñer outro tipo de cuestións enriba da mesa.

En primeiro lugar, nós entendemos que as forzas políticas deste país deberamos estar agora centradas precisamente nese debate no que vostede ocupou menos de tres minutos, un debate ante o que o Goberno galego está a mostrar unha absoluta deixadez, porque para min —perdóeme, señor Valeriano— ser os primeiros en empezar a nomear un experto, ser os primeiros en comezar un debate... Se con nomear un experto, automaticamente, este Parlamento xa deu dado todos os debates, pois sinceramente nós non compartimos esa lectura.

Nós consideramos que esta cuestión é inaudita, pero non desistimos. E desde o BNG queremos volver poñer sobre a mesa a necesidade de que deamos nesta Cámara un debate profundo sobre esta cuestión, que se abra unha ponencia neste Parlamento para acadarmos unha posición ambiciosa e de país. Porque resulta a todas luces evidente, con todas as eivas que acabamos de sinalar, que é necesario ir a un cambio de modelo que recoñeza unha maior soberanía económica e capacidade de decisión sobre os nosos recursos. Se ata o Goberno galego fai tanta retórica con frecuencia sobre o autogoberno e o moito que lle gusta, pois autogobernémonos e apostemos por un modelo no que os ingresos que xeramos sexan de xestión galega e non nos contentemos con ter unha mera marxe de decisión limitada sobre os gastos.

Decía o señor Martínez tamén na súa comparecencia de hai dous anos que só hai dúas comunidades de réxime común que paguen aos provedores nos tempos en Galiza, e hoxe insistiu moito en seguir avanzando nesa liña; nós estamos de acordo. Pero tamén, se o comparamos coas comunidades que non teñen ese réxime común, pois veremos como ter outro sistema como o do concerto tamén ten facilidades para elementos que a vostedes os preocupan —e a nós tamén—, como un menor tempo de pago aos provedores.

Desde logo, nós entendemos que, fronte á propaganda oficial, ter outro modelo permitiríanos xestionar máis de 3.000 millóns de euros máis dos que estamos a ter e ter unha maior garantía para blindar os nosos servizos básicos e fronte á actual situación de tutela e de falta de autonomía do noso país, que se agravou coas reformas que vostedes foron aprobando, como a reforma exprés da Constitución ou a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria.

Todo isto que digo é chave para construír o futuro, porque nós non compartimos o relato do espellismo da recuperación que vostedes indican. Nós entendemos que saír da recesión non

implica automaticamente unha recuperación en termos absolutos, como vostedes nos din, que non por non estarmos en caída libre quere dicir que esteamos en subida.

O tempo que temos é pouco, pero vou referir algún matiz que quería engadir e que logo acrescentarei na réplica.

Que melloren algúns datos macroeconómicos non quere dicir que esa leve mellora se traduza ás economías dos galegos e galegas, que, como xa referín, continúan a padecer unha situación de auténtica emerxencia, froito dun sistema en crise, non só económica, tamén política e de lexitimidade.

Falou vostede, por exemplo, dos datos referidos ao PIB. É certo que en 2016 foi dun 3,4 %, superior á media estatal, pero tamén hai factores que temos que ter en conta. Para o presente ano os orzamentos, por exemplo, contemplan un incremento do PIB menor, tamén menor ao que se contempla no conxunto do Estado. Ademais, se imos ao peso que os diferentes elementos da nosa economía teñen neste PIB, vemos con preocupación como, por exemplo, o peso da industria no conxunto do PIB é menor ao peso que ten no resto do Estado e incluso na comparativa con países veciños. Iso contrasta con ese relato autocompracente que nos vendeu dunha economía máis moderna, máis produtiva e máis competitiva.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E remato xa.

Tamén o peso que ten, por exemplo, o sector primario pois contrasta moito con iso que nos dixo hoxe.

Tamén podemos poñer enriba da mesa outros datos, como é a formación bruta de capital, tomada como medida de novo investimento, que é a metade neste ano que pechamos do que en 2008. Polo tanto, estamos aínda lonxe de falar desa recuperación cun investimento novo tan cativo.

Na réplica aproveitarei para convidalo con propostas máis concretas a que rompan o molde, a que sexan inconformistas e a que se afasten desa política de submisión a Madrid e implementen unha reforma fiscal que avance na xustiza social e enfronten sen medo o debate aberto dun novo modelo de financiamento que devolva a xustiza para este país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Socialista a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señor conselleiro. Bos días, señores e señoras deputados.

Hoxe, señor conselleiro, vénnos traer a este Parlamento as liñas xerais de actuación do seu departamento, unha consellería que é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma

que ten as competencias en facenda, segundo lle establece o Estatuto de autonomía, e tamén ten a coordinación en materia de contratación pública e función pública, de conformidade coa lexislación vixente, e, ademais, ten varios organismos adscritos a ela, como son o Instituto Galego de Estatística, o CIXTEC, a Axencia Tributaria e o Consello Económico e Social de Galicia; é dicir, é unha consellería que define o contido da política económica que se vai desenvolver na Xunta de Galicia nesta lexislatura.

Xa o dixen en varias intervencións, pero sígoo mantendo: os orzamentos é o instrumento máis importante que ten un goberno para aplicar as súas políticas. E as políticas teñen que servir a cidadanía, non ao revés; a cidadanía non ten que estar ao albur das políticas.

Quero empezar a miña exposición facendo unha comparativa de país, unha comparativa de país destes últimos oito anos, anos nos que gobernaron vostedes, o Partido Popular, co señor Núñez Feijóo á cabeza como presidente da Xunta de Galicia.

En poboación temos perdido 77.564 persoas; de poboación entre 0 e 19 anos temos perdido 162.849 persoas; e da poboación de entre 25 e 34 anos, 123.935 persoas menos. Pola contra, temos unha poboación maior de 65 anos que corresponde ao 24,32 % da poboación total galega; e desa, 112.705 persoas teñen máis de 65 anos. Ese é o retrato da nosa poboación. Desta poboación temos unha poboación ocupada de 1.049.600, segundo os datos da EPA do cuarto trimestre. É verdade que en Galicia incrementou 1,65 %, pero en España leva incrementado un 2,3 %.

Temos nestes intres 69.600 fogares con todos os membros en paro —os últimos datos da EPA—. E de paro rexistrado, de marzo a marzo, en Galicia baixamos un 9,38 %, pero en España baixamos un 9,58 %, mentres que a afiliación á Seguridade Social, tamén de marzo a marzo, en Galicia se incrementou un 98 % pero en España incrementouse un 3,49 %; 4 de 10 persoas viven en fogares sen capacidade para afrontar gastos imprevistos. E temos un 19,95 % de taxa de risco de pobreza, é dicir, que están por debaixo do limiar do risco de pobreza, que para Galicia está en 600 euros.

O salario medio galego segue a ser o terceiro máis baixo do Estado, o 60 % dos pensionistas galegos viven con menos do salario mínimo interprofesional e máis da metade dos xubilados galegos xa cobran un 20 % máis que os asalariados no noso país. É dicir, que máis dun terzo dos ingresos dos galegos proceden das pensións, e 1 de cada 3 menores de 30 anos vive baixo o umbral da pobreza, a pesar de que están a traballar.

O endebedamento da Comunidade Autónoma pasou nestes oito anos de 4.859 millóns en 2009 a 10.854 millóns de euros, é dicir, per cápita pasou de 1.752 a 3.914. Polo tanto, correspóndenno a cada galego e a cada galega 2.162 euros máis de débeda, incrementándose nun 123,40 %.

De verdade, con estes datos que lle acabo de dicir, ¿vostedes poden seguir falando de crecemento san e de crecemento sostible para uns orzamentos?

E, ademais, miren, se as receitas que van aplicar son as mesmas que vostedes consideran que foron tan boas, quere dicir que os resultados van ser tamén bastante similares. É unha

pena que isto non se teña modificado e que polo menos non pensen, tendo esta situación, que teñen que cambiar obrigatoriamente. En oito anos temos unha poboación moitísimo máis vulnerable. O emprego, lonxe de ser unha prioridade do Goberno, foi un dano colateral das súas políticas, das aplicadas por vostedes.

Pero mire, señor conselleiro, o traballo é o que dignifica as persoas, é o único que fai que este país non se siga a desangrar coa marcha de poboación, sobre todo con esa marcha de poboación xove que lle daba no meu dato inicial. Xa sei que me vai dicir que o desemprego baixou, e, ¡home!, nalgún momento as tendencias tiñan que cambiar. Pero tamén me gustaría que analizaran cales son as características deste emprego que están a xerar: un emprego temporal, maior inestabilidade, unha baixa remuneración, maior precariedade e unha baixa protección ao traballador —maior precariedade tamén—. ¿Cre vostede que nestas condicións a nosa sociedade está preparada para afrontar un proxecto vital de futuro? ¿Cre que os nosos xoves poden formar unha familia nas condicións que eles decidan? Seguro que non, seguro que non. (*Aplausos.*)

Non quero ser pesada, señor conselleiro, pero a vostedes non os preocupa a poboación nada, nada, e, sobre todo, esta poboación máis nova que ten marchado e que non pode deixar aquí a súa aportación máis importante nos mellores anos da súa vida: aportar en investigación e en desenvolvemento. Teñen que marchar porque aquí non lles ofrecen un futuro e van para outros países onde si son valorados e alí si que poden aplicar o seu coñecemento. Non lles importa.

E, ademais, voulle corroborar outra vez máis a miña información. Na función 32, «Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo», o nivel de execución desta partida é a máis baixa de todo o orzamento do ano 2016; é dicir, só executaron un 61,4 % dos orzamentos de 2016 dedicados a esta partida. ¿Vostede cre que é correcto que un dos temas fundamentais máis importantes e que máis preocupa a nosa poboación pode nin sequera ser executado na súa totalidade, tendo en conta que xa a consignación orzamentaria non nos parece suficiente? ¿De verdade?

Na exposición do outro día, o conselleiro de Política Social informábanos de que nos orzamentos se subía unha contía moi importante para a Risga, e é verdade, e é necesario. ¿Pero non se dan conta de que precisamente esta constatación é o que demostra que fracasaron as súas políticas? É o fracaso máis estrepitoso dunha política cara á sociedade, que teña que incrementar as contías da Risga, porque hai moitísima máis poboación que ten dereito e que ten necesidade para cobrar esa Risga. De verdade, non falen de crecemento san, non falen de crecemento sostible, porque é un insulto a toda esta poboación. (*Aplausos.*)

¿Son vostedes conscientes da desigualdade que teñen acadado? Partimos dunha das sociedades máis igualitarias, estamos nestes momentos nunha das sociedades máis desigualitarias. Vostedes teñen que cadrar contas antes que atender persoas.

Supoño que vostede me dirá que todo o fixeron para continuar cos servizos públicos de calidade, nomeadamente en sanidade, en educación e en servizos sociais, pero aquí tampouco teñen un saldo positivo. ¿Canto teñen precarizado vostedes os servizos públicos? ¿Canto se

teñen precarizado as condicións laborais dos traballadores e traballadoras públicas? Sen emprego público suficiente e de calidade, non pode haber un servizo público suficiente e de calidade, é totalmente imposible.

Mire, estes son os resultados seus, do seu partido. Entre xullo de 2012 e xullo de 2016, o último dato publicado polo Rexistro Central de Persoal do Ministerio de Facenda, en España perdéronse 167.000 empregos públicos. Segundo a Comisión Europea, España está entre os dez países da Unión Europea con menor gasto en emprego público por PIB, o 25 % do conxunto estatal de funcionarios supera os 50 anos. Entre 2007 e 2015, por cada dez funcionarios que causaron baixa, só se incorporou un. España presenta a taxa de temporalidade máis alta da Unión Europea. E, en Galicia, a temporalidade é dun 24,5 % —temporalidade, señor conselleiro, non interinidade; non confunda, utilice os termos correctamente—; a taxa de temporalidade galega é do 24,5 %, unha das máis altas do Estado.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: En Galicia incrementouse un 50 % a contratación temporal, é a sexta comunidade autónoma pola cola en empregados públicos por cada mil habitantes. O cadro de postos estruturais de 2008 a 2015 perdeu tres mil prazas, e Galicia é a quinta comunidade en redución de emprego público entre 2010 e 2016; e un 40 % corresponde á sanidade e educación. Polo tanto, ten que haber precariedade en sanidade e en educación, porque houbo precariedade na contratación e nas condicións...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...dos empregados públicos.

Remato xa, señor presidente.

Galicia, xunto con Aragón e Navarra, son as tres comunidades autónomas que porcentualmente dedican menos empregados á Administración de xustiza.

E, conselleiro, vostede mostra tamén un compromiso baixo coa función pública, porque no programa 124A, «Dirección, modernización e xestión da...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...función pública», no ano 2016 só foi capaz de executar o 78 %, sendo mellorada esta partida inicial en 1.137.000 euros.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Lago Peñas.

O señor LAGO PEÑAS: Bo día.

Señor conselleiro, teño que recoñecer a miña inxenuidade. Eu pensei que o primeiro que ía facer hoxe cando subira á tribuna era pedir desculpas ao Grupo de En Marea. E voulle recordar unhas palabras súas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu quería ter unha sesión de debate económico, a ver se é posible.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Por favor, escoiten a quen está no uso da palabra.

O señor LAGO PEÑAS: Voulle recordar unhas palabras que dixo vostede, que están no *Diario de Sesións* do 16 de xaneiro: «Ao voceiro de En Marea, reiterarlle que estamos en contra de que pinten 300 millóns de euros en ingresos correspondentes a entregas a conta do sistema de financiamento autonómico e do Fondo de Compensación Interterritorial». E, señor conselleiro, dicía, ademais: «Este goberno pretende ser rigoroso, e non vai incluír orzamentos deste exercicio por 300 millóns de euros de ingresos».

Voulle recordar: En Marea díxolle, nunha estimación rigorosa dos anticipos a conta derivados do modelo de financiamento autonómico, que derivaban para Galicia 250 millóns de euros máis, porque a recadación dos impostos ía nesa liña. Vostede dixo que iso era unha barbaridade, que non eramos rigorosos, que non sabiamos do que falabamos. ¡Ah!, pero onte chegou a vicepresidenta do Goberno e dixo que no modelo de financiamento das comunidades autónomas vai haber 5.500 millóns de euros máis no ano 2017 e que, polo tanto, a Galicia lle corresponden 247; trabucámonos en 3 millóns de euros, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

¿Que vai facer agora? ¿Vaise desculpar con nós, vai dicir que os seus cálculos estaban trabucados ou vaille rifar á vicepresidenta? ¿Que vai facer? ¿Vai incluír ou non os 247 millóns de euros nos orzamentos do ano 2017 ou non? ¿Vai seguir dicindo o que dicía o 16 de xaneiro ou vai mudar a conta, señor conselleiro?

Bueno, non podo recoñecer o país do que fala, señor Martínez, e moito menos do Goberno do que presume. Os últimos oito anos foron os de maior sufrimento da sociedade galega en décadas e o Goberno do que vostede forma parte é o que ten o peor balance económico de toda a historia democrática de Galicia. Baixo o seu mandato, a economía estivo catro anos en recesión e dous en estancamento, de tal forma que dende o ano 2009 ao 2014 sufrimos o ciclo recesivo máis longo e máis duro dende que existen estatísticas. O resultado deste período é tan negativo como demoledor, porque non é certo que recuperamos o nivel de PIB. Aínda faltan, rematado o 2016, tres puntos para acadar o que tiñamos no ano 2008, e iso son 1.800 millóns de euros para volver a onde estabamos cando empezaron a gobernar.

E iso, señor conselleiro, nunca sucedeu na historia moderna deste país: rematar unha lexislatura —neste caso dúas— cun nivel de riqueza inferior ao que había cando o Goberno empezou a gobernar. Nunca, ningún goberno, nin os de Fraga, pechou un mandato cun nivel de PIB por baixo do que atopou cando iniciaba o seu mandato, e ese é o seu balance.

Galicia vai perder unha década, porque non chegaremos ata o final de 2017 a chegar a ter o nivel de PIB que tiñamos no ano 2008. Dúas lexislaturas e media non van servir máis que para volver á casiña de saída.

O INE dicía o outro día que hai sete comunidades autónomas que xa recuperaron o nivel de PIB previo á recesión. Doulle a noticia: Galicia non estaba entre elas. Pero, posiblemente, o elemento que máis preocupación lle produce á sociedade —dende logo a min e creo que ao Goberno— é un dato demoledor, que eu espero que vostede explique aquí. E é: ¿por que Galicia é a comunidade autónoma que ten a peor evolución de emprego en todo o Estado? Despois de oito anos de goberno —escoite ben—, hai 103.000 ocupados menos e 38.000 desempregados máis. E iso tampouco sucedera nunca na historia deste país, que un goberno rematara unha lexislatura con menos emprego do que había cando empezou.

É certo que a destrución de emprego afectou o conxunto do Estado, pero tamén que Galicia é a comunidade autónoma con peor evolución. Voulle dar o dato: dende o ano 2009 ata o ano 2016 —cuarto trimestre de 2016— o emprego en Galicia caeu o 9 %, no período acumulado; en España, o 3,4 %. Isto significa que a destrución de emprego no noso país multiplica por tres veces a destrución media de España. E ese resultado fai —vouno volver dicir e gustaríame que fora quen de desmentilo— que Galicia é a comunidade autónoma que ten a peor evolución de emprego de todo o Estado. E a Xunta de Galicia debería ser quen de explicar por que, porque eu non o entendo.

Non teño tempo para dar todos os datos, pero vou facer unha síntese do que ten ocorrido no mercado de traballo en Galicia neste tempo.

Galicia é a comunidade autónoma onde máis emprego se destrúe en todo o Estado, na que máis se reduciu o número de ocupados no sector primario, a terceira que máis emprego industrial perdeu, a cuarta na que cae máis o emprego de menores de 35 anos, a segunda na que máis medrou o paro, a terceira na que máis caeu a poboación activa, a terceira cos salarios máis baixos, ao tempo que temos unha taxa de precariedade superior á media do Estado e un nivel de protección ás persoas desempregadas por debaixo da media.

O conselleiro volveu presumir hoxe de que Galicia está entre as comunidades autónomas que máis reduciron o déficit. Non o vou discutir. A pregunta é: ¿cal é o mérito? ¿Por que presume? Podería presumir se grazas á súa xestión a economía medrara máis e recadaríamos máis impostos, pero como presuman ao mesmo tempo de reducir o déficit e de reducir os ingresos porque baixan os impostos, ¿cal é a explicación da redución do déficit? O recorte.

Entre o ano 2009 e o ano 2014, a Xunta de Galicia reduciu o gasto —orzamentos liquidados, que figuran na web do Ministerio de Hacienda— en 2.146 millóns de euros, unha caída do 30 % en termos reais. E ¿onde recortou? Pois onde máis se gasta. 2009-2014, 306 millóns de euros menos en sanidade, 422 millóns de euros menos en educación, 514 millóns de euros menos en infraestruturas, 213 millóns de euros recortados en servizos sociais, 174 millóns de euros menos en políticas de emprego.

¿De verdade a Xunta considera que isto é un éxito de xestión? Reducir os cadros de persoal na sanidade e na educación, baixarlles o salario aos empregados públicos, deixar de construír carreteras, ¿é algo do que presumir? A única estratexia para controlar o déficit foi utilizar a rebarbadora social. Vostedes non utilizaron tesoiras, vostedes utilizaron directamente a motoserra.

Un brutal recorte que ten que ver coa caída dos ingresos e que pon en evidencia a orientación da política fiscal aplicada nestes anos. Estudabámolo na facultade, señor conselleiro: un sistema fiscal progresista é aquel onde os impostos directos, os que gravan a renda e o patrimonio e a riqueza, teñan máis preponderancia que os impostos indirectos, os que gravan o consumo, porque non distinguen o nivel de renda.

Hoxe saen os datos da recadación en 2016, e ¿que vemos? Que hai menos ingresos, pero sobre todo que baixa o peso dos impostos directos e sobe, sobre todo, o IVE. Porque o que hai aquí é unha contrarreforma fiscal que non avanza na suficiencia do sistema e si avanza na desigualdade, na falta de progresividade, en cargar a factura fiscal sobre as rendas máis baixas.

Unha idea final que me gustou moito, señor conselleiro. Durante o ano 2012, 2013, 2014 e 2015 acudir aos mecanismos extraordinarios de financiamento das comunidades autónomas era un sacrilexio. E a Xunta de Galicia preferiu emitir 7.705 millóns de euros de débeda pública e, en vez acudir aos fondos públicos a tipos de xuro máis baixos, preferiu endebedarse coa gran banca e cos fondos privados de investimento, incorrendo nun sobrecusto financeiro —que eu espero que algún día nos dea a cifra— que eu estimo en 1.000 millóns de euros.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: Eses 300 millóns de euros dos que vostede fala que agora aforramos pagámoslos en 2012, 2013, 2014 e 2015. E voulle dicir algo: a Xunta de Galicia é a comunidade autónoma que máis se está endebedando agora mesmo, que máis está acudindo aos fondos públicos. ¿Sabe por que? Gustaríame unha explicación. Eu voulle dar unha.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: Un minuto, por favor.

Voulle dar unha, a miña. A ver se iso o anima a dar a súa explicación.

Estase falando de metabolizar a débeda das comunidades autónomas co Estado a través do FLA, dos fondos de financiamento, do Fondo de facilidade. ¿Que ocorre? Pois que hai comunidades autónomas como Murcia nas que o 75 % da súa débeda está en fondos estatais, e a galega está no 30 %. Pero hai un ano estabamos no 20 %. A Xunta de Galicia está correndo como tola...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor LAGO PEÑAS: ...endebedándose co sector público, para ver se cando se produza a metabolización da débeda...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Permítame unha frase, por favor.

Remato. Pese ao falso discurso do conselleiro, a realidade é que a Galicia que sae da recesión é un país máis inxusto, máis desigual, máis pobre, con menos emprego, máis paro, maior precariedade laboral...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor LAGO PEÑAS: ...salarios devaluados, menos protección social, menos dereitos laborais, peores servizos públicos...,

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: ...menos industria e máis endebedado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten vostede despois outro turno. Xa levamos minuto e medio pasado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, despois do pirotécnico final do portavoz que me precedeu na palabra, eu quixera recordar unha frase de Alfred Marshall: «Toda frase breve sobre economía es intrinsecamente falsa». Eu creo que é bo recordalo de cando en vez. (*Aplausos.*)

Señor conselleiro, eu quero felicitalo porque trae á Cámara un plan sinxelo. Trae dez grandes obxectivos estratéxicos, que compartimos, para a lexislatura. Consideramos que son axeitados para a actual situación económica. E pensamos que son axeitados porque veñen avalados polos datos económicos máis recentes e polos feitos do seu labor nos primeiros meses desta lexislatura. O seu relato, lonxe de ser autocompracente, foi autoexigente na perseverancia de acadar unha Galicia mellor, con maior dispoñibilidade de gasto público, con mellora dos servizos públicos e con redución do principal problema que temos, que é o do paro: reducir o paro.

Dos seus dez grandes obxectivos, cinco foron no ámbito da política económica, catro no ámbito da autoorganización e do propio funcionamento da Administración pública, e o último relativo ao Plan estratéxico de Galicia, o PEG.

Dos cinco obxectivos de política económica, que se resumen no primeiro: consolidar unha recuperación baseada nun crecemento san e sostido, eu creo que é conveniente recordar que nós non causamos a crise. Cando chegamos no ano 2009, terceiro trimestre, o PIB caía

o 4,7 %. Na actualidade sabemos que está crescendo nas taxas maiores da serie, polo tanto, é difícil poder dicir —aínda que se di— que os que ocasionamos a crise fomos nós, cando —insisto— a maior caída do PIB da serie histórica en Galicia foi no terceiro trimestre do 2009, xusto cando nós conseguimos —coa confianza do pobo galego— chegar ao goberno.

Na actualidade estamos con taxas do 3,2, e todas as revisións que se fan son á alza. De feito, o INE prevía un crecemento da economía galega no ano 2016 do 3,2, igual que o da media de España, un 3,2. Finalmente confirmouse o 3,2 para España e o 3,4 para Galicia, dúas décimas máis, e todos os auspicios para o ano 2017—BBVA, crecemento do 2,8; a propia Xunta, 2,5— están na liña do crecemento de España. Iso o que está a traer é un crecemento do PIB per cápita, e quero recordar algúns datos, xa que parece que a crise en Galicia foi peor porque gobernaba o Partido Popular.

O PIB per cápita entre os anos 2008 e 2016 en Galicia creceu un 0,6, en España baixou un 1,3; é dicir, case dous puntos de diferenza de crecemento do PIB per cápita en Galicia durante os anos 2008 a 2016. Se collemos de 2014 a 2016, en Galicia o PIB per cápita creceu o 8,6 e en España o 7,4; é dicir, unha diferenza do 1,2. Despois se queren dicir algunhas cuestións... E pode ter que ver, fundamentalmente, con dous aspectos. Primeiro, unha mellora evidente da competitividade de Galicia, se non, sería imposible que o PIB per cápita fose superior e que con menos persoas traballando tivésemos o mesmo PIB xeral que tiñamos entón. E o segundo é a demografía. Como é evidente, tampouco a demografía...

En fin, convén recordar algunhas veces que aquí o primeiro que se preocupou pola demografía foi o señor Fraga, o cal suscitou enormes gargalladas dos grupos da oposición, que dicían que era un vello gagá que o que quería era que os galegos se puxesen a facer como os coellos. Pois non, é o problema fundamental que explica algunhas das diferenzas, xunto co outro. Porque se houbese a mesma produtividade en Galicia, teríamos un PIB que non sería igual porque traballa menos xente. Polo tanto, os dous factores son os que explican que a situación sexa mellor.

Tamén no ámbito do emprego. Hoxe acaban de coñecerse uns datos que sitúan a Galicia en niveis de paro inferiores ao comezo da crise económica. É a maior caída que hai no mes de marzo desde hai polo menos vinte anos. Redúcese por cuarto ano consecutivo o paro no mes de marzo. Seguen aumentando as afiliacións; xa levamos desde abril do 2014 con crecemento das afiliacións. Ademais, o paro baixa nas catro provincias galegas, nas sete grandes cidades e en todos os sectores, fundamentalmente en construción, industria, agricultura e pesca; e tamén se reduce significativamente, por riba da media, nos menores de 30 anos, e máis ou menos na media nos parados de longa duración. Polo tanto, entendemos que iso significa que hai unha recuperación económica.

Evidentemente, isto non quere dicir que estea todo feito, pero quere dicir que as cousas están mellor. E tamén cremos que é unha recuperación sa porque o factor que explica fundamentalmente o diferencial con España son as exportacións. En Galicia —xa o falamos cando trouxemos a iniciativa sobre o *Brexit*— estamos exportando un 6,4 máis no ano 2016, 20.000 millóns; importamos en cambio 15.500 millóns, 4.500 millóns de saldo favorable a Galicia. O Foro económico de Galicia, pouco sospeitoso neste aspecto, autor do informe en relación

co barómetro exportador de Galicia, di que a incorporación de empresas á exportación foi máis intensa en Galicia que no resto de España, e foino singularmente cara ás grandes economías emerxentes.

Dos oito indicadores parciais considerados, Galicia pechou o ano 2016 superando o comportamento medio español en cinco deles, mentres no ano anterior só o fixera en tres. Dos sectores industriais, o naval vai mellor; na automoción, o clúster de Vigo aguantou ben a crise e ten a capacidade de dar resposta á situación nova dos mercados internacionais. O IPI, o Índice de Producción Industrial, o ano 2016 creceu un 4,1, foi a segunda comunidade de España onde máis creceu; o 1,6 no conxunto de España. No sector servizos, a taxa de negocio no ano 2016 tivo un crecemento anual do 8,8 en Galicia, mentres que en España foi do 4,2.

Ben, todos estes son datos que confirman que cumprimos o déficit. Aquí se dicía que gastamos moito porque era ano electoral. Resulta que podemos gastar, incorrer nun déficit do 0,7, e o conselleiro trae unhas contas no ano electoral nas que o déficit da comunidade autónoma é do 0,54. Pois en fin, somos un goberno... Podíamos ter, conselleiro, de acordo coa dialéctica que eles empregan, en vez de 41 deputados, 46, pero tampouco hai que abusar, nisto non estou completamente de acordo co que dixó onte a miña compañeira Beatriz Mato; 41 está ben, e podíamos ter 46, probablemente, se chegamos a gastar a marxe de endebedamento e de déficit.

O pago aos provedores estaba en 23 días ao final do ano, 33 en España; e en xaneiro xa está en 20 días. Ademais somos a comunidade autónoma do Estado que nos exercicios anteriores está entre a primeira e a segunda no que máis peso ten o gasto en capital, os investimentos, sobre o total de orzamentos. No ano 2015, a media das comunidades autónomas dos capítulos VI e VII foi o 7,8, en Galicia foi o 14,6. No ano 2016, a media das comunidades autónomas foi do 6,4, en Galicia o dobre practicamente, o 12 %, foi a segunda despois de Baleares.

Con menos endebedamento, critican o endebedamento, a pesar de que nos emendaron pedindo sempre máis endebedamento, en fin. A débeda PIB, o total, incluídas administracións públicas, empresas e colaboración público-privada, estaba no 2008 no 7,22, e en España no 7,44 do PIB. No 2016 está en Galicia no 18,73, e no conxunto de España o 25,31, o cal quere dicir que o fixemos con moito menos endebedamento; un endebedamento que está estabilizado arredor do 18,7 do PIB e que comezará a reducirse. Entre o que contribúe a ese reforzamento da estabilización do endebedamento, o de poder participar no Fondo de facilidade financeira, que como dixó o conselleiro tennos aforrado, sen condicionalidade de ningún tipo e, polo tanto, mantendo a autonomía de Galicia, 92 millóns de euros.

En canto á presión fiscal, se un olla o informe do Consello Xeral de Economistas pode comprobar que —como dicíamos aquí cando aprobamos a reforma do IRPF— Galicia é a segunda comunidade autónoma onde menos pagan por IRPF os tramos baixos de renda; en cambio, no imposto sobre patrimonio, que grava as grandes fortunas, somos das comunidades que ten maior presión fiscal. Isto é contribuír á redistribución e á progresividade do conxunto do sistema.

E como o gasto público é onde se materializa fundamentalmente a progresividade do sistema, quero recordar algún dato como pode ser que o gasto en servizos públicos por comu-

nidade autónoma —datos do INE 2014— en Galicia son 2.732 euros/habitante e en España son 2.693. Por certo, por baixo da media está o Goberno de esquerdas por definición, que é o de Andalucía, con 2.475. Iso implica que hai 50 millóns de euros para a Risga, hai pensións non contributivas. Somos a segunda comunidade que máis dá e unha das tres que teñen máis pensións non contributivas. É a primeira vez que Galicia supera a porcentaxe recomendada pola Unión Europa de prazas infantís. Incrementouse por catro o servizo no fogar desde o ano 2009. Hai un 22 % máis de residencias de maiores. E todo iso o que fai é que, efectivamente, haxa moitos datos que convalidan que a taxa de risco de pobreza sexa máis baixa en Galicia que no conxunto de España, e que incluso no período máis duro da crise, 2009-2013, como di o informe de EAPN, en España resulta que só tres comunidades autónomas reduciron a taxa de risco de pobreza durante ese período, e unha delas foi Galicia, baixando do 24,6 ao 24,3.

Nós, señor conselleiro, cremos que, efectivamente, hai que continuar perseverando nas políticas que vostede anunciou. Temos diante o reto do financiamento autonómico. Empezamos ben, reconducindo cara aos técnicos a análise e introducindo un acordo político do máximo nivel entre os presidentes das comunidades autónomas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...para que o custo efectivo e a equidade no gasto, con independencia do lugar de residencia, sexan as guías da reforma do sistema de financiamento autonómico. Fixo outra apreciación que nós moito estimamos, que é o desenvolvemento do plan estratéxico, introducindo a orzamentación e a xestión cara resultados. Isto é un cambio revolucionario no que é o sistema orzamentario e de gasto da comunidade autónoma...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Evidentemente, para estes obxectivos vai contar coa leal colaboración do grupo, e confiamos que nestes dous últimos temas tamén coa do conxunto da Cámara.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Puy Fraga.

Ten o turno de réplica o señor conselleiro de Facenda, o señor Martínez García.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente.

Distintas intervencións dos grupos parlamentarios. Procurarei máis ou menos contestar, se non a todas, a boa parte das que foron formuladas por vostedes; quizais cun criterio máis xeral e non tanto fixándome na intervención de cada portavoz.

Hai un primeiro posicionamento onde cadaquén de vostedes falou, que era o tema dos orzamentos do Estado, que empezamos a coñecer dunha maneira xa moi profusa no día de hoxe. Con base tamén no rigor que debe de caracterizarnos, permítanme unha expresión un

pouco coloquial. Non esteamos preocupados ou ocupados antes de tempo. Vexamos as cousas na súa magnitude relativa. Cando comprobemos os dous factores fundamentais que nos traen no día de hoxe sobre esa materia. Un, a discusión sobre o tamaño orzamentado do investimento que a Administración central pretende desenvolver en Galicia. E cando nos demos conta tamén de que Galicia vai seguir sendo a terceira comunidade onde o investimento por habitante vai ser maior, véxase isto tamén como unha cuestión positiva, sempre e cando ese volume presumible de investimento permita conquistar os prazos que todos nos temos dado para rematar investimentos moi importantes desde o punto de vista estratéxico para a nosa comunidade. Tema número 1.

Tema número 2, e non é tanto unha cuestión de quen acerta ou de quen non acerta ou mediopensionista. Permítanme que aquí tamén diga que se vén facer política desde este estrado, e o que debemos ter todos presente cando se formula un orzamento —tamén o dixen, e así está recollido na miña intervención de orzamentos— e o máis importante co que conta unha administración seria e moderna é con poder dispoñer en tempo e forma dun orzamento para que sexa activado. Tema nunha 1.

Tema número 2. Respecto da esmola á que se referían algúns grupos de 247, parece mentira. Eu supoño que é a mesma precisión coa que empregan outros temas cando falamos de financiamento autonómico, de sistema de financiamento autonómico. Non é ningunha esmola, é o corolario lóxico do sistema de financiamento que está perfectamente predeterminado en todos e cada un dos fondos e o que leva nestes momentos a 247 millóns de euros que lle corresponden de seu á Comunidade Autónoma de Galicia. Non é unha dádiva de ningún; co sistema actual, dedúcese que a cantidade da que é merecente Galicia é 247 millóns de euros sobre o que fora o nivel do 2016 —tema número 1—. Polo tanto, falar de esmolos ou de propinas cando é algo propio de cada comunidade autónoma en concreto... Galicia este ano, 247 millóns de euros.

Permítanme que lles diga tamén que dentro desa teoría de activación do que significa un orzamento para a dinamización, e non soamente na parte cuantitativa senón como determinados xestos, os principais actores económicos que ten a Comunidade Autónoma na previsión que aprobamos aquí neste Parlamento eran 77 millóns de euros, dunha maneira, unha vez máis, prudente. Se temos en conta, ademais, o incremento de retribución no capítulo I con carácter xeral para todos os empregados públicos, que todos sabemos pero que non tiñamos concretados, que andaría aproximadamente no 1 %, non hai que ser demasiado listo para saber que estamos falando de 125 millóns de euros.

Polo tanto, o resto —e unha vez máis como cando falabamos da décima adicional— é o potencial, que, non se preocupen vostedes, será utilizado e traído a esta Cámara no seu momento porque é un potencial que esta comunidade autónoma utilizará en toda a súa magnitude, pero tendo xa activado un orzamento sobre bases certas. Non é tanto un exercicio de a ver quen é o máis listo da clase, senón de activar, con todas as súas consecuencias, os orzamentos.

Permítanme tamén referirme ás distintas referencias que se fixeron a un dos temas máis importantes que ten a Comunidade Autónoma para os próximos anos —para os próximos

anos e incluso décadas—, como pode ser o novo modelo ou sistema de financiamento, introducido dunha maneira, unha vez máis, prioritaria por parte da representante do BNG. Permítanme que lles diga que vostedes nunca se suman ao consenso e permítanme, con toda nobreza, dicir o que penso dende unha óptica política. Despois vostedes, por favor, contesten o que teñan a ben.

O que está moi claro é que aquí houbo un ofrecemento de consenso, como non podería ser doutro xeito, tanto no que significa ao representante como no que significa tamén aos principios que abordamos e que acordamos no seu momento neste Parlamento. Permítame que llo repita: equidade e solidariedade plena. Supoño que estaremos todos de acordo. Estabilidade, isto significa que non haxa bandazos, que sexa un sistema cada vez máis resiliente e que, ante crises, se manifeste non na caída abrupta do ingreso senón nunhas magnitudes que sexan perfectamente conformables por calquera organismo público.

Autonomía financeira. Supoño que todos estaremos de acordo en ter autonomía para exercer a nosa potestade.

Lealdade institucional e coordinación. Aquí, na primeira parte, non sei se estaremos todos de acordo, pero eu creo que é un acto de normalidade traballar con lealdade institucional e sostibilidade.

Creo que o máis importante é retomar esta liña dos principios que acordamos. O que está claro é que un sistema de cupo digan o que diga o BNG e os seus predeterminados estudos... Non existe ningún estudo serio nin rigoroso no que, partindo dunha simple hipótese, que é a renda per cápita que temos nestes momentos, por debaixo da media... Cunha xeneralización do sistema de cupo como o que propoñen vostedes estaríamos facendo a maior desgraza dende o punto de vista financeiro para os cidadáns de Galicia para os próximos anos. Se iso non o temos presente, calquera posicionamento non será máis que unha perda de tempo pola nosa banda. Polo tanto, o máis importante é camiñar, se é posible, sumando entre todos cara ao consenso, na etapa tan importante que se adiviña no prazo dos próximos meses, un ano como moito, cando falemos de financiamento autonómico. Polo tanto, súmense ao esforzo, que creo que será a medida correcta.

Falouse moi pouco da situación que temos de PIB e sempre sacándolle punta á parte negativa. É o seu labor, eu compréndoo, pero permítanme que destaque a parte positiva. Nestes momentos a nosa comunidade autónoma, unha vez máis, está medrando dunha maneira clara, clarísima, na media española —3,2 o ano pasado, 3,4 na actualidade—, e o que é máis importante, cunha recuperación certa en materia de emprego. Aquí déronse uns datos no día de hoxe de emprego, tamén de emprego público, e a iso me referirei dentro dun momento, pero permítame que tamén, cando analizamos os datos do día de hoxe que saen, paro rexistrado, afiliación, contratación, diga que o que está moi claro é que o crecemento económico se está trasladando ao emprego, quizais non con tanta intensidade como quixeramos, pero a situación que temos neste primeiro trimestre de 2017 é totalmente distinta á que había ata 2014, que é cando verdadeiramente se produce ou empeza a producirse a superación da terrible crise económica na que estivemos inmersos dende o ano 2009 ata o 2014.

Polo tanto, hai uns factores que me gustaría destacar. Efectivamente, a taxa de paro en Galicia quizais estea medrando lixeiramente por debaixo ou con mellor comportamento que o que manifesta a economía española, pero o que é innegable é que onde en España se marcan obxectivos do 16 % a finais de ano nós xa o tiñamos no 2016. Seguimos tendo un diferencial de dous coma algo de puntos. Polo tanto, creo que deberíamos de estar relativamente contentos.

Cando miramos a afiliación, resulta que en afiliación estamos medrando en taxa interanual no 1,98 %; practicamente un 2 %. Permítanme que lles diga que iso era incluso o que nós estimabamos no noso Plan estratéxico, onde de cara ao 2020 teriamos que lograr 100.000 novos postos de traballo. Coa tendencia que estamos tendo nestes momentos, imos lixeiramente por riba do que no seu momento, cando foi tratado neste Parlamento, era considerado pouco máis que un voluntarismo por parte deste goberno. Polo tanto, estamos ben.

Pero é que, cando analizamos a contratación indefinida, aquí hai un cambio moi importante, porque na contratación indefinida resulta que nos tres primeiros meses aumentaron en case 21.000 persoas os contratos indefinidos. É unha boa noticia, como tamén o é que este aumento supón un 17,8 % respecto do primeiro trimestre do 2016. É unha boa noticia, como tamén que a media española está no 15,3. Polo tanto, o que se deduce de todo isto é que estamos creando emprego e mellor emprego. Quizais a intensidade debería ser un pouco maior, a iso é ao que nos temos que dedicar entre todos, pero os datos unha vez máis son positivos e todos e cada un dos parámetros, tanto de paro como de afiliación como da composición da contratación.

Tamén, cando se referían ao que significa que Galicia estea medrando nestes momentos, estamos medrando máis que a media española e estamos nuns niveis que hai dous anos non eran moi imaxinables. Cando falabamos aquí do 2 % a finais do ano 2015, paréceme que chegaban as risas a San Caetano. Creo que vai sendo hora de recoñecer o estado de verdade no que estamos. Ou tamén cando se fala da nosa converxencia respecto da economía española e respecto da economía europea, que era outro dos retos que nos marcabamos no Plan estratéxico. Cando comparamos se Alemaña, por exemplo, medrou o 1,9 % o pasado ano, Francia, un 1,2 %, Italia, un 0,9 %, Portugal, o 1,4 % e a eurozona, o 1,7 %, algo estaremos facendo ben como sociedade, non soamente como goberno, cando estamos nun 3,4 % e o ano pasado no 3,2 %, que tamén presentabamos un diferencial de máis dun punto e medio respecto da eurozona. Polo tanto, é algo do que nos debemos de congratular e que nos debe de servir de acicate para seguir perseverando nas políticas que estamos implementando, porque si que están tendo uns resultados cada vez máis positivos.

Polo tanto, estamos perfectamente en liña do que tiñamos predeterminado tanto no que é crecemento, como sobre todo en emprego, como en materia de converxencia tanto con España como con Europa. Por certo, xa vai sendo hora de que midamos dunha maneira clara o que significa cando falamos dunha economía cada vez máis moderna como é a economía galega. Analizados en períodos grandes, como hai que analizar estes datos, o que nos están dicindo é que o noso PIB por habitante non é o indicador correcto, dada a nosa estrutura demográfica. O indicador correcto, para producir bens e servizos —e xa o dixen unha vez neste Parlamento—, debe ser a consideración da poboación activa, aquela que é capaz de traballar, que quere traballar, polo menos, para producir bens e servizos. Se así o facemos, darémonos conta de como Galicia é a segunda comunidade autónoma nos últimos dez ou quince anos

onde hai unha mellor propensión entre o PIB por poboación activa. Isto, ¿que significa? Que temos unha economía cada vez máis produtiva, máis moderna, e, en concreto, no 89 % de datos que son o PIB por habitante, nestes momentos estaríamos case no 93 %, e subindo. Polo tanto, é algo do que debemos congratularnos.

Pero tamén nos manifesta unha eiva que tamén puxemos aquí dende hai anos no Parlamento e tamén chegaban as risas a San Caetano, que á a nosa estrutura demográfica. Poñamos o acento na nosa estrutura demográfica. Entre todos temos que ser quen de ter distintos tipos de políticas para tratar de reverter a situación demográfica, sabendo que non é só propio da Comunidade Autónoma senón polo menos de boa parte de España, de toda España e de toda Europa. Por iso é tan importante a cuestión demográfica de cara ao futuro.

Como tamén —e no seu momento xa falaremos neste Parlamento cando teñamos que presentar os orzamentos, antes do verán, ou o teito de gasto e despois os orzamentos— haberá que proceder, co que coñecemos a día de hoxe, a unha revisión do noso cadro macroeconómico, porque todos os institutos de proxectiva que en España existen —dígame Funcas, Foro Económico, Airef, a Fundación BBV— o que nos están dicindo, así como os estudos propios que ten a Comunidade Autónoma a través do Instituto Galego de Estatística, é que a nosa situación tanto en creación de riqueza como de emprego está por riba do que no seu momento nós dabamos. O máis importante é non equivocarnos en transmitir unha sensación á cidadanía e aos actores económicos e sociais de demasiado voluntarismo, pero ao mesmo tempo hai que corrixir as situacións, neste caso á alza, que nós estimamos que estarán tres ou catro décimas por riba do que significa a creación de riqueza e que estarán dúas ou tres décimas por riba no que significa a creación de emprego. Polo tanto, todo o que coñecemos do 2017 vai polo bo camiño.

Algúns dos grupos tamén introduciu aquí determinadas cuestións en materia fiscal. Permítanme que lles diga que o noso modelo é moi claro; o noso modelo é clarísimo. Nós queremos manter a rebaixa no imposto de sucesións e doazóns, queremos manter a rebaixa coa que todos os cidadáns galegos, practicamente o 28,5 % dos contribuíntes, se atoparán nesta declaración que empeza no día de mañá en materia de IRPF. Nós queremos manter as rebaixas e chegar a cero nos impostos no rural; nós queremos seguir por esta liña, non é o modelo doutras opcións. Permítanme que lles diga que nós o que queremos é que eses cartos poidan servir para dinamizar outro tipo de decisións de carácter persoal, familiar ou empresarial, porque así estamos comprobando como, a pesar desta rebaixa impositiva que estamos facendo, está medrando o ingreso en xeral da nosa comunidade autónoma. Esa é a nosa opción, e por aí imos seguir traballando.

Como tamén se falou aquí do FLA, de que se é máis barato, máis caro. ¡Home! a min chámame a atención cando se considera este caso soamente desde unha óptica cuantitativa, que a ela tamén me vou referir, pero eu comprendo que en determinados grupos non sei se estou falando coa póla máis xacobina, coa póla máis nacionalista ou coa pola intersticial. Supoño que haberá de todo en determinados grupos, porque o fundamental en todas estas cuestións, chámense FLA, facilidade financeira ou calquera outro tipo de palabra, é recoñecer dúas cousas: a primeira, eu creo que do que estamos falando entre todos é de tomar decisións, acertadas, equivocadas ou mediopensionistas; isto significa autogoberno; pónalle prezo ao autogoberno algún grupo na súa póla xacobina.

Polo tanto, é o corolario de todo isto, porque ligado isto á cuestión impositiva, de non optar por determinadas situacións como pode ser o FLA, a rebaixa impositiva que beneficiou practicamente setenta mil galegos no ano 2016, e continúa neste 2017, non se podería ter producido. Dígase dunha maneira clara para que cadaquén adopte as súas decisións.

Polo tanto, teñamos moi claro que o posicionamento deste goberno, en primeiro lugar, é sempre un posicionamento de autogoberno máximo e pleno, como practicamente ningunha comunidade autónoma tivo e ten en España. Tomamos as decisións dunha maneira soberana e por nós mesmos. (*Aplausos.*)

Pero tamén de novo na parte cuantitativa, e xa lles avanzo —supoño que si— que teremos un debate máis sosegado sobre este tema, pero Galicia o que si demostrou é que tivo capacidade para ir aos mercados e para financiarse nos mercados. E en termos medios sempre o fixo en termos similares e moitos anos por debaixo do que foi o FLA. O FLA cando era o primeiro coñecido, porque, por exemplo, no ano 2012 formalizáronse operacións cun tipo de xuros para esta comunidade autónoma en operacións entre o 3,1 % e o 4,9 %, sempre inferiores ao FLA, que nacera no 2012, daquela era fondo de provedores, tamén FLA, despois no 2013 xa FLA. En 2013 formalizáronse operacións a tipos do 3 % e do 2,7 %. Todo isto tamén vai ligado —se se acordan— ao que era a prima de risco no 2012, no 2013, e como hai unha recomposición. Tipos estes tamén inferiores ao FLA.

Polo tanto, botaremos as contas, claro que si, tamén desde ese punto de vista, o que significa de aforro. Pero o máis importante de todo, e sobre todo a póla xacobina de determinadas agrupacións, é que lle poñan prezo ao autogoberno. ¿Quen está disposto a poñerlle prezo ao autogoberno?

Como tamén determinada cuestión que foi introducida, paréceme recordar unha vez máis, e teremos que ser pesados, no tema do emprego público. O emprego máis estable de calquera comunidade no período 2009–2016 é o da Comunidade Autónoma de Galicia. Non boten man, por favor, de determinados datos que erroneamente foron tratados no Ministerio de Hacienda, porque foron mal dados tamén pola Xunta de Galicia no seu momento, e que xa están corrixidos desde hai un montón de anos.

Unha vez máis, hai que dicilo en sede parlamentaria: o máis estable dos datos de todas as comunidades autónomas é o de Galicia, porque a opción política que se fixo no seu momento é de pedirilles esforzo a todos os empregados públicos, pero non alterar o parámetro do emprego público. O que si me chama a atención —e creo que estamos un pouco confundidos aquí entre todos— é cando se lle bota a culpa a Galicia de determinado erro puramente cuantitativo e non se teñen en conta os parámetros doutras comunidades autónomas, como pode ser a de Andalucía —¿coñécea, vostede? —, onde houbo case dezasete mil postos de traballo menos durante o período. En Galicia temos corenta traballadores sobre un total de 86.000. ¡É algo de traballadores! Por favor, jé que xa é para considerar!

Pero é que cando ademais o emprego público na comunidade autónoma é sobre todo da Xunta de Galicia, pero non exclusivamente, é que resulta que Galicia durante o período tivo un 0,04 de minoración, 41 persoas, e resulta que a Administración do Estado tivo un 5,8 %,

gobernada en parte polo PSOE, gobernada en parte polo PP a Administración central, e resulta que a Administración local — tamén supoño que todo será culpa da Xunta de Galicia — baixou un 19,1 % os seus efectivos. Poñamos un pouquiño en situación as cuestións.

Como cando aquí se refire, por exemplo, o tema de sanidade, onde partindo de 33.176 efectivos, nestes momentos temos 34.200, e seguen erre que erre coa matrícula dos recortes. É que verdadeiramente non se comparece cos datos puramente obxectivos que temos nestes momentos.

Como cando se fala da precarización do emprego público botando man da EPA, o 24,5 %. Vólvolle repetir a composición: aquí hai moita Xunta, pero non é só Xunta, tamén hai Administración do Estado, tamén hai Administración local. Teña tamén en conta que ao que vostede lle chama precarización se compón de dous factores: un primeiro, sobre todo, a taxa de interinidade, onde curiosamente Galicia é a comunidade autónoma que menor taxa ten, pero con moita diferenza a calquera outra comunidade en España. E tamén outra cuestión que a temos as comunidades autónomas, sobre todo ligada aos servizos, a sanidade e os servizos sociais: que hai que cubrir as ausencias que faltan. E esas son contratacións dun día, de dous días, dunha semana. ¿E a iso chamámoslle «precarización»? (*Murmurios.*) É que é marabilloso oír o razoamento dalgúns grupos, jé algo verdadeiramente marabilloso!

Como tamén oír o razoamento dalgúns grupos cando se fala de riqueza e nos dicían que por sectores. Houbo unha referencia que a min me parece que deben de estar os datos mal, ou hai algo que non me cadra, cando se refiren ao sector primario con carácter xeral, sector primario, e cando se refiren á industria. É que se hai algún sector que ten nestes momentos o mesmo nivel de riqueza que o que tiña no 2008 é o sector primario, e agora resulta que tal. Digamos que en distintos subsectores dentro do sector primario podemos ter ou non tal. Pero cando o miramos en conxunto o que se denomina sector primario, dígase agricultura, dígase gandería, dígase forestal, dígase o mar, tamén nos seus distintos subsectores, resulta que o produto interior que temos no 2016 é practicamente idéntico ou lixeiramente superior ao que tiñamos no 2008. E, ante todo, iso é unha desfeita.

Como tamén cando se fala da industria. E da industria, efectivamente, aínda non está recuperado o parámetro que tiñamos no 2008, ano máximo de toda a serie. Pero o que é innegable é o impulso, enorme impulso que está tendo a industria nos dous últimos anos, no 2015 e no ano 2016, tanto en materia de crecemento económico como en materia de emprego, como en materia de exportacións — á que me referín varias veces —, como en materia de creación de empresas: un 16 % máis no ano 2016 que no ano anterior, como en materia de produción: un 4,1 % máis. Se está medrando o PIB un 3,4 % e a produción un 4,1 %, ¡comprenderán vostedes que algo se estará facendo ben polo que respecta á industria! (*Aplausos.*)

Como tamén en tema de competitividade, onde tamén temos moito que mellorar ata o 2020 en materia de competitividade, pero onde está perfectamente activado a través da Axenda de competitividade da fábrica intelixente as nosas cuestións. ¿E todo isto quere dicir que o estamos facendo ben? De ningún modo podo eu trasladarlles esa opinión, pero é inmensamente máis positivo o que se está producindo.

Como de novo, unha vez máis, e dálle que dálle, pero, bueno, nós tamén somos un pouco como pedras de muíño, como cando falan de emigración, da emigración de mozos. Os datos obxectivos coñecidos no día de hoxe o que nos din é que a taxa de emigración en Galicia é a máis baixa de todas as comunidades autónomas, e a taxa de emigración de mozos é a máis cativa de toda España. ¿Debemos de estar contentos con esa situación? De ningún modo. Pero díganme vostedes como estarían se estiveramos no termo medio de ser a doceava ou a catorceava comunidade autónoma. Se unha persoa soa podendo querer traballar en Galicia —que serán moitas, tamén o adianto— ten que saír fóra, non nos podemos sentir contentos. Pero poñamos todos e contextualicemos a relación, e non ese mundo tan nefasto, que ás veces tenden a pintar todos vostedes.

Como en materia de pobreza. Non aproveitemos esta cuestión da pobreza para seguir dándonos uns aos outros. Con que soamente houbera unha persoa por debaixo do limiar preterdeterminado non nos sentiríamos contentos. Non nos sentimos contentos de ser a terceira comunidade autónoma que mellor comportamento ten de España, porque estamos falando de pobreza. Iso nunca é bo, somos os primeiros en recoñecelo. Por iso sempre dicimos e diremos ata a saciedade, e co obxectivo do 2020, que non consideremos que a recuperación económica sexa universal e completa mentres existan colectivos que estean sufrindo as consecuencias.

Polo tanto, por aí van as nosas actuacións e para aí vai boa parte dos nosos recursos. E neste tema, cando se di, por exemplo, que o crecemento da Risga, ¡home!, como se di: repicar e tocar as campás todo ao mesmo tempo. É increíble de novo como partindo dunha realidade obxectiva, que é a necesidade que presentan determinados colectivos, se cuestione e se critique que a Xunta de Galicia sexa capaz de destinar maiores recursos para atender esa realidade. Eu creo que é un acto de normalidade, iso é o ABC. Non se critiquen polo tanto determinados niveis e determinadas actuacións.

Polo tanto, eu agradézolles moi moito tamén as xeneralidades coas que falaron a maioría de vostedes, pero tamén —e para rematar quizais nun ton un pouco máis normal pola miña parte— cando se fala da débeda, é que cando se fala da débeda é para chorar e saír deste Parlamento. Resulta que Galicia é a comunidade autónoma onde menos medrou a débeda, e críticasenos que estamos no cento e algo por cento. A ver, por favor, volvo repetir: Galicia é a comunidade autónoma onde menos medrou a débeda desde o ano 2008. Iso significa seriedade, iso significa que se fixeron as cousas moi ben, pois cada vez estamos pagando menos intereses, 94 millóns de euros nos dous últimos anos. E tamén lles avanzo que, de seguir con esta tónica, serán practicamente outros setenta millóns de euros para o ano 2018.

Espero non ter que vir aquí pedir tamén perdón de novo por facer as cousas medianamente ben.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten o turno agora por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, bo día de novo.

Comezarei a miña intervención dicíndolle que hai unha cousa na que concordamos, que loxicamente os orzamentos do Estado aínda os imos poder coñecer ao longo do día de hoxe, nomeadamente nós que estamos atentos e atentas ao debate parlamentario. Pero por algunha noticia que xa vai chegando, unha das partidas que se incrementa é —¿como non?— a Casa Real. Comprenderá que para min como galega e republicana pois non estou conforme con este modelo, (*Aplausos.*) polo cal eu ingreso á caixa do Estado e a caixa do Estado ingresa para cousas que a min non me importan nin o máis mínimo como esta.

Ben, brincadeiras á parte, agora de verdade que con todo o respecto, señor Martínez, eu o que non lle podo permitir ao Partido Popular é que diga que este grupo parlamentario é o que foxe dos consensos ou que non somos quen de sumar os consensos. Recórdolle, por exemplo, que o primeiro consenso que se aprobou nesta curta aínda lexislatura pois foi precisamente por iniciativa do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

Outra cousa é a súa conciencia como partido político a respecto do que fan cos consensos, e nomeadamente cos consensos que mandan deste Parlamento, do que tamén neste período tivemos cumprida conta: da AP-9 a esa lei anos ha das preferentes e doutro tipo de cuestións. Pero, desde logo, se hai un grupo político que é capaz de xerar consensos, somos nós. Outra cuestión é que cando estamos debatendo algo tan elemental e tan fundamental como a dotación económica da nosa comunidade, loxicamente, ao sermos a única forza aquí presente sen dependencias estatais, pois iso repercute en que non temos os corsés que teñen outros e en que sexamos moito máis ambiciosos.

Di vostede que non hai estudos. Ben, á parte de que nós non falamos do concerto xeneralizado para todas as latitudes do Estado, á parte de que isto é incorrecto, aínda que non podemos entrar en detalle hoxe, pois recórdolle que precisamente este grupo parlamentario presentou unha emenda aos orzamentos á súa consellería na que pedía un estudo sobre este tipo de cuestións. ¡Demóstrannos que estamos tan equivocados!

Pero, desde logo, tendo en conta que o seu nivel do que significa un debate neste Parlamento galego para a cuestión do financiamento se limita a unha moción sen demasiado debate e a nomear un experto, pois, loxicamente, iso non nos satisfai. Cando queiran debater en profundidade aquí estaremos.

Tamén vostede dá a razón no sentido de que di —vostede mesmo o recoñeceu na súa primeira intervención— que o modelo do que nos temos dotado é insuficiente, pero logo xustificamos que é absolutamente suficiente por ese ingreso extra, «adicional» en palabras do Partido Popular, que vén agora de volta. Entón, deberían aclararse.

En todo caso, podemos falar de técnica de debate orzamentario, pero finalmente o importante é que o modelo de financiamento e as decisións dos orzamentos son sempre decisións políticas, que é o que nos corresponde tomar hoxe aquí. Polo tanto, as decisións facendísticas de hoxe, nós entendemos que constrúen a Galiza de mañá, e desde o BNG non seremos cómplices por silencio ou omisión coa hipoteca á que nos condena o Partido Popular.

Hai cuestións que para nós non tiveron acollida nas súas exposicións. Nada dixó de como van perseguir a fraude das grandes empresas, por exemplo; nada dixó de que vai facer para que máis de quince mil millóns de euros de aforro galego emigren para créditos fóra do país, hipotecando aínda máis o espolio do noso aforro; ou non explicou máis alá de en titulares esa aposta por ese novo modelo produtivo, cando logo imos desglosar o esforzo en PIB ou noutros parámetros, cando a I+D+i desta nación segue sendo absolutamente insuficiente. Polo tanto, non nos parece de recibo.

Tampouco na miña intervención primeira non puideron entrar na débeda, pero falar de seriedade co futuro cando non nos chegaría o orzamento dun ano da Xunta para pagar a débeda que xa temos contraída pois é algo que merece a nosa atención. Porque nós non somos contrarios a incrementar a débeda nun momento de recesión económica, pero agora que os indicadores macroeconómicos camiñan cara a un crecemento entendemos que ese mantemento do incremento da débeda demostra que non é sostible o crecemento que vos tedes vaticinan.

Permítanme tamén antes de rematar a miña intervención engadir algo que non me deu tempo antes. Vostede sacou moito peito na súa intervención a respecto da nova situación laboral dos traballadores e traballadoras do consorcio e dos traballadores e traballadoras do servizo de bombeiros. Nós é unha cuestión da que nos alegamos, aínda que tamén matizamos que na cuestión dos bombeiros non a damos por rematada, pero, desde logo, co que tardaron pois tampouco é para sacar demasiado peito.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Remato xa dicindo que as consecuencias da crise foron agravándose en moitísimos datos que xa se deron, e noutros que vostedes non fiaron con veracidade como é a cuestión da poboación activa, que se algo é un indicador negativo no noso país é iso.

Pero nós entendemos que este modelo de financiamento, estes orzamentos, estas liñas estratéxicas non serven para cimentar unha Galiza do futuro nun contexto no que as consecuencias da crise socioeconómica empeoraron a situación coa que nos esforzamos. Entón, o esforzo tería que ser aínda maior, e precisamos aínda de máis recursos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...dos que nos tiñamos dotado antes de comezar aquí.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas Bergantiños.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Socialista a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Señor Puy, en primeiro lugar, os datos se se retorcen tamén din o que un quere que digan, sempre. (*Aplausos.*)

Por outra banda, creo que aquí ninguén dixo que vostedes provocaran a crise, pero si que é verdade que provocaron as desigualdades que hai na nosa sociedade a consecuencia da crise. E ese é un dato innegable. Si son culpables de non ter aplicado políticas que minimizaran eses danos colaterais das súas políticas de austericidio, das políticas de austericidio do Partido Popular. E diso si que son culpables.

Non volvan, por favor, empregar crecemento san, e menos defendendo as exportacións, porque para ser un país san temos que ter unha poboación sa. E nestes momentos, mal que lles pese a todos —a vostedes e a nós tamén—, non temos unha poboación sa por desgraza, e grazas ás súas políticas.

Miren, vostedes sempre dedican as súas políticas para reducir o gasto en todas as partidas orzamentarias, bueno, porque foi a súa prioridade non atender as persoas. Pero ¿por que non perseguen incrementar os ingresos?, ¿por que se vostedes xestionan a Atriga non perseguen máis a fraude fiscal?, ¿por que non dedican máis recursos á Atriga?, ¿por que non revisan os beneficios fiscais no imposto sobre sociedades?, ¿por que non gravan as rendas máis altas? Que por aí tamén pode haber ingresos e poden permitir a redistribución.

Outra cousa, señor conselleiro, se os datos do Estado están errados, por favor, mándenos os datos reais en papel, posto que nós no caso da sanidade non fomos capaces de atopalos. E dígolle máis: se os orzamentos din que o número total de persoal en sanidade aumentou 41, non 40, explíqueme como un sistema sometido a taxas de reposición do 10, do 25 ou do 50 % nalgún ano como moito é posible que creza. Explíquemo porque non o entendo. Fixeron trampa, ou fixeron trampa no orzamento ou na reposición. Supoño que a diferenza, evidentemente, estará nesa contratación temporal da que lle falabamos inicialmente. E esa contratación temporal —e non só o pensamos nós, pénsano tamén os que son contratados temporalmente— é unha precariedade. Porque as súas condicións son en condicións precarias, non son en condicións de igualdade co resto dos traballadores públicos.

Por certo, xa que se falou aquí dos 247 millóns que nos anunciou onte a vicepresidenta do Goberno, Soraya Sáenz de Santamaría, e remarcou varias veces que son adicionais, pregúntolle: ¿van traer unha modificación orzamentaria para incluílos no orzamento e dirannos a que os van dedicar?, ¿ou non será que xa o tiñan contemplado nos orzamentos do 2017? Acláremo, por favor, señor conselleiro, porque a min segue sen quedarme nada claro.

E no tema do financiamento autonómico —non vou incidir nos datos que dei ao principio, de que o endebedamento nesta autonomía se incrementou considerablemente— voulle dicir unha cousa. É verdade que houbo unha crise nas arcas públicas e, polo tanto, o Goberno central habilitou un fondo de liquidez para rescatar tanto comunidades autónomas como concellos, para que puideran cumprir coa prestación dos seus servizos públicos. Estes nun principio eran extraordinarios pero agora xa parece que se están convertendo en estruturais. Galicia foi das comunidades, entre outras, que non optou ao principio ao FLA, pero que despois si que se aplicou —porque, claro, protestaron— unha medida que non tiña mala sonda e

que non tiña mala fama, e que se chamaba o Fondo de Facilidade Financeira. Pero na realidade vén sendo o mesmo, o que pasa é que a contía é moito menor: 2.146 millóns, que é un 20,2 % do pasivo que acumula, que —repítolle— son 10.624 millóns.

E no tema do emprego, a chantaxe e ameaza de Montoro para paralizar a oferta de emprego público, e despois das mentiras coas que someteron a sociedade galega, os sindicatos e opositores e grupos políticos fixeron parcialmente o que todos os axentes implicados lle indicaban ao Goberno galego, que instaran o Goberno central e aprobaran un decreto lei que desbloqueara esta situación. Publicouse ese decreto lei, pero pregúntolle: en Galicia só se desbloquearon para educación e universidades, ¿que pasa coas 1.600 prazas de sanidade que se aprobaron no pasado pleno?, ¿que pasa co resto dos sectores —servizos sociais, policía local, bombeiros...— dos que vostede falou antes?, ¿quedan exentas dunha nova chantaxe para os orzamentos xerais do Estado? Explíqueme, señor conselleiro, como vai actuar o conselleiro da Xunta de Galicia —e vostede nomeadamente como responsable da función pública— ante esta situación.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Señor Puy, estou disposto a acordar con vostede que non foi Feijóo o que nos meteu na recesión sempre que vostede acorde comigo que non é Valeriano Martínez o que nos saca da recesión. E eu creo que, efectivamente, a economía galega está inserida nun ciclo económico español e europeo. E nós non provocamos a crise de Lehman Brothers, nin que Grecia ou Portugal estean medrando, non somos os culpables diso.

Eu creo que o que nós lles botamos en cara sempre á Xunta e ao Partido Popular é que o que fixeron foi de monaguillos da política da Troica, da política da austeridade compulsiva, que provocou a dobre recesión en Europa e que provocou a crise máis longa, sobre todo nos estados do sur de Europa. Esa é a súa responsabilidade. Non é a súa política a que nos saca da recesión. Por culpa da devaluación salarial e do austericidio tivemos a crise máis longa en cen anos.

Non hai que explicar por que o PIB crece, o que hai que explicar é por que tardamos tanto en volver a esa situación. Nese sentido, a responsabilidade política da Xunta de Galicia é o diferencial, a diferenza con respecto aos valores medios de España. E eu insisto en tres datos: primeiro, dende que empezou a recesión a economía galega medrou dous puntos menos ata o 2016 que a economía española, diferencial negativo; segundo, Galicia é a comunidade autónoma —conselleiro, desmíntao, por favor— que ten a peor evolución de emprego de todo o Estado, dende o ano 2008 ata o ano 2016; terceiro, Galicia é a comunidade autónoma que ten a segunda peor evolución en desemprego —despois de Extremadura— nese mesmo período. E iso é o diferencial. Desminta os datos se é quen, son datos da EPA, e se non explique por que sucede.

¡Home!, eu non vou negar que o PIB está medrando, iso é unha cuestión estatística. Porque que o PIB medre ten moito que ver, sobre todo para aqueles que son defensores do libre mercado,

coa actividade produtiva das empresas. ¿Cal é a responsabilidade dun goberno? Facer que ese crecemento económico se traslade á sociedade. E é aí onde suspenden, porque esta é unha fase alcista do ciclo que non se pode chamar recuperación, porque recuperar é volver ter os dereitos, as variables de emprego, de servizos públicos e de protección social que tiñamos antes da recesión. Polo tanto, hai fase alcista do ciclo. Pero este é un goberno que insiste na desigualdade. Hai un problema de repartición primaria das rendas en favor dos beneficios empresariais e en contra dos salarios, e hai unha repartición secundaria fiscal —da que o señor Martínez está orgulloso— de que baixamos os impostos que gravan a renda e subimos os impostos e o IVE. Porque na súa ecuación ten que incluír estoutra parte: baixamos o IRPF porque subimos o IVE. Perfecto. É un modelo neoliberal de dereita que vai contra a idea progresista dun sistema fiscal.

Terceiro, quero dar un dato que se me escapaba, quero poñer un exemplo de por que o crecemento non é recuperación. Vostedes gábanse de que os salarios dos empregados públicos van subir o 1 %, ou o Goberno central de que as pensións van subir o 0,25 %. ¿Cal é o IPC medio do primeiro trimestre en Galicia do ano 2017? O 3 %. Entón, soben os salarios o 1 % e a inflación o 3 %, ¿e iso é recuperación?, ¿iso é subir os salarios ou é provocar unha perda de dous puntos do poder adquisitivo? Nese sentido, a saída da recesión estase facendo sobre a precariedade e a desigualdade.

Señor conselleiro, voulle dar un dato que vostede non é quen de entendela —volvo insistir—: se comparo os asalariados, cuarto trimestre do 2016 co cuarto trimestre do 2013 —cando empezou a recuperación—, o 95 % de todo o emprego asalariado novo é precario. Non falo dos fluxos das contratacións mensuais, digo da variable stock.

Ben, supoño que o xacobino son eu na súa referencia, eu non o son. Pero déixeme que lle diga tres cuestións:

Primeira, non acudir ao fondo de financiamento público gratuíto e ir ao BBVA pedirlle os cartos, pois ¿non sei de quen prefire depender?, ¿onde está a condicionalidade?, ¿quen prefire que lle mande?

A segunda idea é que é difícil de entender que se financie a tipos máis caros con banca privada en vez de facelo co Goberno central. Iso vai ter que explicalo moitas veces. Porque se é certo que nos aforramos 392 millóns de euros en apenas dous anos de recorrer ao fondo, ¿por que non o fixemos antes?

A terceira idea é que, claro, falar de condicionalidade —xa que as comunidades autónomas que recorreron aos fondos de financiamento teñen condicionalidade—, ¿Cataluña ten condicionalidade? Ou sexa, ¿alguén pode dicir que a Generalitat de Cataluña se pon firme diante de Montoro e aplica o pago a provedores? ¿Estamos falando en serio? Ou sexa, ¿Cataluña ten condicionalidade neste momento? Sexa serio, señor conselleiro.

Dígolle unha última cuestión —e remato, señor presidente—, nós estamos moi a desgusto coa evolución da débeda, estamos moi a desgusto de que se endebedaran con bancos a un enorme sobrecusto. E xa lle anticipo que unha das iniciativas que imos elaborar neste Parlamento é facer unha auditoría da débeda pública galega.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Nestes breves minutos que teño eu quixera dicir que non escoitei a ningún grupo da oposición aplaudir cando o 12,3 % do investimento do Estado cun goberno por maioría absoluta do PP veu para Galicia, e ninguén dixo que era unha marabilla. (*Aplausos.*) Entón, agora o problema é que se reducen con relación a iso. (*Aplausos.*)

Eu voules dicir algo: en Cataluña xa anunciaron 4.000 millóns en catro anos. E en Galicia imos ver que lonxe estamos dos 1.000 millóns nun ano, que é o que lle toca a Cataluña se repartimos os 4.000 millóns en infraestruturas nun ano. E dito isto, eu creo que a partir de aí teremos ocasión de falar.

O BNG dixo, conselleiro, que vostede tiña retos estratéxicos insuficientes, e, curiosamente, eles só marcaron un, estritamente ideolóxico, nada técnico, que é que haxa un cupo en Galicia. Eu, a verdade, é que non entendo moi ben o asunto. Señora Presas, a min gustaríame que me dixera algún exemplo de comunidade autónoma onde se pactou o experto, agás Galicia, polo menos con algún grupo da oposición.

Señora Martínez Rumbo, vostede dixo que eu torcía os datos. Eu dei todos os datos coa súa fonte, hai outros que vostede pode empregar, pero non me dixo nin un só dato que empregara mal. En cambio, vostede deu un dato que eu lle vou completar. Dixo que a débeda per cápita en Galicia era de 3.900 euros, que é certo; o que non dixo é que en España é de 5.947, é dicir, que un galego debe case dous mil euros menos per cápita como consecuencia do endebedamento autonómico. E aquí, ¡home!, o dato podemos interpretalo todo o flexiblemente que vostede queira, pero —como xa se lle ten dito varias veces— Galicia é das comunidades autónomas que menos se endebedou na crise, cousa que creo que é importante pensando nas xeracións futuras.

E voulle dicir outra cousa: eu prefiro que a ocupación creza en Galicia como consecuencia de que as empresas galegas exportan e que hai máis empresas galegas que exportan que contratando persoas sete meses para limpar as cunetas. Ese foi o Plan de emprego que fixeron vostedes no 2008 pouco antes de deixar o goberno.

Con relación ao señor Lago, evidentemente, eu podo estar de acordo en que o señor Martínez non nos meteu na crise, pero tivo algo que ver con que saíramos da crise, porque o señor Martínez leva pouco tempo traballando na Consellería de Facenda pero moito traballando no Goberno, desde o primeiro día, e nada menos que na Secretaría Xeral da Presidencia.

Vostede sabe que hai un xogo que había na televisión que se chamaba «O prezo xusto». Vostede dixo 250, ao final o que se anuncian son 247, 70 xa estaban, 70 foi a previsión do

Goberno, 70. Resulta que 40-50 son o 1 % de incremento do soldo dos funcionarios que autorizou o Estado, polo tanto, máis 70 son 125 aproximadamente; é dicir, teríamos realmente 125 millóns de euros máis. O señor conselleiro predixo 70, foron 125; vostede predixo 250, co cal teríamos xa un burato de 125 millóns de euros. Eu prefiro quedarme curto e gañar «O prezo xusto» que pasarme e ter un burato. (*Aplausos.*)

O señor Martínez tampouco subiu o IVE. Supoño que nisto poderemos estar de acordo, que non tivo nada que ver coa suba do IVE. O que si é interesante é comparar a fiscalidade internacional. España ten menos presión fiscal que a media dos países da OCDE, pero resulta que o IVE está por debaixo da media —vou compararlle— coa Unión Europea de Vinte e oito: o 7 % sobre o PIB na Unión Europea, o 6,5 en España, medio punto por baixo; o IRPF, 9,4 na Unión Europea, 7,4 en España; e o imposto de sociedades 2,5 e 2,4 en España. Polo tanto, se vostede mira onde está a marxe de manobra para incrementar a presión fiscal, que posiblemente sexa o que vostede no seu discurso defende, pois imos ás medidas da Unión Europea —por non irnos máis lonxe— e vemos que se houbo subas do IVE, non son tan exaxeradas nin, desde logo, se poden interpretar ideoloxicamente como vostede fai. Se colle a información oficial do Ministerio, pode ver que no ano 2011, ultimo ano do Goberno de esquerdas, a presión fiscal, a recadación prevista indirecta, era o 44 % do total de impostos; no ano 2016, por mor da crise e a recuperación do consumo, pero non das empresas, foi do 46,2, subiu lixeiramente; e no ano 2017 volve baixar ao 45,7. Polo tanto, extraer dun punto de suba sobre a marxe que temos con relación á media da Unión Europea que o IVE pois é unha política antisocial, etcétera, a min paréceme certamente excesivo.

Como me parece excesivo dicir que non hai condicionalidade no Fondo de Facilidade Financieira. Eu teño aquí a certificación da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, o acordo do 3 de marzo: «*Adoptó un nuevo paquete de condiciones adicionales para poder acceder a la financiación a través del FLA de 2017, que tienen que ver con la unidad de mercado, la Administración digital y el empleo público. Algunas de estas medidas ya fueron objeto de impulso en el acuerdo anterior, que incluyó como condicionalidad, entre otros, la adhesión al instrumento de apoyo a la sostenibilidad del gasto farmacéutico sanitario, la firma del protocolo de colaboración suscrito entre la Administración general del Estado y Farmaindustria*», etcétera, etcétera, etcétera. Dicir que non hai condicionalidade e que non perdemos autonomía se entramos no FLA non é preciso.

Estamos reduciendo os parados. Houbo un dato nas estatísticas de hoxe, que foron feitas públicas ás 9 da mañá: a contratación xeral en Galicia, a contratación creceu un 14,88 % con relación ao ano anterior. A indefinida creceu un 23,8 %, superando en dez puntos a temporal, que creceu un 13,22 %.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Eu creo que este é un bo dato e que todos debemos de congratularnos.

Dicía —para rematar— o portavoz da oposición que o Goberno, efectivamente, non é o que crea emprego, senón que crea as condicións para que haxa emprego e á súa vez redistribúe a renda. Eu creo que vostedes, en xeral, teñen un problema, e é que o discurso e as súas previsións e a realidade non se compadecen, anunciaron «austericidio». Realmente, nós

tiñamos que estar decrecendo o 3,4, non crecendo o 3,4, se fixeramos caso ao seu discurso anterior.

Que veña un conselleiro anunciar, entre outras cousas, que se van contratar por riba de tres mil empregados públicos unha vez superada a crise, que xa recuperaron...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...o que foi a redución dos seus salarios públicos, e que se manteñan os empregados públicos e que se equiparen as condicións dos traballadores públicos que estaban en peores condicións, pois realmente isto non se compadece co discurso de que somos un goberno neoliberal e ultraliberal que non defendemos o público.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PUY FRAGA: Nós, señor conselleiro, compartimos —como dicimos— os seus obxectivos; contribúa desde o sector público a que a economía siga medrando para poder redistribuír entre todos mellor a renda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Peche da comparecencia, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas, de novo, señor presidente.

Á señora voceira do BNG, neste caso, eu creo que é bo que entre todos, aínda que desde distintas posturas, tratemos, falemos e, de ser posible, cheguemos a consensos, sobre todo nunha materia tan delicada, tan estratéxica para a comunidade autónoma como pode ser o financiamento autonómico.

Si dicirlles que obviamente un modelo á carta, un modelo de concerto só para nós, podería máis ou menos ter un enfoque similar ao que vostedes plantean. O que é implantable desde o punto de vista teórico é que unha xeneralización do modelo de concerto puidera dar como resultado unha vantaxe comparativa para a nosa comunidade. De ningún modo é iso ao que me estou a referir. E o demais non deixa de ser unha utopía pola súa parte plantear ese tipo de cuestións, incluso polos economistas que o intentan.

Á parte, permítame ligar dúas cousas, e non é, por favor, un chascarrillo. Cando vostede ao final da súa intervención se refire aos bombeiros forestais e ao consorcio nos servizos de benestar, é que non nos debemos olvidar que o Consorcio de Benestar foi creado por quen foi creado. E resulta que daquela, cando se collen determinados traballadores en condicións de traballo que non eran homónimas ata agora nin en condicións de traballo nin en retribucións ao propio BNG, un vinte e algo por cento en categorías homónimas respecto do persoal que xa era laboral da Xunta de Galicia. ¡E que agora veña dar clases, pois

verdadeiramente a un quédaselle o corpiño...! Verdadeiramente non sei xa como facelo con algúns de vostedes. Sempre teñen razón e sempre é malo cando veñen aquí dar a razón, sexa a, b ou c, en 180 graos de diferenza entrambas as cuestións.

Como tamén cando fala da débeda, algún interviniente máis falou da débeda tamén. A débeda onde hai que utilizala para facer anticíclicos é na etapa de recesión, é onde temos que botar man para tratar de dinamizar. Así o estivemos facendo e dunha maneira sempre moito máis controlada que calquera outra comunidade autónoma. A nosa débeda perfectamente quedará mesetada no seu tamaño absoluto no ano 2018. Como ben coñecen, neste ano temos un límite do 0,6-0,5 —foi o que trouxemos en orzamentos—, o ano que vén 0,3, como calquera outra comunidade autónoma.

Polo tanto, si que pasa a ser unha cuestión de política estratéxica ter unha compoñente importante dentro de Facilidade Financeira, non tanto de FLA, de Facilidade Financeira. E a nosa estrutura de débeda o ano que vén estará situada un 58 % en Facilidade Financeira, co cal ese é un valor fundamental, como no seu momento foi a opción de ir a mercado, a prazos curtos e a mercado. Esas son opcións que cada goberno dunha maneira libre ten que tomar e decidir.

¡Home!, eu comprendo que a Xunta temos o malo. Sempre digo que estamos no medio do bocadillo, para o bo e para o malo, ¡eh! Pero normalmente, cando se refiren os grupos da oposición e cando se refería a voceira do PSOE aos beneficios fiscais no imposto de sociedades, eu ofrézome incluso a reconsiderar esa cuestión, como que desde este Parlamento instemos a quen ten responsabilidade no imposto de sociedades. Pero dicirlle que a Xunta ou a Consellería de Facenda revise os beneficios fiscais no imposto de sociedades é que, a verdade, un queda así un pouquiño temblando, como cando queda un pouco temblando cando se introducen conceptos... Con todos os meus respectos, deberíamos ser un pouco máis rigorosos cando falamos de temporalidade, cando falamos de precariedade, cando iso o ligamos cos servizos públicos. Porque nos servizos públicos, en esencia, poderemos ter máis ou menos temporalidade, máis ou menos interinidade, pero precariedade no que se chama prestación de servizos e no que se chama retribución, a anos luz de calquera outro parámetro que poida haber na economía civil.

Polo tanto, non asumo esas teses que son tan súas, cando non gobernan, por certo. E o que si lles podo dicir é que temos a taxa de temporalidade e de interinidade máis baixa de toda España, e que aínda así, non estando conformes co que temos, imos seguir camiñando para deixala por debaixo do obxectivo que a nivel estatal se cuantifica nun 8 %, e chegaremos dos primeiros a tela por debaixo do 8 %. E iso significa unha vez máis, porque fomos rigorosos, que na oferta de emprego para educación xa existe a suficiente garantía xurídica, e aqueles que abrían a boca e dicían que ían convocar, no día de hoxe non van convocar; nós si, agora que hai certeza xurídica nestes momentos. Como tamén lle adianto en que, na medida en que teñamos certeza, —xa o dixemos— a sanidade se aproximará a mil seiscentas e no resto de función pública, tendo en conta as de educación, as de sanidade, sen contar estas oitocentas a maiores de sanidade, superaremos as tres mil, tres mil cen ou tres mil duascenas, non as tres mil que eu adiantei.

Polo tanto, este goberno si que cre nun traballo cada vez máis digno e cada vez máis estable dentro da función pública con carácter xeral.

Pero o máis importante que nos trae o día de hoxe é que particularmente si que consideramos estar nunha lexislatura clave para Galicia, porque dos acertos de todos, tamén dos erros, nos vindeiros catro anos, dependerá en boa medida como completamos a recuperación económica dos cidadáns de Galicia. Logo de pasar momentos moi duros, creo que conseguimos entre todos —non só este goberno, entre todos— endereitar a situación, pero tamén recoñecemos unha vez máis que desgraciadamente moitos galegos e galegas aínda pasan situacións complicadas. Eses galegos e galegas que máis nos necesitan serán a nosa prioridade durante estes catro anos, porque só así acadaremos a recuperación económica completa e universal.

Afortunadamente, o inicio desta lexislatura é totalmente oposto por positivo ao comezo da anterior. Pasamos da maior recesión da historia da autonomía ao maior crecemento en nove anos; pasamos de perder postos de traballo a crear corenta mil empregos a tempo completo nos dous últimos anos; e pasamos da maior perda de ingresos por mor da crise a ter capacidade para probar a maior rebaixa de impostos da historia de Galicia, que deixa sen tributar o 99 % dos galegos polo imposto de sucesións e que elimina os impostos para traballar e vivir do rural.

E fixémoslo con autonomía, sen tutelas, exercendo o noso autogoberno, para blindar os servizos públicos e pagando en todo momento as nosas obrigas aos nosos provedores. E nesta liña temos que continuar, sen triunfalismos, pero con confianza. Coa confianza que nos achega ter recuperado xa, no día de hoxe, os niveis de riqueza precrise e estar en disposición de afondar neste crecemento san e sostido; coa confianza que nos achega ao reto posible de xerar cada ano desta lexislatura entre dezasete mil e vinte mil novos empregos; coa confianza que nos achega poder ter en vigor a maior rebaixa fiscal da historia de Galicia; coa confianza que nos achega a estabilidade institucional, a credibilidade; e coa confianza que xera Galicia.

Os datos coñecidos do último ano 2016 son alentadores: o maior crecemento en nove anos, un ritmo crecente de creación de emprego, un déficit cada vez menor, unha débeda controlada e á baixa e un novo récord de exportacións. E esta confianza, pese á situacións no ámbito internacional como o *Brexit*, que afectarán, sen dúbida, España e Galicia, vese reforzada porque os primeiros indicadores que temos deste 2017 seguen sendo esperanzadores. Datos positivos con incidencia en sectores claves da economía galega como a industria e os servizos ratifican que a nosa comunidade segue a rexistrar neste comezo de exercicio un crecemento económico sólido, e o obxectivo non pode ser outro que, día a día, mes a mes, ano a ano, durante toda esta lexislatura, consolidar esta tendencia.

Señorías, reitero que Galicia sae da crise económica cunha economía máis moderna, mellor preparada para afrontar o futuro. O reto son catro anos de crecemento sostido e de baixada progresiva do desemprego e mellor emprego, para cumprir a folla de ruta deseñada no noso Plan estratéxico 2015-2020, para afondar nun modelo de crecemento san, máis resistente a futuros cambios de ciclo.

Seguro que neste camiño haberá mellores momentos e outros non tan bos, pero seguro que, de verdade, co traballo conxunto, coa implicación de todos, estaremos en condicións de chegar a 2020 cunha Galicia máis próspera e con máis futuro. Permítanme que lles diga que entón estaríamos facendo das galegas e dos galegos de hoxe para a Galicia do mañá.

Moitas grazas a todos pola súa atención. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Continuamos co punto terceiro da orde do día, que é o de mocións.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase modificar no punto 4 da parte resolutiva da moción o seguinte contido:

Onde di: «...manicomios...» debe dicir: «...hospitais psiquiátricos...».

Emenda de modificación.

Débase modificar o punto 7 da parte resolutiva da moción, que quedará redactado co seguinte contido:

«7.- Levar a cabo no marco do novo plan de saúde mental un incremento progresivo e planificado do número de profesionais na saúde mental, poñendo especial énfase nas unidades de saúde mental e nos hospitais de día. Este incremento terá como obxectivo que se alcance, como mínimo, a media das ratios das outras comunidades autónomas en profesionais da psiquiatría, psicoloxía clínica e enfermería.»

Emenda de adición.

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da moción que quedará redactado co seguinte contido:

«7 bis.- Iniciar o deseño dos futuros hospitais de día infanto-xuvenís.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

No pasado pleno trouxemos a debate unha interpelación que exixía ao conselleiro de Sanidade que respostase ás inquietudes que xeran os recortes —estes que se acaban de negar— aplicados durante os últimos anos á saúde mental; uns recortes que saen á luz cando, desgraciadamente, aparecen nos medios de comunicación novas, sucesos como eses suicidios nas unidades de hospitalización, que motivaron precisamente que nós interpelásemos o con-

selleiro de Sanidade; recortes que son negados de maneira sistemática pola Consellería, como se non fosen reais as queixas que denuncian o abandono do sistema público, as queixas que denuncian a ausencia de protocolos para os profesionais, as queixas que denuncian as listas de espera nos servizos de saúde mental.

Unha saúde mental que, como dixemos no anterior pleno, é habitualmente a irmá pobre da sanidade pública, un apartado moi importante no que se inviste habitualmente pouco. Cabe deducir que, precisamente, con esa redución orzamentaria que acaba de vir a debate nos últimos anos, se xa estaba mal, cada vez o problema empeora. E xusto nun momento en que, coas consecuencias da crise na saúde mental, esta tiña que terse reforzado, todo o contrario do que está a acontecer.

Despois da denuncia enésima que efectuamos no pasado pleno, hoxe traemos a proposta de En Marea, que non é máis que a realidade recollida durante estes últimos anos de traballo cos colectivos de profesionais. As medidas propostas non son, obviamente, as únicas necesarias; as medidas propostas son, a teor da situación da saúde mental, as perentorias, as urxentes, as máis necesarias ao noso entender.

Punto primeiro, número 1. En primeiro lugar, queremos que se desenrole xa un novo Plan de saúde mental con urxencia, pero cunha comisión técnica que estableza un proceso realmente participativo no seu deseño coas e cos profesionais da saúde mental. O conselleiro de Sanidade dixo no pasado pleno que faltaba pouco para a realización dese plan. A realidade é que non é certo que todas e todos os profesionais da saúde mental poidan participar no deseño do que é o seu día a día, do seu traballo, do seu propio traballo. Unha consellería intelixente que queira e que valore o persoal público traballa con elas e con eles no deseño de todos os plans, non o que se está a facer. Non hai acceso nin por parte dos profesionais nin por parte destes deputados, nin en xeral da sociedade, ás memorias dos propios centros. É moi difícil así axudar na planificación sanitaria. E este plan leva atraso, leva moito atraso. Non podemos estar agardando a que a Consellería de Sanidade se digne a poñer en marcha algo que é totalmente imprescindible.

Punto número 2. En segundo lugar, que se asigne a este plan un compromiso orzamentario que permita levalo a cabo. Non se pode mellorar a saúde mental nin ningún outro aspecto sanitario sen cartos, sen orzamentos, se non se pode contratar máis persoal para eliminar, para ir limando esas listas de espera, para dar máis servizos. Os papeis só non valen, son imprescindibles os plans, pero non valen só. A Consellería debe comprometerse de verdade. E comprometerse, ser responsables, ser verdadeiros xestores sanitarios implica un orzamento que se poida comprometer a un plan; se non, estaríannos vendendo unha vez máis fume, porque non hai compromiso de que se poida facer o que se pon por escrito se non hai orzamento relacionado.

Punto número 3, terceiro. Desenrolar o novo Plan de atención e prevención do suicidio nos mesmos termos; é dicir, un plan que sexa, por un lado, participado e un plan que teña orzamento para poder levalo a cabo, con investimento. Os suicidios duplican en Galicia as mortes por accidente de tráfico, pero non temos un plan actualizado e con recursos. Os suicidios téñense incrementado ademais coa crise; témolo debatido xa nesta Cámara, pero non se ten tomado ningunha medida extraordinaria para reforzar o que debera ser a atención e a prevención deste problema tan grave.

Afirmamos unha vez máis que os recortes, efectivamente, matan, e a Consellería é responsable de intentar prever eses suicidios e, polo tanto, ten que tomar decisións a este respecto, con psicólogas, con psicólogos, con psiquiatras, con traballadores e traballadoras sociais, con axudas e recursos sociais —si, tamén con saídas sociais; iso ten que vir nos propios plans de prevención do suicidio—, e minimizar todas as posibilidades. E, por suposto, evitar os suicidios nas persoas hospitalizadas require tamén máis recursos na sanidade pública.

Punto 4, en cuarto lugar. Avaliar con carácter inmediato a situación desas persoas que foron trasladadas desde os antigos manicomios —chamados así—, para poder ubicalas en servizos públicos que contan coa atención especializada en saúde mental que estas persoas necesitan. Levamos anos pedíndoo os grupos da oposición desde que se tomou esta medida. Levamos anos, levan anos tamén as profesionais denunciando o seu abandono, o seu desamparo. ¿Que posibilidades, señorías, ten unha persoa cun problema de saúde mental institucionalizada durante anos de poder defenderse se non ten os servizos axeitados, se hai mala atención, se hai desamparo? ¿Que capacidade ten de defenderse unha persoa cun problema de saúde mental fronte á Administración? Non teñen. Ese é o motivo polo que nós o reclamamos. Non se pode sacar unha persoa dunha institución neste caso sanitaria, dunha atención de saúde mental, que obviamente era un modelo obsoleto, e trasladala a unha residencia de anciáns sen servizo de saúde mental, ou a unha residencia en xeral, ou a unha pensión. Non é un problema co modelo, é un problema de dereitos humanos.

Punto 5, quinto lugar. Reforzar a Unidade de Hospitalización Infanto-Xuvenil do CHUS, dotándoa dos e das profesionais e recursos previstos antes da súa apertura. Xa o dixemos no pasado pleno, debatémolo aquí. A Xunta presume de ter aberta esta unidade, que se abriu coa metade das camas previstas, e non tivo no pasado pleno máis remedio o señor conselleiro de Sanidade que recoñecer, efectivamente, que se debera dotar cun psicólogo ou psicóloga, porque non o ten a Unidade de Hospitalización Infanto-Xuvenil, non ten profesionais de psicoloxía, e iso é unha carencia moi grave; que debera ter unha ou un traballador social, e tampouco o ten; e que ademais tampouco conta con terapeuta ocupacional. É certo que van unhas horas doutra unidade pero non hai terapeuta ocupacional, non hai psicólogo ou psicóloga, non hai traballador ou traballadora social. E así non se pode, así calquera abre unha unidade nova. Isto non é unha atención de calidade.

E punto sexto, sexto lugar. Levar a cabo neste ano o deseño cos e coas profesionais desa nova Unidade de Hospitalización Infanto-Xuvenil na zona sur de Galicia. ¡Basta de anuncios, por favor! Levamos anos xa, incluso na pasada lexislatura, escoitando a promesa desa nova unidade, que realmente ou non queren ou non poden facer, porque non é lóxico que se prometa durante anos e que non exista nin sequera unha mínima planificación para poder levala a cabo. Queremos compromisos reais e, polo menos, que se planifique este ano. Xa non pedimos nin que estea operativa, pero que se colla e se faga unha planificación cos e coas profesionais da saúde mental para poder levala a cabo nas vindeiras anualidades. Se non se materializa, entendemos que é porque non hai vontade.

Punto número 7, sétimo punto, e final nesta proposta. Levar a cabo, no marco do Plan de saúde mental, unha planificación para o incremento de profesionais da saúde mental, po-

ñendo especial énfase nas unidades de saúde mental e nos hospitais de día, que son os que teñen máis carencias e dotando estes e estas de profesionais da psicoloxía clínica.

¿Por que insistimos? Díxonos o conselleiro que insistiamos moito nisto, nas unidades básicas da saúde mental e na psicoloxía. Porque se necesita prevención, prevención e máis prevención. Con estes datos de suicidios, con estes datos de problemas de saúde mental, necesitamos prevención primaria e prevención secundaria. E a atención máis próxima ten que ter capacidade resolutiva en saúde mental. Temos paro, temos unha situación de crise e temos un cuarto da poboación en exclusión social. Temos, ademais —preocupante—, cada vez máis casos de acoso escolar. Temos violencia de xénero, e non me refiro simplemente á denunciada e a ese acordo co Colexio de Psicólogos e Psicólogas, e unha de cada tres consultas en atención primaria, segundo denuncian os profesionais, ten un compoñente psicolóxico. Ao mellor non todas necesitan unha actuación puramente no marco da saúde mental, pero téñeno. E por iso é necesario reforzar tamén a prevención, para que os problemas non vaian a máis, non se incrementen.

E tamén as compoñentes psicolóxicas é a segunda causa de incapacidade temporal nos empregos no noso país. Precisamos tamén máis enfermeiros e enfermeiras de saúde mental, especialistas, e suplir esas carencias estruturais de todo o persoal na saúde mental. Xa dixemos antes que habitualmente xa antes era na que menos se investía, é un dos aspectos nos que menos se investía, e loxicamente despois da crise está máis deteriorada. E precisamos, señorías, que se implementen eses psicólogos e psicólogas clínicas tamén nesa atención primaria.

Remato xa, señorías.

Precisamos, polo tanto, que a Xunta tome en serio aquilo que di a Organización Mundial da Saúde, de que a saúde é o completo estado de benestar físico, social e tamén mental.

Máis nada por agora, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Bos días.

Nós, de antemán, queremos anunciar que imos apoiar esta moción. Temos presentadas algunhas emendas que cremos que poden contribuír a mellorar, a enriquecer a proposta, pero, en todo caso, apoiámola, porque cremos que atina na diagnose, porque ademais é pertinente na súa presentación.

É certo: a saúde mental é a irmá pobre das ramas sanitarias. Dino os profesionais, dicímolos os que algo coñecemos, estudamos do tema e sábeno —probablemente mellor ca ninguén— os usuarios, os pacientes.

Ten Galicia dous grandes déficits: o primeiro, de planificación, e o segundo, de recursos. A planificación pasa por ter un plan. Hai un dito no xadrez que di: «É mellor ter un mal plan que non ter plan». Eu non sei se era malo ou era bo, pero o que é seguro é que había un plan, cousa que agora non hai. Un Plan galego de saúde mental 2006-2011, que é sabido que non gusta á Consellería e que non o comparten, e é lexítimo non compartir os criterios, pero a min ensináronme que, cando un non está de acordo con algo, o mellor que pode facer é melloralo. Entón, non usar un plan existente, unha estratexia existente para non usar ningunha outra é un problema. E nós preguntámonos por que e para que se substituíu aquel plan se non se propón nada novo.

E hai un problema de planificación. Hai unha Unidade de Hospitalización Infanto-Xuvenil no sur proposta, que é unha boa idea. Hai douscentos mil menores de 17 anos entre Vigo e Ourense que necesitarían unha atención específica. ¿Cantas veces se prometeu? ¿Cando foi a primeira vez que se prometeu? Gustaríanos saber un pouco cal é a reflexión sobre prometer tanto para non facer.

E hai unha necesidade de reorganizar a Área Sanitaria da Coruña no que corresponde á saúde mental. Existe un grave problema de desorde, de difusión dos servizos, de dificultades para interconectar e para ser capaces de ser eficientes. Esa dispersión impide dar calidade ao servizo.

É importante planificar futuros hospitais de día infanto-xuvenís, que serían necesarios xa nas cidades en Galicia e que existen noutras comunidades autónomas xa, noutras comunidades en que xa se está facendo, que existen, que dan bo resultado. Ningún temos en Galicia.

E apoiamos tamén a idea de desenvolver un Plan de prevención do suicidio; efectivamente, en prevención, en prevención. E sería moi importante —e hai un exemplo en Ourense de bo traballo— desenvolver un plan a nivel galego. O 60 % dos intentos de suicidio pódense detectar en atención primaria; dino todos os estudos científicos. Polo tanto, a posibilidade de incorporar profesionais de saúde mental en atención primaria permitiría identificar eses indicadores, que son preclaros, que son nítidos e que nos permitirían dar unha mellor e máis eficiente asistencia sanitaria. É unha cuestión de planificación e, para iso, fai falta vontade.

Ademais, hai un problema de recursos, si. O outro día o conselleiro dicía que se cumpren as ratios recomendadas; dicíao e é un mantra habitual. A Asociación Española de Neuropsiquiatría e Profesionais de Saúde Mental emitiu unha valoración en abril de 2016 —eu creo que é importante—, dando cifras por cada 100.000 habitantes. O recomendado son 6 psiquiatras. A media actual en toda España —e descartados os de Cataluña, que non están incorporados porque non se ofreceron— é de 3,4. A comunidade que máis ten é o País Vasco, con 5; a taxa máis baixa de España é a de Galicia, con 2,3. No caso dos psicólogos clínicos, recoméndanse 4. A media de España supera os 2, dous e pouco; a taxa máis alta —3,22— é a de Castela-A Mancha; a taxa máis baixa, Galicia, co 1,2; 1,2 psicólogos por cada 100.00 habitantes. Existe unha terceira parte, os enfermeiros, que necesitan un recoñecemento claro da súa especialidade, un recoñecemento claro, e non prometer recoñecementos que nunca chegan. Enfermeiros recomendados, 3 por cada 100.000; a media actual en España é de 1,84 —non chega a 2, aínda está baixa—; a máis alta, o País Vasco outra vez, con 3,35; e se a máis baixa de psiquiatras era Galicia, se a máis baixa en toda España de psicólogos era Galicia, a máis baixa en enfermeiros é Galicia.

Polo tanto, hai datos que non fai falta retorcer excesivamente, son bastante claros, e estas son as ratios, son datos obxectivos. Podemos discutir se cremos que é unha aposta ou non é unha aposta. Os que consideramos que a saúde mental non debe ser nin sequera unha irmán pobre senón que debe ser unha rama con toda lexitimidade como as demais, con toda a vontade de esforzarse por ela como as demais e que, ademais, é certo que nos últimos tempos vén tomando unha importancia relativamente grande por outras cuestións como xa foron sinaladas aquí e que lamentablemente son certas, o que necesitamos é aportar recursos ao sistema.

Polo tanto, sen entrar nas cuestións que se mencionaron aquí sobre o CHUS, que tamén son claramente certas, eu creo que é necesario defender que a planificación é importante, que a dotación de recursos é importante, e eses dous elementos van contribuír a facer unha mellor saúde mental en Galicia, porque temos algúns retos por diante, e eu creo que é necesario reflexionar sobre estes datos.

Por último, si que non quería pasar sen mencionar que o conselleiro o outro día na interpe-lación —tiven que volver escoitala dúas veces porque me pareceu sorprendente— dixo: «Non é de recibo falar de falta de transparencia dos procesos de selección no eido da saúde mental». E eu lembro ao xerente que tiveron que destituír de Pontevedra por ter sentenzas xudiciais en contra por procesos de selección, porque se cadra a saúde mental aquí está pensada para que algunha xente faga os seus reinos de Taifas e non poidamos dar asistencia sanitaria de calidade con profesionais que estean plenamente recoñecidos polo seu labor, polos seus compañeiros e incluso polos seus usuarios. Polo tanto, máis persoal, mais planificación. *(Aplausos.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día a todos e a todas.

A deterioración progresiva na que se atopa a atención á saúde mental en Galiza ten sido obxecto de múltiples chamadas de atención. En numerosas ocasións tense alertado por parte de profesionais, por parte de colectivos e polas organizacións políticas de cal era a situación e de que unha das grandes damnificadas da política de recortes sanitarios do Partido Popular era a saúde mental; unha situación causada, precisamente, por eses recortes e pola forma de xestión sen planificación e sen contar cos profesionais, e, como consecuencia, comprométese a calidade asistencial, a seguridade dos doentes e a seguridade e a profesionalidade das persoas que traballan no ámbito.

A situación, dende logo, exige a adopción inmediata de medidas e precisa actuacións en materia de prevención. Debe reforzarse a finalidade terapéutica da hospitalización; que non sexa a hospitalización un paso onde ter depositadas as persoas con problemas en saúde mental, senón que teñan unha atención realmente acaída. É preciso o respecto aos dereitos fundamentais das persoas e é precisa a dotación de profesionais suficientes e coa cualifica-

ción adecuada. Dende logo, o que non é preciso é a posición de autocompracencia que mostrou máis dunha vez o conselleiro nas últimas dúas comparecencias para falar deste tema, porque a situación da saúde mental, dende logo, non é nin moito menos para autocomprarse nin para dicir que todo está ben.

O Sergas non está a desenvolver medidas de planificación nin medidas de avaliación, nin desenvolvendo recursos, coordinación e información precisos para mellorar a atención ás persoas que precisan atención de saúde mental. En tempos de crise calquera actuación cun mínimo de reflexión e de sentido común debería levar a incrementar os orzamentos destinados á atención da saúde mental porque está máis que comprobado que os riscos e danos á saúde mental aumentan nesas situacións de crise. Mais, lonxe diso, dende logo, o Partido Popular non só non incrementou recursos senón que os diminuíu. E cos recortes perden en prevención, perden en rehabilitación e en reinserción as persoas con trastornos mentais, fundamentalmente as persoas con trastornos de saúde mental graves, porque son as que se ven máis afectadas.

Co cal, pois o BNG vai apoiar esta iniciativa porque é preciso que dunha vez por todas se leve a cabo un plan estratéxico de saúde mental e que se dote de orzamentos, e que dunha vez por todas haxa simplemente medidas para a redución das altas taxas de suicidios rexistradas nos últimos anos, para o cal, evidentemente, é preciso levar a cabo un plan de prevención do suicidio. Anunciou o conselleiro no pleno pasado que estaba a piques de realizarse e que estaba a punto de presentarse, e, dende logo, a pregunta é: ¿con canto atraso?, ¿con canta negación da realidade por parte do Partido Popular e con tantos intentos de desacreditar a todos aqueles colectivos e profesionais e aos grupos políticos da oposición desta Cámara cada vez que alertamos sobre a situación do suicidio? ¿Cantas badaladas despois? Aquí, dende logo, eu quero recoñecer o labor do Movemento Galego da Saúde Mental, que fixeron un esforzo moi evidente por visibilizar realmente cal era a situación en Galiza desta cuestión.

E Galiza está sen planificación en saúde mental; o Partido Popular deixou colgada a saúde mental. Os gravísimos acontecementos ocorridos na Unidade de Saúde Mental do Hospital de Conxo ou no CHUAC non se poden saldar cun «está ben», «fíxose todo correctamente», porque, dende logo, a situación non está nin moito menos ben.

Estes acontecementos, que saíron á luz pública, pero infelizmente son moitos os que non saen á luz pública, son moitos os que quedan no anonimato, dende logo, o que fan é poñer ao Goberno do Partido Popular contra o espello, o espello no que se reflicten as consecuencias das súas políticas sanitarias. Levamos anos denunciando esta deterioración da saúde mental, de orzamentos insuficientes, de falta de planificación, de nefasta xestión. Denunciamos que esta actuación comprometía a saúde e a vida dos doentes e as condicións laborais dos profesionais; denunciámos que se ingresa a xente nova sen protocolos de protección, que non hai protocolos específicos de protección das agresións, que as unidades infanto-xuvenís son sistematicamente obxecto de publicidade, mais non logo de ocupación por parte do Partido Popular; que se creou a especialidade de saúde mental no ano 2009, pero que desde aquel entón non se crearon prazas... Bueno, poderíamos facer un suma e segue. Diante desta situación, co que nos encontramos é con que a contestación do Goberno é unha retahíla de recursos existentes, moitos deles creados hai máis de quince anos, e con que o plan do Par-

tido Popular é non ter plan, porque, se non tes plan, non tes con que contrastar, non tes que avaliar, non tes que dar contas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...do que non existe.

Polo tanto, apoiamos esta iniciativa e, dende logo, o que agardamos no BNG é que, máis alá de vir con medidas propagandísticas, dunha vez por todas se tome en serio que a saúde mental é un drama no noso país.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor presidente.

Señora Solla, non deixa de sorprendeme en cada unha das súas intervencións en temas sanitarios a vehemencia coa que se reafirma na deterioración e na pobre calidade da sanidade galega e do sistema público, dubidando incluso de forma reiterada do traballo dos profesionais.

Fronte a iso, defenden vostedes no órgano de expresión do seu partido, o Partido Comunista, o magnífico sistema sanitario, por exemplo, da ditadura cubana. Semella que o ditador Castro, que o señor Fidel Castro, non opinaba o mesmo cando se tivo que operar e tivo que mandar un cirurxián dende Madrid para que o operara. Pero, bueno, comparar a sanidade cubana coa sanidade galega é aproximadamente o mesmo ou similar a comparar a calidade democrática de Venezuela, por exemplo, coa do Reino Unido. *(Aplausos.)*

Pero bueno, indo ao tema, presentan vostedes unha moción con sete puntos, que xa foi respondida practicamente de xeito íntegro polo conselleiro no pleno de hai dúas semanas. Tamén falan vostedes dos sucesos de Conxo, ou falaron no seu momento, e vólveno repetir agora, incluso o que pasou no CHUAC. Eu, en relación co mesmo, quero dicirlle que sabe vostede que as autoridades sanitarias non poden utilizar nin facer pública a información, que está baixo segredo profesional ou ben baixo protección de datos, pero o xulgado hase de encargar de aclarar as circunstancias destes presuntos feitos aos que vostede se referiu.

Fala na moción de desenvolver de xeito urxente o novo Plan de saúde mental cunha comisión técnica que estableza un proceso participativo cos profesionais e de desenvolver tamén un plan de atención en prevención dos suicidios nos mesmos termos, que xa se está a facer. Xa explicou o señor conselleiro que se levan meses a traballar cun grupo de expertos —expertos que parecen non gustarlle a vostede— na elaboración do Plan de prevención do suicidio de Galicia, consensuando medidas e liñas estratéxicas e con propostas de traballo para a ela-

boración de procesos asistenciais e de accións de coordinación necesarias para a súa implantación. Eu penso que vostedes tenden a falar moitas veces con colectivos moi reducidos ou moi específicos, e ao mellor pode ser que perdan a visión de conxunto do problema do suicidio, como de moitos outros problemas que se debaten neste hemiciclo.

Con respecto ao Plan estratéxico galego de saúde mental 2017-2020, é un compromiso electoral do Partido Popular de Galicia que figuraba no seu programa e que trata de preservar e de mellorar a saúde mental dos galegos e galegas. Discrepamos con vostede no concepto do desenvolvemento urxente do dito plan. Saben ben —explicouno aquí o señor Almuíña— que durante anos se estivo a elaborar un plan nacional e que, ao final, foi tombado no interterritorial polos gobernos nos que vostedes gobernan ou apoian.

Dixo tamén o conselleiro que o Goberno galego non vai esperar máis, que vai continuar co desenvolvemento deste plan, sen présa pero sen pausa, contando coa colaboración dos profesionais da Consellería de Sanidade, xunto cos doutras administracións, ademais de con asociacións de pacientes.

Sobre o punto 4, non imos, señora Solla, por moito que vostedes se esforcen en pedilo, reabrir os manicomios, nin con ese nome nin con ningún outro. A comunidade científica está en contra diso, e as persoas afectadas de enfermidade mental merecen e deben estar integradas na sociedade, e así o seguiremos a apoiar dende o Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Con respecto á Unidade de Hospitalización Infanto-Xuvenil do CHUS, está axeitadamente dotada de persoal e de recursos para as necesidades actuais; nin hai saturación nin problemas de ocupación, segundo información que puideren recibir.

Con respecto á unidade de hospitalización do sur de Galicia, quero dicir que tamén era unha proposta, incluída no programa electoral do noso partido, que se vai implementar, estando en fase de consulta con distintos colectivos e profesionais para valorar a súa ubicación e os recursos precisos para o seu funcionamento.

Polo demais, seguindo as indicacións da Rede europea de recomendacións pola saúde mental, en liña coa Estratexia Sergas 2014, téñense levado a cabo diversas accións para potenciar a atención ao colectivo infanto-xuvenil, incluíndo a creación de unidades de hospitalización, como a de Santiago, que quero recordar aquí que se puxo en marcha no ano 2012, nin no 2006, nin no 2007, nin no 2008, nin no 2009; no ano 2012, gobernando o Partido Popular.

Ademais, Galicia conta con oito dispositivos ambulatorios de atención á saúde mental infanto-xuvenil integrados na rede do Sergas, coa única excepción da EOXI de Ferrol, que xa anunciou o conselleiro no pasado pleno que estará nas mesmas condicións en breve prazo.

Abriuse tamén en Vigo unha unidade ambulatoria de atención psicoxerátrica.

Con respecto aos psicólogos, entendendo as lóxicas reivindicacións do colectivo, vou repetir o que manifestou o señor conselleiro: as cifras están por riba da ratio da Unión Europea.

Tamén no pasado pleno fixo vostede unha afirmación, tomando como base algo que fixo o Colexio de Psicólogos. Decía que na atención primaria 1 de cada 3 consultas tiña que ver con desordes emocionais ou que tiñan unha compoñente psicolóxica. Eu non sei a calidade científica do estudo, pero eu pódolle garantir que con trinta anos de exercicio profesional non comparto para nada eses resultados.

No tema dos enfermeiros e enfermeiras especialistas en saúde mental, coincidimos tamén co conselleiro. Hai que crear esas prazas, pero hai que respectar tamén os dereitos dos profesionais que a día de hoxe están traballando nesas unidades e que están pendentes da acreditación.

En resumo, e para rematar, señorías, como sempre escoitan deste voceiro, todo é mellorable, por suposto, pero dende o Grupo Popular apoiamos o traballo da Consellería na elaboración dos plans citados e na mellora visible da saúde mental na nosa comunidade nos últimos anos.

Apoiamos tamén e agradecemos o traballo de todos os profesionais da saúde mental de Galicia e instamos a que se continúe nese avance para o benestar dos cidadáns.

Por todo iso, non imos apoiar a súa moción.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo autor da moción, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Quero agradecer aos grupos da oposición o apoio da iniciativa.

En canto á emenda, imos aceptala; parécennos interesantes algúns dos puntos que plantexa e que poden mellorar o texto inicial, evidentemente, no referido aos profesionais; no punto 7 referiámonos a todas e todos. Sempre poñemos énfase no tema da psicoloxía porque, precisamente, non existen na atención primaria e nesa atención que deba ser máis accesible, e como, evidentemente, defendemos un modelo que sexa basicamente preventivo, é imprescindible, ao noso entender.

O nome dos manicomios a min comprenderá que tampouco é o que máis me fascina. Imos aceptar a emenda e cambialo polo de hospitais psiquiátricos, pero si que era o que se empregaba, e precisamente ese era o tratamento que tiña incluso na propia planificación antiga a nivel sanitario.

Señor Centeno, a verdade é que a min tamén cada vez me sorprende máis a baixa calidade das súas intervencións, xa que ten que ir vostede a Cuba e a Venezuela para xustificar que vostede non quere apoiar a proposta de En Marea simplemente porque non queren votarnos algo a favor.

E mire, vou perder uns segundos. Si, eu son comunista, e estou moi orgullosa de selo, e si que o sistema sanitario cubano é un sistema magnífico, que, con ausencia de moitos recursos

materiais, fixo unhas cousas increíbles, incluso en investigación sanitaria. Pero é que aquí estamos debatendo sobre o sistema público de Galicia e as carencias materiais severas que teñen algúns servizos grazas aos recortes que efectuou o seu partido, ese que di que é tan democrata e que defende, ademais, o acceso aos servizos públicos. Pero non é verdade, e os datos, evidentemente, e a calidade, os notan e os perciben todas as persoas usuarias.

Vostede di que se está a facer unha planificación xa, e que a nós non nos gusta —terxiversa vostede, como xa é habitual e xa estou acostumada— quen diseña o plan. A realidade é que os profesionais non están podendo participar. Vostede di que participan todos os profesionais. Non sei se participan os que vostedes queren ou é que vostedes non se dan conta de que a maior parte das persoas que traballan actualmente en saúde mental non poden participar. E, ademais, temos unha eiva moi importante, que xa lla dixen no anterior pleno, e que a seguimos tendo, e é que non hai acceso ás memorias porque non hai memorias dos centros públicos, e iso é unha eiva moi importante para facer planificación sanitaria, ademais dun problema de escurantismo da Administración.

Por favor, non minta, porque mente vostede máis que fala nalgunhas intervencións. Dixo vostede que nós queríamos abrir os manicomios. Lea ben a proposta, o que pedimos é que se controle as persoas que se trasladaron e que se vexa cal é a calidade asistencial que están recibindo. Esta deputada —e xa o temos debatido noutras ocasións— non defende o antigo modelo de saúde mental, pero iso non é óbice para que vostedes se fagan cargo da atención da saúde mental das persoas que trasladaron ás residencias de maiores, porque iso é deixalos nunha situación de indefensión ante os seus dereitos humanos.

E non podemos estar de acordo con que teñamos que seguir vivindo de promesas electorais. Xa prometeron vostedes a Unidade Infante-Xuvenil, claro, xa o sabemos, levamos anos escoitando a mesma ladaíña. Xa prometeron, ademais, que ía estar correctamente dotada esa Unidade do CHUS Infante-Xuvenil. Non é certo o que vostede di, non está de todo dotada. O propio conselleiro o admitiu no anterior pleno. Se vostede corrixe o seu propio conselleiro de Sanidade, ¡alá vostede! Non hai recursos suficientes en saúde mental.

Pero vostedes sigan así, mentindo sobre as nosas propostas, difamando e trasladando a propaganda do partido electoral. Falemos de «Cubazuela del norte», non falemos da sanidade pública galega, que é a que vostedes seguen recortando. Obviamente, se non a apoian, é precisamente porque non queren aumentar e incrementar os dereitos e a atención en saúde mental.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Señora Solla, eu pediríalle, se pode, que retire a expresión esa de «mente máis que fala». (A señora Solla Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) Si, si, eu creo que se pode retirar. Hai outra maneira... (A señora Solla Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) Pois chámoo á orde, pero hai outra maneira de dicilo, ¡eh!, e vostede é vicepresidenta segunda da Mesa do Parlamento. ¡Por favor!

Moción do G. P. de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa distribución da renda salarial

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra o señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Bo día.

Non vou dicir nada novidoso, pero a desigualdade é un gravísimo problema que afecta o conxunto das economías máis desenvoltas do mundo, pero que golpea con especial virulencia o Estado español e, polo tanto tamén, a nós.

Os dous indicadores que utiliza Eurostat para medir a desigualdade, o índice 80/20 e o índice de Gini, demostran que España está entre os países da Unión Europea que teñen un maior nivel de desigualdade.

Segundo o indicador 80/20, que mide a diferenza de renda entre o 20 % máis rico e o 20 % máis pobre, España ocupa o quinto posto en desigualdade. Vou permitirme aquí dar o dato dos países cos que compartimos pódium: Servia, Rumanía, Lituania, Bulgaria e España.

O índice de Gini sinala que España é o estado da Unión Europea onde máis medrou a desigualdade dende o ano 2007, moi por riba dos países do noso contorno. A economía española é a quinta da Unión Europea. Estamos entre os dez países por nivel de renda por habitante, pero ocupamos os últimos lugares en desigualdade, e iso é algo que debería darnos vergoña.

Temos un enorme problema, porque xa estamos entre os países máis desiguais, pero sobre todo porque é aquí onde están medrando máis as desigualdades sociais. Sucedeu coa recesión, cando se produciu unha enorme destrución de emprego, e segue sucedendo agora na fase alcista por culpa do aumento da precariedade laboral e dos traballos con baixos salarios.

Dicíao na anterior intervención, a saída da recesión estase facendo sobre a desigualdade e a precariedade laboral, sen a menor autocrítica, sen ningunha vontade de rectificar as políticas de recortes, de austeridade compulsiva, de devaluación salarial e, sobre todo, de reformas laborais que cernaron dereitos.

Un informe recente do BBVA non dubida en confirmar que España é un dos países nos que máis medrou a desigualdade e a pobreza durante a crise, e di que a razón é que os efectos da crise se repartiron de forma asimétrica, recaendo o maior custo sobre os estados medios e baixos da renda. E ademais o BBVA explica por que. O 75 % das rendas dos fogares son rendas do traballo, e, polo tanto, o nivel de emprego e o nivel salarial son as variables que determinan os procesos de desigualdade e pobreza. En concreto, o BBVA di que o 80 % do aumento da desigualdade se debe ao incremento do desemprego, á dispersión salarial provocada polo emprego temporal, ao traballo a tempo parcial e aos falsos autónomos.

Esta é unha idea fundamental para entender o que está pasando. A primeira desigualdade nace dunha distribución inxusta da renda entre salarios e beneficios, o que se coñece como «reparto primario da renda», que sufriu unha redistribución moi negativa contra a poboación asalariada. Iso pódese cuantificar. Antes da recesión as rendas salariais eran o 47 % dos salarios, a masa salarial, está 2.700 millóns de euros por baixo do que había ese ano.

Cae a retribución dos asalariados porque hai menos emprego —vou volver dicilo—, hai 100.000 asalariados menos agora que antes da recesión, pero tamén porque baixan os salarios como consecuencia da devaluación salarial que afectou de forma especial os que xa tiñan un menor nivel de ingresos.

A saída da recesión está agravando a desigualdade, porque as persoas que xa pagaron o prezo máis alto na crise seguen pagándoo agora tamén na fase alcista do ciclo. A desigualdade salarial disparouse coa crise, tal como se reflicte nos datos do Instituto Galego de Estatística cando analiza os decís da EPA. Na crise perdemos todos os asalariados, pero uns máis que outros. A perda do poder adquisitivo do 10 % que menos cobra multiplica por catro veces a dos que menos perderon. Esta peor evolución fai que aumente a desigualdade salarial. Se antes da recesión os ingresos dos que máis gañaban multiplicaban por sete veces os dos que menos gañaban, agora ese coeficiente é de once veces.

Ao mellor non os coñecen, pero voules contar eu quen son esas persoas. As 70.000 persoas que están no decil 1 teñen un salario medio de 429 euros brutos ao mes. E esa cifra convérteos directamente en traballadores e traballadoras pobres. Pero o que é peor é que no ano 2008 o salario medio dese decil era de 509 euros ao mes, o que significa que en sete anos sufriron un descalabro dos seus ingresos do 16 % nominal, que, cando se ten en conta a evolución dos prezos, é do 29 %.

Vou dicilo outra vez, que creo que hai un deputado que non me escoitou: hai 70.000 persoas en Galicia —datos do IGE, decil 1 da EPA— que teñen de salario mensual 429 euros brutos, en doce pagas. Este dato tennos que producir unha enorme preocupación a todos, pero especialmente aos que teñen a responsabilidade de gobernar o país, porque a desigualdade medra por culpa dunha profunda deterioración das rendas dos que menos cobran.

Para que se entenda ben, a diferenza non crece porque os de arriba cobren máis, que tamén, senón porque os de abaixo cada vez cobran menos.

A análise da composición do decil 1 fai unha radiografía precisa das razóns que están detrás da pobreza e da desigualdade salarial. Esas 70.000 persoas son as que traballan a tempo parcial, en sectores dos servizos de baixo valor engadido, fundamentalmente mulleres, na súa maioría persoas novas, que están empregadas en empresas do sector privado de pequeno tamaño e que teñen un contrato temporal, moita rotación e, polo tanto, carreiras profesionais curtas. A consecuencia da precariedade e da desigualdade é un incremento tan insupportable como inaceptable dos denominados traballadores pobres.

Xa dixen a outra vez que, como eu teño pouca credibilidade como economista sindical, suelo traer autores que á dereita lle gusten. Hai uns días o novo presidente da Confederación de

Empresarios de Galicia manifestou —e vou ler textualmente—: «O tipo de emprego que deriva da reforma laboral é un modelo fracasado. Temos unha precariedade elevadísima e non somos capaces de xerar emprego de calidade.» É a opinión da Confederación de Empresarios de Galicia, non só a opinión dos sindicatos ou de En Marea.

Estamos, polo tanto, diante dun modelo inxusto, no que o crecemento non é recuperación, porque a mellora das variables macroeconómicas non se traslada a unha mellora substancial das condicións de vida e de traballo da maioría social, especialmente dos que están na parte baixa da pirámide social.

O Goberno non pode mirar para outro lado e finxir que non pasa nada. Na sociedade galega estase conformando un amplo segmento de traballadores e traballadoras pobres. Moitas delas son persoas novas cunha elevada formación e que sobrepasan os 30 anos sen ter coñecido nunca o que é un contrato de traballo indefinido. Son as persoas maiores de 45 anos que perderon o seu traballo na recesión e que agora sofren para volver traballar aínda que sexa de forma temporal. Son os que traballan uns meses ao ano na hostalería nas temporadas turísticas ou no comercio nas campañas de vendas especiais. Son os que traballaban na construción e que agora rotan entre o desemprego e o traballo de peonaxe de curta duración. Son os 90.000 parados de moi longa duración que levan máis de dous anos sen traballar e sen prestacións.

Estase creando —e iso nunca ocorrera nin no estado español nin en Galicia— un segmento de poboación pobre. Estamos vendo como crece, como cada vez hai máis persoas aí, e moitos son —sabedes— xente que coñecemos: rapaces que teñen que emigrar, persoas que non atopan traballo, maiores de 45 anos que practicamente están desahuciados do mercado de traballo. Non podemos mirar para outro lado.

E nese sentido nós facemos unha proposta, unha moción, na que fixemos un esforzo por rebaixar o ton, por non plantexar demandas inaceptables para o partido do Goberno, porque pensamos que temos que comprometernos con este obxectivo. Nese sentido sintetízoo en 30 segundos. Propoñemos que se recoñeza a desigualdade e a pobreza laboral como un grave problema, e que ten que estar incluído o seu combate no Plan estratéxico da Xunta de Galicia. Plantexamos que hai que buscar o acordo cos axentes sociais —cos empresarios e cos sindicatos— no ámbito do Consello Económico e Social e no Consello Galego de Relacións Laborais para cuantificar a desigualdade, por unha banda, establecer estratexias, por outra, e acordar unha estratexia de crecemento dos salarios reais sostido no tempo que permita recuperar o poder adquisitivo. E hai que colaborar con outras administracións, nomeadamente coa Inspección de Traballo, para combater a fraude na contratación.

En definitiva, temos un enorme problema, non podemos mirar para outro lado. Fai falla o máis amplo consenso social e político para combater o que se está convertendo nunha lacra, como é a desigualdade e a pobreza laboral.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Decía o conselleiro de Economía e Facenda na súa comparecencia que vai ser hora de recoñecer a realidade e de que en Galiza se está creando emprego e mellor emprego. A verdade é que escoitar este tipo de cuestións na tribuna do Parlamento de Galiza non pode máis que escandalizar. Porque a realidade do mercado laboral en Galiza é, efectivamente, de desigualdade. E eu concordo co autor da iniciativa en que esta iniciativa é case unha cuestión de mínimos, unha cuestión de poñela en marcha non para solucionar a situación senón para empezar a darlle a volta.

Hai unha situación de desigualdade entre os que menos ganan e os que máis ganan, unha situación de desigualdade entre Galiza e a media do estado, unha situación de desigualdade entre homes e mulleres. E hai unha situación dunha realidade de ricos máis ricos e pobres máis pobres. Eses datos de incremento do PIB, os datos macroeconómicos, dende logo, non significan repartición equitativa da riqueza senón que a riqueza está concentrada en menos mans, e que a saída da crise —esa crise que non causaron os traballadores e traballadoras, unha crise da que non foi responsable a clase traballadora— se está saldando con máis desigualdades, unha saída cunha realidade de traballadoras e traballadores pobres. A fotografía, lonxe de estar creando emprego e mellor emprego, é unha fotografía dunha auténtica desfeita, dun empobrecemento e precariedade avanzando, galopando, inexorablemente entre os traballadores e traballadoras despois de nove anos de crise; unha radiografía de emprego precario, de recorte salarial e de medre das desigualdades. Despois de nove anos de crise semella que pasara un auténtico tornado polos dereitos dos traballadores e traballadoras e polas conquistas acadadas ao longo de moitos anos de sangue, suor e bágoas.

E sobre datos de desigualdades, xa o propoñente fixo aquí unha exposición moi ampla de que practicamente en calquera ítem que usemos esa é a realidade. Pero hai un especialmente duro —desde o meu punto de vista—, e é que os ingresos brutos das persoas que xa tiñan o salario por debaixo do salario mínimo interprofesional pois foron os que máis se reduciron —un 4 %—. E, pola contra, os que aumentaron máis o seu salario foron os que xa tiñan os salarios máis altos. Co cal, esa desigualdade, esa fenda salarial, creo que seguir intentando negala, minimizala, non é de recibo.

E se no ano 2009 o 14,5 % das persoas asalariadas en Galiza estaban no grupo de menos da metade do salario mínimo interprofesional —ja metade do salario mínimo interprofesional!; é dicir, estamos falando de 300 euros ao mes—, no ano 2015 esta porcentaxe ascendeu practicamente ao 20 %. Co cal estamos a falar dunha situación onde, como mínimo, 40.000 —practicamente 50.000— persoas en Galiza asalariadas cobran menos de 300 euros ao mes. Dende logo, parécenos no BNG que isto debería ser obxecto de análise por parte do Partido Popular e non vir aquí a comparecencias autocompracentes como a que tivemos a oportunidade de observar hoxe pola mañá.

E é que a situación de pobreza laboral é un termo que, por máis que sexa repetido, non deixa de ser dramático. A pobreza laboral é aquela que viven as persoas que traballando están por debaixo do umbral mínimo que lles permite unha vida independente; pobreza laboral que non é un fenómeno conxuntural senón que se está a converter en estrutural porque ese era

o obxectivo das reformas laborais. Era o obxectivo ter ese exército de reserva, ese exército somerxido na pobreza laboral, ter man de obra barata, atomizada e desorganizada.

E por iso no BNG apoiamos esta iniciativa, que —insisto, e concordo co propoñente— é de mínimos. Porque o aumento da desigualdade e da pobreza non pode ser unha cuestión que se constate para poñela nos papeis e logo non se actúe para solucionala. E, dende logo, en Galiza é preciso algo máis que autocompracencias e poñerse mans á obra...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...para solucionar esta situación terrible e dramática do mercado laboral na que están inmersos miles de homes e mulleres con nomes e apelidos, que, desde logo...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...merecen algo máis que formar parte das estatísticas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señores e señoras deputadas.

Señor Lago Peñas, xa é triste ter que facer unha iniciativa onde se di que se inste o Goberno da Xunta a recoñecer a desigualdade salarial e a pobreza laboral. Xa é triste ter que vir dicirle no Parlamento de Galicia a un goberno que recoñeza o que está pasando máis aló deste Parlamento: a realidade de milleiros de persoas que o están pasando mal. (*Aplausos.*) Todo iso despois da comparecencia do conselleiro, que viña hoxe falarnos eufórico das cifras macroeconómicas.

Vostede xa deu polo miúdo moitos datos a respecto da desigualdade. Eu vou apuntar soamente que a porcentaxe das persoas que ganan menos de 979 euros ao mes se incrementou durante o ano pasado —xa non estou poñendo de marxe o principio da crise— un 13,8 %. Os que cobran máis de 3.400 euros incrementáronse durante o ano pasado en máis dun 13,5 %, é dicir, a mesma porcentaxe. O que fai é consolidar precisamente un modelo de desigualdade que está sufrindo a sociedade aí fóra, esa realidade que mesmo —como apuntaba vostede— é quen de recoñecer a propia Confederación de Empresarios e que este goberno non é capaz de verbalizar e que, polo tanto, intenta invisibilizar.

Hai, polo tanto, unha diferenza clara e notable entre o produto interior bruto e o incremento dos salarios. Non é directamente proporcional, nin moito menos. Hai unha desigualdade que fai que uns crezan á velocidade de vértigo e que outros o fagan á velocidade de tartaruga, ou que non o fagan, directamente.

E hai algo que nós a verdade que nos levamos tempo preguntando, e que aínda o Partido Popular non foi quen de explicarnos. E facemos un chamamento aos deputados e deputadas do Partido Popular. Se algún de vostedes nos pode ilustrar a respecto deste tema, no Grupo Socialista estaremoslles eternamente agradecidos. E é que en España as afiliacións á Seguridade Social se incrementan un 54 % a respecto do descenso do paro, e en Galicia descenden as afiliacións á Seguridade Social un 15 % a respecto do descenso do paro. Entón, claro, nós non entendemos a que se debe esta diferenza, que non é pequena precisamente. A nós o único que se nos ocorre é que ese sexa o resultado da fórmula que suma desánimo, demografía e emigración. É o único que se nos ocorre. Pero —repito— insto, con todo o respecto, a todos os deputados e deputadas do Partido Popular a que, se coñecen por que se dá este caso e por que está ocorrendo isto, por favor, nos ilustren. Porque xa non se nos ocorre outra maneira de enfocar este tema.

A respecto dos mecanismos que se contemplan nesta iniciativa para mellorar ou para reducir a desigualdade, nós estamos de acordo en todos os que se propoñen, tanto en facer un informe a través do Consello Económico e Social como, por suposto, en impulsar un acordo cos axentes sociais, e, por suposto, sempre incrementar a actividade da Inspección de Traballo. E dende o Grupo Socialista facemos, cada vez que nos referimos a esta entidade, un recoñecemento aos inspectores e ás inspectoras de traballo, que fan un magnífico labor. Pero en moitos casos o problema que teñen é unha falla de recursos tanto humanos coma materiais, e por iso precisamente non poden desenvolver correctamente a súa función.

Por suposto, a Administración debe dar exemplo e non poden volver ocorrer casos como os que moitas veces comenta aquí a señora Prado Cores, como o de Nélida Pisco. É un caso dunha contratación que se fixo a través da Administración pública cunha empresa que está incumprindo non soamente o convenio senón os puntos máis básicos do propio Estatuto dos traballadores, e que, aínda así, segue traballando para a Administración pública.

A respecto do abuso dos contratos de formación, a seguinte moción que presenta o Grupo Socialista irá sobre este tema. Pero é importante facer un control a respecto deste tema para acabar con iso que se chama xa «becarización do mercado de traballo». Porque xa lle tivemos que poñer nome despois desta crise —ao igual que aos traballadores e traballadoras pobres— a moitos conceptos que naceron a raíz dela. Hai en Galicia, dende que goberna o señor Feijóo, case 125.000 asalariados menos entre as persoas de entre os 16 e os 34 anos de idade. É, señorías, o que se chama xa despedir os pais e nais, que tiñan dereitos e que traballaban en boas condicións, para contratar en precario os seus fillos e fillas. É algo que, dende logo, debemos combater e outra das lacras tamén da desigualdade. Neste caso unha desigualdade interxeracional que tamén está existindo.

Señor Lago Peñas, coincidimos con vostede en que é necesario un consenso amplo, tanto social coma político, para loitar contra a desigualdade. Oxalá hoxe logre chegar a un consenso con esta iniciativa. E, dende logo, conte con que o Grupo Socialista o apoiemos.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado.

O señor TELLADO FIGUEIRA: Grazas, señor presidente.

A verdade é que sorprende ver o desapego co que se fala desde o Partido Socialista sobre o desemprego. Falan do desemprego coma se eles non tiveran nada que ver co desemprego. E, ¡home!, eu teño que dicirlles que foi, precisamente, o seu goberno, un goberno socialista, o goberno do PSOE, o que deixou 2,7 millóns de desempregados máis en España. E se algo crea desigualdade é o desemprego, o desemprego que crearon vostedes. Polo tanto, a min sorpréndeme que se critique desde os que crearon tanto desemprego aos que estamos creando emprego e aos que hoxe queremos emprego de máis calidade. *(Aplausos.)*

Señora Blanco, eu creo que isto require máis rigor do que vostede está disposta a poñer enriba da mesa, moitísimo máis rigor. Polo tanto, eu non acepto as críticas dos que crearon tanto desemprego e crearon tanta desigualdade fronte aos que estamos creando emprego, queremos loitar contra a desigualdade e queremos que haxa un emprego cada vez de máis calidade.

E, polo tanto, señor Lago Peñas, xa lle adianto que, se vostede así o acepta, pedirémoslle unha votación por puntos, porque coincidimos en moitos dos puntos da súa iniciativa, practicamente na metade. Na outra metade poderíamos entrar en disquisicións e chegar a acordos en máis asuntos, e creo que, desde logo, iso queda á boa vontade dos grupos que queiramos falar sobre isto.

Pero eu creo que hai que falalo todo, señores do Partido Socialista. Saben vostedes que a contratación indefinida medrou no último ano en torno a un 10 %, ¡en torno a un 10 %!, a contratación indefinida aquí en Galicia. Si, si, e tamén os contratos a tempo completo medraron un 8,7 %. E sabe vostede que 2 de cada 3 asalariados en Galicia son indefinidos, cun contrato de traballo a xornada completa. Esa é a realidade da que vostedes non queren falar.

Sabe vostede que a fenda salarial de xénero é hoxe a segunda máis baixa na última década, ¡na última década!, en Galicia. Diso vostede non fala porque lle estropea o discurso. Mire, as desigualdades salariais, aínda que as hai e nos preocupan, aquí en Galicia son menores que no conxunto do Estado. Son moito menores que en Andalucía, o seu modelo. Iso a vostede tráelle sen coidado. Bueno, pois a nós non. Nós queremos poñer enriba da mesa datos e queremos poñer enriba da mesa cifras.

Dícialle, señor Lago, que nós imos apoiar, se vostede así o acepta, distintos puntos da súa iniciativa cos que estamos de acordo. E estamos de acordo porque a Xunta de Galicia ten un compromiso para reducir a pobreza laboral, a pobreza, a desigualdade salarial. E nós cremos, desde logo, que iso debería ser un compromiso de todas as administracións; da Xunta de Galicia, por suposto, e do Goberno do Estado, por suposto. E por iso existe un Plan estratéxico 2015-2020 que camiña nesa dirección. Pero, xa digo, as cousas tampouco son tan negras como apuntan desde o Partido Socialista de forma demagóxica e lavando as mans coma Pilatos.

As cousas non son así. Sería inxusto negar que queda moito por facer, pero tamén é inxusto negar que hai moito feito, hai moito traballo feito, e ese traballo está a dar resultados. E aí

están as cifras. Esquecéronse vostedes na súa intervención de falar da negociación colectiva, que ten moito que ver coa cuestión salarial, esquecéronse. Esquecéronse vostedes tamén da subida do salario mínimo interprofesional, aprobado polo Goberno de España, dun 8 %, unha subida histórica. Non o fixo o seu goberno, non o fixo o goberno do Partido Socialista, fíxoo este goberno do Partido Popular cando a recuperación económica se consolidou. Esa é a realidade, esquecéronse vostedes de falar da mesa de diálogo polo emprego de calidade que puxo en marcha o Goberno central de acordo cos axentes sociais. En calquera caso, xa digo, hai moito feito, pero é evidente que queda moitísimo por facer.

Por outra banda, na iniciativa do Grupo de En Marea plantéxase un punto —o punto 5— que fala de cláusulas sociais nos pregos de contratación. Eu neste sentido, señor Lago, teño que dicirlle que cremos que na Lei de racionalización —artigo 25.3— se establece que se cualifica como baixa temeraria calquera oferta que pague por debaixo do convenio colectivo. Isto levámolo na Lei de racionalización, e eu teño que dicirlle que o grupo predecesor de En Marea, AGE, aquí votou en contra.

Tamén na Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, se inclúe un artigo que di o seguinte: «Considerarase incumprimento grave que xustificará a resolución do contrato a vulneración probada dos dereitos laborais dos traballadores e traballadoras e, en especial, dos permisos de paternidade e maternidade, ben directamente ben mediante coaccións. Nestes casos, sempre que existan indicios de delito contra os dereitos dos traballadores, o órgano de contratación poñerá en coñecemento do Ministerio Fiscal». A esta lei, eu teño que dicir que lamentablemente o Grupo de AGE votou en contra. E, polo tanto, enténdame que no punto número 5, se lle buscamos unha redacción distinta que recoñeza os esforzos que neste sentido nas cláusulas sociais ten feito o Goberno da Xunta de Galicia nos últimos anos, nós estaríamos dispostos a chegar a un acordo para que puideramos aprobar máis puntos desta iniciativa que vostede presenta.

No punto 1 vostede pídenos que se recoñeza, que a Xunta de Galicia recoñeza, a desigualdade salarial e a pobreza laboral. Non é preciso, é que xa a recoñeceu aquí en sede parlamentaria o conselleiro de Economía e Industria na interpelación que vostede lle facía no último pleno. E, polo tanto, eu creo que aquí do que se fala é de crear emprego, e de que, unha vez que estamos creando emprego, ese emprego sexa cada vez de máis calidade. Hai unha oferta de diálogo posta enriba da mesa por parte do Goberno da Xunta de Galicia, que é traballar xuntos na confección desa lei de emprego que debe contar con todos os consensos. Eu creo que é difícil entender que o Partido Socialista poida participar nesa lei á vista da actitude do seu grupo parlamentario cando fala de emprego.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Pero eu creo, señor Lago, que vostede —porque ademais ten experiencia neste mundo e neste sector—, se ten carácter construtivo, desde logo poderá facer importantes achegas a esta lei de emprego. E nós, desde logo, reiteramos a nosa vontade para chegar a acordos hoxe nesta iniciativa, na que creo que podemos salvar moitos dos puntos da mesma, e, desde logo, nesa lei de emprego, tal e como lle ofreceu o conselleiro de Economía e Industria no último pleno.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Moi bo día.

Primeiro, empezo agradecendo ao BNG e ao Partido Socialista o apoio á moción. En fin, creo que é de lei. Estamos diante dun enorme problema que ten que ser abordado polo conxunto da sociedade, de arriba a abaixo. Hai cuestións que dependen da negociación colectiva, das decisións do Goberno sobre as normas laborais, da fixación do salario mínimo. Pero hai que partir dunha idea, e é que a simple reactivación da economía non vai ser suficiente para combater a desigualdade, que é unha lacra que se está instalando, que temos que actuar contra ela antes de que se faga inaceptablemente alta e que constrúa un modelo social máis próximo ou máis habitual noutro tipo de sociedades que na galega.

Nese sentido, o que presentou o meu grupo é unha proposta para buscar un consenso. Témo-lo co Partido Socialista e o BNG, e témolo parcial co Partido Popular. Eu agradézoo. Imos aceptar a votación por puntos. E buscaremos incluso sobre este punto quinto, das cláusulas sociais, unha redacción sobre a proposta que nos fixo chegar o portavoz do Partido Popular, porque eu creo que podemos avanzar nese sentido. A Administración ten que ser garante de que non se utiliza a pobreza e a devaluación salarial para gañar concursos coa Administración. Hai uns días, neste pleno, eu contaba ese exemplo de empresas de vixilancia e seguridade —e nese sentido vai ir a negociación— que firman convenios colectivos propios de empresa, que son legais pero que están por debaixo do convenio do sector. E iso xera un problema. E como hai moitos contratos coas administracións públicas que teñen que ver con limpeza, con vixilancia e con este tipo de actividades, creo que iso se podería buscar.

Sobre o primeiro punto, tamén está esa idea, esa proposta de modificación, do Partido Popular. Eu plantexareille que, en vez de que cambiemos o verbo «recoñecer», porque o partido di que a Xunta xa o recoñece, busquemos unha expresión do tipo de «reafirmar o compromiso de loita contra a desigualdade», ou algo así.

En definitiva, é unha proposta de mínimos, porque temos un problema enorme que xustifica plenamente que exista un consenso sobre este tema.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación económica e social da mocidade e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia laboral

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta moción.

Emenda de substitución no apartado A.1.

Débase substituír o texto do apartado A.1. polo seguinte:

«A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. 1 Crear un Observatorio de Emprego Xuvenil que permita coñecer a situación real do emprego xuvenil e o alcance, cuantitativo e cualitativo, da becarización do mercado laboral en Galicia.

1.2 O obxectivo do mesmo serán a análise do datos oficiais sobre diferentes aspectos (número de bolseiros/as, situación administrativa, condicións económicas, calidade formativa, porcentaxes do persoal nas diferentes empresas, adecuación das prácticas á formación..), así como as posibles medidas a impulsar para corrixir as deficiencias detectadas no acceso ao mercado de traballo da mocidade.

1.3. Dito observatorio emitirá un informe anual sobre a empregabilidade atendendo ao xénero e formación e á calidade do emprego da mocidade, incidindo nas condicións que lle están a ser máis discriminatorias como son a xornada, o salario, relación entre as funcións a realizar e a formación requirida.»

Emenda de substitución no apartado A.2.

Débase substituír o texto do apartado A.2. polo seguinte:

«2. Elaborar e poñer en marcha un plan de emprego xuvenil en consonancia cos sectores produtivos estratéxicos galegos e novas iniciativas empresariais innovadoras que favorezan a re-industrialización de Galiza e xeren emprego de calidade coa finalidade de mellorar a estabilidade e de reducir a parcialidade nos contratos realizados a persoas mozas.

O Plan de emprego xuvenil contará cun Programa de Formación Profesional para a mocidade desempregada con escasa formación co obxectivo de incrementar as competencias – clave necesarias e que estará vinculado ás políticas de re-industrialización e novas tecnoloxías para o mellor desenvolvemento do tecido produtivo galego.

O punto de partida fundamentarase na elaboración dunha diagnose previa da situación laboral da mocidade en Galicia, tendo en conta parámetros de afiliación; de paro rexistrado; de calidade no emprego; retribucións; ocupacións; sinistralidade laboral, conciliación laboral, persoal e familiar, protección da maternidade e valor do traballo no fogar.»

Emenda de substitución no apartado A.3.

Débase substituír o texto do punto 3.2. polo seguinte:

«3.2 Fixar uns obxectivos cuantitativos e cualitativos nas accións formativas, educativas e de emprego a realizar polo programa, que deberá levar a cabo unha vez se obteña un estudo máis pormenorizado da poboación diana á que se dirixe o programa.»

Emenda de substitución no apartado A.3

Débese substituír o texto do punto 3.3. polo seguinte:

«3.3 O Observatorio de Emprego Xuvenil realizará un correcto seguimento do plan coa finalidade de incluír posibles melloras.»

Emenda de substitución no apartado A.3.

Débese substituír o texto do punto 3.4. polo seguinte:

«3.4 Establecer criterios de calidade para os empregos ofertados no plan, así como formalizar a intención de ofrecer postos de calidade, incluíndo nas normas vixentes relacionadas coa garantía xuvenil. Os devanditos criterios de calidade terán que ser acordados no seo do Observatorio de Emprego Xuvenil.»

Emenda de substitución no apartado A.4.

Débese substituír o texto do apartado A.4. polo seguinte:

«4. Fomentar a formación profesional ampliando tanto a oferta formativa como os horarios, a través de plan dirixidos ás persoas desempregadas e con contratos a tempo parcial, desenvolvendo as súas competencias sobre deseño dos contidos dos títulos de formación profesional, autorización, xestión e homologación dos centros formativos, programación e execución de actuacións concretas, información e orientación profesional, avaliación da calidade e cantas outras poida asumir no marco da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional co obxectivo de incrementar as competencias necesarias para o mellor desenvolvemento do tecido produtivo galego.»

Emenda de substitución apartado A.5.

Débese substituír o texto do apartado A.5. polo seguinte:

«5. Limitar calquera incentivo económico ás empresas en relación ao mantemento do emprego, á transformación de contratación temporal en indefinida, e a transformación de contratos a tempo parcial en contratos a xornada completa e a situacións de EREs.»

Emenda de adición ao apartado A.

Débese engadir no apartado A tres aliñas, 6, 7 e 8, co seguinte texto:

«6. Prestar apoio técnico para a implantación de plans de igualdade e á contratación de persoas con discapacidade.

7. *Deseñar políticas activas de emprego dirixidas ás persoas mozas do medio rural e do sector marítimo-pesqueiro, implantando programas e medidas destinadas á súa efectiva inserción laboral no seu entorno.*

8. *Presentar ante a Cámara un Plan Industrial de Galiza, baseado no aproveitamento dos sectores produtivos tradicionais, a I+D+i e a cohesión territorial.»*

Emenda de substitución ao apartado B.3

Débase substituír o texto da aliña 3. polo seguinte:

«3. Eliminar os modelos de contratos discriminatorios para a mocidade que supoñan unha inxustificada discriminación e afonden na precarización da mocidade traballadora.»

Emenda de substitución ao apartado B.4

Débase substituír o texto da aliña 4. polo seguinte:

«4. Intensificar as campañas de Inspección de Traballo para a vixilancia da adecuación da causalidade á modalidade contractual, do cumprimento da xornada, da protección da maternidade, das medidas para favorecer a conciliación laboral, persoal e familiar e da discriminación salarial por razón de xénero ou idade.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Presentamos agora unha moción que é resultado da interpelación do anterior pleno. E, por recordar, estamos no Parlamento de Galicia. Por se algún deputado ou deputada do Partido Popular pensa que isto é Sevilla ou que estamos no parlamento andaluz, pois recordo que estamos en Santiago, na rúa do Hórreo, e que esta é a casa de todos os galegos e galegas e non dos andaluces e as andaluzas.

E, por certo, claro, tanto dedicar esforzos a mirar ao sur, tanto dedicar esforzos a mirar a Andalucía..., je miren que no sur tiñan un nicho de corrupción gravísimo en Murcia! Tanto fixarse en Andalucía e perdérono de vista, perdérono de vista ou consentírono, ata que hoxe por fin dimitiu o presidente de Murcia —que, por certo, xa eran horas—. (*Aplausos.*) Esta era a outra nova que tiñamos hoxe. Xa eran horas. Si, si, pero iso pasou en Murcia. Estaban gobernando vostedes, non estabamos gobernando os socialistas.

Ben, a mocidade ten en Galicia tres opcións: a precariedade laboral, o desemprego ou a emigración. Son as tres opcións sociolaborais que se lles están ofrecendo neste país aos máis novos e novas. Por poñer algúns exemplos das ofertas de emprego que se atopan, pois hai empresas de recursos humanos que buscan un becario para seleccionar persoal, sen remuneración, e oito horas ao día; outra na que buscan unha persoa que traballe como *community manager*, sen remuneración, durante 6 horas ao día, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) na que se encargue dalgúns asuntos de turismo, sen remuneración —din que en quedas que serán de 24 horas e que serán establecidas de acordo coa empresa—.

Ben, hai unha tremenda fenda salarial entre os mozos e os maiores, e haina tamén entre os homes e as mulleres, aínda que o señor Tellado a intente minimizar. E, se descendeu esa fenda salarial entre homes e mulleres en Galicia, é precisamente porque é o que nós chamamos un «igualar á baixa»; é dicir, os salarios dos homes baixaron, polo tanto, a desigualdade salarial é menor tamén.

Ben, centrándome no tema, os bolseiros e bolseiras, que é o primeiro punto do que versa esta iniciativa, non teñen contrato, non manteñen ningún tipo de relación laboral coa empresa, quedan fóra do convenio colectivo, fóra do Estatuto dos traballadores. E deixan o seu salario e as súas condicións de traballo á total discreción da empresa. Non cobran subsidio por desemprego, a maioría non cotiza á Seguridade Social, e non repercuten a vida laboral na súa pensión do futuro.

A práctica da «becarización» —que xa se coñece así nestes tempos— ten efectos moi nocivos para toda a estrutura social. Prolonga a dependencia económica destes mozos e mozas, precisamente nunha comunidade autónoma como a galega, onde a taxa de emancipación é a segunda máis baixa de toda España —tan só por detrás de Canarias—; favorece a fuga de cerebros, esa marcha de talento máis aló das nosas fronteiras, algo importantísimo porque está presionando á baixa sobre os salarios dos traballadores e traballadoras con contrato, e iso na comunidade autónoma que ten o terceiro salario máis baixo de toda España; aumenta o déficit á Seguridade Social, e acaba, en fin, señorías, coas expectativas da mocidade.

No interior das empresas, os traballadores e traballadoras quedan fragmentados entre os regulares e os bolseiros. E estes últimos non teñen posibilidade de representación nos comités de empresa nin ningún tipo de amparo por parte das organizacións sindicais tampouco.

Todo isto trouxo consigo a creación dun fenómeno que se denomina «becarización do mercado laboral». E non lles podo dar datos posto que non os hai. Nin o SEPE nin a EPA dan datos pormenorizados do que está ocorrendo con esta modalidade —e permítanme, aínda que non sexa así, que lle chame de contratación—. Pero si temos os datos que nos dá Europa, que din que o 61 % dos bolseiros e bolseiras do noso país non reciben ningún tipo de remuneración, que o 72 % teñen a mesma carga de traballo que calquera outro compañeiro ou compañeira que estea contratado de maneira regular. Estamos, polo tanto, a vivir unha fraude de lei na que os bolseiros acaban sendo traballadores.

O mecanismo é sinxelo: unha empresa despide —como comentaba antes— os nosos pais e nais —que teñen uns contratos en mellores condicións, que teñen dereito á folga, permiso de maternidade, de paternidade, a unha baixa médica...— e deciden substituír estas persoas, estas traballadoras e traballadores, por novos precarios, que non teñen ningún destes dereitos e que permanecen indefensos ante o que a empresa na que se atopan dispoña.

E ¿que propoñemos nós? Humildemente lles digo, señorías, que non temos a solución inmediata nesta iniciativa a un problema tan complexo como este, pero si que sabemos que podemos facer algo dende esta Cámara. E o primeiro que deberíamos é visibilizar o problema que hai, visibilizar estes milleiros de mozos e de mozas que están aí fóra e que están nunhas condicións precarias, e que é importante que se saiba que están nesta situación. E para iso

nós propoñemos crear un observatorio que permita coñecer o alcance da becarización do mercado laboral, un observatorio que estea composto por membros do Goberno, de universidades, de sindicatos, asociacións empresariais e, por suposto, as asociacións xuvenís con máis representación na nosa comunidade autónoma. O obxectivo é a análise de datos oficiais, a toma de medidas e, por suposto, facer un informe anual que se traia aquí ao Parlamento para ver como evoluciona a precarización deste mercado.

O obxectivo é claro. Para nós, para os socialistas, unha persoa titulada debe ser contratada, unha persoa realizando prácticas debe ser formada. E esa é a premisa de onde debemos partir neste tema. Os que teñen unha bolsa son —e permítanme que o diga con todo respecto cara a eles e elas— uns pobres agraciados, por así dicilo. Pero é que nun país, no que está gobernando o señor Feijóo agora, onde se perderon 124.635 —e son datos actualizados con base nos datos do paro que coñeciamos hoxe pola mañá— afiliados menores de 34 anos, significa que perdemos 54 afiliados ao día entre os menores de 34 anos. E non é só consecuencia da demografía, é, como lles dicía antes, tamén consecuencia do desánimo e da emigración das mozas e mozos galegos.

Necesitamos, polo tanto, poñer en marcha un plan de emprego xuvenil que sexa ambicioso, que estea consensuado con entidades empresariais, tamén cos sindicatos, con organizacións xuvenís e, por suposto, coas universidades; que teña como colectivos prioritarios aqueles mozos e mozas que se atopan en exclusión social, as mulleres novas, as persoas que abandonaron prematuramente os estudos pola febre do ladrillo, aquela que colleu a moitos mozos e mozas que hoxe están de volta, e dicímolo sempre, de Fuerteventura, de Lanzarote e de moitos outros sitios e que non son capaces de reintegrarse de novo no mercado laboral; por suposto, as persoas que teñen diversidade funcional, como un dos colectivos prioritarios, as emprendedoras e, ¡como non!, señorías, os que residen no exterior, os milleiros de mozos e mozas que teñen unha titulación universitaria e que seguen en Inglaterra, en Francia e en moitos outros países, incluso en Estados Unidos, deixando ese talento e deixándonos baleiros da súa capacidade.

Con base nisto, o plan tería que ser presentado durante o ano 2017. Debemos aproveitar tamén os recursos que nos ofrece a propia Unión Europea. Quero recordar que no Plan de garantía xuvenil a execución é de 5 de 39 millóns de euros —o que leva executado ata o de agora o Goberno galego—. Ademais de aproveitalos, hai que mellorar ese Plan de garantía xuvenil, hai que poñer ferramentas que melloren as actuacións que están contidas no mesmo.

Este plan non pode ser un caixón de xastre, non pode ser a escusa perfecta para crear traballadoras e traballadores precarios. Non pode ser darlles pan para hoxe e fame para mañá a moitos mozos e mozas. Por suposto, hai que fomentar a formación profesional e algo que consideramos importante: vincular calquera incentivo económico ao mantemento do emprego. A Administración non pode estar regalando subvencións para a contratación que non garantan a estabilidade no emprego, iso parécenos aos socialistas básico.

E poñemos nesta iniciativa tamén deberes ao Goberno de España. Sempre incluímos, e ímolo seguir facendo, a derogación da reforma laboral en todas as iniciativas en materia de emprego —hoxe non ía ser menos—, e tamén a elaboración dun novo estatuto dos traballadores

que teña unha definición estrita da condición de bolseiro, onde quede clara a vinculación a programas de formación sen substituír os postos de traballo e garanta as cotizacións á Seguridade Social, como quedou claro por primeira vez co goberno socialista en algo que supuxo un fito fundamental para o panorama laboral.

Incrementar os recursos para as políticas activas de emprego. Estamos aínda pendentes de ver os orzamentos, non sabemos se terán sorpresa neste tema. Aínda así nós pedimos que se recuperen os niveis do ano 2011, é dicir, de cando chegou o señor Rajoy ao Goberno de España.

No marco do diálogo social, analizar os distintos aspectos do contrato para a formación que levaron á precarización.

Por suposto, intensificar as campañas da Inspección de Traballo para vixilancia dos contratos de aprendizaxe e de formación. Isto parécenos fundamental posto que recordamos que esta é unha práctica que é unha fraude de lei e que está deostando, dende logo, o noso mercado de traballo e está creando, como dicíamos na anterior iniciativa, máis desigualdade no noso país.

E máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Grazas. Bo día.

Señora Blanco, concordamos absolutamente coa necesidade e a urxencia desta moción, por iso xa lle adianto o noso apoio.

Concordamos absolutamente, e as razóns expúxoas durante este pleno esa outra póla das que falan de En Marea aquí, Manolo Lago, esa evolución tremendamente negativa da economía galega nos últimos dez anos e esa consolidación dun sector de pobreza na nosa sociedade, un sector que na xente moza é aínda máis grave. E por moitas «caixas benvida» que che regalen cheas de quincallada nos hospitais a quen con menos de 35 anos temos un fillo ou unha filla non van solucionar o declive demográfico. E é que a falta de emprego, a escasa calidade do emprego, a falta de perspectiva de futuro, é o que está nas raiceiras destas cuestións.

E indo aos datos concretos da mocidade, podemos seguir abundando nesa brutal destrución de emprego en Galicia que xa lles expuxo o señor Lago nas anteriores intervencións, pero imos concretar na mocidade. Segundo o informe do mercado de traballo de 2016 da Confederación Intersindical Galega, a poboación de 16 a 24 anos pasou do 8,5 % no 2009 ao 4,7 % no 2016. Se contamos entre 25 e 34, tamén houbo un descenso do 27,3 % ao 19,5 %. Os datos son tremendos. E, se falamos de salarios, seguimos a falar tamén de precariedade e de pobreza laboral, sobre todo na xente moza, porque se ese salario galego é dos máis baixos do Estado —xa se teñen dado aquí os datos, hoxe o certo é que temos un pleno bastante cargado de datos económicos, e é importante que sexa así porque necesitamos falar desa realidade social que non pasa porque pasara supostamente a recesión—, pois ben, se os salarios galegos

son baixos, os salarios entre as persoas menores de 35 anos permaneceron estancados nos niveis previos á crise. E se o 30,7 % das persoas con salarios no noso país non acadan o salario mínimo interprofesional, entre a xente moza o que temos é que o salario medio dunha persoa que traballe entre 56 e 65 anos multiplica por 7,6 veces o dunha persoa menor de 18; cando no 2009 había unha diferenza, si, había unha fenda, pero era de 6 veces, non 7,6. Estamos aumentando as distintas fendas, tamén a fenda salarial. Sempre presumen coa comparación co resto do Estado, presumen nos datos baixos, porque o certo é que aumentou lixeiramente pero aumentou durante a crise. Fíxoo pouco, aumentou menos que antes, porque, como lles explicaba a señora Blanco, é que tamén baixaron os salarios dos traballadores homes.

En fin, que estamos nun marco no que é evidente que é un dereito fundamental a remuneración de igual traballo sen discriminación por razón de idade ou por sexo, pero na práctica estamos permitindo esa fenda salarial entre homes e mulleres e esa fenda entre persoas de máis idade e de menos idade. E a razón desta discriminación, no caso da xente moza, non é a falta de experiencia profesional, xa que esta se contempla noutros conceptos, como a antigüidade e os permisos de libre disposición. A única razón, como xa lles expuxo a ponente desta moción, é a sobreexplotación da man de obra moza. Esa «becarización» do mercado de traballo ten moito que ver nisto.

Polo tanto, concordamos na necesidade urxente de establecer políticas que revertan esta situación. Non só necesitamos plans de emprego, tamén outro tipo de políticas, como plans industriais, como apoio aos sectores primarios. De aí vén o sentido dalgunhas das nosas emendas e das nosas iniciativas no Parlamento. E precisamos tamén facelo non só pola nosa mocidade agora, senón por ese futuro, porque a precariedade laboral se arrastra toda a vida. Polo tanto, cos recortes, coas políticas que se levaron a cabo, non só consolidamos a figura dos traballadores e traballadoras pobres, das máis pobres do Estado, senón a futura xeración de xubilados e xubiladas máis pobres de todo o Estado.

Polo tanto, apoiamos a súa moción, señora Blanco. Confésolle que as emendas as fago nun exercicio de responsabilidade, para intentar ver que se pode mellorar. Pero desde logo que imos apoiala transaccione as que transaccione.

Vou explicalas brevemente, e digo que ás veces se sente unha un pouco frustrada, porque aquí parece que só se deben traer iniciativas o máis mínimas posible. Faciamos ese exercicio ás veces —teno feito hoxe o señor Lago, e eu mesma noutra iniciativa sobre a desigualdade salarial— de intentar rebaxar aos mínimos para ver se se aproba. Agardo que esta tamén sexa froito dun consenso. Deséxolle sorte nesa negociación co resto dos grupos.

En fin, non me dá tempo xa a explicar as nosas emendas, pero incido niso, en que hai que abrir o debate de se subvencionar a contratación de xente moza con escasa formación incide ou non no emprego. Penso que a evolución destes anos fai ver que non. Mais apreciamos o seu punto 3, no que propón medidas serias para mellorar este tipo de contratación. E logo engadimos esa cuestión de que é necesario un plan industrial para Galiza e apoiar especificamente a mocidade do medio rural e do sector pesqueiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Boa tarde de novo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Dicía na súa intervención o señor Tellado hai un momento que os datos son todos fantásticos. E falaba de que a fenda salarial entre homes e mulleres en Galiza baixou moitísimo. Estaba supercontento, moi alegre e festivo. Claro, o que lle esqueceu dicir é que non diminuíu a fenda salarial entre homes e mulleres en Galiza porque subiran as rendas das mulleres e teñan traballos máis cualificados e mellores salarios, senón porque baixaron alarmantemente os salarios dos homes. Entón, igualarse por abaixo, dende logo, non é o modelo salarial nin é o modelo laboral do Bloque Nacionalista Galego. Parece evidente que do Partido Popular si. Ao Partido Popular chégalle con que todo o mundo baixe e vaíamos rematando coa fenda salarial. *(Aplausos.)* Claro, é que sería bo, xa que presumen de datos, que os deran todos.

E no BNG non aceptamos e non nos resignamos a que a saída laboral dos mozos e das mozas galegos e galegas sexa aceptar calquera traballo, onde sexa, co salario que sexa, no horario que sexa e polo tempo que sexa; e, a maiores de todo isto, cos dereitos que toquen, ou sen dereitos. Dende logo, este non é o modelo salarial do BNG e, dende logo, non o aceptamos así, con resignación, coma se fora unha maldición bíblica que caeu do ceo e non fora consecuencia das políticas que puxeron en marcha e das medidas lexislativas e de todos os instrumentos que lle puxeron en bandexa á patronal para que exista este mercado laboral.

Dende logo, que os mozos e mozas de Galiza só teñan ofertas de traballo temporais e mal pagadas non é a opción que defendemos no Bloque Nacionalista Galego, mozos e mozas cualificados, con formación, moitos e moitas delas con formación universitaria, abocados á precarización ou á emigración. E isto supón un drama individual, evidentemente, xa que esta situación non crea mais que frustración, esta situación non lles permite ter un proxecto de vida, esta situación non lles permite emanciparse, e é un drama colectivo porque unha parte importante destes mozos e mozas só teñen como saída a emigración. E é un drama colectivo para Galiza pola perda dos recursos investidos na formación destes miles de mozos e de mozas e tamén, fundamentalmente, pola perda do capital humano, que é imprescindible para que Galiza teña viabilidade e futuro. E que todos estes mozos e mozas marchen fóra e que logo desenvolvan alí proxectos de vida e que todo o seu potencial, o seu coñecemento, reverta en melloras noutros territorios é, dende logo, un drama para o noso país.

A poboación de entre 16 e 24 anos pasou de representar en Galiza o 8,5 % no ano 2009 ao 4,7 % —a nivel laboral—. É un auténtico drama. E a poboación entre 25 e 34 anos pasou de representar o 27,3 % no ano 2009 ao 19,5 % —estou falando en termos laborais, evidentemente—. E isto só pode ter un cualificativo, e o cualificativo é o de drama.

As persoas menores de 35 anos, en conxunto, perderon máis de 11,3 puntos en termos absolutos. Son practicamente 146.000 mozos e mozas menos no mercado laboral de Galiza entre os anos 2009 e 2016. Parécenos que este é un dato estarrecedor e que nese mesmo período esta caída de emprego, dende logo, como dixen antes, ten que valer para algo máis que para que se dean estatísticas. ¿Isto que significa? Que practicamente todo o emprego que se perdeu neste período foi de menores de 34 anos. Iso, dende logo, mostra unha foto-

grafía do país, do mercado laboral de Galiza, que non se arranxa con simples métodos propagandísticos.

Eu e o BNG lamentamos moito que pasamos de ter mozos e mozas sobradamente preparados a ter mozos e mozas emigrantes sobradamente preparados. Os plans de emprego xuvenil da Xunta de Galicia e do Goberno do Estado son unha cortina de fume. O único que fan é subvencionar as empresas que contratan a xente nova en precario e de modo temporal. Son plans de emprego onde a Unión Europea e o Estado español determinan onde, como e de que xeito hai que desenvolver eses plans sen ter en conta a realidade de Galiza, sen ter en conta en que nichos é preciso impulsar emprego xuvenil.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: E neste contexto os mozos e mozas non poden emanciparse, non poden desenvolver proxectos de vida minimamente dignos, co cal Galiza perde o mellor e o seu potencial de futuro e tamén do presente. Co cal, igual que lle dixen no anterior pleno, onde tamén trouxo o Partido Socialista unha moción pois moi longa, con moitos apartados...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...—nalgúns coincidimos, noutros non tanto—, seguimos dicindo que son chamadas de atención coas que estamos de acordo.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado, grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Un tempo novo, un novo tempo, señora Prado, pero as vellas formas de sempre, as vellas consignas de sempre, sexan verdade ou non sexan verdade. Non aceptan vostedes un só dato positivo, porque, canto peor, mellor. Ese é o discurso, señora Prado. A fenda salarial entre homes e mulleres é a máis baixa da última década, mal que lles pese ao Bloque Nacionalista Galego e a vostede. *(Aplausos.)*

A señora Blanco estaba preocupada polos presupostos xerais do Estado de 2017 e o investimento en Galicia. E eu téñolle que dicir que somos a segunda comunidade autónoma en investimento per cápita, a segunda comunidade autónoma en investimento per cápita. Imos recibir o 11 % do investimento total e representamos o 6 % da poboación de todo o país. Quede vostede perfectamente tranquila.

Señora Blanco, confesareille que estou fascinado pola súa proposta. Para solucionar o problema do paro xuvenil, vostede propón dúas medidas transcendentais. A primeira, crear un observatorio que faga un par de informes, esa é a súa proposta. Non a culpo, vendo a reacción

que tiveron en materia de emprego nos últimos gobernos socialistas, tanto no Estado coma na Xunta de Galicia, é normal pensar que nunca había ninguén que observase a situación por parte do Partido Socialista e ninguén que fixese un amago de informe que servise como folla de ruta. Pola contra, o único que tiveron vostedes era xente que facían slogans: a «*champions league* da economía», «*la salida social de la crisis*», «*la economía en dos tardes*»... Bueno, e despois do observatorio, a súa segunda proposta tamén é moi orixinal: volver ao ano 2011. Esa é a súa proposta, e aquí vaime permitir que lle nomee a Zapatero, xa que falou vostede precisamente del.

Mire, vostedes fixeron unha reforma laboral. Estaba tan ben esa reforma laboral que por iso se seguiu destruindo emprego, nada menos que 600.000 postos de traballo no último ano de goberno de Zapatero, aquel que apoiaba o Bloque Nacionalista Galego e aquel que o señor Pablo Iglesias dicía que foi o mellor presidente da historia de España, ese; 600.000 postos de traballo destruíron coa súa reforma laboral.

Despois o Partido Popular fixo outra reforma laboral, que actualmente provoca que se creen 500.000 postos de traballo cada ano. Pero, como a fixo o Partido Popular, está moi mal. A súa, que destruíu emprego, era mellor. ¿Volvemos ao 2011? Non, señora Blanco, non conte con nós para iso.

Mire, sobre a emigración de mozos eu quero facer unha reflexión que serve para toda a oposición. A esquerda vén a esta Cámara ou ao Congreso dos Deputados cunha amarga letanía de reproches ao Partido Popular sobre o fenómeno da emigración dos nosos mozos. Eu só lles quero preguntar a que países emigra a xuventude galega, os que coñecen vostedes, dos que falan. ¿A onde emigran? E despois de pensar a que países emigran, pregúntense vostedes mesmos: ¿algún deputado da esquerda galega vai traer aquí algunha proposta para que o noso sistema laboral se pareza a algún deses países ou esperan que as súas receitas fracasadas nos traian por arte de maxia o éxito inesperado? ¿Cal é o seu modelo?

Señorías do PSdeG, pero tamén do BNG, tamén das Mareas de Podemos, vostedes teñen serios problemas de discurso en materia de emprego. Vostedes queren ter os salarios de Suíza pero propoñénnos a lexislación laboral de Grecia. (*Murmurios.*) Vostedes queren ter a taxa de paro xuvenil de Alemaña pero propoñénnos o modelo económico de Andalucía.

Claro, algúns veñen aquí a dicirnos que o seu exemplo é Dinamarca, pero, tan pronto se rasca un pouco, resulta que o exemplo realmente é Venezuela. Esa é a realidade. Tanto é así que algún que todos coñecemos marchou de Galicia sendo das Mareas, marchou a Dinamarca, e volveu e deuse de baixa. Miren vostedes o seu modelo. (*Aplausos.*)

Mire, no Programa de garantía xuvenil a execución de Galicia está por riba da media de España. Somos a sétima comunidade cunha execución máis alta. E agora, señora Blanco, taxas de desemprego xuvenil. Xa sei que non lle gusta que se fale de Andalucía, vostede non é do «PSOE ganador», é do «PSOE de los del no», pero dá igual. Mire, taxa de desemprego xuvenil: Galicia, 36,6 no cuarto trimestre do 2016; España, 42,9; Andalucía —co seu modelo do PSOE gañador, o seu modelo, 57,8; Estremadura 52, Castela-A Mancha 50,8. Pero ¿de quen quere que copiemos?, ¿que observatorio quere que fagamos?, ¿que observatorio?

Falemos de vostedes, que non lles gusta que falemos de... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, en Murcia... Xa sabemos que o señor Losada agora tamén é xuíz. Ao señor Losada apértaslle o zapato e convértese en xuíz e vénnos aquí dar leccións.

Señor Losada, Andalucía, taxa de desemprego xuvenil, 57...

O señor PRESIDENTE: Non, non se dirixa a ninguén e remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Pero se o señor Losada quere que lle falemos de Galicia, miren, o Bipartito atopou unha taxa de desemprego xuvenil de 15 puntos en 2005, e duplicou a taxa en catro anos: 30 puntos en 2009. Esa é a súa herencia, o que nós non imos copiar. (*Aplausos.*)

Mire, señora Blanco, é verdade que os mozos de hoxe non teñen tan fácil coma vostede e os da súa xeración atopar emprego, non o teñen tan fácil, pero non lles diga aos mozos que en Galicia non hai futuro, porque sinxelamente non é verdade. E ese discurso nós non o imos aceptar.

Mire, o Goberno galego aposta polo emprego xuvenil e por iso dedica neste ano 2017 40 millóns de euros a políticas de contratación, de formación e de emprendemento. Na última lexislatura dedicamos 150 millóns de euros a políticas activas de emprego para os máis xóvenes.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Cada ano beneficiábanse 33.000 mozos. Vostede vén hoxe aquí a propoñernos un observatorio e dous estudos. Eu dígolle que os estudos os fagan no PSOE, porque o PSOE gañador, dende logo, aquí apórtanos máis ben pouco, unha taxa de desemprego xuvenil do dobre que en Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Réplica do grupo autor da moción, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Tellado, eu non sei se o señor Losada ten que apertar o zapato, pero vostede ten que afrouxar un pouco a gravata, porque o vexo intenso, véxoo preocupado con Andalucía, de verdade que o vexo intenso hoxe. Pero, mire, antes de nada, quero agradecer o que a vóceira de En Marea chama exercicio de responsabilidade, e paréceme que é así precisamente, que é presentar emendas, facer propostas para mellorar outras iniciativas e intentar chegar a acordos.

Imos aceptar todas coa excepción da 1, 3, 3.4 e B.3, é dicir, as relativas á creación dun observatorio de emprego xuvenil e non centrado no que nós considerabamos que era o eixo central desta iniciativa, que era un observatorio de becarización.

Agradezo, señora Prado Cores, tamén a súa flexibilidade para intentar chegar hoxe a un acordo. E sei que non se resignan, ao igual que o Grupo Socialista, e ao contrario do que está a facer este goberno.

Mire, señor Tellado, eu acostumo vir aquí con datos, e son datos oficiais. Mire, a taxa de ocupación —e non son do Grupo Socialista— entre idades comprendidas entre 16 e 29 anos, no terceiro trimestre de 2009, e do 49,3 %; no terceiro trimestre de 2016, 38,7 %. Taxa de paro no terceiro trimestre de 2009, 22,6 %; terceiro trimestre de 2016, 27,9 %. Son datos do Instituto Galego de Estatística, non do «Instituto Galego da Fantasía», que son os que soen dar vostedes. Son datos reais, señor Tellado, son datos reais.

E mire, non entendo a que vén rirse das propostas do resto dos grupos, e máis cando vostedes non traen ningunha. *(Aplausos.)* Tenme que desculpar, señor Tellado, pero aínda estou por ver unha iniciativa do Partido Popular en materia de emprego para visibilizar eses mozos e mozas que están fóra. E non o di o Grupo Socialista, nin o di esta deputada, dino os datos do observatorio da propia Consellería de Economía e Emprego, que di que, de cada mozo titulado que volve a Galicia, marchan dous, señor Tellado. Dea unha volta por Francia, por Alemaña, por Inglaterra e por moitos outros países da Unión Europea.

E, mire, dos nosos modelos, dende logo que si lle podo dicir que o modelo do Partido Socialista non é o modelo de Murcia. Isto pódollo dicir, señor Tellado, non é o modelo de Murcia. Hoxe están vostedes preocupadísimos porque o titular vaia cara a Andalucía e estea no sur, pero está no sueste. O titular... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Tellado.

Silencio. Silencio, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...hoxe está no sueste, señor Tellado, está no outro lado. Están vostedes preocupadísimos e eu enténdoo, de verdade.

Mire, as nosas propostas non son as dalgúns países a onde vostedes están mandando a xente nova. Esas son as súas, señor Tellado, as dos *minijobs* de Alemaña. Esas son as mesmas propostas que vostedes están poñendo aquí en marcha. Se esas son as propostas do que vostede chama o Partido Popular gañador e esa é a soflama do Partido Popular, a de ir polo bo camiño, dende logo non son as do Partido Socialista.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

(O señor Losada Álvarez solicita a palabra.)

Si, señor Losada, ¿para que quere a palabra?

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Parece que por alusións... *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

¡Silencio, por favor!

Vamos ver, se cada vez que se nomea a un deputado... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Perdoe un momento, estou falando eu... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdoe un segundo. ¿Xa está a alusión feita, logo? Se non me deixa falar a min...

Se cada vez que se nomea a un deputado se vai considerar que é unha alusión... Isto non é o que di o Regulamento. O Regulamento di que...: *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, o Regulamento interprétoeu eu, e seino interpretar, e considera que hai unha alusión se se fai un xuízo de valor ou unha alusión personalista. *(Protestas.) (Murmurios.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Por favor, a min paréceme unha cousa... Xa o dixoxostede, a min paréceme unha cousa non ofensiva, non ofensiva. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Bueno, perdoe, non me parece unha cousa ofensiva. Eu sei valorar o que é ofensivo e o que non é ofensivo. Polo tanto, non me parece que esa sexa unha alusión.

Señor Losada, non lle vou dar a palabra. Desculpe, pero non, non me parece unha ofensa. Forma parte do debate político e entón non lle vou dar a palabra. E esta vai ser un pouco a norma. *(Protestas.)* Si, a norma xeral, para aquí e para aí. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, perdón. Imos votar, por favor. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Leiceaga non pediu a palabra.

Imos votar.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Votamos a moción do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Eva Solla, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental.

Xa manifestou que aceptaba a emenda.

Votamos, polo tanto.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario de En Marea sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa distribución da renda salarial.

Foi solicitada unha votación por puntos e había unhas transaccións pendentes sobre dous puntos. Se nolo explica...

O señor LAGO PEÑAS: Si, aceptamos a votación por puntos e hai dous cambios no texto.

No punto 4 substitúese «poñer en marcha» por «impulsar». E o punto 5 substitúese en-teiro por esta redacción: «A Xunta de Galicia incluírá en todas as licitacións nas que sexa posible cláusulas sociais que garantan o respecto das condicións salariais establecidas polo convenio que resulte de aplicación, recollendo nos pregos, para os efectos previstos no artigo 152 do TRLCSP, que se considerarán desproporcionadas ou anormais aquelas ofertas que impliquen retribucións inferiores ás que resulten da aplicación do convenio colectivo do sector de referencia».

O señor PRESIDENTE: Entón podemos agrupalos. A moción ten 6 puntos. ¿Podemos agrupar os puntos?

O señor LAGO PEÑAS: Si.

O señor PRESIDENTE: Dígame cales podemos agrupar.

O señor LAGO PEÑAS: Agás o primeiro, o resto.

O señor PRESIDENTE: ¿O resto? (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Póñanse de acordo a ver qué puntos.

O 3, 4, 5 e 6 son os que van ser aceptados.

Entón, se lles parece, votamos os puntos 3, 4, 5 e 6.

Votamos.

Votación dos puntos 3, 4, 5 e 6 do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Manuel Lago Peñas, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa distribución da renda salarial.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos do texto transaccionado da moción.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos os puntos 1 e 2, que son os que quedan desta moción.

Votamos.

Votación dos puntos 1 e 2 do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Manuel Lago Peñas, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa distribución da renda salarial.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos do texto transaccionado desta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos a moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Noela Blanco.

Xa manifestou os puntos que aceptaba da emenda. Votámola, polo tanto, cos puntos que a ponente manifestou que aceptaba.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación económica e social da mocidade, e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia laboral.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata as catro da tarde, diría eu. (*Murmurios.*) A ver, dáme igual, ¡eh!, non é problema meu.

¿Catro e media? (*Murmurios.*) Dáme igual, non teño problema ningún eu. ¿Catro e media? (*Fortes murmurios.*) Non, non, estou preguntando a todos os grupos, e estou tendo en conta... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É cuestión de que hoxe temos un pleno longo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Catro e cuarto? (*Murmurios.*)

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e catro minutos da tarde e retómase ás catro e dezaseis minutos.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión, coas proposicións non de lei, punto cuarto da orde do día.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dos mecanismos necesarios para consensuar coas forzas políticas a posición que vai defender Galicia na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado en relación co Pacto de Estado social e político pola educación

O señor PRESIDENTE: A esta proposición presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Luca Chao Pérez e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 4369) (10/PNP-000360).

Emenda nº 1, de modificación.

Débase substituír o texto do punto 1 polo seguinte:

«O Parlamento insta ao Goberno galego a:

1. Con carácter urxente, establecer unha mesa de diálogo entre os Grupos Parlamentarios e representantes da Comunidade Educativa, véxase ANPAS, alumnado, plataformas de profesorado e sindicatos, para acadar unha posición consensuada que defenderá na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado con relación ao Pacto de Estado Social e Político pola Educación que nos permita avanzar no marco dunha nova Lei Educativa que garanta unha educación pública, laica, inclusiva, integral, que promova a equidade e a coeducación, democrática, de recoñecemento da realidade plurinacional do Estado e blindada orzamentariamente.»

Emenda nº 2, de adición.

Débase engadir un novo punto ao final da parte resolutiva:

«2. Aproveitar a mesa de diálogo para consensuar as modificacións legais precisas para derrogar inmediatamente a LOMCE, sen ocasionar ningún prexuízo ao alumnado, garantindo a seguridade xurídica do sistema.»

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde.

Pese ao comprometido da hora e ao —entendo— exiguo quórum que existe na Cámara —aínda que nos imos incorporando pouco a pouco—, vou tratar de concitar o apoio do resto dos tres grupos parlamentarios para tratar de acadar un acordo para que a Comunidade Autónoma de Galicia, a través do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, poida defender unha posición avalada co máximo consenso posible dentro das distintas sensibilidades que existen nesta comunidade autónoma con respecto ao eido educativo.

Como sabemos todos e todas, o sistema educativo español, tal e como foi definido na LOXSE —na Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo—, e a pesar das sucesivas modificacións que se introduciron mediante outras leis educativas, posúe algunhas características esenciais que conxuntamente o diferencian con claridade doutros sistemas educativos tanto europeos como doutros países.

Estas características fundamentalmente diferenciadoras son, en primeiro lugar, que é un sistema amplamente descentralizado —de feito, as dezasete comunidades autónomas teñen capacidade para ordenar distintos aspectos esenciais do sistema—, cun órgano de coordinación, que é a Conferencia Sectorial de Educación. En segundo lugar, trátase —gústenos ou non, máis a uns, menos a outros— dun sistema mixto, é dicir, de coexistencia de centros de titularidade pública e titularidade privada. É un sistema educativo graduado, baseado na idade dos estudantes, cun número limitado de repeticións por etapa. É un sistema cun modelo de currículo multinivel, é dicir, un deseño curricular aberto e flexible e un modelo de desenvolvemento curricular adaptado e baseado na autonomía dos centros. É un sistema baseado nun modelo de escolarización comprensivo; é dicir, todo o alumnado ata os 16 anos comparte unha mesma cultura común no mesmo tipo de escola, e rexido polo principio de inclusividade; é dicir, todos os alumnos —excepto casos debidamente xustificadas e excepcionais— escolarízanse en centros ordinarios. E, por último, é un sistema que dota de autonomía os centros educativos e os obriga a xestionar os procesos educativos esenciais a través dos seus proxectos educativos de centro.

A teor destas características que acabo de mencionar, pódese dicir que o sistema educativo do noso Estado é un sistema complexo no que os axentes educativos teñen unha ampla marxe de liberdade para tomar as súas decisións e, en consecuencia, un alto grao de responsabilidade —por non dicir de responsabilidade— exclusiva en máis dun ámbito. Ou, dito doutra forma, en relación mutuamente condicionada entre as distintas instancias de decisión, non é mecánica, senón que está baseada na capacidade de comunicación entre cada un deles e a decidida vontade de entendemento. E este asunto non é un tema menor, porque é a base sobre a que se sustenta esta proposición non de lei que hoxe imos debater nesta Cámara. É dicir, non se trata de algo automático, senón que exige unha decidida vontade de coordinación e de lealdade entre todas as partes implicadas no proceso educativo.

É certo que a descentralización dos sistemas educativos pode supoñer algunhas vantaxes en canto á adaptación que a resposta educativa dá ás condicións e características dos centros educativos e dos seus estudantes, pero tamén non é menos certo que expón unha gran dificultade, e esa dificultade é lograr os consensos suficientes para que o sistema educativo, a pesar das súas diferenzas, funcione como un sistema educativo e logre acadar as finalidades para as que foi deseñado.

As comunidades autónomas asumen hoxe, tanto competencial como financeiramente, unha parte esencial da actuación pública no Estado español. Fano dende as súas propias e lexítimas opcións políticas —iso ninguén o cuestiona—, pero con consecuencias para todos os cidadáns. É dicir, unha cousa é a representatividade que existe nas distintas cámaras autonómicas das distintas sensibilidades e forzas políticas e outra é que as decisións que alí se toman —e aquí se toman— inflúen sobre a totalidade das comunidades educativas. E por

iso temos que exixir ás comunidades e ao propio Estado un comportamento caracterizado pola lealdade e a responsabilidade mutua.

As políticas sociais e de igualdade probablemente constitúan o ámbito de actuación pública no que maior nivel de interrelación se dá entre as tres instancias de goberno existentes no noso país: Administración do Estado, administracións autonómicas e administracións locais. E esta característica debemos entender que representa en si unha fortaleza do sistema, xa que as competencias veñen recaer no nivel de goberno que máis eficazmente pode xestionalas, o que xera —e xerou— beneficios moi importantes en termos de proximidade e de calidade. Para que o sistema funcione correctamente, necesitamos que exista unha colaboración plena entre eses tres niveis aos que facía anteriormente referencia.

E os poderes públicos teñen —e temos, na medida en que nos sentimos concernidos— a obriga de garantir o exercicio efectivo dos dereitos e de facelo utilizando eficazmente os recursos públicos para defender os valores democráticos e a igualdade de oportunidades. E para levar adiante o conxunto de iniciativas que nos van permitir construír un sistema educativo que faga posible superar con éxito os retos aos que nos expón o século XXI é necesario investir máis e mellor en educación. E nese sentido cremos que para a consecución dun modelo de país xusto, solidario, equitativo, garante da igualdade de oportunidades e activo na loita contra a exclusión social son fundamentais as políticas e actuacións que nos distintos desenvolvementos legislativos se realizan desde o sector público, as institucións e os gobernos.

E nese sentido —como todos os que aquí estamos— sabemos que na Conferencia de Presidentes de comunidades autónomas que se celebrou en Madrid o día 17 de xaneiro deste ano acordouse, entre outros asuntos, encomendar ao Goberno de España a solicitude da convocatoria da Comisión Xeral de Comunidades Autónomas no Senado para celebrar un debate monográfico sobre a educación, incorporando a ese debate —e acorde co que dicía antes— o diagnóstico e as achegas das mesmas aos traballos desa subcomisión para o Pacto de Estado social e educativo e pola educación e buscar deste xeito a máxima coordinación entre todos os implicados.

O que propoñemos hoxe a esta Cámara é que o Goberno da Comunidade Autónoma active os mecanismos axeitados para que a posición de Galicia sexa defendida e entendida dentro desa conferencia. E facémolo conscientes de que esa reunión que tivo lugar o día 27 do mes pasado no Senado, na que compareceu o ministro de Educación, Cultura e Deporte e tamén compareceron as conselleiras e conselleiros dos distintos gobernos autónomos, non é senón o inicio dese pacto e desa aportación que se debe facer dende as comunidades autónomas.

Porque, francamente, entendo que todos os que estamos aquí non seríamos quen de chegar a crer que nunha comparecencia de tres horas na que fala o ministro de Educación, Cultura e Deporte e falan as conselleiras e conselleiros das dezasete comunidades autónomas —recorden vostedes: estou a falar de tres horas— se é quen de trasladar as distintas sensibilidades que existen con respecto a ese pacto social e educativo ao que debemos ser quen de chegar entre todas as forzas políticas, os representantes sociais, os representantes sindicais e a sociedade civil en xeral para definir o que consideramos que debe ser un modelo estable do noso sistema educativo que respecte —¡como non!— todas as singularidades e diferenzas que ten

cada unha das comunidades autónomas pero que vertebre o noso sistema educativo e blinde desde un punto de vista estrutural —que case é o de menos, pero é moi importante— e sobre todo financeiro o noso sistema educativo, de modo que se garanta que o sistema educativo, con independencia de quen governe no Estado e en cada comunidade autónoma en cada momento, teña os recursos que entre todos consideremos que son necesarios.

E cando digo entre todos créanme que estou facendo un chamamento a todas as forzas políticas para que se chegue a un acordo de mínimos que garanta esa necesaria estabilidade. Porque créanme —e agora fágolles case unha valoración persoal— que no sistema educativo estamos fartos de tanto cambio, de tanta incerteza e de tanta alteración en función de quen governe no Estado español e en cada unha das comunidades autónomas.

E por iso creo que é corresponsabilidade de todos os que aquí estamos apoiar esta iniciativa, que —insisto— non ten outra vontade máis que a de concitar un acordo unánime para que nos poñamos de acordo entre todos en qué queremos que se traslade a ese futuro pacto social e educativo a nivel estatal.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Boa tarde.

Grazas, presidente.

Señorías, dicía John William Cooke que os pactos políticos entre faccións adversas son sempre de mala fe, aínda que sexan convenientes. Non quixeramos ser tan pesimistas, pero si telo presente, como unha especie de advertencia para mirar con atención os cantos de serea que falan ultimamente de pacto educativo. Levamos meses escoitando falar de pacto —se non anos— apelando á responsabilidade dos partidos, como se o ensino non fora un cabalo de batalla político fundamental para deter e reverter a ofensiva neoliberal, como se no ensino non estiveramos xogando algo tan importante como o modelo de sociedade que queremos.

E para sorpresa dos deputados e deputadas do Partido Popular, nós estamos aquí para facer política, a nós votáronnos para iso —vese que a outros os votaron para outra cousa—. Votáronnos igual para falar de pacto ou máis ben non os votaron. Porque a ningún se lle escapa que o Partido Popular quere falar de pacto educativo agora que perdeu a maioría absoluta. Pouco querían falar de pacto cando hoxe o ex-ministro retirado en París sacou adiante unha lei que o único que conseguiu foi o rexeitamento unánime de toda a comunidade educativa.

É por iso que somos escépticas á hora de falar de pacto educativo. Porque mentres falamos de pacto educativo como unha especie de cortina de fume, a LOMCE segue a ser aplicada, salvo no extremo das reválidas, rebaxadas de contido pouco a pouco. Pero a segregación do

alumnado por sexo permanece, a materia de relixión nas aulas permanece e a mercantili- zación do sistema de ensino tamén permanece.

Por iso, e porque as señorías do Partido Popular e as señorías do Partido Socialista nas Cortes Xerais, xunto cos compañeiros sempre necesarios da muleta laranxa, cando falan de pacto edu- cativo, ten moi pouco que ver co que a sociedade entende por pacto educativo e, dende logo, ten moi pouco que ver co que nós defendemos, por dúas razóns: unha, no que respecta aos propios contidos dese pacto e, outra, no que se refire ás partes implicadas e chamadas a pactar.

No que atinxe aos contidos —como aquí se dixo—, o 1 de decembro de 2016 aprobouse no Congreso a creación dunha subcomisión para a elaboración dun pacto que servira de base a unha nova lei educativa. E cito textualmente: «acadar os obxectivos educativos europeos re- collidos na Estratexia educación e formación 2020 da Unión Europea». Esta mención non é inocente, senón que incide no proceso de mercantilización da educación pública que dende En Marea rechazamos; unha estratexia que concibe a educación como unha peza máis do proceso produtivo, a cara B da precarización á que someten as traballadoras e traballadores deste país.

Falan de creación de capital humano, de competitividade e non de desenvolvemento pleno da personalidade no respecto aos principios democráticos e de convivencia, os dereitos e li- berdades fundamentais; declaración que hoxe case parece revolucionaria pero que —¡oh, sorpresa!— estaba na Constitución, no artigo 27.2.

Dende En Marea pensamos que calquera pacto que se pretenda en materia educativa ten que contar necesariamente con tres premisas fundamentais: a primeira é a derogación inme- diata da LOMCE e todas as disposicións normativas de aplicación. É urxente botar abaixo esta lei e revertir o camiño privatizador, elitista e segregador da mesma. O pacto educativo non pode ser esa cortina de fume para que nos despistemos e sigan aplicando as consecuen- cias máis perversas desta lei.

En segundo lugar, alcanzar un acordo que blinde orzamentariamente o gasto no ensino. Xa o dixemos no debate de orzamentos: hai que mudar a óptica de teito de gastos pola de chan de ingresos. Por iso propoñemos fixar o 7 % do PIB como porcentaxe mínima de investi- mento en educación ao final desta lexislatura. Iso si que sería un verdadeiro obxectivo 2020 de converxencia europea.

E, terceiro, articular os mecanismos necesarios para que toda a comunidade educativa poida participar do debate e redacción da nova lei. Nós non queremos un pacto e unha nova lei de despacho, como xa tivemos moitas; non queremos pactos e leis que cando se van aplicar á realidade fracasan estrepitosamente por ter dadas as costas á comunidade educativa. Nós conformámonos cun pacto político parlamentario, ten que ir máis alá. Por iso presentamos as emendas á proposición do Partido Socialista, co fin de poder avanzar de verdade cara a unha alianza social e cidadá que garanta unha educación pública, laica, inclusiva, integral, que promova a equidade e a coeducación —esa que parece que agora aos señores e señoras do Partido Popular xa non lles gusta—, democrática, de recoñecemento da realidade pluri- nacional do Estado e blindada orzamentariamente. De asegurar eses puntos, pola nosa banda, o acordo será posible.

Señorías do Partido Socialista de Galicia, falen cos seus colegas en Madrid e díganlles que non continúen dándolle aire ao Goberno do Estado na súa contrarreforma educativa. Como dicía Martin Luther King, asasinado fai hoxe corenta e nove anos, sempre é o momento apropiado para facer o correcto, e este sería o momento ideal para poñer freo á ofensiva neoliberal que conta co ensino para facelo efectivo.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Boa tarde a todas e a todos.

Vaia por diante que desde o Bloque Nacionalista Galego imos apoiar esta proposición non de lei, porque en boa medida concordamos co espírito da mesma, co espírito, ademais, que a inspira, e defendemos —e non cabe a menor dúbida— a necesidade de trasladalo no marco desas negociacións e o diálogo iniciado de cara a un pacto social e político polo ensino no Estado español. Defendemos que o Goberno galego dea traslado a unha voz de país, unha voz que represente o conxunto de Galiza, tamén tendo en conta a súa amplísima diversidade, que é o que nos enriquece tamén.

E nós entendemos —xa o temos, ademais, dito en moitas ocasións— que ese pacto social e político ao que poida chegarse debe partir da derogación da LOMCE. Estamos, nese sentido, absolutamente de acordo e non concibimos en ningún caso unha simple maquillaxe que poida manter os alicerces básicos que a fixeron agromar, e que deben ser, desde o noso punto de vista, retirados.

Nese sentido, o novo marco debe deixar claro —tamén o entendemos así desde o Bloque Nacionalista Galego— que o groso das competencias en materia educativa corresponde aos distintos territorios, e no caso que nos acolle a nós aquí, ao Goberno galego. Máis, se cabe, no caso galego, como outras realidades que están hoxe inseridas dentro do Estado español, porque posuímos unha lingua e unha cultura de noso, ademais dunha realidade poboacional, demográfica, económica e, sobre todo, orográfica propias, que nos identifican como pobo e que, polo tanto, tamén exixen dunha perspectiva endóxena á hora de desenvolver e despreparar os servizos públicos fundamentais, como é neste caso o ensino.

E xa temos, ademais, denunciado nesta Cámara, en non poucas ocasións, as consecuencias que provocou precisamente a combinación explosiva entre a LOMCE e outra lexislación, neste caso propia, amparada polo Partido Popular na Xunta de Galiza, como foi o decretazo, e que supuxo a redución das horas lectivas de lingua galega na ESO e no bacharelato, por debaixo, incluso, do terzo que contemplaba a propia lexislación aprobada polo Partido Popular.

Nós seguimos insistindo, non perderemos oportunidade nunca de demandar a derogación dese decreto do plurilingüismo, que foi, ademais, louvado polo conselleiro do ramo, polo señor Rodríguez, na última xuntanza á que se refería o portavoz do Partido Socialista, cando puideron atoparse co ministro de Educación os distintos responsábeis de educación dos territorios.

Se é certo que existe esa vontade por parte do Partido Popular, como se nos di nas últimas semanas, de procurar espazos e desenvolver políticas de normalización lingüística da nosa lingua, hai que derrogar esa ferramenta, que tan lesiva lle foi ao idioma propio deste país.

A posición política —volvendo un pouco ao que ten a ver co pacto social e político a respecto do ensino— que mantén o BNG histórica e tradicionalmente eu creo que é clara. Nós apostamos, seguimos defendendo e defenderemos a elaboración de maneira participada aquí, no Parlamento de Galiza, dunha Lei educativa galega, non por ideoloxismo, como se nos pretende caricaturizar normalmente, senón porque mesmo dentro —témolo dito tamén moitas veces— do estreito marco competencial que temos, non só Galiza pode, senón que Galiza debe blindar un ensino inserido na nosa realidade social, na nosa realidade cultural, na nosa realidade económica, lingüística e, sobre todo, demográfica, sentando as bases —como temos defendido tantas veces— dunha educación pública, universal, científica, non discriminatoria e, nese sentido, por suposto, que non ampare con cartos públicos a separación do alumnado por sexos, que non é outra cousa que defender e amparar desde as institucións públicas o ensino franquista, un ensino patriarcal e de fanatismo relixioso.

Un ensino —o que nós defendemos— que atenda á realidade política deste país. Isto non é Andalucía, aínda que por momentos nos pareza que nos deslocamos a esoutro territorio; tampouco é Murcia, tampouco é Canarias. E, polo tanto, calquera acordo que se adopte no marco educativo debe ter sempre en conta a poboación do rural, coa que, ademais, tivemos a oportunidade de falar as persoas que imos intervenir hoxe neste pleno a respecto desta iniciativa; puidemos falar esta fin de semana e escoitar directamente, ademais dos axentes, cal é a opinión que lles merece o marco lexislativo actual.

En definitiva —e con isto xa conclúo—, apoiaremos esta proposición non de lei. Parécenos, ademais, que a emenda de En Marea completa a proposta, abrindo o diálogo ao conxunto da comunidade educativa. Tamén é certo que vai perfilando xa a posición que debería saír dese proceso de diálogo, se finalmente se constitúe, pero si queremos lembrar cal foi a posición que mantivo tradicionalmente ou historicamente desde que se coñeceu o borrador da LOMCE precisamente esa comunidade educativa.

Eu creo que o deixou absolutamente claro o Consello Escolar de Galiza, alá polo ano 2015, cando, ao fío da aprobación e da redacción do decreto do ensino secundario e de bacharelato, aprobou unha emenda á totalidade, que era a través desa emenda á totalidade como amosaban o seu rexeitamento explícito á LOMCE. Daquela a Xunta acusou estes axentes e o conxunto tamén das forzas da oposición de ter unha actitude non dialogante, mais o certo é que —e veremos a ver que acontece agora— o que vimos nos últimos anos por parte da Consellería de Educación é que o que non quere en realidade é escoitar.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señora Chao, en primeiro lugar, simplemente non quero entrar en polémicas, pero dicirllle unha cuestión. Nós ao seu grupo presupoñémoslle a mesma vontade de pacto que podemos ter nós, independentemente de que coas súas palabras máis ou menos grosas dá a atender unha cuestión totalmente diferente; dá a entender que prefiren desacreditar, en lugar de buscar espazos de encontro. (*Aplausos.*) Pero xa digo: nós presupoñémoslle, cando menos, a mesma intención de acadar un pacto que a que ten este grupo.

Como xa se sinalou e como foron dicindo moitos dos que me antecederon na palabra, a Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado celebrou xa esa sesión monográfica sobre educación e o pacto de Estado social e político pola educación o 27 de marzo. Por certo, nesta mesma sesión plenaria, no Parlamento de Galicia, concretamente mañá, no punto de preguntas ao Goberno, a Cámara galega vai coñecer de primeira man a posición que defendeu Galicia no Senado, xa que o conselleiro virá respostar unha pregunta que sobre este particular formularemos dende este grupo.

Independentemente disto, como vostedes saben, nos últimos días tivemos ocasión de ir coñecendo algúns dos aspectos da posición que defendeu o conselleiro perante a Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado. Fixo unha serie de achegas para fixar un sistema educativo estable, que avogue por promover a permanencia do alumnado no sistema, apostando pola inclusión, a integración e a igualdade; unhas liñas de actuación que, no caso de Galicia, teñen amosado, ademais, a súa efectividade, segundo se desprende —e xa temos falado diso nesta Cámara— dos últimos datos do informe PISA ou, por exemplo, dos datos de abandono educativo temperán.

Nós entendemos que as bases dun acordo deben contemplar a flexibilización de itinerarios ou currículos flexibles para alumnos con maiores necesidades educativas ou situacións sociofamiliares complexas. Entendemos que debemos lograr tamén que ata os 18 anos non marche ningún alumno ou alumna dos centros educativos. Temos que favorecer tamén que os titulados na formación básica obrigatoria se acheguen ao ideal do 100 %.

Pero, ademais, Galicia pode tamén neste debate achegar a súa experiencia para a configuración deste pacto nacional pola educación, en ámbitos claves como as novas tecnoloxías, ensino plurilingüe —a pesar de que a señora Rodil pense o contrario—, a formación profesional ou tamén a mellora e adaptación do sistema universitario galego á realidade socioeconómica do territorio.

Entendemos que estas son unhas posicións de inicio que poderíamos compartir todos os grupos desta Cámara. Agora ben, como todos vostedes saben, actualmente existen varios foros nos que se está a traballar pola consecución deste pacto de Estado social e político pola educación.

Temos, en primeiro lugar, unha subcomisión no Congreso dos Deputados, na que están com-
parecendo unha gran cantidade de axentes relevantes da comunidade educativa e que ten como

encomenda elaborar, precisamente, un documento de bases para este pacto, que, ademais ten unha data, unha cronoloxía: tiña dende o nacemento da Comisión un prazo de seis meses.

Estase a traballar tamén na Comisión Xeral de Comunidades Autónomas do Senado, na que o pasado 27 de marzo —como falabamos antes— compareceron os diferentes conselleiros e conselleiras de Educación das comunidades autónomas, achegando as súas posicións sobre o futuro pacto social e político pola educación. Pero é que, ademais, nesta Cámara, na Cámara do Senado, na que hai representación galega, a través dos distintos senadores dos diferentes grupos, este propio día 27, unha vez rematada esta comparecencia, aprobouse, a instancias do Grupo Popular —e cómpre salientalo—, a creación dunha ponencia que se ocupe tamén do pacto educativo, unha ponencia que debería atender as necesidades e as diferentes sensibilidades das comunidades autónomas.

Ademais disto, algúns representantes autonómicos solicitáronlle ao Ministerio, tamén, a creación dun grupo de traballo dentro da Conferencia Sectorial de Educación, composto por representantes do Goberno e representantes das comunidades autónomas, e que traballarían de forma paralela aos dous foros que xa se teñen creado no Congreso e no Senado, e unha solicitude que foi aceptada polo ministro, e sobre a que se acordou que fose a Comisión Xeral da Conferencia Sectorial de Educación, un órgano técnico, quen determinase o xeito máis viable e máis útil para incardinar as autonomías dentro dun proceso político que xa está en marcha e ver como poden contribuír ao pacto.

Pero non remata aquí o relato dos foros nos que se está a traballar sobre este pacto social e político, xa que se ten tamén solicitado a constitución doutro grupo de traballo no que a comunidade educativa, no seo dos consellos escolares autonómicos, irán elaborando outros documentos que se axusten e respondan ás súas necesidades; un traballo que, por certo, viría sumarse ao propio traballo do Consello Escolar do Estado, o que supón que podemos atoparnos cun documento aprobado por este órgano estatal e dezasete documentos máis de cada un dos consellos escolares autonómicos.

Tendo todo isto presente, quizais sexa o momento de definir de xeito claro o procedemento a seguir, xa que unha sucesión ilimitada de órganos de debate podería complicar e enredar o procedemento de elaboración do pacto ata límites insospeitados, atrasando tortuosamente os traballos. Permítanme traer aquí a Guillermo de Ockham, cando dicía, formulando o seu principio de economía: «*Entia non sunt multiplicanda praeter necessitatem*»; é dicir, non debemos multiplicar os entes sen necesidade.

Por todo o dito, dende o Grupo Popular consideramos que estamos no momento de determinar con claridade o grao e as fórmulas de participación das comunidades autónomas no procedemento, e non parece que sexa este o momento de definir unha posición estática e única de Galicia no proceso, senón que nos atopamos nunha fase dinámica do procedemento, de elaboración do pacto, na que incluso se están a producir cambios na propia organización do traballo e na que están a intervir distintas voces que poden contribuír a achegar diferentes perspectivas nesta fase do debate.

Polo tanto, e xa para rematar, entendemos que non é momento de limitar voces nin de fixar posicións, senón que debería quedar para máis adiante a oportunidade ou non de definir unha posición única de Galicia e desta Cámara se os intereses da Comunidade Autónoma foran atacados.

Seguiremos de cerca a evolución de todo este proceso e non teñan dúbidas de que este grupo estará á altura do que demandan as circunstancias.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Álvarez Martínez.

(O señor Álvarez Martínez pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Dicía que viña antes por se me deixaba medio minuto máis, pero, bueno, entendo que o Regulamento é o Regulamento.

Señora Chao, mala hipótese para a política esa que citou vostede de que, se os acordos entre forzas políticas non son afíns, son de mala fe; mala hipótese para a praxe política, pero, en todo caso, alá vostede.

Eu estou de acordo con vostede nunha cousa que dixó. Evidentemente, o Partido Popular agora pacta porque non ten maioría absoluta; se non, non pactaba. Iso tamén é evidente.

Pero mire, vaime permitir, con todo o respecto, dicirlle unha cousa. Tamén é perigoso —e cito con frecuencia o Partido Popular, pero tamén vou citar neste momento a vostede— asumir que o que demanda a sociedade é o que demanda un grupo político en concreto, sexan vostedes, sexamos nós ou sexa o Partido Popular. Polo tanto, a diversidade é a diversidade.

E, de todas as cousas que citou vostede, na derogación da LOMCE claro que estamos de acordo, é obvio, pero é que a derogación da LOMCE ten que ser unha derogación pautada e controlada, non se pode deixar o país ou o Estado sen un sistema educativo.

A blindaxe orzamentaria. Xa a citei na miña intervención.

E, con respecto á participación, ¡joia!, mire, é que nesa subcomisión están participando todos os implicados no campo educativo, no mundo educativo, os partidos políticos evidentemente, pero tamén as asociacións de pais, de profesores, asociacións de centros tanto públicos como concertados, equipos profesionais de directivos, etc. Todo o mundo ten o seu momento de participación.

E, polo tanto, eu entendo que a súa emenda, tal e como en certo modo apuntaba a señora Rodil, xa pon o foco no que debe ser obxecto de consenso. E un consenso non é algo predefinido. Un vai cunha posición, vostedes con unha, cada partido con outra, para defender o que entende que debe ser, pero un consenso é un consenso e se cada un dos que están aí non cede non é un consenso, é unha imposición.

En todo caso, con respecto ao que sinalaba, señora Rodil, estamos de acordo, claro que si. ¿Derrogación do Decreto do plurilingüismo? Por suposto que si. ¿Unha Lei galega de educación? Claro que si. Pero non como un símbolo diferenciador —comentábámolo o outro día—, senón como unha lei que permita pegar o funcionamento do sistema educativo á realidade desta comunidade autónoma, que non é outra cousa, non é outra demanda, non é unha cuestión de singularidade; é dicir, temos unha lei propia, e unha lei propia para garantir determinadas cousas.

E con respecto ao que dixo o señor Fernández Gil, ¿que quere que lle diga? Di que mañá hai unha pregunta, evidentemente de parte —que me parece ben, jeh!, forma parte do funcionamento democrático—, para que o señor conselleiro explique a posición de Galicia. Non, é mentira, e vostede, como licenciado en filosofía, sabe que iso non é certo, é unha falacia lóxica. Non é a posición de Galicia, é a posición do Goberno de Galicia, que non é igual. E por iso nós pretendiamos aquí —vexo que con pouco éxito— que se formulase un mecanismo de consenso. Será a posición do Goberno, porque eu non sei. Ao mellor a En Marea e ao Bloque lles preguntaron, desde logo ao Grupo Socialista non lle preguntou o señor conselleiro que posición ía defender nesa conferencia no Senado, e, polo tanto, será a posición do Goberno de Galicia. ¿Con quen falou? Supoño que con ninguén e, polo tanto, non é unha posición da Comunidade Autónoma, é unha posición do Goberno de Galicia.

Di vostede, joia!, despois de citar a Guillermo de Ockham e esa duplicidade, mire, substituír o criterio político por un órgano técnico invalida totalmente a función que temos os 75 que estamos aquí. É dicir, se xa están os técnicos para definir cal é o sistema educativo, podemos ir todos para a casa, aforrámoslle unha certa cantidade de cartos á Comunidade Autónoma e pregamos o Parlamento.

E, de todos modos, eu non tiña preparada ningunha frase en latín para responderlle á súa cita de Ockham, pero, como dicía un compañeiro meu da Inspección educativa que era profesor de latín: *ad impossibilia nemo tenetur*, é dicir, ante a imposibilidade non podemos facer nada, e se vostedes van votar que non a unha petición de consenso, de consenso desta comunidade autónoma...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...nada podemos facer de máis por moita vontade que poñamos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Sobre a emenda, ¿aceptou a emenda?

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Non.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*O señor Álvarez Martínez pronuncia palabras que non se perciben.*)

Non, non, non entramos niso.

Debatemos agora a seguinte proposición.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez e D^a Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para frear a praga da avespiña do castiñeiro

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Boas tardes, señorías, señor presidente.

O sector da castaña, un sector emerxente na Galiza despois dun latente abandono dende os anos oitenta, está de novo ameazado polo posible avance do *Dryocosmus*, ou, o que é o mesmo, a avespiña do castiñeiro —como máis vulgarmente é coñecida—.

Galiza é a principal comunidade autónoma de España en produción e exportación de castañas. Na última campaña superáronse os 20 millóns de quilos, que se traducen nun estimado valor que xera máis ou menos uns 100 millóns de euros anuais.

Estase a constatar, por medio de empresas, de produtoras, de comercializadoras, de propietarias, a preocupación xeneralizada en toda Galiza polo avance desta praga. Hoxe en día a avespiña esténdese con gran velocidade, sen que existan medidas, como podas ou talas de pés afectados, e as poucas que se teñen feito non teñen tido éxito ningún. A praga da avespiña pode ocasionar serios danos económicos na produción de castaña, pero tamén sobre todo ao patrimonio forestal de soutos centenarios que hai en toda a zona oriental de Galicia.

As esperanzas do sector do castiñeiro están postas na loita biolóxica contra a praga a través da solta do seu parasito, o *Torymus*. En Galiza a loita experimental do castiñeiro co *Torymus* iniciouse no ano 2015, coa liberación duns dez mil exemplares do insecto nas provincias de Lugo e Ourense, as de maior presenza do problema. Isto non é só porque a avespiña ataque máis as provincias do interior, senón porque o resto do país témolo un pouco eucaliptalizado, hai pouco castiñeiro.

A capacidade da praga para multiplicarse de ano en ano é a principal preocupación do sector, pois cada femia da avespiña do castiñeiro pode poñer entre cen e douscentos ovos por campaña.

A avespa foi detectada en Galiza en maio do ano 2014, non o ano pasado 2016, como a nosa conselleira afirmou na comparecencia do anterior pleno, non sei se por descoñecemento ou por malversar eses datos —non vou dicir, señor presidente, que mentiu..., (*Risos.*) ou pódollo dicir—; e, segundo, porque a proxección elaborada da propia publicación da Xunta de Galiza é do ano 2015, e dinos que esta invadirá gran parte das poboacións de castiñeiro da comunidade autónoma en catro ou cinco anos.

De acordo coa experiencia nos países infestados previamente, a única medida eficaz para manter a praga por baixo do limiar de danos e deste modo recuperar a produtividade do castiñeiro é o control biolóxico mediante o parasitoide do *Torymus sinensis*. Este parasito autóctono da avespa chinesa non acadara unhas altas taxas que se precisaban para manter a praga controlada.

Agora, se mo permiten, unha breve descrición, imitando o señor González, o amigo e compañeiro falando sobre a couza na anterior comisión. O *Dryocosmus*, un insecto himenóptero, como as abellas e as avespas, orixinario de China, comeza a súa dispersión a partir do ano 1941 coa súa dispersión por Xapón, no 1974 chega a Norteamérica e en 2002 chega á costa italiana e poucos anos despois xa se atopa diseminado en gran parte da área do castiñeiro europeo, concretamente no sur de Francia e en toda a península Ibérica; a primeira vez en Cataluña, na Península, no 2012 en Cataluña, e en Galicia e Portugal no ano 2014, ano no que se cita oficialmente pola Consellería do Medio Rural a súa presenza en oito localidades das provincias de Lugo, A Coruña e Ourense.

A avespa chinesa do castiñeiro é considerada a praga máis importante das principais especies de castiñeiro en todo o mundo. Provoca perdas que poden superar o 50 % e incluso chegar ao 100 % de perda de produción de castañas. Debilita as poboacións e cultivos desta especie, que tanta importancia ten na nosa paisaxe galega e na economía rural de moitas localidades do centro e da Montaña oriental galega.

A rapidez da súa difusión e o enorme impacto nas árbores fai necesaria a toma de medidas de protección, primeiro, por parte dos propietarios dos soutos; segundo, por parte dos viveiristas e das viveiristas, que ven ameazadas as súas producións e as súas plantacións; e, terceiro —que creo que, non por ser a última, é menos importante—, pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galiza.

E ¿por que? Porque é unha praga que está afectando 221.900 hectáreas de soutos na Galiza, soutos orientados á produción de castaña, que superan en ocasións, como citamos antes, os 20 millóns de quilos por tempada.

A avespa chinesa do castiñeiro chega aos soutos galegos no momento da reactivación do cultivo, no que moitos propietarios e propietarias de terras e de soutos ven a produción de castaña como unha boa alternativa produtiva nun momento no que se está a facer un grande esforzo para o establecemento de novos soutos e para a restauración de soutos vellos.

A presenza da avespa preocupa tamén moi directamente os responsables do Centro de Investigación Forestal de Lourizán —así o teñen expresado—, ese centro modélico ao que o Partido Popular segue a privar dun orzamento digno, no cal conservan coleccións e condicións de variedades tradicionais de máis de cen especies distintas recoñecidas na IXP «Castaña de Galicia». A avespa do castiñeiro é unha ameaza importante para todo o traballo desenvolto polas docentes de Lourizán, polo que deberían establecer medidas de protección.

O feito de que as poboacións estean constituídas só por femias, que poñen entre cen e douscentos ovos cada unha, outórgalle á especie a capacidade de fundar ou de rexenerar unha

poboación a partir dun só individuo. Tamén lle confire unha gran capacidade reprodutiva, que se traduce nun crecemento moi rápido das poboacións. Alén disto, ao igual que outras especies exóticas invasoras, benefíciase en Europa da ausencia de inimigos naturais eficaces que regulen as súas poboacións, limitando a súa dispersión e a densidade destas.

Os adultos, cun tamaño de entre 2 e 2,5 milímetros, emerxen dende mediados de maio ata finais de xullo e viven sobre dez días. Saen da bugalla preparados para ovipositar unha carga de máis de cen ovos. As postas realízanse sobre as xemas novas desenvoltas sobre os gromos novos en crecemento. Cada xema pode ter no seu interior ata vinte ovos. Os ovos eclosionan dentro das xemas aos trinta ou corenta días, dando orixe a larvas, que permanecen no seu interior durante o outono ao inverno. Á primavera seguinte, cando o castiñeiro comeza a abrochar, as larvas hibernantes retoman a actividade, inducen á formación das bugallas, aliméntanse dentro das bugallas durante uns vinte-trinta días e cando ocupan comen a can-dea, ou sexa, o castiñeiro non dá froito.

Hai dúas vías de dispersión da avespá do castiñeiro: a natural, tamén denominada dispersión a curta distancia, por un voo directo do propio insecto, sen influencia do home; vén alcanzando, avanzando anualmente entre tres e catro quilómetros como mínimo e oito ou dez como media, ata uns vinte e cinco nos casos máis extremos documentados E a dispersión non natural, por todos coñecida, por medio de transporte humano e pola distribución do material vexetal infestado.

Os datos oficiais indican que no mes de maio do ano 2014 había oito puntos afectados en toda Galicia. Considerando unha velocidade de dispersión natural de oito quilómetros por ano e tendo en conta a dispersión a longa distancia, prevese que en tan só catro anos, ou sexa, no ano que vén, gran parte das poboacións de castiñeiro galegas estean totalmente infectadas.

Unha das preguntas que nos facemos —e estes datos que acabamos de dar aquí son datos todos da propia Xunta de Galiza—, se en tan só tres anos a avespá está presente en todo o país, ¿que medidas efectivas ten tomado a Consellería do Medio Rural durante todo este tempo?

As perdas de rendemento non se producen ou son de moi baixo impacto mentres non se acade ou supere o 30 % das xemas danadas. Cando se observan de catro a seis bugallas murchadas por ramo de inverno duns 50 centímetros, pódese estimar que as perdas xa van superar o 50 %. O segundo ou terceiro ano da infestación dun souto as perdas acadan entre o 50 % e o 80 %, incluso chegando ao 100 %. Se as perdas de rendemento se prolongan, o máis probable é que se produza un abandono masivo do cultivo.

O *Torymus* —control biolóxico mediante a solta deste parasito— trátase da realización dun control biolóxico. Único parasitoide específico, é a única medida eficaz coñecida que permite manter as poboacións de avespá por baixo do limiar de danos. En moitos países óptase por esta vía de control, descartando a loita química, polos seus custos económicos, polos seus custos ambientais e pola baixa efectividade que teñen os produtos químicos. É a única vía de control eficaz nos soutos.

A introdución dunha especie exótica leva consigo riscos para a biodiversidade e os hábitats presentes. Neste caso, os principais son a posibilidade de hibridación con outros *Torymus*

autóctonos que xa existen no *Quercus robur*, así non no *pyrenaica*. A non introdución pode supoñer maiores riscos para a biodiversidade e para os hábitats, modificando a composición de especies ou a súa capacidade de carga.

A Consellería do Medio Rural e do Mar, en colaboración coa Estación Fitopatolóxica do Areeiro, solicitou ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a importación do parasitoide para a realización de ensaios de loita biolóxica, tanto en laboratorio como en campo. Trátase de obter uns resultados a partir dos cales o Ministerio poida valorar se é posible utilizar o uso e comercialización deste organismo como medio de control. Esta autorización xa chegou no ano 2015 e a día de hoxe case non se fixeron soltas de *Torymus*.

Nunha nova que saíu hai catro ou cinco días na *Voz de Galicia*, nunha entrevista ao presidente da indicación xeográfica protexida, o señor Quintás, dicía: «*El sector de la castaña pide sueltas masivas para frenar la avispiña. La avispiña del castaño se ha extendido ya al 80 % de los árboles...*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: *...de esta especie de la comunidad autónoma, según señaló el presidente de la IXP de Galicia Jesús Quintá. Por el momento, parece que todavía no ha llegado a alguna zona de la Montaña, pero en el resto de las comarcas de Ourense y de Lugo donde están concentradas las plantaciones ya han detectado su presencia.»*

Vou formular xa directamente a proposición non de lei que trae En Marea aquí á Cámara para o seu debate: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a: Informar a produtoras, comercializadoras, cooperativistas e empresas, etc., sobre o estado do avance da avespiña nos seus territorios, así como das medidas que están a implementar para frear a praga. Dar cursos de formación a produtores para atacar a avespiña antes de que chegue o *Torymus*. E incrementar a partida para a erradicación da praga, pois agora mesmo estase a observar como as medidas tomadas ata o de agora non foron as suficientes».

Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Rodríguez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señora presidenta.

Señores deputados, boas tardes.

A castaña é ese froito que foi sustento durante séculos da maior parte da poboación deste noso país. Xa sufriu no XIX unha sentenza de morte coa tinta, logo veu a filoxera e outros regalos como a tala masiva no século XX de soutos, dos que quedou constancia na toponimia nada máis, debido á calidade da madeira de castiro.

Hoxe a ameaza vén de Oriente en forma de nespra pequeniña que bugallea os castiros, a semellanza do que outra especie —está si do país— fai cos carballos e carballizos, e que nos proporcionou aos nenos de antano aqueles caricoches, carrabouxos ou bugallos redondiños para os nosos xogos. Esta avesporiña —como dicía ben David— foi detectada no 2014, aínda que levaba connosco xa desde o 2012. E supoñemos que a estas alturas a Consellería terá rematado —o seu caso é rematar— os estudos e accións encamiñados a coñecer polo miúdo o ciclo vital do bichiño en cuestión. E o que é máis importante: supoñemos desde o BNG que saberemos do seu comportamento nos diferentes microclimas e como lle afectan as condicións de humidade, temperatura e demais propias deste noso territorio, porque non se comporta igual en todas as partes de Galicia.

Supoñemos que tamén terán estudado —repite— polo miúdo cal é a razón pola que se observa menor incidencia desta praga naquelas zonas onde hai abundancia de carballeiras parasitadas por esoutra curmá que convive connosco e cos carballos dende hai anos e anos. ¿Será que o predador destes insectos que habitan as mazacucas dos carballizos tamén ataca a avesporiña dos castiñeiros? A investigadora Fina Lombardero observou diferentes especies parasitoides dos insectos causantes dos bugallos dos carballos atacando a especie invasora nos castiñeiros, actuando como mecanismos naturais de control que frean a propagación desta avespiña asiática.

Aí está a razón pola que as soltas de *Torymus sinensis* foron tímidas e prudentes en demasía, segundo un amplo sector de produtores. Nós preguntamos que, se como parece, a dependencia que ten o predador da avespiña é total, as soltas —xa se fixeron máis tarde ou máis cedo— van estender tamén o *Torymus* salvador. Hai medo, e ben é que así sexa, a que as hibridacións ou os desequilibrios provocados pola introdución deste controlador biolóxico que non teñan marcha atrás. Pero haberá que decidirse.

A produción da castaña, pese ao desleixo institucional sufrido, debido á expansión inducida do eucalipto, esa árbore maravillosa que tantos beneficios ten dado a este país e que fixo do noso medio rural un monte e unha terra prometida onde vivimos felices ata o de agora. Pero, por certo, non se cometerá outra vez a torpeza que todos recordamos da solta dun bichiño que podía controlar a praga do eucalipto chamado así «do país»: insecto el que no mes de novembro foi soltado sen abrigo nin aparatos calefactores, e o pobre morreu de frío. Pois ben, pese á invasión de eucaliptos, a castaña —como ben dicía David— está en período de alza por ser froito que volve ter consideración como alimento e como delicatesen. Toca pois andar e tomar medidas, decidirse se imos agardar e poñer o depredador *Torymus* en circulación tímida ou masivamente, ordenar, controlar e xestionar a multiplicación do mesmo. ¿Que se vai facer?, ¿abrir a veda e que o mercado regule o que é competencia das institucións públicas? ¿Vai tomar en serio o problema e informar os afectados de hoxe e de mañá para comezar a poñer couto á praga?

O problema é serio, e o grupo do BNG vai apoiar esta proposición, por suposto, que nos parece acaída, aínda que tímida, neste momento en que comeza a vida de novo, a *prima vera*, que marca o ciclo dos biolóxicos.

Moitas grazas (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (SOLLA FERNÁNDEZ): Moitas grazas, señor Rivas.

Polo Grupo dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Quiroga Díaz.

O señor QUIROGA DÍAZ: Presidenta, señorías, boa tarde.

E hoxe tráesenos aquí unha iniciativa que nós imos respaldar e que ademais entendemos que debería acadar un respaldo maioritario e unánime por parte da Cámara, dado que estamos a falar dunha árbore senlleira e dun problema serio para este país, e cómpre, urxe tomar medidas.

E a nosa posición é favorable, entre outras, porque as 213.742 hectáreas que estatisticamente ocupan os castiñeiros non reflicten fidedignamente a realidade de castiñeiros e soutos no noso país, xa que fóra destes datos quedan as masas puras menores de dúas hectáreas, que parece que non son recollidas pola foto satélite ou non son analizadas polos investigadores.

Os soutos son as formacións que nomeadamente representan este xénero vexetal, que en Galicia ten ata dezaseis variedades distintas que se aproveiten, cada unha coas súas cualidades, pero o castiñeiro como árbore ten un grande espallamento, mesturado e mesmo en solitario ou en pequenos grupos.

O castiñeiro é unha árbore que, sen ser orixinaria da Península, colleu carta de natureza en Galicia como árbore senlleira, calmou a fame de xeracións de galegos, compuxo fogares, deu apelido a linaxes, incitou a construcións específicas ou liceiras, sequeiras e canizos, etc., e encheu o refraneiro e cantigueiro galego. Non só penetrou nos costumes gastronómicos e socioculturais, senón que cos seus toros retortos por séculos de vicisitudes axudan a configurar unha paixase dándolle personalidade propia. A todos estes aspectos súmase o aproveitamento do froito, que na última tempada —como xa se dixo aquí polo ponente— chegou a recoller ou chegou a producir uns vinte millóns de quilogramos, que proporcionaron preto de cen millóns de euros, sendo a produción galega líder en España e a primeira subministradora dun mercado interior en continua expansión, e ademais como importante subministradora a mercados como o italiano ou mesmo o francés. O dato de cincocentos empregos directos é bastante clarificador da transcendencia deste froito e desta árbore.

Dentro do valor económico que provoca o seu coidado, no aproveitamento non só hai que referirse aos produtores, que na súa totalidade ou en parte teñen na castaña unha fonte fundamental de ingresos, senón tamén a propietarios en xeral, que teñen o aproveitamento da castaña como un complemento de rendas, que na situación económica actual axuda moitas familias a chegar a fin de mes. E aí iría un matiz do que falaba antes co ponente, que nos parece que non está debidamente recollido na parte propositiva desta proposición non de lei, que son os propietarios en xeral, que nós os distinguimos claramente do que serían produtores.

Neste contexto, chega unha nova praga que escurece o futuro de moitas familias e véñse sumar a outras ameazas xa instaladas, como antes se enumeraron: o cancro, a tinta, o roubo, o espolio nos soutos e a recuperación —que non é menos importante pola transcendencia— da produción noutros países, nomeadamente Italia, que poden dar ao traste coa alza deste produto.

Por iso, combater a avespiña e facelo con rapidez e eficiencia é un asunto vital para Galicia e para os galegos. Por todas estas razóns, nós imos apoiar esta proposición e gustaríanos se se puidera introducir ese cambio de meter a propietarios en xeral dentro dos beneficiarios da formación e da información, dado o espallamento do castiñeiro, non só en soutos, non só en masas puras, senón ao longo e ancho deste país.

Polo tanto, por todas estas razóns, nós imos apoiar esta proposición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Quiroga.

Grupo Parlamentario Popular, señor González Vázquez.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: Boas tardes, señor presidente.

Señorías, vimos hoxe debater —xa se falou suficientemente na intervención dos outros voceiros— unha PNL sobre a avespiña do castiñeiro. Eu, coma sempre, leo con atención —sobre todo as do señor Rodríguez— as súas iniciativas, e esta tamén. Din que deamos máis información sobre a avespiña, que deamos cursos de formación. Este punto 2, xa na réplica me explicará que significa «Dar cursos de formación a produtores para atacar a avespiña antes de que chegue o *Torymus sinensis*». Logo explicarei por que me estraña este punto.

Lendo a súa exposición de motivos —hai algún erro nela pero tamén o falaremos— parece que a Xunta non está a actuar fronte á problemática da avespa do castiñeiro. Eu penso —e vouno argumentar— que non é certa esta posición. O primeiro que temos que dicir en relación con esta proposición non de lei é que tanto a Xunta coma o noso grupo parlamentario estamos totalmente convencidos de que un dos baluartes das nosas producións tanto agrarias como forestais é a súa calidade. Polo tanto, entendemos que debe estar avalada por un grande esforzo en materia de sanidade e vexetal. E cando falamos de sanidade vexetal e cando falamos do castiñeiro temos que loitar non só contra a avespiña senón que tamén contra o cancro do castiñeiro.

Como xa dixeron tamén os voceiros, estamos a falar dun sector importante: 20 millóns de quilos de castañas, 30 millóns de valor para os produtores e probablemente arredor de setenta millóns en produtos transformado. Pero é que ademais é unha produción que todos estamos de acordo en apoiar, non só polo seu valor económico senón tamén polos valores ecolóxicos e culturais que supoñen os soutos para o noso país.

Evidentemente, a Consellería do Medio Rural traballa para protexer a produción de castañas dos soutos mediante medidas de sanidade vexetal que vou tratar agora de desgranar. E páreceme importante que teñamos todos claro que cando se detecta un problema de sanidade vexetal, como pode ser o cancro do castiñeiro ou da avespiña asiática, o primeiro que se ten que ter é un estudo claro de cales son as posibilidades de loita contra el e despois actuar, non se pode actuar dun momento para outro.

Así, por exemplo, no ámbito do cancro do castiñeiro empezouse a investigar sobre a loita biolóxica contra este cancro no ano 2003 e entendeu-se que tiñamos que traballar con cepas hipovirulentas. Empezamos a inocular no ano 2011 e cos que se van inocular neste ano levamos xa máis de noventa mil pés tratados contra o cancro de castiñeiro.

Con respecto á avespiña do castiñeiro, tamén todos vostedes describiron cal é a súa procedencia. É un insecto que procede de China e que entrou en España no ano 2012, e en Galicia no ano 2014. A Xunta non estivo parada. En primeiro lugar, en maio do 2014, comunícase a presenza do organismo na nosa comunidade autónoma ao Ministerio en Madrid. Ao tempo, dítase unha instrución aos servizos provinciais co fin de facer unha detección precoz da presenza do patóxeno e a elaboración dun mapa de presenza. Para dar información, publicouse un tríptico, que está á súa disposición, señor Rodríguez, por se o quixera, para ter toda a información que necesiten os produtores. Aquí o que se lles dicía era cales eran os problemas da avespiña e como se podía, dalgunha maneira, tratar de minimizar o seu impacto. Despois o que se fixo foi enviar as mostras recollidas en campo e análise das mesmas por parte do laboratorio oficial de referencia para determinar a presenza da avespa.

A Estación Fitopatolóxica do Areeiro comezou no ano 2014 cos ensaios. Aquí temos que ter claro unha cousa: a única posibilidade de loita biolóxica —e nisto concordamos todos os que falamos respecto disto— contra a avespiña do castiñeiro é a solta dun insecto que parasita e come as larvas, o *Torymus sinensis*. Si, señorías, pero é que o *Torymus sinensis* tamén vén do sureste asiático, e, polo tanto, temos o problema de que podería atacar a nosa fauna autóctona. Polo tanto, hai que facer as soltas de forma controlada. Isto é o que se fixo por parte da Xunta: no ano 2015 soltáronse non 10.000, soltáronse 15.000 —10.000 femias e 5.000 machos— para que se vaian reproducindo para poder loitar contra a avespiña.

Todo isto que lle acabo de contar foi debidamente informado ao sector no Consello Forestal do 11 de decembro do ano 2015. Lémbrolles que no sector forestal están representados, entre outros, os sindicatos e as asociacións ecoloxistas.

No ano 2016 —xa que falan de que non se soltaron moitos— cóntolles que se soltaron 66.500 individuos de *Torymus sinensis*. E no ano 2017, segundo os datos que se comunicaron tamén ao Consello Forestal na reunión do 17 de febreiro deste mesmo ano, vanse soltar 133.000 —84.000 femias e 49.000 machos—, para que de novo se volvan reproducir e vaian facendo o seu labor contra a avespiña.

Ademais, en Lourizán estase a estudar a posibilidade de que algunhas das nosas árbores autóctonas poidan estar mellor preparadas para loitar contra a avespiña.

Polo tanto, temos, por un lado, a loita biolóxica co *Torymus* e, por outro lado, a busca de variedades autóctonas que sexan quen de ser resistentes contra a avespiña.

E remato coa terceira das cuestións, que falan vostedes de incrementar os orzamentos. Miren, no ano 2017, en loita contra a avespa do castiñeiro temos 282.478 euros e na loita contra o cancro do castiñeiro 397.420 euros. Estamos a falar de case que setecentos mil euros para loitar contra as pragas que afectan os nosos soutos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor González Vázquez.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Señor Vázquez, aquí un servidor o ano pasado denunciou o caso de avespiña nun souto nun lugar concreto, chamou ao servizo, viñeron recollela, ata hoxe. Pasou un ano, estamos esperando unha visita, estamos esperando que nos dean unha explicación de que temos que facer coas bugallas infectadas, porque ata o de agora ata alí non soltaron o *Torymus*. A iso é ao que nos referirmos nós neses cursos de formación a produtores para atacar a avespiña namentres que non chega o *Torymus*. ¿Que facemos mentres? ¿Eu que teño que facer se atopo unha bugalla infectada? ¿Fago como os da couza, que están que non saben que facer coas patacas, que seguen con elas alí enterradas? É exactamente o mesmo.

As variedades autóctonas, si, si que é verdade que existe a Alongada, de Parede, creo que a de Presas, son tres ou catro variedades autóctonas que si que resisten, pero é que temos máis de cen variedades recoñecidas na indicación xeográfica protexida de Castaña de Galicia. ¿Que pasa coas outras noventa e sete?, ¿ímolas erradicar? Non podemos cinguirnos. Vostede é viticultor, imaxínese que haxa un fungo que ataca certa clase de cepa, e resulta que só pode producir un tipo de uva. Eu non o vexo así, dende En Marea non o vemos así.

O presidente da IXP da Castaña recoñeceuno hai cinco días, dixo que o pasado ano se perdeu o tempo ao non autorizar as soltas masivas, que imos ter entre seis e sete anos complicados, que confiemos en que sexa o menos posible, pero é confiar. Están esperanzados cero. El era coñecedor de que en canto chegara a avespiña era para quedar aquí, como outras pragas. E co que se está a facer agora mesmo non é suficiente.

As soltas do insecto para que teña todos os efectos desexados téñense que facer na primavera, cando as árbores perden o frío invernal. No día de hoxe, ¿estanas soltando? No Macizo Central aínda non soltaron a avespiña e están documentados os casos de bugallas do castiñeiro.

O *Torymus* empregouse na loita biolóxica contra a avespiña pois en Italia e Francia, e tivo efectos contrastados. É verdade, claro que temos que investigar, pero levamos dende o ano 2014. E se no 2014 se constataron oito casos nas provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra, e agora témola repartida por toda a comunidade autónoma galega, eu penso que non se fixeron os deberes.

En Galicia o sector produtor leva anos solicitando unha solución a este problema, temerosos dos efectos que vai supoñer para as colleitas.

Pola nosa parte, nada máis.

Hai unha engádegas. Presidente, creo que si que se pode facer, ¿non? ¿Vale? É do Partido Socialista e quedaría redactada da seguinte maneira: «Informar os produtores e propietarios, comercializadores, cooperativas e empresas...», o resto segue igual. No punto número 2: «Dar cursos de formación a produtores para atacar a avespiña namentres non chega o *Torymus*.»

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Paso agora a ler unha declaración institucional que me fixeron chegar os grupos con motivo do Día Internacional do Pobo Xitano:

«Con motivo do Día Internacional do Pobo Xitano, o 8 de abril, o Parlamento de Galicia quere sumarse a esta celebración que lembra o I Congreso xitano celebrado en Londres o 8 de abril de 1971, no que se instituíu a bandeira e o himno xitano.

Nun proceso de avance no necesario e xusto recoñecemento institucional do pobo xitano, estes símbolos poderán ser empregados protocolariamente nas conmemoracións, actos e eventos institucionais relativos ao pobo xitano, posto que o pasado 9 de marzo o Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade, unha proposición non de lei pola que “o Congreso insta o Goberno a declarar o 8 de abril como o Día do Pobo Xitano, recoñecendo a bandeira azul e verde cunha roda vermella de dezaseis radios e o ‘Gelem, Gelem’ como himno do pobo xitano”.

Dende os poderes públicos debemos contribuír a ese recoñecemento institucional a unha comunidade cunha historia e cultura propias, asentada en España dende xa hai máis de cinco séculos e que, con todo, segue sendo a minoría máis rexeitada socialmente tanto en España como en Europa.

Este Día Internacional do Pobo Xitano debe ser un día de celebración para os xitanos e xitanas, ao que cada vez máis debemos sumarnos as institucións e o conxunto da sociedade. É un día para lembrar a historia do pobo xitano, a súa longa e penosa peregrinaxe de expulsións ao longo dos séculos; un día para lembrar as vítimas do xenocidio nazi e de tantas persecucións ao longo da súa historia.

Este 8 de abril é unha oportunidade para recoñecer a comunidade xitana como parte da nosa cidadanía, mostrar a realidade diversa e plural do pobo xitano e poñer en valor as súas aportacións á construción da nosa sociedade.

A pesar dos avances que xa se produciron nas últimas décadas, a comunidade xitana segue sufrindo uns niveis de pobreza e exclusión que revelan a gran fenda de desigualdade que lles impide moitas veces o pleno exercicio dos seus dereitos. Os elevados índices de fracaso escolar entre o alumnado xitano, as dificultades das persoas xitanas para accederen ao mercado laboral e a situación da infravivenda de moitas familias lastran calquera oportunidade de avance social.

A iso hai que sumar a mala imaxe social da comunidade xitana, baseada en prexuizos e estereotipos moi arraigados na nosa sociedade, que xorden moitas veces do profundo descoñecemento e que xeran situacións de rexeitamento e discriminación.

Os poderes públicos temos a responsabilidade de garantir a igualdade de todos os cidadáns, tamén dos xitanos, poñendo en marcha as medidas necesarias para reducir as desigualdades sociais, combater a discriminación e o antixitanismo e favorecer a participación activa de xitanos e de xitanas en todos os ámbitos e espazos na nosa sociedade.

O 8 de abril, Día Internacional do Pobo Xitano, é unha boa ocasión para visibilizar as comunidades xitanas e celebrar este día xunto aos nosos concidadáns xitanos e xitanas, e pedimos ao conxunto da sociedade que se sume a esta conmemoración».

Moitas grazas pola súa atención. *(Aplausos.) (Apróbase por asentimento.)*

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e seis deputados/as máis, sobre o impulso pola Xunta de Galicia, xunto coa Fegamp, da creación de cemiterios de carácter supramunicipal que poidan atender a demanda de enterramentos conforme os requisitos das confesións minoritarias con maior arraigamento en Galicia

O señor PRESIDENTE: Debateremos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado José Alberto Pazos Couñago.

Formuláronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Xosé Luís Bará Torres, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a estudar, conxuntamente coa Fegamp, a creación de cemiterios que poidan atender a demanda de enterramentos conforme aos criterios das confesións relixiosas con maior arraigamento en Galicia, no marco da normativa xeral e sectorial.»

Emenda de adición.

Débense engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, dous novos puntos:

«- Promover o desenvolvemento da Lei de bases de réxime local, que establece que os concellos deben prestar o servizo público de cemiterios.

- Colaborar cos concellos para habilitar nos cemiterios espazos non profesionais para a celebración de cerimonia de despedida.»)

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través o seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

1º) Conxuntamente coa Fegamp, elaboren un plan de desenvolvemento para a creación de cemiterios de carácter supramunicipal que podan atender a demanda de enterramentos conforme aos requisitos das confesións minoritarias con maior arraigo en Galicia, establecendo:

- Os municipios onde se crearán*
- Un calendario de posta en funcionamento*
- A dotación económica necesaria para o cumprimento do dito plan.*

2º) Modifique a Lei 8/2008 de saúde de Galicia, e o Decreto 151/2014 do 20 de novembro de sanidade mortuoria de Galicia, para aqueles enterramentos que teñan que ser feitos en contacto coa terra.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que non podía este deputado soñar mellor preámbulo que o que se acaba de ler para anteceder o debate da iniciativa que hoxe nos ocupa e que traemos agora mesmo aquí.

Antes de nada, señorías, permítanme que comece esta intervención saudando as persoas que hoxe nos acompañan na tribuna de invitados do Parlamento de Galicia. Por unha banda, quixera dar a benvida aos representantes da comunidade islámica de Galicia, encabezada polo seu presidente, *Salam aleikum!* Tamén nos acompañan esta tarde os representantes da comunidade xudía de Israel de Galicia, a todos eles, *Shalom!* E permítanme que saúde moi especialmente a dona Ania Horszowski, supervivente do gueto de Lwow, e que con 95 anos hoxe nos acompaña pola emoción que lle causou coñecer a presentación desta iniciativa. Agradézollo especialmente.

Hai aproximadamente dous anos, e co gallo da presentación dun libro sobre as minorías relixiosas en Galicia, auspiciado pola Fundación Pluralismo e Convivencia, tiveron a oportunidade de establecer un primeiro contacto cos representantes de distintas confesións relixiosas de implantación minoritaria en Galicia. Durante o transcurso daquel acto, e na breve conversa que mantivemos posteriormente, coincidimos en que non existían en Galicia problemas graves de convivencia derivados da intolerancia relixiosa, sen que o aumento nos últimos anos de persoas que procesan credos distintos do católico teña suposto ningún problema significativo no noso país.

Ademais de constatar esta realidade, os representantes das distintas confesións aproveitaron a ocasión para trasladar á Administración autonómica distintas reivindicacións de moi diversa índole. Entre elas, destacaba moi notablemente unha: a ausencia de espazos nos que poder dar sepultura aos seus seres queridos, cumprindo cos requisitos establecidos polos seus respectivos credos relixiosos.

En sucesivos encontros tivemos a oportunidade de coñecer máis polo miúdo a problemática derivada desta circunstancia. Por unha banda, atopámonos coa problemática dos cidadáns de procedencia estranxeira, que en moitos casos optan por subscribir un seguro que permita a repatriación dos seus restos mortais ao seu país de orixe. Se opta este cidadán por permanecer en España, debería ser trasladado a un dos cemiterios da súa confesión, que si existen en moitos casos noutras comunidades autónomas.

Cando as posibilidades económicas non permiten a subscripción deste seguro, son os outros membros da comunidade os que deben argallar distintas solucións, para poder repatriar eses restos funerarios, asumindo unha tarifa administrativa moi complexa, ademais de sufragar uns custos de traslado certamente importantes. No caso de que o falecido deba ser trasladado ao norte de África, por exemplo, o custo pode situarse ao redor dos cinco mil euros. Se a súa orixe se sitúa en latitudes máis lonxanas —o que non é infrecuente—, poden alcanzar incluso os catorce mil euros.

Todas estas circunstancias, como comprenderán, contribúen a facer aínda máis difícil un trance, xa de por si penoso, como é a perda dun ser querido.

Pero non todos os cidadáns que profesan estas relixións son cidadáns estranxeiros. Existe un crecente número de cidadáns galegos que, ben polo contexto familiar no que naceron, ben por procesos de conversión, con orixes ás veces no matrimonio, ou ás veces simplemente na reflexión persoal, non teñen máis patria que a nosa. Eses cidadáns, ao igual que outros moitos que sen nacer en Galicia xa se senten plenamente galegos, deben elixir no seu último momento entre o amor ao seu país e o amor á súa relixión. Non nos parece que esta sexa unha elección xusta.

En consecuencia, despois destas reunións, recollemos o guante que se nos lanzaba e incluimos no programa electoral do noso partido, o Partido Popular de Galicia, o compromiso de impulsar a creación de cemiterios para confesións minoritarias en Galicia.

Hoxe vimos aquí dar o primeiro paso para cumprir ese compromiso, e facémolo dende o convencemento de que así podemos resolver un problema de carácter humano e dende o convencemento de que con esta solución avanzamos no exercicio dos dereitos civís das minorías en Galicia, das minorías e tamén das maiorías. Porque, señorías, o Partido Popular de Galicia defende o principio de liberdade relixiosa e de cooperación dos poderes públicos coas confesións, consagrado no artigo 16 da Constitución española, que no seu teor literal establece o seguinte: «Garántese a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto dos individuos e das comunidades sen máis limitación, nas súas manifestacións, que a necesaria para o mantemento da orde pública protexido pola lei. / Ninguén poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas». E, por último: «Ningunha confesión terá carácter estatal. Os poderes públicos terán en conta as crenzas relixiosas da sociedade espa-

ñola e manterán as conseguíntes relacións de cooperación coa Igrexa católica e as demais confesións».

Señorías, nun tempo no que os ataques á proxección pública de calquera elemento relixioso parece estar xustificada baixo, ao meu entender, falso argumento de que a perfección democrática só se alcanza a través da aplicación dos principios laicistas, queremos facer unha defensa do modelo democrático establecido na nosa Constitución, que aposta decididamente por outorgar un status público ao feito relixioso de calquera confesión e sen máis límite que o que establece o único libro que a todos nos representa e a todos nos obriga: a Constitución española de 1978.

Polo tanto, non imos asumir que o exercicio desta liberdade relixiosa se pretenda restrinxir ao ámbito da esfera privada dos individuos, do mesmo xeito que non poderíamos tolerar que unicamente puidésemos exercer o noso dereito á libre expresión na intimidade dos nosos fogares.

Hoxe, baixo o teito da institución que representa a soberanía dos galegos, atopámonos persoas de distintos credos e opinións. O Parlamento de Galicia, seguramente a máxima expresión do debate público no noso país, acolle neste momento, neste preciso instante, católicos, musulmáns, xudeus, ateos e agnósticos, cadaquén co seu credo, cadaquén coa súa opinión. Penso sinceramente que poucas veces a Galicia plural estivo tan ben representada como no día de hoxe. E todo isto aquí, no ámbito do debate máis público de toda Galicia. Esta é a Galicia que nos gusta, tolerante, plural e capaz de colaborar para solventar os problemas e dificultades dos seus semellantes.

O plantexamento que hoxe lles facemos require ademais a colaboración de distintas administracións. Á Xunta de Galicia correspóndelle o impulso para abordar un problema que afecta un bo número de familias galegas, ben sexa de orixe, ben sexa polo seu sentimento de pertenza a esta terra. Pero non podemos esquecer que a de cemiterios é unha competencia básica da Administración local, e consecuentemente é esta Administración á que lle correspondería asumir a prestación da mesma. Nembargantes, e a pesar do incremento do número de cidadáns que profesan relixións minoritarias, dificilmente os concellos poderían dar solución a esta problemática dun modo individual, debido fundamentalmente á dispersión xeográfica desta poboación e á falla de masa crítica que xustifique a creación de cemiterios destas características en cada un dos concellos galegos, ou incluso en concellos puntuais. Por iso cremos que a mellor maneira de abordar esta cuestión é mediante a colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias, lexítima representante do conxunto do municipalismo galego, a fin de buscar a solución máis acaída a cada caso de maneira conxunta e o máis racionalmente posible.

Nun momento no que en distintas partes do mundo se levantan muros e barreiras para protexernos daqueles que pensan ou senten distinto, hoxe temos a oportunidade de enviar unha mensaxe diferente. Unha mensaxe de que existe outra maneira de evitar os conflitos, baseada na xenerosidade, na tolerancia e no coñecemento do outro, porque ese sempre foi o modo de proceder dos galegos. Somos un pobo que se espallou polo mundo e que o conquistou con tolerancia, con traballo, con bonhomía.

Creo que é de xustiza que hoxe os lexítimos representantes do pobo galego que nos sentamos aquí fagamos dignidade a esa condición deste pobo ao que representamos e teñamos a xe-

nerosidade de facer un esforzo por que unanimemente poidamos recoñecer as xustas reivindicacións das persoas que hoxe nos acompañan e de moitas outras que profesan distintas confesións. Espero que así sexamos quen de facelo e espero que poidamos transmitirles unha boa nova a toda esta xente, a todos estes galegos que hoxe se achegaron á súa casa a comprobar como os seus representantes eran quen de representalos axeitadamente.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*Aplausos.*)

Grazas, señor Pazos.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi boa tarde.

Teño que dicir que compartimos a preocupación que expresou aquí o representante do Grupo Popular, o señor Pazos, polas confesións relixiosas que el chama «minoritarias», que nós non utilizaríamos este cualificativo. Á parte, xa estaría o estilo solemne e un pouco grandilocuente da súa intervención e ese chamamento ecuménico que lanzou aquí, que contrasta un pouco coa práctica política do Partido Popular, porque aí nas portas de Europa hai miles de persoas doutras crenzas, doutras relixións, doutras cores de pel que están agardando nunhas condicións miserables a entrar en Europa, (*Aplausos.*) e teñen o rexeitamento das políticas dos partidos como o seu, que estamos agardando a que acollan esas persoas refuxiadas que se comprometeron a acoller. Polo tanto, están ben estes discursos ecuménicos pero hai que ser máis consecuentes e máis coherentes.

A min tamén me gustaría coa miña intervención convencelos de que tamén hai outras persoas que teñen dereitos, outras sensibilidades, outras crenzas, e que respecten tamén coa súa práctica política, por exemplo, as persoas que son o segundo grupo en canto a cuestións cuantitativas por crenzas, que son, por exemplo, as persoas ateas e non crentes, que segundo o CIS representan máis do 26 % da poboación, e en crecemento.

E por non dicir nada xa por que tamén sexan coherentes con este discurso ecuménico e empecen a mudar o statu quo de privilexios que ten, por exemplo, a Igrexa católica en detrimento doutras confesións ou doutras crenzas que ten a xente. Porque, claro, está moi ben falar de liberdade relixiosa, pero a Igrexa católica disfruta no Estado español dunha serie de privilexios que eu creo que contradín o que son os principios dun Estado democrático. Por certo, privilexios que son parte desa pesada herdanza do franquismo, do nacional-catolicismo —non lles gusta que llelo digan, pero é así—; ese mesmo franquismo que exterminou centos de evanxélicos, que perseguiu centos de persoas doutras crenzas relixiosas. Esa é a herdanza que temos hoxe. (*Murmurios.*)

E, entón, temos que falar dos acordos coa Santa Sé loxicamente, que crea un estado de excepción de privilexios para a Igrexa católica, é así —por certo, acordos coa Santa Sé que

foron santificados polas dúas forzas políticas maioritarias do Estado español—, e que crean unha realidade —si— de privilexios como, por exemplo, que teña a Igrexa católica acordos de financiamento que a benefician, que teña privilexios e beneficios fiscais, que teñamos o anacronismo no Estado español de que na toma de posesión de cargos públicos aparezan símbolos da relixión católica. Eu creo que iso é ofensivo para outras relixións, para outras crenzas, (*Murmurios.*) para outras persoas que pensan distinto. Iso debe desaparecer da nosa realidade. Ou a confusión que segue habendo entre o Estado e a relixión católica en moitas prácticas públicas e moitas prácticas sociais. Iso tamén é discriminatorio para outras crenzas, para outras formas de ver o mundo.

Por non falar do privilexio que aínda mantén a Igrexa católica, por exemplo, no rexistro de bens públicos, que está levando á apropiación de bens que son de todo o mundo. Esa tamén é unha realidade dese Estado que vostede pon como modelo democrático.

Por non falar de que aínda pervivan as misas católicas nos medios públicos. E nós estamos en contra das misas católicas, (*Aplausos.*) sexan en galego, sexan en castelán. (*Aplausos.*) E pensamos que as persoas deben ter liberdade para asistir aos lugares de culto, loxicamente, pero os medios públicos non son para favorecer tamén determinadas crenzas relixiosas.

Por non falar da presenza no ensino absolutamente dominante no currículo da relixión católica. Ou no caso dos cemiterios —que é o tema que nos ocupa—, que o 90 % dos cemiterios que hai en Galiza son católicos. (*Murmurios.*)

Ben, aquí temos unha lexislación xa desde hai case corenta anos...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio.

O señor BARÁ TORRES: ...que obriga ao que están poñendo vostedes agora como unha proposta novidosa. ¿Que estiveron facendo nestes corenta anos para non cumprir a Lei de bases de réxime local, a Lei de liberdade relixiosa ou a Lei de enterramentos en cemiterios municipais, que obriga, por exemplo, a que haxa espazos reservados para enterramentos de diversas confesións relixiosas? ¿Sabe de que ano é esta lei? Do ano 1978. O Partido Popular leva gobernando moitas décadas tanto no Estado como en Galiza, ¿que estiveron facendo para aplicar esta normativa?

Ben, polo tanto, hai unha lexislación vixente que permite xa facer iso. Deberíase facer un esforzo para que nos propios cemiterios públicos municipais, que deberían ser máis dos que existen agora, porque existe tamén a obriga legal de que os concellos teñan cemiterios como un servizo público para que aí haxa xa enterramentos para as distintas crenzas.

Polo tanto, nós propoñemos —sendo realistas e tamén cun principio de prudencia e de eficacia— modificar a súa proposta para que en lugar de «impulsar» se poña a expresión «estudar en colaboración coa Fegamp». Cemiterios, que poden ser ou non de carácter supramunicipal, porque podería haber cemiterios xa existentes que dispoñan de terreos que permitirían ter este destino, porque xa a Lei de enterramentos nos cemiterios públicos obriga a que haxa eses espazos. Polo tanto, habería que explorar esa vía, que sería moito máis fácil.

E despois quedánnos aquí moitas incógnitas, por exemplo: ¿eses cemiterios van ser exclusivamente para outras crenzas que vostedes chaman «minoritarias» ou van ser de uso xeral?, ¿quen ten a iniciativa?, ¿quen vai tramitar os proxectos, porque se son supramunicipais suponse que os vai tramitar a Xunta?, ¿quen os vai financiar? Quedan aquí moitas incógnitas.

Ao mesmo tempo, nós propoñemos dúas engádegas que entendemos que complementan a súa proposta, que xa digo que a compartimos e que a matizamos en todo caso nesas... (*Murmurios.*) ¡Calma! ¡Tranquilos! (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. Si, si, tranquilos todos. Tamén deste lado. De todos os lados tranquilos.

O señor BARÁ TORRES: ...promover... Non, non, se a min non me preocupa... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Tranquilidade.

Non, pero remate xa. Mire o tempo.

O señor BARÁ TORRES: Non me preocupa que me interrompan...

O señor PRESIDENTE: Non, non, mire o tempo. Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...dúas engádegas propoñendo que se cumpra o actual marco legal, que establece que os concellos deben prestar por si mesmos ou de forma mancomunada o servizo público de cemiterios; esa é unha obriga legal. E, terceiro: «Colaborar cos concellos para habilitar nos cemiterios espazos para a celebración de cerimonia de despedida», que non teñan por que ser espazos de uso...

O señor PRESIDENTE: Xa está entendido.

Moitas grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: E queda para outra ocasión...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas. Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...desmontar toda esa trama de privilexios que ten a Igrexa católica.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non, non, silencio... non... Respete o público que temos arriba, por favor, que son os nosos invitados.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes a todas as persoas invitadas hoxe nesta Cámara das distintas relixións do noso país. Boas tardes, señoras e señores deputados.

Creemos que o momento do pasamento é realmente un momento especialmente doloroso e delicado para calquera persoa, que independentemente da relixión que se profese se trata dun momento importante, non só para a persoa que falece senón tamén, sobre todo, para os familiares ou amigos encargados deste labor, pois todos queremos facer este momento da maneira que quixo a persoa que finou, cumprindo a súa vontade, os seus costumes e de acordo coas súas crenzas relixiosas.

Sabemos ademais que os custos dos enterramentos son demasiado altos, supoñen en moitas ocasións un problema importante para quen ten que enfrontalos. E nos casos das relixións minoritarias —musulmá, israelita, evanxélica, entre outras— non contan en Galicia con ningún lugar adaptado para poder facer os seus enterramentos de acordo cos ritos da relixión que profesan. Polo que caben dúas solucións: ou enterralos en cemiterios existentes e facer enterramentos en lugares non adaptados ás súas crenzas, ou desprazarse ou ben fóra de Galicia ou fóra do Estado e asumir os custos que isto conleva, incrementando o de por si xa elevado custo dun enterramento.

Pero, miren, o Partido Socialista xa no ano 1992 aprobou as leis 24/1992, 25/1992 e 26/1992, polas que se aprobaron os acordos de cooperación do Estado coa Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España, coa Federación de Comunidades Israelitas de España e coa Comisión Islámica de España, respectivamente. E nas que recollen, entre outras cousas, os efectos civís dos matrimonios celebrados ante os ministros de culto destas relixións. Polo tanto, os socialistas fomos, somos e seguiremos sendo defensores da igualdade como principio básico na nosa sociedade. Igualdade de dereitos entre as persoas de distinto sexo, igualdade de dereitos entre persoas de distinta cor de pel, igualdade de dereitos entre as persoas de distintas capacidades e, evidentemente, a igualdade de dereitos entre persoas de distintas crenzas relixiosas.

Nós imos aprobar esta PNL, señor Alberto Pazos, evidentemente. E teño que dicir que ademais o seu discurso case me chega ao corazón. (*Aplausos.*) Pero nós, os socialistas, si que creemos na igualdade, e por iso creemos que se se aproba sen as emendas que nós presentamos para esta PNL realmente non están cumprindo a súa función. Están facendo o que fan habitualmente: facendo que fan sen facer nada, absolutamente nada. Traen unha proposta baleira totalmente de contido, e ademais pretenden que unha vez máis sexan os concellos os que leven a cabo a eliminación das desigualdades que vostedes os da Xunta de Galicia non son quen de equilibrar. (*Aplausos.*)

Vostedes saben perfectamente que para materializar este acordo non basta con presentar unha PNL no Parlamento e cubrir un expediente, largalo aos concellos dicíndolles que é a súa competencia e despois, se non se cumpre, o Grupo Parlamentario do Partido Popular xa ten feito o que lles correspondía e non poden facer nada máis.

Se de verdade queren levar a cabo esta proposición non de lei, nós presentamos unha emenda, señores, facendo un plan, e nese plan díselles: primeiro, en que concellos galegos se vai facer, posto que en Galicia non hai ningún; segundo, un calendario con prazos de execución, porque os acordos teñen que facerse con prazos —*sine die* non son acordos—; e terceiro, un plan de financiamento, porque sen cartos non hai nin proxecto nin obras. Supoño que o Partido Popular o que non pretenderá será aprobar unha PNL e que paguen os concellos, ¿verdade?, entre outras cousas porque vin na prensa que o propio presidente da Fegamp di que el ten coñecemento pola prensa destes acordos.

De verdade, se vostedes queren sacar adiante esta iniciativa e se de verdade lles preocupan estas persoas, que representan un 6 % da poboación galega, aproben as nosas emendas. Así si verán recollidas as súas lexítimas reivindicacións. E, por certo, tamén saben que hai que facer cambios normativos, tanto na Lei de saúde de Galicia como no decreto de sanidade mortuoria de Galicia. Non obstante, o noso voto a favor vano ter, porque, como xa lles dixen ao principio, os socialistas e as socialistas sempre cremos na igualdade e aprobamos os textos en igualdade e os dereitos con acordos que teñan contido, non con PNL baleiras.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Boas, señor presidente.

Benvidos os invitados que están aí arriba e grazas por estar aquí, neste Parlamento.

Dende o Grupo Parlamentario de En Marea defendemos e defenderemos sempre que se recoñeza a liberdade relixiosa e de culto como un dereito de todos os galegos e galegas, un dereito constitucional, e, de feito, queremos resaltar que todas as persoas poden profesar e impulsar calquera tipo de confesión, sempre que esta se desenvolva no ámbito da esfera privada e cumpra co marco legal e normativo.

Cómpre ter unha cousa clara: que dende En Marea temos absolutamente claro que a esencia da democracia se basea precisamente nisto, na liberdade de elección a todos os niveis, e, dentro desa liberdade, inclúese, loxicamente, a liberdade de escoller entre unha ou outra confesión, ou ningunha, que esta tamén é parte da liberdade.

Queremos resaltar tamén que esta defensa da liberdade relixiosa para nada significa poñer en tea de xuízo a aconfesionalidade do Estado. Precisamente para garantir que o noso sistema democrático perviva, tanto o poder executivo como o lexislativo e xudicial deben asumir esa aconfesionalidade e permanecer neutrais. Unha cousa é defender a liberdade relixiosa para os cidadáns e outra cousa moi distinta é que as estruturas do Estado tomen partido por unha determinada relixión e que a beneficien a base de privilexios que perviven lexislatura tras lexislatura e goberno tras goberno, tal e como estamos vendo no noso país.

Non pode ser, por exemplo, que a Igrexa católica estea exenta de pagar o IBI, cando moitas empresas e cidadáns do noso territorio, do noso Estado, teñen problemas para chegar á fin de mes. Non é democrático que a estas alturas a relixión católica siga condicionando boa parte da política educativa nin podemos consentir a desigual repartición de xudas e subvencións públicas a asociacións segundo a relixión e principios que profesen. Acabamos de ver un exemplo ben recente coa polémica sobre o autobús *Hazte oír*.

É certo que nestes intres eu mesma podería coincidir con moitas afirmacións do actual líder da Igrexa católica, o papa Francisco, que, como xa bromean algúns, incluso nos adianta ás formacións políticas da esquerda pola esquerda, precisamente. Vou citar algunhas das súas declaracións, porque igual lles resultan familiares, e todos e todas —vostedes tamén— poderán aprender delas. Por exemplo, as seguintes: «A hipocrisía é a lingua da corrupción». Aparece nunha misa pronunciada en xullo de 2013, moi acaída para un día como hoxe, co que está pasando en Murcia. «Non se pode tolerar que o Mediterráneo se converta nun gran cemiterio», un discurso pronunciado ante o Parlamento Europeo, en Estrasburgo, a finais de 2014 polo papa Francisco. «Cando unha familia non ten nin para comer, porque ten que pagar o préstamo aos usureiros, iso non é cristián, é inhumano». «Non existe ningunha xustificación nin social, nin política, nin moral, para aceptar a falta de aloxamento». Isto foi nunha xuntanza do papa cos sen teito na parroquia de San Patrick, en Washington, en setembro de 2015. «Non pode ser que non sexa noticia que morre de frío unha anciá en situación de indixencia na rúa e que si o sexa unha caída de dous puntos na bolsa». Sen embargo, para o señor Feijóo a necesidade do bono social non era tan alta. E, por último, en abril de 2015, nunha carta da Cumbre das Américas, dicía: «Ata que non se logre unha distribución equitativa da riqueza, non se resolverán os males da nosa sociedade».

Creo que moitas das que estamos aquí podemos coincidir co espírito destas frases, sobre todo nesta bancada, pero, aínda que proveñan do máximo responsable do catolicismo mundial, isto non significa que sexan unha escusa para darlle un beneficio a unha relixión sobre as outras e un trato de favor e poñer en tea de xuízo a aconfesionalidade do noso Estado.

Falando xa e entrando en materia desta PNL —que nos sorprendeu gratamente, a verdade, con respecto ao que é a sensibilidade habitual do Partido Popular—, vemos que, efectivamente, na actualidade, o número de persoas en Galicia que din que profesan unha relixión distinta á católica representa un entorno ao 6 % do total da poboación e que nos últimos anos outras relixións, efectivamente, aumentaron exponencialmente a súa presenza, medrando o número de adeptos a outras confesións, por dous motivos principais, entre eles, o aumento de persoas que veñen a vivir e a traballar a Galicia, e tamén porque vemos que nos últimos quince anos chegaron arredor de 250.000 persoas que proveñen de distintos territorios —non é nos niveis de Cataluña ou de Madrid, pero, sen embargo, si que vemos que é algo que se está incrementando— e que traen con eles as súas crenzas. Isto simplifica o camiño para abrir unha multiplicidade relixiosa, o cal é positivo para nós. E tamén vemos como xoves galegos teñen grandes diferenzas coas xeracións anteriores, porque os xoves que deixan de seguir o catolicismo como relixión predominante están moi por riba da media dos maiores de 60 anos, que é dun 1,7, e a dos menores de 30 é dun 11,1.

Entón, tendo isto en conta e xa valorando o que é a iniciativa, nós si que consideramos, aínda que xa se dixeron moitas cousas a este respecto, que non é unha proposta nova, observamos que está baleira de contido e que é un proxecto que non parece que estea moi maduro, de feito, tamén nos chamou a atención que o presidente da Fegamp se enterase pola prensa da iniciativa. E tamén queremos incidir en que os concellos que teñen as competencias en relación cos cemiterios, como xa se comentou, cremos que teñen que asumir un custo e que, se non hai un calendario na liña que amosaba o Partido Socialista, non vemos como se van financiar.

E respecto da creación dun cemiterio supramunicipal, aínda que é positivo, non vemos moi ben como os concellos, se non o explican, van financiar este tipo de cemiterios, e ademais consideraríamos unha alternativa mellor que eses concellos máis pequenos firmasen convenios entre eles cos concellos limítrofes de maior tamaño.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Si, xa remato.

Polo tanto, imos esperar a ver que se di no final da súa intervención das emendas do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego para ver se nos abtemos ou votamos a favor. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Supoño que os nosos invitados deben estar sorprendidos. Claro, deben estar pensando neste momento: ¡o que se dirán estes señores cando o debate e a proposta que se fai non lles gusta! Porque todo isto o escoitamos nunha proposición que, supostamente, é do seu agrado. Francamente, en fin, entendo que saian de aquí un tanto confusos. En todo caso, si lles aclaro algunhas cuestións.

Primeiro, asumo que probablemente utilicei un ton solemne para a exposición inicial desta proposición non de lei. Créanme que é porque considero que é un momento solemne, e creo que a presenza das persoas que hoxe están aquí e a importancia que a medida supón para esas persoas merecía que ese tema fose tratado coa debida solemnidade. *(Aplausos.)*

A partir de aí teño que dicir que, en fin, hai cousas que eu intentaba expresar e probablemente non fun quen de facelo coa debida precisión. Unha das cousas que intentaba dicir, señor Bará, é que podemos discrepar, que podemos estar en desacordo, que podemos ter distintas opinións e que iso non implica que, necesariamente, cando teñamos que contrastar esas diferenzas, teñamos que faltar a ninguén ao respecto. E creo que algunhas cuestións que hoxe dixoxostede, francamente, poderían terse aforrado nesta Cámara.

Teño que lamentar, e moito, ademais de amosar a miña sorpresa, escoitar —e escoitar, ademais, da súa boca; se me permite, o termo soa un tanto apócrifo— a expresión «a trama»

referida á Igrexa católica. Creo que é, francamente, desafortunado, como creo que é francamente desafortunado dicir que o que vostede define como os seus privilexios teñen a súa raíz no franquismo, cando ese concordato, eses acordos aos que facía mención, están recollidos na Constitución española de 1978. Entendo que a vostede non lle guste esa Constitución, pódoo entender, pero, por favor, respéctea, e respecte a todos os españois que se autooutorgaron esa Constitución, que nada ten que ver co réxime que a precedeu, que é de infausto recordo para todos.

En todo caso, é certo que non existen estes cemiterios, é certo, e é certo que probablemente todos tiveramos a oportunidade de facer moito máis no pasado por solventar este tema. Pero, claro, eu teño que recordarlles, porque a distribución competencial das materias entre as administracións non as fixo o actual Goberno, que a competencia de cemiterios é municipal; é excesivamente municipal, e din vostedes: ¿e por que non se cumpriu? Pois non o sei, levan vostedes media vida no de Pontevedra, señor Bará, supoño que esta xente poderá acudir alí a darse enterramento conforme as súas crenzas. *(Aplausos.)* Pero non, claro que non, claro que non pode. E por iso temos que intentar plantexar solucións e por iso cremos que o interlocutor máis válido para isto é a Federación Galega de Municipios e Provincias. E, por suposto, non, non tratamos co presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, porque é un señor que milita no Partido Socialista, e nós temos o costume de elaborar o programa do Partido Popular entre os membros do Partido Popular; iso si, recollendo o sentir maioritario da sociedade. Pode que esteamos equivocados, pero ata o de agora non nos foi de todo mal.

Polo tanto, señoría, respecto a todo o mundo, respecto á autonomía local e imos ser un pouco máis tolerantes. Dende logo, nós non nos imos manifestar publicamente en contra de que se emitan misas católicas pola Televisión pública, e incluso invitamos a Televisión pública ou calquera outra televisión a que concrete a emisión doutros programas relixiosos doutras confesións. É que non se pode restrinxir a liberdade relixiosa ao eido privado; é un craso erro, porque a partir desa extensión a todos os demais dereitos acabaremos mantendo este debate vía telefónica para que non nos escoite ninguén, porque esa é a maneira que teñen vostedes de entender o exercicio dos dereitos fundamentais. Aquel dereito que non se pode exercer publicamente non é dereito, é todo o contrario, é o cercenamento dos dereitos fundamentais dos cidadáns..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)...*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señora PAZOS COUÑAGO: ...e aí a nós non nos van atopar nunca.

O señor PRESIDENTE: As emendas, sobre as emendas.

O señora PAZOS COUÑAGO: Si, sobre as emendas simplemente direi, señor Bará, que non temos costume de manter diálogo con quen falta gravemente, sinceramente, ao respecto deste grupo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

En canto á emenda do Partido Socialista, á que, ademais, lle agradezo o ton da intervención, se lle parece, falamos e intentamos chegar a unha transacción ao respecto, que creo que será posible, para a satisfacción de todas as persoas que hoxe nos acompañan.

A eles e a vostedes moitas grazas pola súa atención, e non se preocupen, Galicia e o seu Parlamento hoxe se pronunciarán favorablemente a favor desta PNL. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Concepción Burgo López e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co actual sistema de concesión e a normativa reguladora de bolsas e axudas ao estudo

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Proponse substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reclamar ante o Goberno do Estado as competencias referidas á xestión das bolsas e axudas escolares.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra a señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boas tardes, señorías.

Señores invitados na tribuna, dos cambios que realizou o presidente Rajoy e o Partido Popular no Goberno de España en materia de educación, eu diría que os máis graves son todos os que romperon os criterios de equidade e igualdade de oportunidades, que son os que teñen que presidir calquera sistema educativo, e que en España, ademais, conseguimos que chegaran a un grao moi alto. Este grao moi alto de equidade rompeuse coas políticas do Partido Popular, fundamentalmente, entre outras, coa política de bolsas, que é fundamental para acadar esa igualdade de oportunidades, porque teñen que garantir que ninguén que teña a capacidade, a vocación, o ánimo e a vontade de seguir cos estudos non obrigatorios o poida facer.

Co Goberno do presidente Zapatero, o gasto en bolsas creceu de forma continuada en todos os orzamentos do seu mandato, porque coñeciamos a debilidade do sistema de bolsas en España. E tamén co presidente Zapatero a bolsa de estudos era un dereito. Era un dereito porque todos os alumnos e alumnas que cumpriran os requisitos exixidos tiñan unha axuda para a continuación dos seus estudos. E os requisitos eran económicos, loxicamente, porque as bolsas están para corrixir os problemas económicos, non doutro tipo. Utilizábanse requisitos académicos tan só para renovar as axudas. Todo isto supuxo que crecera, e moito, o número de bolseiros ao longo dos mandatos do señor Zapatero.

Todo isto rematou coa política do presidente Rajoy. Modificouse todo o sistema, e modificouse cunha clara motivación ideolóxica: reducir o número de alumnos universitarios, que era o que quería o ministro Wert e o señor Rajoy. Excluir os estudantes pertencentes a familias de reducido poder económico e, dende logo, tamén reducir o orzamento destinado a bolsas.

E todo isto conseguiuuse con dous decretos que cambiaron todo o sistema. O Decreto 1000/2012, do 29 de xuño, que aumentou os requisitos académicos para acadar unha axuda para os estudos, e aumentounos dunha forma absolutamente inxusta. Lémbroo por se as súas señorías o esqueceron. Agora, para ter unha bolsa complementaria, unha bolsa que pague a matrícula e que pague ademais un complemento para a residencia e a axuda nos estudos, o alumno e a alumna teñen que ter un 6,5. Iso, señores e señoras, era un notable. Polo menos, cando eu tiña un alumno cun 6,5, dáballo un notable. Para conseguir simplemente as taxas de matrícula era un 5,5.

Non cambiaron as normas na universidade, porque aquel que ten diñeiro para pagar a matrícula e pagar os estudos non necesita nin un 5,5 nin un 6,5, necesita un 5. É dicir, os que teñen diñeiro pasan de curso e matricúlanse cun 5, os que non o teñen, cun 6,5. Se isto non é unha inxustiza desde todos os puntos de vista, xa me dirán vostedes.

Pero ademais no 2013 houbo outro decreto, o 609, que corrixiu á baixa todas as dotacións económicas das distintas axudas para os universitarios de grao e máster, cambiou as tipoloxías, fixo desaparecer as axudas á mobilidade e reduciu a contía á metade.

Era obvio para todos o que ía pasar con estas modificacións nas bolsas, pero agora non soamente podemos predicilo, é que agora sabemos qué pasou. E non sabemos qué pasou porque o diga o Partido Socialista, sabemos qué pasou, qué consecuencias tivo todo isto, a través dos informes e das análises de expertos; a través dos informes da Conferencia de reitores e tamén de artigos como o do profesor Hernández Armenteros, un dos maiores especialistas en financiamento universitario.

¿E que pasou? Pois, señorías, rógolles que escoiten isto porque, de verdade, é moi importante. Pasou o seguinte. En primeiro lugar, que o aumento dos requisitos académicos para acceder a unha bolsa deixou fóra do sistema de bolsas e axudas ao estudo no ano 2014 e 2015 a arredor de 53.000 estudantes, que antes tiñan unha posibilidade de conseguir unha bolsa e que agora non teñen esa posibilidade; 53.000 estudantes fóra do sistema.

Estancouse o número de becarios, que soamente crece nun 3 % anual cando nos anos anteriores crecía entre un 30 % e un 35 % anual.

Tivo outra consecuencia: aumentou moito o número de bolseiros que só acadan unha bolsa para pagar as taxas universitarias; é dicir, tan só a matrícula, como se non houbera outros gastos aos que atender cando un fai unha carreira universitaria.

Multiplicáronse por tres estes bolseiros. Pasaron do 12 % no curso 2012-2013 ao 36 % no curso 2014-2015. Isto quere dicir que o 36 % dos bolseiros españois tan só reciben o pago da matrícula; nada máis que iso, nada máis.

Tivo ademais outra consecuencia: o decreto de 2013 ocasionou un empobrecemento moi importante da capacidade económica dos alumnos e alumnas universitarias bolseiras.

Segundo o informe da CRUE e do doutor Hernández Armenteros, a dotación media per cápita dos bolseiros coas novas condicións descendeu un 20,33 % entre 2012, 2013 e o curso 2014. No 2014, a bolsa media dun bolseiro español está á altura e ao nivel de 2006; é dicir, os nosos bolseiros retrocederon dez anos exactamente, practicamente dez anos, na contía das súas bolsas. Isto sen ter en conta que, dado o confuso sistema que inventou o Partido Popular, nestes momentos, en marzo de 2017, hai miles de alumnos que aínda non recibiron a súa beca. O problema é tal todos os anos, que este ano houbo unha petición na plataforma change.org que solicita que se paguen as becas que aínda non estaban pagadas. 200.000 firmas, señores e señoras. 200.000 firmas de bolseiros e doutras persoas preocupadas pola igualdade que solicitan que se pague a bolsa no curso no que se solicita, porque ao final de curso aínda non teñen as bolsas.

E o que é tamén moi importante, ¿como afectou todo isto aos estudantes galegos que a Xunta ten a obriga de defender? Pois afectounos da seguinte maneira.

En primeiro lugar, o importe medio da bolsa para os bolseiros estudantes galegos entre o curso 2012 e o curso 2014-2015 descendeu un 29,08 %, un 29 % menos, e non deriva da importancia da contía das matrículas, porque no ano 2012 e 2014 a contía da matrícula é exactamente a mesma. Perderon 1.000 euros, señorías, 1.000 euros per cápita, como media, os bolseiros galegos. E ademais hai moitos menos estudantes galegos cunha bolsa, exactamente un 9,8. Cifras estatísticas do Ministerio de Educación e Cultura, non nosas, comparando o ano 2011 e o ano 2014. Practicamente un 10 % menos de bolseiros en Galicia.

E todo isto non se arranxa coas famosas bolsas das que sempre presumen, da Consellería de Cultura. Porque, señorías, seguramente moitos de vostedes que non están neste mundo non o saben, pero as bolsas da Consellería para os que quedan fóra do sistema de Wert, que, por certo, é xa unha emenda ao sistema de Wert, os que teñen entre un 5 e un 6,5, os que quedan fóra, tan só pagan a matrícula, tan só. ¿E saben cantas concede a Consellería? Tres de cada dez solicitantes. Tan só paga a matrícula a tres de cada dez que a solicitan.

Se unen todo isto, verán como os estudantes galegos teñen cada vez máis dificultades para acceder... ¡Claro, estudantes sen medios!, porque os estudantes con medios non teñen ningunha dificultade: nin notas, poden matricularse ademais todas as veces que queiran, que con que pague o pai e a nai, non hai máis. Todo isto significa que moitos non poden acceder á universidade.

Por todo isto, nós solicitamos que este Parlamento lle diga ao Goberno de España e ao Partido Popular que hai que cambiar xa todas estas modificacións, volver ás modificacións anteriores. Pero ademais con consenso, convocar o Observatorio de bolsas e acadar un consenso entre todos. Revisar os toques de renda, que están impedindo que moita xente con problemas económicos non teña unha bolsa, e crear unha bolsa de rescate que permita —esta si— voltar aos alumnos que perderon a beca polos requisitos do ministro Wert.

Dado que creo que son todas elas peticións obxectivas e lóxicas, e que xa coñecemos as nefastas consecuencias das modificacións, espero que vostedes todos voten afirmativamente esta proposición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Boa tarde de novo.

Paso a dar conta sucintamente. A emenda que presentamos dende o Bloque Nacionalista Galego orixinariamente foi concibida como unha emenda de substitución, pero finalmente chegamos ao acordo de que se vai aceptar como engádega. E basicamente o que propoñemos desde o Bloque Nacionalista Galego é solicitar ou instar o Goberno do Estado español a adoptar as medidas necesarias para transferir a Galiza a competencia e a capacidade de xestión das bolsas de axuda ao estudo.

Por certo que, revisando a maldita hemeroteca, foi algo que xa estaba acordado no ano 2008. De feito, asinárase un primeiro acordo naquela altura con dous gobernos completamente distintos aos que hoxe atopamos tanto na Xunta de Galiza como no Goberno do Estado español. Entre outras transferencias, por exemplo —entre elas as inspeccións de traballo, que hoxe tamén se mencionaron nesta Cámara—, tamén se atopaba a xestión por parte da Administración galega das bolsas de axuda ao estudo.

Dicía que hai que ir máis alá, primeiro, para facernos responsábeis do noso propio futuro e asumir a capacidade que ten este goberno —aínda que moitas veces non esteamos de acordo coa política que desenvolve— e este pobo para tomar as súas propias decisións.

Ademais, contar con esa capacidade política de xestionar directamente as bolsas de axuda ao estudo permitiríanos —se así estivésemos de acordo, por exemplo, nesta Cámara— aumentar a súa contía, adaptar as axudas ás necesidades do noso estudiantado e á realidade galega, porque —dicíao antes—, isto non é Andalucía, isto non é Madrid, isto non é Canarias, e aquí atopámonos cunha realidade no que ten a ver, por exemplo, co transporte marcada por grandísimas dificultades, o que obriga en moitos casos a ter que alugar un piso, a cambiar de residencia ou a ter que asumir por parte do estudante e a súa familia uns gastos moito maiores que noutros territorios.

Xestionar directamente esas axudas tamén nos permitiría, por exemplo, facilitar a súa tramitación. Algunha das cuestións das que se fala nesta iniciativa é, precisamente, dos atrasos dos que fomos testemuñas neste ano. Sempre que se reduce a poboación sobre a que debe aplicarse unha determinada medida e se aproxima tamén o centro de decisión precisamente a esa poboación, permite ser moito máis áxiles e tamén ter maior capacidade de presión cando as cousas non funcionan.

Esta proposta que nós facemos é absolutamente legal. É absolutamente legal no marco competencial actual, non exixe ningunha reforma constitucional de ningún tipo; de feito, Cataluña e Euskadi levan xestionando desde hai moitos anos directamente estas axudas. Euskadi desde o ano 1986, para que nos fagamos unha idea dos anos que hai que a xestionan directamente. Ademais esas competencias, tanto no caso da Generalitat de Cataluña como do propio Goberno vasco, foron referendadas —non quixera usar esa palabra, pero estaba dándolle voltas e non atopaba outra— polo Tribunal Constitucional en diversas ocasións, a máis recente no ano 2016, a respecto da Generalitat de Cataluña, pola invasión competencial que supoñía precisamente ese decreto do ano 2012, e no caso vasco tamén con anterioridade.

Para rematar, nós cremos que nesta Cámara escoitamos demasiadas veces «isto non podemos facelo porque as competencias non son galegas» ou outro tipo de escusas para non asumir as responsabilidades que temos como corazón político deste país en relación co futuro do noso pobo e, sobre todo, das novas xeracións, que son as que se están formando a día de hoxe nos institutos e, sobre todo, nas universidades.

Pasámonos a vida, moitísimas veces neste Parlamento, pedíndolle ao Goberno do Estado que faga, e ao Estado español emprazándoo e instándoo a que tome determinadas decisións que mellorarían a vida da nosa veciñanza, das traballadoras e dos traballadores deste país. Na miña casa sempre se nos dicía que pareciamos fillas de cura, que sempre estabamos pedindo. Vén moi ao caso tamén coa proposición non de lei que acabamos de debater con anterioridade. Eu creo que esta emenda o que vén é a dar un pasiño máis adiante e a comezar a tomar as decisións por nós mesmas, sen necesidade de ter que estar agardando a que o Ministerio de Educación ou o ministerio do ramo de turno tomen as decisións por nós.

Temos capacidade suficiente, somos adultas, podemos facernos responsábeis da nosa vida e, por suposto, tamén da xestión das nosas bolsas.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Boa tarde, señoras e señores.

Señor presidente.

¿Por que se pode afirmar que a política do Goberno do PP en materia de becas é unha política involucionista e regresiva? O PP modificou o sistema de concesións de becas xerais de universidades, complicándoo co establecemento dunha parte fixa e outra parte variable, o que sumiu nunha auténtica incerteza e desconcerto os estudantes e as súas familias. Os recortes ordenados pola Troica levaron a unha enorme tesoirada en materias de becas e axudas ao estudo.

O capítulo educativo, xunto co sanitario e servizos sociais, a tríada do Estado de benestar, sufriron os maiores recortes que se recorden na historia. Pero, non contentos cos recortes,

non contentos con modificar o sistema de becas, empeoraron a situación co constante atraso no sistema de ingresos aos estudantes beneficiados.

Na lexislatura que comprendeu entre 2011 e 2015, a comunidade educativa denunciou reiteradamente atrasos no pago das axudas que alcanzaron os meses de primavera; é dicir, practicamente a finais do curso académico. No presente curso, atopámonos ante a mesma situación. Desde o inicio do ano 2017 crecen cada día as queixas e denuncias. A demora no pago de axudas ocasiona importantes problemas económicos aos estudantes e ás súas familias.

A mala xestión do Goberno nesta materia levou a moitos estudantes —como xa se dixo aquí— a abandonar os seus estudos nos últimos anos ou a ter que compatibilizar con empregos precarios, e mesmo chegar a vender enseres, para continuar estudos. Unha mostra máis de que o actual Executivo non está garantindo o acceso universal á educación e que traballa máis ben para as elites.

No contexto actual, de desvalorización salarial e de empobrecemento das clases sociais máis desfavorecidas, de elevadas taxas de paro e dificultades para obter traballo, as familias con menos recursos son o elo máis vulnerable da cadea; as que teñen máis atrancos para cursar e para enfrontarse aos elevados custos académicos. As becas son, xa que logo, un elemento fundamental para que os mozos e mozas emprendan estudos de grao superior.

Nun contexto social como o descrito, resulta un sensentido que se ingresen as contías das becas á metade do curso ou contra o final. O problema da demora nas becas estase convertendo nun problema crónico intolerable. Nós consideramos que é moi grave, desde todos os puntos de vista. O ensino universitario non é o único que sofre estes atrasos; na FP a situación é semellante.

Dende En Marea consideramos absolutamente xustas as peticións do estudantado, que se poden dividir en dúas partes: que se produza antes a resolución e o ingreso das becas, e que se cambie o sistema con partes fixas e sen partes variables. Así estivo vixente ata o ano 2013; no que se modificou, foi para empeorar.

O encarecemento das matrículas, os recortes en becas e axudas; a subida das taxas; o endurecemento dos criterios para o acceso; a denegación constante das becas por razóns en moitas ocasións máis que cuestionables, parecen sobre todo argucias para ter menos beneficiarios, e a resultante non deixa lugar a dúbidas. A xestión do Goberno en materia de becas e axudas ao estudo é involucionista, clasista, regresiva e non permite o acceso universal á educación.

Por todo isto, nós apoiamos a iniciativa do Partido Socialista de Galicia. Tamén nos parece moi acaída a emenda que fai o Bloque Nacionalista Galego. E debemos dicir, para rematar, que, con respecto ao aumento das partidas, hoxe mesmo, á primeira hora da mañá, se falou do borrador de orzamentos que se quere aprobar, e hai que dicir unha mala noticia, ¡moi mala, señoras e señores! Neste mesmo borrador anunciouse nos medios de comunicación que as persoas perceptoras de becas serán menos.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Señor presidente, señorías, boas tardes.

Señora Burgo, traen vostedes unha proposición non de lei sobre un tema de clara competencias estatal e que se axusta, eu creo, aos temas que deberían ser tratados nese pacto pola educación do que xa se falou nesta Cámara esta mesma tarde.

Pedían consenso, e é ese o marco onde hai que levar o consenso, como se falou na proposta non de lei anterior. Aplíquense o conto en Madrid e busquen alí o consenso e os apoios nese ámbito, que é onde se decide. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Igualmente, hai un segundo marco no que se discute este tema, que son os orzamentos xerais do Estado. Tamén os animo, señores do PSOE, a que aparezan nesa discusión e colaboren á aprobación destes orzamentos. E sinto dicirlle, señora Cuña —xa sei que nos está escoitando—, que non leu ben os orzamentos, porque un ano máis hai incremento nas bolsas e incremento nos orzamentos de educación. Lea ben os orzamentos, por favor. Dareille agora os datos concretos en millóns de euros, en miles de millóns de euros.

En calquera caso, cremos que ese é o ámbito, e non traelo a este Parlamento. E menos cando se está discutindo —como xa se falou antes— en distintos foros ese posible pacto pola educación, que creo que debemos conseguir.

Como lles dicía, os datos contradín o seu discurso, porque o ano 2016, e agora, se se aproban —esperemos que co voto do Partido Socialista— estes novos orzamentos en Madrid, volverá haber un récord histórico, que é máis dun 30 % do diñeiro que o señor Zapatero poñía para becas. ¡Máis dun 30 %! Tome nota, 1.400 millóns de euros. E ademais, chega a moita máis xente. Datos obxectivos, non hai diminución. No ano 2015-2016, foron 323.904 bolseiros. No ano 2010-2011, do Partido Socialista, non chegaron a 270.000, foron 268.000, 50.000 bolseiros menos co Partido Socialista. Sinto ter que contradicila con datos obxectivos do Ministerio.

Ademais, xa lle digo, este ano, o proxecto de orzamentos que hoxe se coñeceu incrementa estas axudas e incrementa o 1.7 os orzamentos do Ministerio de Educación. Eu ánimoos a que voten a favor, porque eses máis de 16.000 galegos que veñen cada ano desfrutando destas becas poderán así desfrutalas se teñen eses orzamentos.

En calquera caso, falaban tamén de atraso das becas. ¿Sabe que unha das universidades galegas enviou os datos a mediados de decembro? Difícil, se mandan os datos as universidades a finais de decembro, que se poidan pagar antes esas becas. En calquera caso, estanse xa pagando, como vostede ben sabe.

Falaban tamén do criterio, de que sexa soamente económico ou que existan tamén algúns criterios de rendemento académico. Como ben sabe, o Supremo acaba de volver avalar por terceira vez a legalidade destas medidas. Evidentemente, o criterio económico ten que ser o

principal, o primeiro, para que ninguén quede excluído do estudo universitario por cuestións económicas. Pero tamén creo que é necesario pedir un certo rendemento académico ligado a estas bolsas.

En calquera caso, entendo que teñan criterios distintos. Escoitamos toda a semana discutir os seus dous candidatos á Secretaría Xeral que defendían propostas contrarias nos criterios para as becas, tanto ao señor Sánchez como á señora Díaz. Hoxe esperamos enterarnos de cal dos dous están a favor, pero levan toda a semana discutindo sobre este tema con distintos criterios. Non pasa nada.

O que si me gustaría recordar é que Galicia está facendo ben os deberes, aínda que non lles guste, na axuda aos estudos universitarios. Temos —como recordamos sempre porque é verdade— as taxas universitarias máis baixas de toda España. Temos, ademais, un programa complementario. Son moitas as medidas. Complementan esas axudas o pagamento de matrículas; concédense bolsas de carácter especial: bolsas para máster, hai outras para premios fin de carreira, bolsas complementarias para Erasmus, axudas de mobilidade e bolsas para estadias durante o verán para estudar idiomas.

Son estas convocatorias autonómicas feitas con rigor, con criterio, e ninguén queda fóra destas axudas dos que o solicitan, e ningún universitario galego queda excluído por causas económicas, porque se está traballando con rigor nesta liña.

Creemos que o marco debe tratarse nestes foros que xa están creados en Madrid para tramitar o pacto pola educación. Ademais, como os datos reflicten, cada ano son máis os fondos destinados e o número de bolseiros que os reciben.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERÁNDEZ PRADO: Votaremos en contra desta proposición.

Moitas grazas e nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o apoio do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea. Señora Rodil, por suposto que aceptamos como engádega a súa emenda. Ademais, parécemos moi acaída, creo que temos que ir cara aí e que mellora, dende logo, o texto que nós presentamos. Polo tanto, doulle as grazas, o mesmo que ao apoio de En Marea.

Señor Fernández, digamos que por poñerse aquí e verbalizar a realidade que vostede quere que sexa, non aparece esa realidade. Vostede pode verbalizar aquí o que queira, (*Aplausos.*) pero iso non fai que iso sexa verdade. E non é verdade.

En primeiro lugar, as consecuencias que teñen todas as modificacións producidas polo Goberno do PP non son eu quen as di, nin os datos, son os datos da Conferencia de reitores, que igual a vostede non lle gustan, non sei, pero son datos publicados da Conferencia de reitores e son datos publicados por un profesor universitario tan famoso e recoñecido como Hernández Armenteros. É dicir, non son eu quen o di, señor Fernández, dino os expertos das universidades.

Por outra parte, por suposto que o pacto, pero é que isto vai formar parte do pacto, por suposto que si. Hai que modificar todo este sistema, fundamentalmente porque este sistema —como dixo a Conferencia de reitores— exclúe a moitos alumnos para o acceso á universidade ou a continuación de estudos.

Di vostede que unha universidade galega enviou tarde os datos. ¡Mecachis en la mar! ¡E por iso temos 200.000 firmas en change.org., porque unha universidade galega enviou mal os datos! (*Aplausos.*) É que somos importantes, realmente. Por iso todos os bolseiros de España están dicindo que eles teñen que pagar o piso, a luz, a auga... pero resulta que o Ministerio non lles dá a bolsa, que é pequena, pero que merecen.

Non me explicou vostede por que temos que aceptar que os estudantes galegos perderan, grazas a estas modificacións do ministro Wert, practicamente o 30 % da contía da bolsa. Iso non sabemos por que sucede.

Mire, señor Fernández —porque teño que rematar—, isto si que hai que tratalo aquí, e hai que tratalo aquí por unha razón, señor Fernández, porque eu creo que a Xunta está para defender os intereses dos cidadáns galegos, e tamén os dos estudantes galegos, e non está para obedecer cegamente a Rajoy, ¿sabe? Está para defender que os estudantes galegos teñan as becas que merecen e para que poidan acceder á universidade. E non sei se non me escoitou o que dixen, pero coas becas da Xunta de Galicia tan só pagan a matrícula 3 de cada 10 estudantes; ou sexa, que quen teña que pagar piso, luz e auga pois que se arregle como poida, porque só se conceden 3 de cada 10. ¿A vostede non lle parece que algo raro debe pasar coas becas cando só 3 de cada 10 solicitantes conseguen o pago da matrícula? Non funciona, señor Fernández, é un sistema retrógrado, elitista.

¿Recorda cando o ministro Wert dixo que sobran universitarios en Galicia?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: ¿Tamén vostede considera iso e por iso cre que non deben darse máis becas? Porque resulta que sobran; iso si, sobran os universitarios das familias con menos posibilidades económicas, porque os de posibilidades económicas altas, ¡ah!, eses si que non sobran, ¡eh! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fo-

mento para o desenvolvemento pola sociedade pública Suelo Empresarial del Atlántico, S. L. de novos procesos de venda de parcelas con prezos bonificados que fagan máis competitivo o polígono industrial de Vimianzo e de iniciativas para a súa promoción, así como o inicio dos trámites para acadar a transferencia a Xestur de todas as ofertas de solo industrial en Galicia

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda que presentou o Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Jaime Castiñeira Broz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír da parte resolutiva o texto do punto número 3 polo que segue a continuación:

«3.- Reiterar ante a dirección de Suelo Empresarial del Atlántico, S.L. e o Ministerio de Fomento a necesidade de que se establezan bonificacións no prezo de venda de solo empresarial similares ás que está a aplicar a Xunta nos parques da súa competencia».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra o señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos.

A xestión e desenvolvemento de solo industrial e de servizos en Galicia é asumida por dúas entidades públicas: Xestur, dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, e a sociedade Suelo Empresarial del Atlántico, participada e xestionada polo Ministerio de Fomento a través de Sepes.

A maioría dos polígonos son promovidos e xestionados por Xestur, pero hai no noso país 18 de iniciativa e xestión de Suelo Empresarial del Atlántico.

Estase a evidenciar a descoordinación entre as dúas entidades, e atopámonos con situacións de planificación e prezos que non teñen ningunha xustificación e que producen desvantaxes competitivas entre uns polígonos e outros próximos a eles en función de que entidade os promove.

É imprescindible o desenvolvemento dun mapa de solo industrial de Galicia que axude a analizar e a planificar políticas empresariais e a implementar decisións estratéxicas en materia de desenvolvemento de novos solos industriais e coordinación do existentes, ligado a un plan industrial para Galicia verdadeiramente coherente.

Nunca máis deberían volver a tomarse decisións irresponsables sobre solo industrial baseadas en electoralismo ou nas dádivas a rexedores locais sen ningún sentido e que só supuxeron enterrar millóns e millóns de euros. O camiño debería ser lograr unha única xestión do solo industrial a través da sociedade que xa o xestiona en Galicia, como é Xestur. Ten que ser un

instrumento que facilite o espallamento industrial por toda Galicia, primando as zonas con menor crecemento e con peores accesos ás infraestruturas de comunicación.

Mais, como veremos no caso que describiremos a continuación, a situación é totalmente contraria con estes obxectivos mencionados no parágrafo anterior. Referímonos ao polígono industrial de Vimianzo —aproveito para saudar o señor alcalde e a parte da corporación, que hoxe nos acompañan—, promovido pola sociedade Suelo Empresarial del Atlántico, dependente do Ministerio de Fomento. Este polígono formou parte das compensacións á Costa da Morte polo desastre do *Prestige*. Quince anos despois o polígono non está a cumprir os seus obxectivos. Unha das causas é a falta de conexión directa coa autovía da Costa da Morte, outro compromiso dos gobernos do Estado e da Xunta.

Nunha visita recente á zona da conselleira de Infraestruturas, comprometeuse a desenvolver un ramal de acceso ao polígono que, entre outras cousas, evitaría o paso polo centro de Vimianzo do tráfico pesado procedente da zona de Camariñas. Esperamos que o antes posible a conselleira concrete aquí, en sede parlamentaria, ese compromiso, con prazos, datas e orzamentos precisos.

Outra das causas —e neste caso a principal— de que o polígono de Vimianzo e outros similares, como o de Malpica e outros moitos que hai por todo o país, non chegue a garantir os obxectivos de desenvolvemento industrial, neste caso na zona de Vimianzo, e que ademais tería unha posible solución inmediata se se quixera facer, é a discriminación de prezos con respecto a outros polígonos próximos, como, neste caso, o de Carballo, promovido por Xestur.

As parcelas para uso industrial no polígono de Vimianzo teñen un sobreprezo respecto das de Carballo que oscila entre o 40 % e o 90 %. No caso das parcelas de uso mixto industrial-terciario, ou directamente terciario, os prezos en Vimianzo superan en máis dun 100 % os de Carballo. Por outra banda, os defectos de construción do polígono de Vimianzo —que parece ser que o lugar elixido non é o máis axeitado— supoñen extracustos por desmontes, muros de contención, etc., que poden chegar aos 40 euros/metro cadrado.

Esta situación de diferenza de prezos non ten ningunha xustificación de custos de promoción e de mercado. O lóxico, realmente, sería o contrario, por ter o polígono de Carballo cercanía a unha concentración urbana e comarcal moito máis poboada e acceso directo a unha infraestrutura como a autovía A Coruña-Carballo. Polo tanto, a orixe desta desvantaxe competitiva é a diferente estratexia comercial e de imputación de custos de Suelo Empresarial del Atlántico con respecto a Xestur.

Consideramos que este Parlamento non pode estar de costas a unha zona como Vimianzo e a toda a Soneira, cunha potencialidade enorme na súa industria agroalimentaria e moitas outras que se desenvolven na zona, e resignarse a ver como todas as súas industrias marchan cara a outras zonas pola imposibilidade de desenvolverse de maneira competitiva no seu territorio.

Ante todo o que expoñemos, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia ten que intervir de maneira urxente para conseguir que polo menos se equilibren os prezos por metro cadrado dos dous polígonos —referímonos ao de Vimianzo e ao de Carballo— e que se evite a desvantaxe competitiva neste caso do de Vimianzo. —Perdoen, é que levo unha gripe de carallo e...—

Con este fin presentamos a seguinte proposta non de lei: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a facer as xestións necesarias ante o Ministerio de Fomento para que dea instrucións a Suelo Empresarial del Atlántico para que desenvolva novos procesos de venda de parcelas no polígono de Vimianzo con prezos bonificados que o fagan competitivo e, como mínimo, similares aos do polígono de Carballo; insta o Ministerio de Fomento para que, a través de Suelo Empresarial del Atlántico, desenvolva iniciativas para promocionar o polígono de Vimianzo, realizando, entre outras cousas, estudos de posible especialización industrial e terciario do mesmo e para favorecer a posibilidade de establecer iniciativas de economía colaborativa que o faga atractivo para as empresas da Costa da Morte; e, por último, a iniciar os trámites para acadar a transferencia de todas as ofertas de solo industrial en Xestur, evitando as disolucións actuais entre as súas promocións e as emprendidas polo Ministerio de Fomento; trámites que deberían ter como obxectivo final a transferencia de Suelo Empresarial del Atlántico á Xunta de Galicia e a súa absorción por Xestur.»

Unha alternativa a esta última proposta que poderíamos aceptar como emenda, se iso facilita a súa aprobación por este Parlamento, podería ser o mantemento da propiedade tal e como está na sociedade Suelo Empresarial del Atlántico, transferindo soamente a xestión para poder coordinala organicamente con Xestur.

Tamén aceptaremos, como non podería ser doutra maneira, a emenda de adición do Partido Popular, que amplía esta recomendación da bonificación de prezos a todos os polígonos pertencentes a Suelo empresarial del Atlántico en todo o país.

Estamos seguros de que esta lóxica demanda para o desenvolvemento industrial de Vimianzo será tomada en conta por este Parlamento e esperamos que as xestións correspondentes do Goberno da Xunta ante o Ministerio de Fomento dean resultado o antes posible para que esta situación non se manteña nos próximos meses.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Señor presidente, señorías, boas tardes.

Señor Casal, é certo que a Xunta desde o ano 2015 iniciou unha política de venda de solo industrial cunhas bonificacións importantes, o cal está dando uns froitos e uns resultados nalgúns concellos, como é o de Carballo, por exemplo, habería que dicir altamente satisfactorios, como mínimo, e cunhas bonificacións que van dende o 30 % ao 50 %—o de Carballo, en concreto, o 50 %—; e entre eses polígonos, por exemplo, temos a fortuna —eu, que son de Lugo— de dicir que tamén o das Gándaras, de Lugo, ten ese 50 %, e tamén é outro dos polígonos industriais ou parques empresariais con gran éxito. Hai outra serie deles espallados por toda Galicia.

Mire, a principios deste ano saíu o concurso do 2017, con máis de 1.400.000 metros cadrados en oferta e 441 parcelas; unha bonificación que vai, como digo, ata o 50 %, e incluso con

outro sistema de venda, de chegar á adquisición de solos que teñen os empresarios galegos e os que queiran implantarse en Galicia, que é a adquisición de dereito de superficie, que, no caso de que sexan dependentes xa sexa do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xa sexan de Xestur, pois poden adquirilo desde o 1,5 % do prezo de venda; é dicir, uns prezos moi, moi vantaxosos, e como máximo o 3,5 % do prezo de venda. Falaremos de datos e de prezos, se teño tempo despois, comparados con outros estamentos.

Tamén hai que dicir que vostede falaba dunha política de montaxe de empresas en temas colaborativos, e hai que dicir que, nese sentido, a Consellería de Economía, Industria e Emprego investiu en crear unha rede galega de empresas de emprendemento, unha serie de aceleradoras por toda Galicia, con 12 millóns de euros en exercicios pasados, onde hai máis de 500 proxectos aprobados; concretamente na zona da Costa da Morte hai unha aceleradora deste tipo, que é un Espazo *coworking* que se creou en Cabana de Bergantiños, polo tanto, na zona da Costa da Morte. Para este ano ten previsto un investimento de 18 millóns de euros en economía social. Prevese apoiar a creación de en torno a 500 empresas novas deste tipo.

Pero en canto á proposición que vostedes presentan, hai que dicir que vostedes o que demostran con esta proposta que fan é que teñen un descoñecemento total e absoluto do que é o sistema de solo industrial de Galicia. Di na exposición de motivos, e volveuno dicir aquí, que había dúas entidades en Galicia que eran as que xestionaban o solo empresarial: Xestur —e é certo que Xestur é unha delas e quizais a máis importante— e Suelo Empresarial del Atlántico. Oia, olvídense de Sepes, olvídense da Zona Franca de Vigo, olvídense da Autoridade Portuaria de Vigo, da Plisán —nada máis e nada menos—, olvídense da Deputación de Pontevedra, con varios polígonos industriais, olvídense de Suplusa, en Lugo, a través da Deputación Provincial, olvídense dos concellos e olvídense vostede incluso do solo empresarial de empresas privadas. Polo tanto, ten un descoñecemento total e absoluto.

Nese sentido, hai que dicir que no punto terceiro que vostedes poñen, de que a Xunta asuma, a través de Xestur, o solo que ten a SEA, oia o que non conseguimos con iso é que se unifique para nada nun só estamento o que é o solo empresarial de Galicia. Iso, por un lado. E, por outro, o que está ofrecéndonos neste caso En Marea é un desinvestimento do Estado en Galicia. Oia, o 85 % do capital co que participa o Estado na SEA son investimentos que fai o Estado en Galicia en desarrollo de solo industrial. ¿Vostede estame dicindo que renunciemos a iso? ¡Home!, quero entender que non, pero estamos dicindo.

Por outro lado, parece que non lle gusta que a Xunta bonifique os polígonos industriais que ten na súa propiedade no resto de Galicia, incluído o de Carballo. ¡Home!, a min páreceme que para Carballo é unha gran noticia, e a min gustaríame que esa mesma noticia sexa para toda Galicia e, en concreto, para a Costa da Morte. Non se olvide de que vostedes traen unha iniciativa aquí exclusivamente para Vimianzo. ¿E que pasa con A Laracha?, ¿que pasa con Malpica?, ¿que pasa con Cee e con Muros? ¿Non son da Costa da Morte? ¿Non teñen dereito? Pois non, a Xunta, desde logo, está a traballar no consello de administración da SEA e está a traballar, precisamente, para conseguir que esas mesmas condicións que ten e que disfruta hoxe o polígono de Carballo as poidan disfrutar todos os polígonos da SEA en Galicia e, por suposto, os da comarca da Costa da Morte. Niso é no que está a traballar a Xunta.

E, mire, podemos falar das xestións incluso desde a alcaldía. Eu saúdo tamén o alcalde. Alégrome de que o saudara vostede, porque eu non sabía que estaba aquí. Eu vouno invitar a que faga como o alcalde da Laracha e o alcalde de Malpica e que se acerque a Madrid ás oficinas a falar coa dirección da SEA, que, ao mellor, axuda a xestionar e a conseguir esas bonificacións. Hai alcaldes que se están movendo. Claro, vostede, ao mellor, está máis pendente das siglas —a ver por cales se presenta, se BNG, se En Marea ou se termina mareado— e ao mellor por iso non fai o seu labor. (*Murmurios.*) Pero, mire, iso é importante.

Eu tamén os invitaría a que a nivel de prezos —o que pasa é que non saben que na Deputación de Pontevedra, por exemplo, xestiona solo industrial—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Remato xa, señor presidente.

É dicir, a que pidan e axuden a que se rebaixe o prezo, por exemplo, de Barro-Meis, onde sae a un prezo mínimo de 99 euros, cando a Xunta o ten en Ponte Caldelas a 55 euros. Esas son as diferenzas da política industrial que fai un partido e outro.

Eu alégrome moito de todas formas de que En Marea se sume e aplauda as políticas que está facendo en desenvolvemento industrial a Xunta de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Gustaríame, se puidera ser, a votación por puntos. E gústame que acepte, ademais, como engádega —non hai problema ningún— a nosa emenda.

E solicitaríalle unha votación por puntos, se pode ser.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castiñeira.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.

Unha vez máis, boas tardes.

Houbo un tempo en que un venerable señor desembarcou en Galicia para sacar este noso maltreito país da ignorancia e da miseria. Era este, o noso curro orixinal, un territorio sen industrializar, cun poboamento rural, excesivo e decimonónico que rebentaba todas as estatísticas da modernidade. E, claro, disposto a modificalo a Xunta, e a lavarnos a cara, arremeteu cunha primeira medida. El partía da premisa de que se cada concello facía o seu polígono industrial este se inzaba de contado de industrias por xeración espontánea. Pero non foi así. Don Manuel —«*el profeta*»— non atinou, e ao máis que chegamos foi a gastar

inxentes cantidades de diñeiro e a deseñar, urbanizar e preparar case un polígono por concello, e temos dabondo. Fallou o fertilizante máxico e as industrias non agromaron, o campo despoboouse e conseguimos un nivel de poboación no sector primario acorde co que daban os libros para os países modernos. Pero a industrialización, ¿víchela?

Desde o BNG, evidentemente, concordamos tanto coa argumentación como coa parte dispositiva da proposición non de lei de En Marea. Basicamente, debemos incidir na necesidade da xestión integrada mediante un único ente galego sen dependencias alleas. Resulta evidente que o actual modelo onde conviven dous organismos crea disfuncións. O horizonte debe ser que un organismo único público —a Xestur— sexa o órgano competente para xestionar o solo industrial de Galicia. Así, cando menos nun primeiro paso, é necesario que existan mecanismos de coordinación entre Suelo Empresarial del Atlántico e Xestur de cara a ir contemplando un escenario no que a primeira se integre en Xestur. Suelo Empresarial del Atlántico dificilmente pode levar a cabo a súa misión se —como é o caso de Vimianzo— os prezos aos que ofrece as parcelas son totalmente desproporcionados e, xa que logo, non competitivos.

Neste sentido, as demandas contidas na proposición non de lei que presenta En Marea son totalmente asumíbeis tanto no que ten a ver —centrándonos no polígono de Vimianzo— cos prezos bonificados e competitivos, como coa promoción do mesmo, como, dun xeito máis estrutural, con canalizar a través da Xestur a xestión do solo industrial. Neste sentido, as demandas contidas na proposición non de lei presentada son totalmente asumíbeis.

Por último, eu preguntome que imos facer agora con todo ese solo industrial ordenado, urbanizado e baleiro. Esta é unha incógnita que resolveremos outro día —se os deuses nolo permiten—. Pero, por certo, cada vez somos máis conscientes do enorme interese que ten o Partido Popular pola Costa da Morte. Hai máis ou menos quince días debateuse aquí sobre a autovía de por alí; agora vai ser un corredor. Onde dixen digo, digo Diego; país, país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras deputadas e deputados.

Benvido, alcalde.

O Partido Socialista vai apoiar esta proposición non de lei motivado principalmente polo feito de que compartimos a opinión de que Galiza precisa de equilibrio na xestión económica e na localización dos seus solos industriais e en liña, ademais, coa iniciativa xa presentada por este grupo no Senado e respecto deste mesmo parque industrial de Vimianzo.

O compromiso adquirido coa zona da Costa da Morte tras o desastre do *Prestige*, e co fin de paliar o problema económico xurdido nesta área, fixo que se promovesen parques empresariais como o de Vimianzo. Pero, efectivamente —e niso estamos plenamente de acordo co

grupo proponente—, ten que ser apoiada a implantación das empresas na zona, e facelo empezando por unha política de prezos que o fagan competitivo e atraente.

Sabedores de que non é actualmente unha das zonas xeográficas máis favorecidas a nivel de infraestruturas, si ten senso que se plantexe a oferta de bonificacións ou medidas compensatorias que a fagan máis atractiva para os empresarios e emprendedores, tal como o fai Xestur cos polígonos e parques que dependen da súa xestión directa.

Vemos que o grupo de goberno propón unha emenda que apoia esta visión. O que non entendemos ben é por que non se avoga pola xestión única de todos os parques empresariais e toman xa as medidas precisas para que o xogo da oferta de solo non teña que pasar pola vontade nin das peticións pasadas ou futuras á sociedade Suelo Empresarial do Atlántico, xestora dos parques que non son competencia de Xestur. Está nas mans do Goberno iniciar os trámites para mudar esa situación.

A xestión en mans dunha mesma administración permite sempre decisións estratéxicas de xeito coordinado e intencionado. E, no caso industrial, permitiría pór ao territorio e á poboación ligada ao mesmo nun lugar preferente, e compensar e apoiar as diferentes comarcas, evitando competencias entre elas.

Esta fin de semana publicábase o Mapa estratéxico dos solos industriais de Galiza, clasificándoos polas zonas de maior demanda do territorio galego. Este estudo de carácter privado amosa como a franxa atlántica é moito máis sensible á implantación de novas industrias. E o que chama a atención é que esas zonas de máxima concentración e susceptibles de seguir desenrolándose, por ser máis apetecibles aos investidores, líganse claramente ao eixo da AP-9. Pero mentres que no sur zonas como son a península do Morrazo, A Barbanza ou O Salnés, están entre as máis demandadas, chama a atención como no norte, en toda a área da Costa da Morte, non se referencia ningunha área industrial da zona como de interese para os investidores. Parece evidente que a falla de infraestruturas viarias e a falta de incentivos ao investimento, entre outras cousas, fan desta zona un polo pouco atractivo.

A recentemente anunciada ampliación da autovía da Costa Morte —que aínda se licitará no 2018— pode axudar a paliar este illamento. Pero ben é certo que o feito de non facelo coas garantías dunha vía desdoblada non axudará a aumentar a confianza dos empresarios, así como o feito de deixar en suspenso e a obxecto de estudo a intención de facer a conexión de 1,5 quilómetros dende o corredor ao parque empresarial de Vimianzo; cuestións, polo tanto, que poñen máis en perigo a viabilidade do mesmo.

Fálase tamén moito nesta Cámara da retención do talento en Galicia. Entre outras medidas está esta: facilitar aos emprendedores e empresarios galegos o fácil acceso a solos onde desenvolver a súa actividade e implantar os centros de traballo para evitar non só a fuga deles senón de todos os empregos que implican a implantación das súas ideas empresariais. A realidade é que existen algúns parques empresariais que precisan de ampliacións urxentes pola alta demanda e outros que se ven totalmente incapaces de atraer as empresas. Algo, polo tanto, está a fallar na planificación e xestión do solo industrial en Galicia. E, para mostra, o que ben sabemos que pasa coa fuga de empresas a Portugal, cuestión que merecería outro debate.

Analizando os prezos de polígonos xestionados por Xestur directamente, vese, efectivamente, como existe a opción de optar a prezos bonificados ata novembro deste ano 2017, cunha oferta de redución do 50 % no prezo oficial nalgúns polígonos, como é o de Carballo, e dun 30 % noutros. Se en Vimianzo se anuncian a 76 e 90 euros o metro cadrado —e dou estes prezos porque dende hai catro días deixaron de estar vixentes as bonificacións do 25 %—, a realidade é que en Carballo, efectivamente, se ofertan a incluso 30 euros metro cadrado. O resultado é que en Vimianzo, das 108 parcelas, soamente 9 foron vendidas; e en Carballo, das 128 parcelas, 60 foron vendidas e 9 reservadas. Estamos ante un 53 % contra un 8,3 % de adxudicacións de parcelas. Esta competencia evidente entre parques e polígonos e en áreas xeográficas próximas confirma a situación que entendemos non debera estarse a dar.

Urxe, polo tanto, a coordinación da política de solo empresarial. Urxe solicitar mentres tanto á sociedade SEA, de Suelo Empresarial do Atlántico, crear novas ferramentas e estratexias de venda dos solos que xestiona para que contribúan a apoiar e non a frear o desenrolo económico das áreas nas que se asentan os polígonos por ela xestionados; cuestión que debería ser —repetimos— coordinada coa política de vendas de Xestur.

Pero esta medida, que entendemos é un parche momentáneo, debería pasar por comezar a traballar no traspaso das competencias da xestión do solo enteiramente a Xestur, ou á axencia que se crease para tal efecto, para que planifique e coordine a venda de solo en Galiza, evitando a competencia desleal entre territorios. E que tan importante é non só para a política industrial senón para outras que dependen intrinsecamente dela, como é a política laboral, a demográfica e a social.

Apoiamos, polo tanto, na súa totalidade a proposición non de lei presentada polo grupo de En Marea.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Bueno, primeiro, grazas ao compañeiro do Grupo Popular, que me deu un caramelo e me solucionou o problema...

Bueno, xa me quedou claro que, segundo vostede, non temos nin idea de planificación industrial, é evidente. É totalmente evidente. E tamén é evidente que, vendo moitos dos polígonos industriais espallados por toda Galicia, calquera cidadán de calquera pobo de Galicia pode ver a solvencia das políticas que desenvolveron vostedes en todos estes anos. *(Aplausos.)* É evidente, vamos; é máis que evidente ver o ben coordinados, o ben planificados e o ben xustificados que están os plans industriais que os respaldan. É evidente, non hai máis que dicir, soamente hai que pasear por moitos dos polígonos que vostedes promoveron para ver que, efectivamente, nós non temos nin idea, e vostedes, en cambio, teñen un máster en planificación de solo industrial.

Tamén é evidente que hai en Galicia moitas máis iniciativas de solo industrial, iso é de pe-rogrullo, pero iso é saír pola tanxente. Estamos falando dunha cousa concreta e vostede fá-lame da Plisán, fárame da Deputación de Pontevedra... Sei que é unha táctica dialéctica saír do tema, saír pola tanxente e non falar do que hai que falar. Nós referímonos ás actuacións coordinadas de carácter público que hai en Galicia, que fundamentalmente son as de Xestur e as de Suelo Empresarial del Atlántico.

E realmente o que xa me parece verdadeiramente —que non o escoitara nunca, penso, nos cinco meses que levamos aquí— asombroso é que o grupo de goberno eluda a responsabi-lidade do Goberno ao que respalda para defender os intereses de todos os galegos e que lles suxira aos alcaldes que vaian eles pola súa conta a Madrid a ver se lles arranxan os problemas alí. Verdadeiramente, isto é asombroso, non o escoitara nunca —penso— nesta Cámara, e penso que é negar a realidade do que é o Goberno autónomo e de cal é a súa responsabilidade. Non entendo como poden ter eses argumentos. Ao mellor, non tivo tempo de preparar a res-posta e é unha nova saída pola tanxente, falando de cousas que, neste caso, incluso son in-sultantes para o seu propio Goberno.

A coordinación da xestión é absolutamente imprescindible, e negala non ten sentido. Hai que coordinar a xestión. Iso non implica que o Goberno non siga investindo en Galicia, ¡vamos!, nin que para planificar, coordinar e desenvolver a política viaria, por exemplo, en Galicia desde a Xunta de Galicia iso implicara que o Estado non vai investir en Galicia. Entón, a Xunta de Galicia non podería facer nada, non podería xestionar nada, non podería coordi-nar nada, porque iso implicaría que os fondos estatais non chegarían a Galicia.

Entón, por favor, vaian ao tema concreto, ao tema que de verdade afecta aos empresarios da Costa da Morte, neste caso aos empresarios de Vimianzo, e a moitos máis, como vostede di, pero hai que falar de cousas concretas para despois estendelas a moitos outros asuntos, e así falaremos de cousas que de verdade afectan á cidadanía, que afectan á empresa e ao desen-volvemento dos tecidos produtivos.

Aproben esta proposición non de lei e insten o seu Goberno a que esta coordinación sexa efectiva, e a que dunha maneira inmediata as subastas de solo industrial en Vimianzo —e noutros polígonos, por suposto— se desenvolvan de maneira inmediata e con prezos simi-lares. Non se piden vantaxes, pídesse, polo menos, que os prezos sexan similares...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: ...e que non estean, como neses momentos, en diferenzas de caso o 100 % con respecto a outros polígonos que están a 15 quilómetros do que estamos a falar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Ángeles Antón Vilasánchez e seis deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun pro-

grama de conmemoración do 30º aniversario da declaración pola Unión Europea do Camiño de Santiago como Primeiro itinerario cultural europeo no que se recollan actuacións de recoñecemento dos demais itinerarios europeos do Consello de Europa dos que participa Galicia

O señor PRESIDENTE: A esta proposición presentáronse dúas emendas: unha do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Concepción Burgo López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Onde di: «...programa de conmemoración...», debe dicir: «... un programa, coa colaboración dos concellos e singularmente co Concello de Santiago de Compostela de conmemoración»...

Adición dun novo apartado bis)

«Bis) O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Ministerio de Fomento á presentación, no menor tempo posible, dun calendario de realización de todos os pasos soterrados que son necesarios en todo o Camiño de Santiago para garantir a seguridade dos peregrinos.»)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Ánxeles Cuña Bóveda e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda de substitución a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva pola seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar un programa laico de conmemoración do 30 aniversario da Declaración de Santiago de Compostela como primeiro itinerario Cultural Europeo, que conte coa participación do mundo da cultura do país e unha comisión de control do mesmo, ao tempo que recolla accións de recoñecemento dos demais itinerarios culturais europeos do Consello de Europa dos que participa Galicia.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición, ten a palabra a señora Antón.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Señorías, boa tarde.

O 23 de outubro de 1987 o Consello de Europa, nun acto emotivo con repercusión internacional, aquí, en Santiago de Compostela, declarou o Camiño de Santiago como Primeiro itinerario cultural europeo. Este feito foi un punto de inflexión para o Camiño porque, por

unha banda, era a culminación dun proceso, e, por outra banda, supuxo o inicio dunha nova etapa para a ruta Xacobeá e, polo tanto, para Galiza e para a cidade de Santiago.

Dicía que era a culminación dun proceso de recoñecemento á ruta xacobeá como pilar da construción europea, da súa identidade, a través do patrimonio cultural común, reivindicado por investigadores do feito xacobeo, por intelectuais, por políticos de todo o mundo e, como non, tamén de España. Non en van o Camiño de Santiago foi o protagonista dunha das grandes exposicións que se celebraron en Bélxica con motivo de Europalia 1985. España, país invitado, quixo amosar todo o potencial do noso país co gallo da súa entrada nas comunidades europeas, e o Goberno español elixiu o Camiño de Santiago para presentarse ante Europa.

A importancia do Camiño e o éxito desta exposición queda reflectido nunha anécdota. A tres días da inauguración da exposición, máis de 400 peticións de visitas de grupos e colectivos xa estaban fixadas. Mentres o corazón de Europa se recoñecía no Camiño de Santiago, Elías Baliñas Sampedro, o párroco do Cebreiro, empezaba un labor impagable, iniciaba un camiño sen volta atrás. De Roncesvalles a Santiago sinala con frechas amarelas a traza do Camiño, promovendo a súa limpeza e recuperación, e creando unha rede de colaboradores que derivaría nas asociacións de amigos do Camiño de Santiago, un fito que rematou e culminou na Asamblea de Jaca, da que tamén se cumpren agora trinta anos e que estableceu o principio das actuais peregrinacións.

«Estou preparando unha grande invasión», respondeu Elías Baliñas ao requerimento da Garda Civil cando, preto dun paso fronteirizo, lle preguntaban cal era o significado desas frechas amarelas. E non se equivocaba.

A sociedade civil, as administracións públicas, as institucións supranacionais, entenderon que o Camiño era un exemplo para a situación un tanto convulsa de finais do século XX, marcada pola superación dos bloques xeopolíticos na propia Europa coa caída do muro de Berlín, e a crecente globalización en tempos económicos e sociais, cunha maior mobilidade froito da apertura de fronteiras, de avances dos medios de comunicación e de instalación na vida cotiá das chamadas novas tecnoloxías.

Esta declaración do Camiño de Santiago como primeiro itinerario cultural europeo foi o punto de partida para o desenvolvemento dun programa lanzado polo Consello de Europa, baseado na valorización da cultura e na promoción do turismo cultural coa creación das redes temáticas, co patrimonio común como eixo central.

O Camiño representa os valores que inspiraron a creación do propio Consello de Europa, como son o respecto aos dereitos do home ou á democracia, mais tamén os fundacionais do Instituto dos itinerarios culturais: a diversidade, a democracia cultural, a comprensión mutua e os intercambios transfronteirizos; un instituto que foi creado —como todos vostedes saben—, no ano 1998 como axencia técnica para acompañar os promotores dos itinerarios xa declarados e contribuír a desenvolver outras novas rutas para a súa certificación.

Ser itinerario cultural europeo, en palabras do ex-director do instituto, Michel Thomas-Pennette, caracterízase, en primeiro lugar, por ser un gran asunto europeo, capaz de poñer en re-

levo cuestións fundamentais: identidade, relación entre culturas, memoria, tema a partir do cal unha ou varias redes de colaboradores dan a coñecer e organizan un conxunto de proxectos.

Trátase de chegar a produtos culturais e turísticos arraigados en territorios precisos, accesible á maioría e cun discurso de interpretación e mediación que contribúa a un diálogo mellor e a unha mellor comprensión recíproca dos europeos, reunindo en tanto as súas memorias dispersas.

Pero un itinerario é algo vivo, que desde o coñecemento, a interpretación e o goce dese pasado debe servir para construír conxuntamente o futuro. Iso foi o que ocorreu co Camiño a raíz desta declaración de Santiago polo Consello de Europa, que apela a que as autoridades, institucións e cidadáns realicen diferentes tarefas. Por exemplo, a identificación dos camiños do conxunto do territorio europeo; a establecer un sistema de sinalización dos principais puntos do itinerario; a desenvolver accións coordinadas de restauración e posta en valor do patrimonio; a lanzar programas de animación cultural co fin de redescubrir ese patrimonio histórico; a promover os intercambios entre os diferentes pobos e cidades situadas ao longo do Camiño; a estimular, no marco deses intercambios, a creación artística cultural contemporánea etcétera.

O propio Consello de Europa organiza congresos e outras actividades para promover todos estes obxectivos, e crea unha imaxe, un manual corporativo identificativo do Camiño que hoxe todos recoñecemos. Unha visión idealizada da cuncha de vieira de cor amarela, como a frecha amarela do noso amigo Elías Baliña, e o azul da bandeira de Europa.

O Goberno galego da época, entendendo a mensaxe e recoñecendo a oportunidade que significaba, foi quen de recoller esta idea e plasmala no contexto administrativo e gobernamental, creando unha unidade de xestión para esta finalidade: a Sociedade de Xestión do Xacobeo, iniciando un plan que cumpría con todos e cada un dos apartados da declaración de Santiago e algún máis, como a creación da rede de albergues do Camiño, recuperando, deste xeito, unha das fortalezas do mesmo: a hospitalidade.

Un plan que tiña un obxectivo, a celebración do Ano Santo de 1993, cunha renovada visión: o Xacobeo, seguindo a estela dos grandes eventos celebrados no noso país, como as Olimpíadas de Barcelona ou a Exposición Universal de Sevilla.

O Xacobeo, igual que estes eventos, contou coa implicación do Goberno español, coa creación dun organismo interadministrativo que hoxe segue vixente, como é o Consello Xacobeo, onde se citan —como todos vostedes saben— as comunidades autónomas polas que discorre o Camiño e a Administración Central.

A esencia propia do Camiño, os valores nos que se asenta e pretende difundir, xunto coa celebración recorrente dos anos santos, fai do Camiño algo único, singular, que foi referendado, despois do éxito de 1993, nos anos santos de 1999, 2004 e 2010. O Camiño acada o recoñecemento de Patrimonio da humanidade no ano 1993. No ano 2004 acada o premio Príncipe de Asturias da Concordia, así como o título de Gran Itinerario Cultural polo propio Consello de Europa neste mesmo ano, quen quere salientar deste xeito que o Camiño é o itinerario con maiúsculas un *primus inter paris*. Non hai ningunha outra ruta no mundo con máis recoñecementos.

O Camiño de Santiago foi escollido no seu momento polo Consello de Europa para ilustrar a identidade europea, pero hoxe en día transcende esta propia realidade para converterse no símbolo internacional da tolerancia, o respecto ás diversidades, sexan relixiosas, culturais, políticas.

O Camiño é o espazo de encontro entre os homes e mulleres de todo o mundo, na procura e na vivencia de valores de fonda raíz humanista, como a solidariedade, a liberdade, a tolerancia, o sacrificio, a xenerosidade.

O Camiño é unha realidade de cohesión social, onde cidadáns de todo o mundo se relacionan entre si e cun patrimonio cultural e natural, producíndose un intercambio de experiencias, persoais e colectivas, que enchen de vida renovada este Camiño. A retroalimentación do propio Camiño a través das vivencias de cada día dos peregrinos, sexa cal sexa a súa motivación, e da poboación local, fortalecen a súa razón de ser.

Hoxe en día, trinta anos despois, a declaración de Santiago segue perfectamente vivente, e cremos que desde Galicia, desde Santiago de Compostela, a conmemoración deste trixésimo aniversario é unha ocasión excepcional para reivindicar o espírito do Camiño de Santiago para unha Europa que vive inmersa nun momento crucial para dirimir o seu futuro e o seu papel no mundo.

Este aniversario debe ser tamén, baixo a nosa opinión, un momento de reflexión sobre a rede de itinerarios culturais declarados que percorren Europa, para a súa xestión, o seu papel, as fórmulas colaborativas existentes e como afrontar un futuro compartido.

Actualmente son 32 os itinerarios declarados. España participa en 22, e Galicia, ademais do Camiño, forma parte de 9 itinerarios culturais de temática tan variada como os viquingos e normandos, a rede de sitios cluniacenses, os itinerarios europeos do patrimonio xudeo ou a ruta europea de patrimonio termal e das cidades termais, entre outros. Visibilizar estes itinerarios, e darlles un pulo no seu coñecemento e recoñecemento, é unha oportunidade que debemos aproveitar, porque, en definitiva, estamos afondando nas nosas propias raíces, na nosa propia historia, e na historia que nos une a outros pobos e xentes.

A pertenza ás grandes redes de turismo cultural e natural que promoven valores de democracia cultural, de liberdade, de comprensión, debe ser entendido tamén como unha vantaxe competitiva para salientar o propio e diferenciarse doutros produtos culturais. Ser diferente é enriquecedor.

Por iso presentamos esta proposición non de lei, no entendemento de que ninguén dubida que é unha oportunidade para relanzar a idea dunha Europa comprometida. Por iso quero aproveitar e pechar esta intervención coas mesmas verbas con que pecha e remata a declaración de Santiago: «que a fe que animou os peregrinos ao longo da historia, e que nos reuniu nunha aspiración común por riba das diferenzas e dos intereses nacionais, nos inspiren tamén hoxe en día a nós, e particularmente á xuventude. a percorrer estes camiños para construír unha sociedade baseada na tolerancia, no respecto aos demais, na liberdade e na solidariedade.»

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Antón.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes de novo, señorías.

Vaia por diante, señora Antón, que compartimos a importancia, por suposto, de que o Camiño sexa un itinerario europeo, ademais de todos os que vostede acaba de nomear, porque non é o único. E iso é tamén moi importante, que Galicia estea presente en moitos outros.

Estamos totalmente de acordo na importancia que tivo e que segue tendo. O que si teño que confesarlle é que eu esa tendencia do Partido Popular a conmemoralo todo... É dicir, aquí a única política cultural que aparece —e pode mirar, xa verá como non a engano, a orde do día, por exemplo, da próxima Comisión 4ª, de Cultura, e as propostas que fan— son conmemoracións. Aquí conmemoramos todo. Ademais conmemoramos calquera ano, porque antes se conmemoraba de 25 en 25, agora xa imos polo 30; imaxino que dentro de 10 volvemos conmemorar. *(Aplausos.)*

¡Claro!, é que isto está un pouco baleiro de contido. Se vostede trouxese aquí un impulso ao Goberno dicindo que hai que conmemorar e facer isto e o outro, aínda teríamos algo que discutir, pero isto é a conmemoración pola conmemoración. Foi moi bonito o seu discurso, pero isto serviría para conseguir a declaración de itinerario cultural. Agora mesmo...

Sinto dicirlle isto, que dende o meu punto de vista está moi ben, vostedes teñen un relato en torno ao Camiño moi elaborado, moi bonito e moi elaborado: identidade europea, tolerancia, solidariedade, valores humanistas, historia que nos une, Europa comprometida, símbolo da cultura, pero despois, á hora da verdade, o que fai a Xunta é tratalo como un produto turístico máis. Iso é o que é para vostedes, un produto turístico, onde suman peregrinos. Cantos máis peregrinos, moito mellor. E despois, isto da identidade, a tolerancia e a solidariedade, pois, en fin, queda para outro momento.

Por unha parte, para facer esta conmemoración, que nós imos apoiar, ¡conmemoremos!, haberá que ter en conta os concellos, porque moito Camiño de estrelas e demais, pero discorre pola terra, e entón discorre tamén polos concellos, co cal hai que ter en conta os concellos para facer esas conmemoracións. Logo estaría tamén moi ben que, ademais de conmemorar, teñamos un Camiño en mellores condicións das que o temos. Estaría moi ben conmemorar, pero ademais de conmemorar, a ver se facemos algo máis, por exemplo, actuando sobre os problemas dos camiños en seguridade dos peregrinos, que sabe vostede —e coñéceo perfectamente— que son moitos.

A Asociación de Amigos do Camiño de Lugo, por exemplo, elaborou un informe no que tan só na provincia de Lugo identificaba 75 tramos perigosos.

E teño que recordarlle tamén as promesas de Fomento, que en 2015 presentou un proxecto para crear pasos soterrados. ¡Todo estupendo! Iamos crear un montón de pasos soterrados

en 2015. Estamos en 2017, e pasos soterrados non temos. Eu creo que quereremos conmemorar un camiño seguro, fundamentalmente.

Ademais había un orzamento que non se gastou. Como había un orzamento en Madrid, nos orzamentos do Goberno de Madrid, tanto en 2015 como en 2016, 600.000 euros un ano e 700.000 outro, para rehabilitar bens de interese cultural e patrimonial. Non se gastou nada disto e a Xunta non protestou tampouco, porque, en fin, non importa. Os bens patrimoniais, que os demais axuden para este camiño, non importa en absoluto.

Ademais, poderíamos engadir como está a sinalización, a mala conservación, actuacións impropias que están sendo denunciadas por asociacións... Hai moitos problemas no Camiño, pero se temos que conmemorar, tamén conmemoremos. Eu chamo a atención para que se faga algo máis, pero polo Camiño.

O que nunca olvidan é axudar a unha entidade. Non hai diñeiro practicamente para nada, o Camiño ten problemas, pero, iso si, Turismo de Galicia acaba de darlle 300.000 euros á Igrexa católica para accións tan importantes como o Congreso de acollida cristiá que vai levar a cabo a Igrexa. Creo que esta é a espiritualidade que vostede ve no Camiño.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Varias consideracións.

Obviamente, o Camiño de Santiago en 1987 foi nomeado itinerario importante. Nós consideramos que é importante. Pero falando de datas, tamén o 17 de maio de 1993 foi patrimonio cultural europeo. O 11 de decembro de 1993 o Camiño acadará o seu máximo universalismo coa declaración da UNESCO. Entón, as datas poden axudarnos, pero hai moitas preguntas que suscita a súa exposición.

Primeiro, dende que a UNESCO forma parte do Camiño, a UNESCO é un organismo intergobernamental que ten espírito universal e quere a salvagarda do patrimonio non só de Europa, é unha institución mundial. Entón, si, hai que potenciar esa conciencia que nos une, non o que nos separa, senón respectando a diferenza, está moi ben. Trátase de chegar a dialogar interculturalmente, isto é o espírito de cooperar, crear referentes éticos, que as autoridades tamén teñan responsabilidade no coidado e en como se xestionan estes recursos, realmente de altísimo nivel.

Temos varios camiños en Galicia, o máis coñecido, o Camiño francés. É moi importante, en segundo lugar, o Camiño portugués, máis descoñecido. Hai que ver como están eses camiños, como os coñece a xente, porque no plan —a min gustárame moito que nos dixese quen elaborou o plan, se se contou coa xente da cultura, coa xente do Camiño, ou soamente con Turismo— hai unha cuestión crucial: o Camiño ten un valor histórico, o Camiño ten un valor artístico, ese é o

valor esencial, e o que se está é decantando a balanza cara a un valor mercantilista e cara a unha especulación, cara a unha utilización do Camiño para intereses propios. Cada vez se privatizan máis ata os albergues. Con esa inmensa obsesión por privatizalo todo, ¡ata os albergues!

Dise no plan director que a excelencia ten que estar en coidar os peregrinos. Vale, perfecto, coidemos para uns turistas, para outros xente que fai o Camiño, efectivamente, por distintos motivos. Entón, algunha xente non pode, en moitos casos, visitar lugares do románico porque non hai chaves, porque non se sabe quen as ten, porque non hai horarios... É bastante desastroso.

Dentro dese plan, as liñas estratéxicas son na teoría moi claras e moi necesarias. Hai que planificar, hai que coordinar. Parece que había para ese plan 56.119.805 euros. É unha cantidade curiosa. Parece que houbo bastantes alteracións e deturpacións en zonas do Camiño, parece que é todo por mor do beneficio particular ou turístico-comercial. O valor científico e cultural non pode ser espoliado polos intereses mercantís. O Foro do Camiño, que aglutina a trinta e pico persoas que aman a cultura e que defenden o Camiño, ten denunciado moito deste abandono. Eu tiven a paciencia de mirar a lei, e na lei hai unha falta gravísima, que é, por poñer un exemplo —porque isto dá non para cinco minutos, senón para horas—: «A utilización do Camiño para o tráfico rodado, fóra do suposto previsto no artigo 10.2 da Lei de protección do Camiño, considérase unha infracción moi grave.» Eu pediríalle, por favor, á defensora desta proposta que nos faga algo creativo, que conte tamén coa xente da cultura, se realmente queren conmemorar; que lle dea máis importancia ao valor histórico e cultural e menos ao valor turístico.

Nós facemos unha emenda de substitución porque consideramos que o que queira facer este Parlamento ten que ser con cartos públicos e deben ser propostas laicas, e as que queira facer a Igrexa católica, que as faga.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

A señora CUÑA BÓVEDA: Hai momentos do Camiño, lugares do Camiño, que son mitos non católicos, e a xente ten dereito tamén.

Polo tanto, a nosa emenda di: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta a elaborar un programa laico de conmemoración do 30 aniversario da Declaración de Santiago de Compostela como primeiro itinerario cultural europeo que conte coa participación do mundo da cultura do país e unha comisión de control.» Xa sabemos que existe unha comisión, pero non debe de ser moi transparente porque, buscando datos de resultados, non se atopan.

«Ao mesmo tempo que recolla accións de recoñecemento...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Remate, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...dos demais itinerarios culturais europeos do Consello de Europa, dos que participa Galicia.»

Grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señora Cuña.

Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde.

Grazas, señora presidenta.

Hai cuestións que xa quedaron reflectidas nas intervencións anteriores. Resulta indiscutible a importancia que ten un fenómeno como o Camiño de Santiago no que vén ser o turismo do noso país e no número de visitantes, é un reclamo moi importante.

Nós entendemos que o traballo para a súa promoción é importante, e non nos imos opoñer, loxicamente, ao que se formula nesta proposición, que é a conmemoración do itinerario cultural, e entendemos e queremos aproveitar a intervención para facer algunha consideración na liña das que xa temos feito.

Nós entendemos que a importancia do Camiño de Santiago é salientable —xa o temos dito—, pero tamén temo retos de futuro en canto a isto. Por unha banda, desestacionalizar o que vén ser a visita cara a esta cidade e cara ás outras vilas e puntos do noso país polos que pasa o Camiño, que pode ser mediante visitas, ben para realizar eses diferentes camiños, ben visitas tamén dun importante volume de persoas visitantes que coñecen a cidade, que coñecen o nome do noso país a través do Camiño, e deciden vir visitarnos dalgunha outra forma.

Nós entendemos que hai que apostar por desestacionalizar, e entón sería interesante que todas as cuestións que a Xunta de Galiza decida implementar arredor deste aniversario, ou dos que considere, vaian un pouco nesa liña.

Tamén na liña de descentralizar é de sobrada importancia —vostede sábeo ben pola súa relación con esta cidade— a importancia que ten nos movementos económicos de Santiago de Compostela, pero non é menor tamén o que pode ter na comarca enteira e o que podería ter tamén como porta de entrada a Galiza e para o coñecemento desde aquí doutros puntos visitables do noso país. Polo tanto, entendemos que descentralizar tamén é un obxectivo importante, así como diversificar experiencias nese sentido.

A nós parécenos importante insistir na necesidade de valorizar os outros itinerarios culturais. Por así dicilo, dunha maneira un pouco prosaica, o Camiño de Santiago xa é de sobra coñecido aínda que non tivese ese recoñecemento extra que supón este itinerario cultural, pero hai algúns outros que son máis descoñecidos, como pode ser todo o itinerario que ten que ver coa cultura viquinga e normanda, todo o que ten que ver co Camiño da arte rupestre prehistórica e todo o que se pode valorizar arredor desta, ou o que ten que ver tamén, indo máis para a miña terra, co patrimonio termal. Entón, nós entendemos que é importante focalizalo nese sentido.

Doutra banda, levamos unha tarde de moito misticismo, relixiosidade e valores positivos, pero non queremos deixar pasar a ocasión de indicar que tamén nos parece importante non focalizar todo o que ten que ver coa promoción do Camiño de Santiago sempre na parte máis

espiritual e relixiosa. Nós entendemos que é unha parte importante, que está aí, e que ademais atrae visitas que moitas veces non son afectas a esa confesión pero que se suman polo interese cultural que esperta, pero tamén non hai que perder de vista outros tipos de turismo, desde este patrimonial ata o gastronómico, etc., e outras motivacións, como o mero coñecemento da contorna natural e demais.

E xa que vostede fixo mención ao muro de Berlín, xa que falamos de tantos valores de respecto á relixión e demais, entendemos que o Camiño de Santiago é un elemento que afondou neses valores positivos, pero tamén estaría ben que todas as institucións, non só este Parlamento, estivesen comprometidas co respecto a culturas e a pobos como o palestino, e que non tivésemos que ver que, por exemplo, no día de hoxe o Concello de Ourense, lamentablemente, acolleu a visita do embaixador do Estado de Israel, algo que, desde logo, desde o noso grupo lamentamos. E lamentamos ter que dicir máis unha vez neste Parlamento: ¡non ao racismo, non ao colonialismo, non ao sionismo e non á persecución do pobo palestino!

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo parlamentario autor da proposición non de lei, señora Antón.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Vou empezar polo final e voulle agradecer a intervención á señora Noa Presas porque, realmente, podería subscribir todas e cada unha das súas palabras. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Menos o de Israel, efectivamente. *(Murmurios.)* Sobre todo porque, evidentemente, nós concordamos coa importancia do Camiño de Santiago e, precisamente, eses retos de futuro que ela esgrimía aquí nesta tribuna son parte do que poderíamos facer nesa conmemoración.

Evidentemente, a Xunta de Galicia deseñará o programa desa conmemoración como lle parece mellor, pero o que estabamos comentando de buscar puntos de encontro, buscar retos de cara ao futuro, buscar de que formas podemos contribuír tanto ao beneficio do Camiño de Santiago como desas outras rutas, será parte dela.

Por seguir en orde inversa, señora Cuña, eu lamento que tivera un discurso tan desestruturado, porque vostede empezou falando da UNESCO, que a UNESCO formaba parte de... Mire, estamos a falar do Consello de Europa, e o Consello de Europa e a UNESCO son dúas institucións diferentes. Vostede logo enlazou co Plan director do Camiño de Santiago, que non ten, para nada, ningún motivo aquí, nesta proposición non de lei.

De todos os casos, vostede seguiu falando da privatización dos albergues. A rede de albergues da Xunta de Galicia non é privada, o que ocorre é que hai albergues privados porque o Camiño de Santiago tamén posibilita economías. Entón, os albergues privados forman parte desas economías, deses beneficios, que posibilita o Camiño de Santiago.

Mire, o Camiño de Santiago ten unha versión patrimonial —digamos— materialista e ten unha versión patrimonial inmaterial, que é precisamente o que intentamos aquí coa conmemoración,

porque non entendían que era isto de conmemorar. ¡Home, eu coído que todos celebramos os nosos aniversarios! Pois este é un máis. E o Camiño de Santiago coído que o merece. *(Aplausos.)*

E con respecto á súa emenda, a verdade é que non a entendemos, porque, precisamente, o que trata de salientar o camiño é a súa vertente cultural, plural, aberta, democrática, tolerante, mesmo ecuménica, e vostedes pretenden poñerlle liñas vermellas. Esta emenda amosa que o Camiño é unha das rutas de peregrinación mundial perpetuada desde o século X, que soubo acomodarse á realidade do século XXI e dar un salto cualitativo e cuantitativo, pero vostedes non. Vostedes teñen unha serie de prexuízos sobre o Camiño de Santiago que o Camiño de Santiago por si xa ten superados hai trinta anos; e vostedes queren volver atrás, *(Aplausos.)* e non se entende sendo un partido novo. A señora Presas, do Bloque Nacionalista Galego, mudou, mudou cara á modernidade, mudou a entender o Camiño de Santiago. O Bloque Nacionalista Galego hai trinta anos, nesta tribuna, tiña unha oposición frontal ao Camiño de Santiago, e agora ten un discurso absolutamente aceptable.

Vostede fala do laicismo. O laicismo nas actuacións das administracións públicas vai de seu. Pero, dito isto, tampouco podo esquecer que a orixe do Camiño é a que é.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: É un camiño de peregrinación cara á tumba do apóstolo Santiago. E que o programa conte coa participación da cultura do país, ¡claro que si! Da cultura, dos intelectuais, dos políticos, dos deportistas, segundo o programa, pero non só de Galicia, porque estamos a falar dun fenómeno u-ni-ver-sal eu-ro-peo. U-ni-ver-sal: transcendemos máis alá do telón de grelos que vostede pretende poñer sempre aquí. *(Aplausos.)*

E xa o da comisión de control... Eu entendo que vostede queredo dicir unha comisión de seguimento, porque, se falamos de control, a min control, censura, case é un símil. Entón, o control político xa está aquí, está nesta Cámara e está nas urnas.

Finalmente, en relación coa emenda do Partido Socialista, anuncio que si imos aceptar a primeira parte, cunha redacción que xa concordamos, pero imos rexeitar a segunda parte porque, realmente, entendemos que iso non casa nesta proposición non de lei. É verdade que é necesario garantir os pasos soterrados, como moitísimas outras cousas que se poden traer a esta Cámara...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: ...pola vosa banda, como unha proposición non de lei.

O que estaba vacío de contido era o seu discurso. Era tan fácil como ir a Google e mirar «itinerarios culturais europeos», e vostede podería ter un discurso un pouquiño máis axeitado para a proposición. *(Aplausos.)*

Sinto explicarme tan mal, porque na mesma proposición xa dixen o que se pretendía. Entón, señora Burgo, a próxima vez, por favor, prégonlle que prepare un pouco máis a súa intervención.

Grazas. (*Aplausos.*)

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Antes de debater a interpelación, paso a ler unha declaración institucional.

Rogo silencio, por favor.

«Estamos asistindo a unha situación sen precedentes e ante a que é preciso que a Comunidade internacional tome medidas urxentes e actúe en consecuencia.

A principios de 2016, por primeira vez dende a Segunda Guerra Mundial, o número de persoas desprazadas dos seus fogares como consecuencia dos conflitos, a persecución e as violacións de dereitos humanos nos seus países de orixe superou os 65 millóns, segundo datos de ACNUR. Unha cifra que se incrementaría se sumásemos as miles de persoas que se viron obrigadas a desprazarse por desastres naturais ou pobreza.

Esta situación pon ao descuberto a incapacidade da Comunidade internacional para resolver e prever conflitos e situacións de emerxencia humanitaria, así como a falta de vontade política para cumprir coas obrigas internacionais en materia de dereitos humanos e protección internacional.

O pasado 22 de setembro cumpríase un ano dende que os líderes da Unión Europea acordasen un mecanismo de recolocación de emerxencia para compartir a responsabilidade de quen solicita asilo. Con todo, decenas de miles de persoas seguen atrapadas en campos de refuxiados en condicións deplorables. No caso de España, só se cumpriu apenas un 6 % dos compromisos de recolocación. A este ritmo, tardaríamos oito aos en cumprir estes compromisos.

As cifras falan por si soas. Máis dun ano despois destes compromisos, España acolleu a 1.141 persoas, unha cifra moi afastada das 17.337 persoas que o Goberno se comprometeu a acoller. Tendo en conta o anterior, o Parlamento de Galicia declara publicamente a urxente necesidade de que os Gobernos da Unión Europea, e en particular o de España, axilicen de maneira significativa o proceso de traslado de persoas refuxiadas a España mediante a súa recolocación e reasentamento, e cumpran no prazo previsto os compromisos acordados coa Unión Europea de acoller a 17.337 persoas refuxiadas.» (*Apróbase por asentimento.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Debatenos agora, tal e como se comunicou na alteración da orde do día, unha interpelación.

Interpelación de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co servizo de transporte sanitario terrestre

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde a todos e a todas.

Boa tarde, conselleiro.

Quero saudar aos representantes dos traballadores do sector de ambulancias que nos acompañan hoxe na tribuna.

Señor conselleiro, os traballadores e os seus representantes están hoxe na tribuna seguindo esta interpelación porque nin vostede nin o seu equipo nin a consellería teñen a ben recibilos, a pesar de terlle mandado en múltiples ocasións, por terra, mar e aire, por diferentes cuestións, petición de reunión para tratar temas importantes. Agardaría que ao longo desta intervención —ao rematar sería un bo momento— vostede puidera falar con eles e concertar unha cita, ou aproveitar xa a ocasión e escoitar o que lle teñen que trasladar.

Porque eses discursos do diálogo e demais hai que demostralos na realidade, e non soamente reunirse cos amigos ou con quen lle quenta a orela coas cousas que quere oír. Tamén hai que escoitar a quen ten que trasladarlle problemas, a quen quere solucionar os problemas que vive no día a día no seu traballo. Esa debería ser tamén unha parte importante da súa tarefa. Entón, sería bo que ao rematar tivera un momentíño para reunirse con eles.

Hoxe o BNG trasladámoslle aquí, en nome dos traballadores e traballadoras, a situación do transporte sanitario en xeral e do transporte sanitario urxente en particular. O transporte sanitario, ao igual que o resto da prestación sanitaria, é un servizo esencial, un servizo vital, e como tal debería ser obxecto prioritario para o Goberno galego e para a Consellería de Saídade, mais a realidade vai na dirección contraria.

O Goberno galego está a optar por un modelo de xestión que mercantiliza a saúde, que significa recortes na prestación do servizo e nas condicións laborais dos traballadores e traballadoras. O Partido Popular e a súa consellería foi deteriorando o servizo con todas as decisións que foi tomando. Unha das máis importantes nos últimos tempos foi a fundación pública Urxencias sanitarias de Galiza 061. No ano 2004 sacou a concurso e realizou a adjudicación do servizo de transporte sanitario urxente.

O Bloque Nacionalista Galego, conxuntamente coa CIG, denunciámos publicamente naquel momento as irregularidades que había arredor deste concurso e fixemos unha chamada de atención á preocupación que tiña o sector por como se estaba a desenvolver este concurso. Denunciámos a sospeita de trato de favor á empresa que resultou logo adjudicataria da maioría dos lotes, que era unha empresa vinculada ao Partido Popular. Presentámos iniciativas neste Parlamento e demandámos a paralización do concurso porque fora paralizado en varias ocasións, modificado por diferentes razóns, e xerara malestar entre as empresas galegas do sector, sobre todo as de menor dimensión.

Cualificaron naquel momento o concurso como moi agresivo porque, mentres a contía do concurso era máis ou menos similar á do anterior, se exixían toda unha serie de condicións a maiores que practicamente facían imposible ofrecer todas esas melloras con esas contías económicas.

A información da que nós dispoñiamos, e parte das empresas, era que lle ía adxudicar o concurso a unha empresa cunha oferta á baixa económica moi importante. Poderíamos estar falando de baixa temeraria, dunha auténtica baixa temeraria. De feito, ao final adxudicouse por un importe de 3 millóns de euros menos do que era a licitación.

Denunciamos e avisamos que os empresarios o consideraban inviable polo que lle acabo de dicir, e toda a información indicaba que a beneficiaria ía ser unha empresa que se ía facer con máis do 50 % dos lotes, ben directamente ou con empresas participadas, coas que había sospeita de que tiña acordos de compra vinculados a este concurso.

Avisamos, advertimos, pedimos que por parte da Xunta de Galicia se rectificara, que se paralizara este concurso, porque esta empresa protagonizara escándalos e conflitos noutras partes do Estado e viña precedida de toda unha serie de actuacións e actividades pouco claras. En Castela-A Mancha foi condenada a pagar 37 millóns de euros por vulnerar o dereito á liberdade sindical. O Goberno de Aragón detectou anomalías na facturación, xa que lle reclamaba cantidades importantes por servizos non prestados, e púxolle unha multa de máis de 300.000 euros. En Euskadi e en Navarra xerou conflitos laborais por modificar condicións laborais por incumprimento de pregos. En Cantabria tamén foi condenada... Había toda unha serie de cuestións que, advertidos, podían cando menos facer sospeitar que non ía ser unha boa opción para adxudicarlle o servizo de transporte urxente sanitario terrestre.

Advertimos porque esta empresa estaba participada na súa maior parte por unha empresa de capital risco, co cal o seu obxectivo, fundamentalmente, era o beneficio. Á fronte da mesma estaba un destacado militante do Partido Popular, deputado provincial en Valladolid, Carlos Magdaleno Fernández, mais o Partido Popular dende a Xunta de Galiza mirou para outro lado, fixo caso omiso e fixo o que mellor sabe facer, que é entregarlles servizos públicos con cartos públicos a empresas de fóra, a empresas de capital risco e, ¡casualidade!, a empresas vinculadas directamente ao Partido Popular. Bueno, son casualidades que pasan.

Practicamente non queda empresariado galego no sector das ambulancias. Unha parte moi elevada está en mans de Amboibérica. Pedimos documentación, que a lei exige que se nos sexa facilitada, pero non nos foi facilitada a documentación de todo este concurso. ¿E a isto que engadimos? Pois que na concesión do servizo de transporte non urxente, antes de que se abran os pregos das ofertas, hai constatación e denuncias por parte dos traballadores de que xa había ambulancias aparcadas en Santiago nas concesionarias de transportes; de que antes de abrir os pregos xa había ambulancias preparadas nos concesionarios; e hai tamén constatación de que a empresa que hoxe leva o transporte non urxente na Coruña aínda ten cinco ambulancias no concesionario sen recoller, mentres consta que o Sergas está abonando o importe de todas as ambulancias como se estivera funcionando e dando servizo. Bueno, cositas menores, ¿non, señor conselleiro?

E claro, a pregunta é ata onde está disposto a chegar o Goberno galego, ata onde está disposto a chegar vostede, señor conselleiro, para favorecer empresas amigas vinculadas ao Partido Popular na adxudicación de concursos públicos da Xunta de Galiza.

A pregunta é ata onde están dispostos a chegar, porque a isto temos que sumarlle que o Xulgado de Instrución número 2 de Santiago de Compostela investiga se puido haber prevaricación, información privilexiada e tráfico de influencias na adxudicación deste concurso. Investigan a un técnico da Xunta por indicio de que o concurso estivera amañado, e a pregunta é: ¿que ten pensado facer, señor conselleiro, a respecto desta cuestión?, ¿que investigación abriu? ¿Realizou algunha investigación sobre esta situación? ¿Vai exixir responsabilidades? Sería bo que na súa quenda nos fora contestando a estas cuestións.

A meses da adxudicación do concurso de transporte urxente os temores empezaron a verificarse, a converterse en feitos. Traballadores das empresas adxudicatarias empezaron a denunciar o incumprimento do convenio; a conxelación de salarios, cos salarios conxelados dende o ano 2015; as malas condicións de moitas das bases; que o convenio rematou a vixencia o 31 do 12 do 2015 e a patronal nin sequera se quere sentar a negociar. Unha situación laboral que era previsible cos antecedentes desta empresa, aínda que no convenio hai outras empresas implicadas, pero a maioritaria é a empresa da que estamos a falar.

Os traballadores denuncian o uso do contrato en prácticas para ter persoal máis barato, porque o primeiro ano cobran o 60 % do establecido e o segundo ano o 70 %. E ás demandas laborais hai que engadir a denuncia do uso de ambulancias de apoio non equipadas como transporte sanitario de emerxencias. Vehículos de apoio nos que só vai un condutor ou unha condutora, que deben estar para traslados non vitais...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO CORES: ...non para socorrer as emerxencias, están sendo enviadas a cubrir urxencias non de xeito excepcional, senón que se está convertendo en algo habitual.

Tamén hai denuncias dos traballadores da situación totalmente precarizada na central de chamadas do 061, cunha carga de traballo insoportable, con quendas de traballo moi longas, comunicación das ambulancias coa central a través da mesma liña telefónica dos doentes...

E o dramático, señor conselleiro, é que todas estas situacións non se producen dun xeito puntual, senón que se teñen convertido nun problema estrutural. Co cal, repítole as preguntas que están na interpelación. Que modelo de transporte sanitario ou terrestre defende o Goberno galego. Se coida que está garantindo un servizo de calidade e as condicións laborais dos traballadores e traballadoras. Se é coñecedor o Goberno galego das demandas dos traballadores das empresas que prestan o servizo, tanto de transporte sanitario urxente 061 como o concertado ou a central de chamadas. Se é coñecedor do uso de ambulancias de apoio non equipadas como transporte sanitario de emerxencias. Que tipo de control realiza sobre a prestación do servizo por parte das empresas. Cal é o resultado do informe sobre a avaliación da calidade do servizo realizado ás empresas adxudicatarias, contemplado no prego de condicións.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Está claro xa. Xa entendemos as preguntas.

A señora PRADO CORES: Gustaríame que tivera a ben non irse polas ponlas e contestarme a estas preguntas, e sobre todo contestarlles aos traballadores.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Prado.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

O Servizo de emerxencias extrahospitalarias da Comunidade Autónoma de Galicia, dende os seus inicios, tivo como obxectivo principal garantir unha asistencia sanitaria urxente de máxima calidade ao conxunto da poboación de Galicia.

A configuración actual do mesmo é froito da adaptación ás necesidades epidemiolóxicas e demográficas da poboación, ás características da estrutura sanitaria galega e aos avances tecnolóxicos.

A súa estrutura inclúe unha central de coordinación e unha rede de transporte sanitario urxente. A central, única para toda Galicia, é unha central de regulación médica, o que quere dicir que todas as demandas sanitarias da poboación son atendidas por persoal sanitario e todos os recursos existentes nel están orientados a identificar as necesidades asistenciais e a dar a resposta máis adecuada á situación clínica que presenta o paciente no menor tempo posible. É, desde logo, un elemento vertebrador de toda a asistencia sanitaria na comunidade galega.

É unha central equipada coa tecnoloxía precisa para a detección inmediata do incremento da demanda, incidentes múltiples vítimas, alertas epidemiolóxicas, etc., o que lle permite o reforzo, nun período breve de tempo, das quendas de traballo, tanto do persoal sanitario como non sanitario.

Dende os seus inicios no ano 1995, a vía de entrada de chamadas, tanto dos usuarios como dos recursos sanitarios, é común, non tendo repercusión ningunha no sistema ao longo dos vinte e un anos de actividade.

De todos os xeitos, no afán continuo de mellorar o sistema, no ano 2016 implantouse un programa enrutador de chamadas que, xunto coa rede Tetra —rede corporativa de comunicacións móbiles dixitais de emerxencia e seguridade de Galicia—, permite que a entrada dalgunhas ambulancias sexa atendida directamente polo facultativo responsable da mobilización, sen a intervención do teleoperador.

Estase a estudar se esta posibilidade é beneficiosa para a totalidade da rede. No momento actual, todas as ambulancias da frota existente en Galicia acábanse de renovar, contando

cos últimos avances tecnolóxicos e médicos necesarios para a asistencia máis avanzada para os doentes, que constitúen o eixo fundamental da nosa labor.

Pódese afirmar, sen lugar a dúbidas, que os recursos do transporte sanitario de Galicia se encontran entre os máis modernos e avanzados de Europa. Trátase do servizo máis valorado polos galegos de entre todos os que ofrece o Servizo Galego de Saúde aos cidadáns. As enquisas de satisfacción, que se realizan cada dous anos, acadan elementos de elevados niveis de satisfacción por parte dos usuarios. Na última, realizada no ano 2015, o 98,9 % dos usuarios volverían empregar o servizo en caso de necesidade, e a puntuación media do servizo é de 9,1 nunha escala de 0 a 10.

Indubidablemente, este é un modelo cobizado polos servizos de emerxencias médicas do resto do país, xa que, aínda cunha elevada dispersión, unha meteoroloxía complexa, moitos quilómetros de estradas, e un elevado envellecemento poboacional, garante a todos os cidadáns galegos a accesibilidade, a equidade e a eficiencia dunha asistencia de alta capacidade.

Os contratos vixentes, subscritos entre a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 e as empresas adxudicatarias do Servizo de transporte sanitario urxente terrestre, recollen a obriga destas últimas con respecto ao persoal que empreguen, ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de lexislación laboral e ao disposto no convenio colectivo do sector durante toda a execución do contrato.

Tal como establecen a lexislación laboral e social vixentes, os adxudicatarios, con respecto ao seu persoal, manterán todos os dereitos e obrigas inherentes á súa condición de empresarios, sen que en ningún caso poida alegarse por dito persoal ningún dereito en relación coa Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061 ou coa Consellería de Sanidade. Isto quere dicir que, se por parte dos traballadores ou dos seus comités de empresa se aprecia algunha irregularidade no cumprimento do convenio ou da lexislación vixente, deben dirixirse aos órganos competentes para garantir os dereitos dos traballadores en materia de seguridade e saúde laboral, pois ese incumprimento, acreditado mediante resolución firme da autoridade competente, podería ser sancionado pola fundación, que noutro caso non tería potestade.

As quendas de traballo do persoal da central de coordinación, tanto sanitario como non sanitario, de 7 horas en horario diúrno e 10 horas en horario nocturno, cumpren estritamente coa lexislación vixente.

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 réunese periodicamente cos adxudicatarios dos servizos de transporte sanitario urxente terrestre, cos do servizo de operación telefónica, así como coa xunta de persoal da propia fundación, con periodicidade bimestral, e sempre que se produce unha petición, de xeito extraordinario. Nestas reunións trátase de todos aqueles temas propostos e que poidan ter relación coa calidade do servizo e con melloras na súa prestación, así como do seguimento do contrato. Así mesmo, a Consellería de Sanidade tense reunido cos representantes das distintas organizacións sindicais do sector sempre que estas o demandan.

Pero non debemos esquecer que estamos a falar de traballadores de empresas privadas que acaban de gañar os concursos públicos que a Consellería de Sanidade convocou. Son as empresas adxudicatarias as que deben reunirse cos correspondentes representantes dos traballadores, analizar as súas demandas e negociar os convenios colectivos de cada sector. O labor da Administración é valorar o rigoroso cumprimento dos contratos, e non debe inmiscirse nas negociacións de traballadores e os seus empresarios, tal e como teñen manifestado en múltiples ocasións tanto a patronal como as organizacións sindicais, e tal e como se establece na lexislación laboral vixente.

As ambulancias de apoio utilízanse dende a posta en marcha da primeira rede de transporte sanitario urxente de Galicia, é dicir, dende o ano 1998. Estamos a falar tanto de ambulancias asistenciais de soporte vital básico, igual dotación de persoal que as empregadas polo 061, como de ambulancias convencionais. O uso de recursos alleos á rede de transporte sanitario urxente sempre é valorada polo persoal facultativo da central de coordinación, sendo este un dos grandes beneficios de dispor dunha central de «regulación médica» e non do tipo «despacho de recursos» como noutras comunidades autónomas.

Os servizos nos que se utiliza como único medio de resposta son escasos, e son empregados en pacientes que non presentan unha urxencia vital. Hai que destacar que dende o ano 2010 a utilización deste tipo de recursos vén diminuíndo de forma notable, e no ano 2016 reduciuse a un 3,88 %. Dende o ano 2003, no que se ampliou con dúas novas ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado nas cidades de Coruña e Vigo, a rede non sufriu variacións ata o ano 2010, no que se inaugurou a nova base medicalizada da Mariña lucense.

Recentemente, o 1 de xullo do 2016, acábase de ampliar con 5 novas ambulancias asistenciais de soporte vital básico, na Coruña, Tomiño, Rianxo, Ourense e Vilagarcía, e cun aumento no seu horario noutras 5: Baiona, Marín, e 3 na cidade de Vigo. Esta ampliación é froito do afán continuo de mellora do 061, que de xeito ininterrompido analiza, entre outros, os cambios demográficos, a variación da demanda asistencial, as modificacións da rede viaria, a cobertura dos centros sanitarios e os tempos medios de resposta, co obxectivo de adaptar a rede ás novas necesidades dos pacientes.

A Rede de Transporte Sanitario Urxente xestionada polo 061 está formada na actualidade por 2 helicópteros medicalizados, 11 ambulancias de soporte vital avanzado e 106 ambulancias de soporte vital básico, sendo o número de vehículos, no momento actual, superior aos contemplados no prego.

Moitas grazas. Seguiremos na segunda exposición. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Señor conselleiro, moitas grazas por lernos aquí as competencias do 061. Non contestou practicamente a ningunha das preguntas que lle formulei, e parece evidente que non ten intención de dirixirse aos traballadores que están na tribuna.

Foi curioso, vostede dixo que os responsables do 061 se reúnen coa adxudicataria, coa xunta de persoal da fundación, e non pode interferir na relación entre a adxudicataria e traballadores. ¿Por que se reúnen, entón, coa adxudicataria? ¿Por que se reúnen con determinados sindicatos e non se reúnen coa CIG, que é o sindicato hipermaioritario no sector? (*Aplausos.*) ¿Parécelle a vostede medianamente democrático que o Goberno galego non respecte os acordos sindicais e a vontade dos traballadores, que teñen eleccións e elixen os seus representantes? ¿A vostede parécelle que se poden saltar esas cuestións así, porque lle sae das narices? ¡Pois moi ben!

Entón, como todo parece indicar que non ten ningunha intención de falar con eles, voulle trasladar unha serie de preguntas que me trasladaron para que llas faga. A primeira é que no prego se establece que recae na xerencia de xestión integrada a avaliación, control e seguimento do cumprimento do prego. Entón, ¿que tipo de control realizan as diferentes EOXI sobre as empresas? ¿Faise algún tipo de control? ¿Cada canto tempo? ¿Como se avalía ese resultado? ¿Cal é o resultado do informe sobre a avaliación da calidade dos servizos realizado ás empresas adxudicatarias? Establéceo o prego de condicións, señor conselleiro. ¿Estase facendo? ¿Estase facendo o control e estase avaliando?

¿Sabe o conselleiro que se fan traslados de pacientes infectocontaxiosos en ambulancias de tipo A2, e dicir, as colectivas? ¿Sabe o señor conselleiro que tamén se empregan vehículos A2 para facer traslados interhospitalarios urxentes? ¿Sábeo vostede, señor conselleiro?

¿Sabe que o posto de axudante ou camilleiro en toda Galicia practicamente non existe, e son os familiares os que fan esta función de axudar a trasladar os pacientes porque as adxudicatarias non teñen este persoal, e na maioría das ambulancias soamente vai unha persoa?

¿É consciente o conselleiro de que moitas veces van 2 ambulancias a un domicilio para que os dous condutores poidan baixar a ese doente, sendo un despilfarro de recursos 2 ambulancias porque non hai persoal de apoio nas ambulancias?

¿Sabe o conselleiro que tamén se empregan as ambulancias para traslados de órganos, equipos médicos, extraccións e transplantes, que non está establecido no prego?

¿Sabe o conselleiro que nin os uniformes do persoal das ambulancias nin os vehículos dos concertos están rotulados e identificados como Sergas? ¿Sabe que isto fai posible que moitas veces estes vehículos fagan transportes privados e para empresas privadas, para mutuas e para hospitais privados, cando no concerto se establece a exclusividade para o Sergas? ¿Sábeo e está facendo algo? ¿Está disposto a facer algo para solucionar esta situación?

¿É consciente o conselleiro de que os hospitais están poñendo enfermeiros para os vehículos tipo C cando esta dotación tiña que poñela a propia empresa? ¿É consciente de que se lle está aportando á empresa recursos e persoal do Sergas cando tiña que poñelos a propia empresa? ¿E é sabedor o conselleiro da denuncia, presentada polos traballadores, de malversación de fondos por parte da concesionaria do servizo cando fai uso dos vehículos asignados ao servizo da EOXI —de Vigo, por exemplo— para facer servizos de compañías e mutuas privadas, como de altas e traslados intrahospitalarios do Hospital Povisa? ¿Ten coñecemento? ¿Tras-

ladáronlle a denuncia feita polos traballadores desta cuestión? ¿Que ten feito ao respecto? Gustaríanos que fora quen de contestar a algunha destas preguntas.

E, antes de rematar, volvo emprazalo para que, cando remate, se dirixa aos representantes dos traballadores, os representantes maioritarios no sector, e tivera a ben escoitar todas estas cuestións —das que só fixen un pequeno resumo— e outras moitas, que son polas que lle teñen pedido reunión tanto aos responsables do 061...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...como á súa consellería para trasladarlle todas estas cuestións.

Eu, á parte de pedirlle que responda a estas preguntas, señor conselleiro, pediríalle que rectificara a súa política de primar os criterios económicos sobre a calidade asistencial nun servizo tan vital para a saúde e a vida das persoas como é o transporte terrestre en ambulancia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Turno de peche desta interpelación.

Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Grazas, señor presidente.

A verdade, señora Prado, é que me ten acostumado a iso. Non me sorprende nada. Vén aquí cunha interpelación e unha serie de preguntas e logo chega ao final e fala de anécdotas, de comentarios, de denuncias... Creo que, se iso que di vostede é así, o que ten é que presentar denuncia, non vir aquí e dar datos sobre comentarios.

A verdade é que, simplemente, por comentar iso das dúas ambulancias que van a un sitio para trasladar un paciente, ¡home!, non entendo que haxa unha empresa que poida realizar iso así. Pero, desde logo, en calquera cousa irregular, se se denuncia, actúase, claramente; non neste contrato, en calquera contrato. Pero tamén lle recordo que os contratos teñen unha normativa e nós temos que cumprila.

Vostede sempre fala de baixa temeraria, de que nós avisamos, advertimos... Non, se vostedes están moi acostumados a denunciar e entón teñen que denunciar, e nós animamos a que ocorra así. Pero, claro, é fácil vir a un Parlamento, quedar ben diante de todo o mundo e dicir cousas que non teñen base legal ningunha. Nós seguimos a Lei de contratos, ten que ser así. A parte económica ten un peso, o demais é servizo, non é o único que hai. Pero, desde logo, cando se presentan a un concurso, as empresas saben ao que se presentan e fan unha oferta. Se na oferta o que se pide é excesivo para o que se pode pagar, evidentemente os concursos quedan desiertos e a Administración ten que modificar eses pregos e aumentar a dotación económica, se o problema é económico. Neste caso presentáronse empresas a todos os lotes.

Mire, a comisión de transporte da fundación é un grupo de traballo interno, está constituído por traballadores que representan a todas as áreas desta fundación. A súa misión principal é valorar e analizar as incidencias detectadas na execución do contrato, así como as reclamacións dos usuarios, polo que a finalidade última é a de velar polo estrito cumprimento do contrato suscrito entre a fundación e as empresas adxudicatarias.

A fundación tamén realiza unha inspección periódica de todos os vehículos para garantir que durante o período de execución do contrato cumpren con todas as características exixidas nos pregos. O proceso de contratación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, levado a cabo polo órgano de contratación da fundación pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061, realizouse de conformidade co Texto refundido da Lei de contratos do sector público e co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, garantindo en todo momento o cumprimento estrito da lexislación vixente.

Ata este momento as resolucións a 11 recursos presentados ante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais de Madrid foron favorables á fundación —11 recursos presentados—. Así mesmo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia presentáronse tres demandas: unha resolta favorablemente para a fundación, o 2 de febreiro de 2017; e as outras dúas, pendentes de resolución.

No ano 2016, en relación co cumprimento dos indicadores de calidade dos servizos recollidos nos pregos, nos que se valora a recollida de datos, o estado e o mantemento dos vehículos, a calidade sentida polos usuarios, a formación de persoal e o seguimento dos protocolos operativos do servizo, a porcentaxe media alcanzada polas empresas adxudicatarias en toda a comunidade foi do 94 %.

A situación do transporte sanitario na Comunidade Autónoma de Galicia encontrouse —como xa se sinalou— entre as máis modernas e avanzadas do Estado. Trátase dunha frota completamente renovada, avanzada tecnoloxicamente e de elevada comodidade para o doente durante a súa asistencia e traslado.

Evidentemente, non hai que solucionar unha situación que é modélica no Estado español e sistematicamente observada e imitada polo resto dos servizos de saúde debido á súa eficacia e ás garantías que ofrece para os usuarios. Así, por exemplo, a implantación de programas nosos por servizos de saúde doutras comunidades autónomas, como o programa «Alerta Escolar» nas Illas Baleares; ou o feito de ser pioneiros unha vez máis a nivel nacional en implantar unha estratexia dirixida a cardioprotexer a todos os cidadáns, independentemente da súa proximidade aos recursos sanitarios máis avanzados, a través do programa «RCP na aula». Estes méritos veñen recoñecidos coa obtención do Selo de Excelencia Europea 400+, outorgado pola Fundación Europea para a Xestión da Calidade EFQM; así como polos múltiples galardóns dos seus programas especiais, como o Programa DEXA, ProgaliAM ou Alerta Anxioedema. Recentemente, a Sociedade Española de Cardioloxía e o *Diario Médico* recollen estes programas como as mellores ideas da sanidade en España.

Isto non quere dicir que a Consellería de Sanidade non continúe como ata o de agora, analizando o sector e adaptándose ás novas necesidades, centros e avances tecnolóxicos. É moi

destacable que a rede de transporte sanitario urxente non sufrira ningunha variación durante os anos 2005-2009, cando gobernaba o seu partido no Bipartito. Sen embargo, no ano 2010 incorporouse unha nova ambulancia —como dicía— na Mariña lucense; e no 2016, cinco novas ambulancias asistenciais de soporte vital básico.

Miren, nós temos claro que este é un magnífico servizo. E, desde logo, moito diso débese aos traballadores do 061, que fan un magnífico labor. E a nosa función é velar pola legalidade dos contratos e, desde logo, que se cumpran tanto as condicións laborais como tamén os servizos aos usuarios galegos, que loxicamente é o principal fin do Servizo Galego de Saúde. Seguiremos loitando por melloralo, por modificalo, por ampliálo, segundo as necesidades da poboación galega. E niso, desde logo, estaremos seguramente unidos tamén a vostede. Pero, desde logo, seguimos loitando por mellorar o servizo sanitario.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Tal como se comentou hoxe á mañá, agora pasamos a formular preguntas ao Goberno; neste caso, ao conselleiro de Sanidade.

En primeiro lugar, a pregunta de don Julio Torrado Quintela, do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da construción urxente dun novo centro de saúde na antiga Comandancia de Mariña de Vilagarcía de Arousa

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Vilagarcía ten preto de 40.000 persoas, máis ou menos o dobre en verán. E nalgún momento do verán pasa de 100.000 persoas. Temos un centro de saúde —e non é cuestión de falar doutros déficits sanitarios, como ambulancia medicalizada ou a perda de servizos do Hospital do Salnés— construído en 1974, o que nos sitúa nun horizonte de máis de corenta anos. Ese centro de saúde, cando o ascensor se estropea —que é bastante a miúdo— a xente que ten problemas de accesibilidade —como en cadeira de rodas— ten que saír do centro de saúde e facelo pola rúa. As ambulancias, para parar diante de urxencias, teñen que invadir as beirarrúas e taponar a entrada. Hai temperaturas de máis de 35 graos. Detectáronse pragas de pulgas na sala dos médicos. Detectáronse problemas de humidades graves. Hai un desfibrilador; polo tanto, cando os médicos teñen que saír de urxencia nunha ambulancia e usalo, pódese dar o caso de que sexa necesario un desfibrilador no centro de saúde e non exista. Temos dúas matronas nunha mesma consulta, o cal supón —e creo que é bastante exemplar— que poida haber unha muller ou unha parella tendo que contar a súa vida privada sexual a unha persoa cando na mesa do lado hai outra parella que pode coñecer —ou non, non

sei cal das dúas opcións é peor—; e incluso que pode estar sendo atendida cunha parella ao lado na mesma situación, que pode ser que a coñezan ou non a coñezan.

Necesitamos en Vilagarcía un centro de saúde novo, señor conselleiro, vostede sábeo. E estou seguro, ademais, de que o seu criterio médico o di, porque é unha demanda social e é unha demanda médica. Temos un lugar ideal, céntrico, con transporte público ao lado, accesible; 5.000 metros cadrados nun solar que é gratuíto para iso. Xa no 2009 un presidente do Porto de Vilagarcía, socialista, asinou un convenio coa Consellería de Sanidade, que naquel momento recaía nun goberno socialista, unha conselleira socialista. E acordaron que ese lugar sería cedido para a construción dun gran novo centro de saúde que dera saída a esas necesidades médicas que tiña Vilagarcía. Falamos de 2009.

En 2012 —chegando ás eleccións autonómicas— empezouse a difundir por parte do Partido Popular —vostede coñece algunha compañeira de bancada que o fixo— falsos debates sobre a deslocalización do problema e sobre por que había que centralizalo no centro de Vilagarcía e non facer pequenas consultas atomizadas nalgúns lugares de Vilagarcía, un modelo absolutamente desfasado. Despois daquel debate, manifestacións públicas e un clamor popular sobre o asunto, chegou o 2016 —previo ás eleccións— e a conselleira dixo que o ía estudar tecnicamente, que ía mandar técnicos para avaliar o estado do solar que dende o Concello de Vilagarcía se propoñía. Os técnicos dixeron sinxelamente que era o lugar idóneo, señor conselleiro, idóneo. O cal demostra que é o lugar perfecto, porque o dixeron os técnicos da Consellería.

Despois de pasar as eleccións, a Consellería di agora que ese lugar ten problemas porque hai que demoler un edificio que ten algo máis de corenta anos. Evidentemente, máis ou menos os mesmos que ten o actual centro de saúde.

Señor conselleiro, o centro de saúde de Vilagarcía vaise facer. Eu creo que vostede ten a oportunidade...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...como conselleiro, de ser o conselleiro que o faga.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado. Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: Polo tanto, nós plantexámoslle...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...se considera a Xunta de Galicia a construción urxente...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...dese novo centro de saúde en Vilagarcía.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Boas tardes, señor deputado.

En primeiro lugar, quería precisar, deixar claro, que a prestación de servizos na asistencia sanitaria no concello de Vilagarcía é a adecuada, tanto no que se refire aos medios humanos como materiais, así como á carteira de servizos. Desprégase unha actividade importante, tanto no que se refire a consultas de medicina xeral —perdón, señor Torrado, vou falar de cifras, non vou falar de anécdotas mal contadas por vostede—, que hai 13.759 citas de 22 médicos de familia, como de pediatría, 2.288 citas para 5 pediatras; de enfermería, 7.956 citas dos 23 diplomados de enfermería; odontoloxía, hixienista e tamén farmacia. O centro conta con retinografía e teleoftalmoloxía, e tamén con teledermatoloxía, o que axiliza a atención e evita desprazamentos dos pacientes.

A mediados de 2016 puxemos en marcha o programa de cribado de cancro de colon, que dá cobertura a 7.500 persoas. Desde o inicio do programa realízanse unhas 25 colonoscopias á semana, o que permite o diagnóstico e tratamento precoz da patoloxía detectada. Tamén é moi relevante o programa «Conecta 72», un programa no que o papel dos profesionais de enfermería resulta crucial e que mellora a atención e seguimento das persoas tras unha alta hospitalaria nas primeiras 72 horas. Cerca de 19.000 persoas beneficiáronse deste programa no ano 2016. Para darse unha idea da calidade de atención no ámbito da atención primaria no Salnés, hai que dicir que no ano 2016 recibiu o prestixioso premio Avedis Donabedian.

No ámbito da atención hospitalaria, o balance tamén é positivo, como reflicte tanto a actividade desenvolvida en intervencións cirúrxicas —no 2016, 4.773, das que 3.449 foron ambulatorias; cunha espera media de 38,2 días— como en consultas —91.025, cunha demora de 32 días—. No que se refire á demora para a prioridade 1, nos enfermos máis graves, está en torno a 6,9 días.

E se falamos de investimentos en infraestruturas, temos que recordar que o Hospital do Salnés xa puxo en funcionamento as novas áreas de urxencias, bloque obstétrico e bloque cirúrxico, cun investimento de 9,5 millóns de euros. E xa iniciou a terceira fase de ampliación, que inclúe a área de coidados poscirúrxicos e un novo hospital de día.

Tamén quero recordar que a comarca do Salnés conta desde o pasado mes de xullo cunha nova ambulancia de soporte vital básico de 12 horas, nunha iniciativa de mellora e reforzo do transporte sanitario urxente de Galicia á que a Administración sanitaria destina un orzamento de 2,8 millóns de euros para o período de 2016 a 2019.

Tendo en conta que esta, a grandes trazos, é a situación real e coa boa vontade de mellorar a medio e longo prazo este servizo, técnicos do Servizo Galego de Saúde, acompañados por persoal do Concello e da Autoridade Portuaria, realizaron unha visita ao emprazamento proposto polo Concello, á edificación da Autoridade Portuaria. Segundo informan estes técnicos, a edificación, do ano 79...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...como ben din...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ... presenta un estado positivo moi limitado, que non se adapta nin funcional nin construtivamente aos estándares actuais. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica.

Señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Señor presidente, creo que houbo un problema. A pregunta era sobre o centro de saúde e contestoume sobre o hospital. Non sei se é posible que lle pasen ben a pregunta. (*Aplausos.*)

De todas formas entendo, señor conselleiro, que vostede non queira falar do centro de saúde, porque a posición do PP é dificilmente sostible. Di vostede que os informes técnicos —que é ao único que se referiu— din que o edificio hai que derribalo e que é un problema do edificio. Estou de acordo, ten algo máis de corenta anos, como ten o centro de saúde, algo máis de corenta anos. Ben, xa que hai que derribalo, entón, estamos de acordo en que o solar está moi ben. E, entón, plantexo unha cousa, señor conselleiro: ten aquí o alcalde de Vilagarcía e membros do seu goberno. Creo que estarían perfectamente dispostos a sentar con vostede nada máis termine a sesión de pleno de hoxe e a ofrecerlle que se a Consellería se compromete de verdade ao centro de saúde, non dá voltas e non fala do hospital, da ambulancia ou doutras cousas, se non fala de ningunha outra cousa e se compromete a facer ese centro de saúde de verdade, o Concello está disposto a apoiar economicamente ese derrubamento. Porque mire, un derrubamento dese edificio custa aproximadamente 200.000 euros, hai, a uns cen metros, como moito, unha parcela da Administración, ao lado dos xulgados, que ten 3.200 metros cadrados aproximadamente. Na que nós lle propoñemos estamos falando de 5.000 metros cadrados, pero eses 3.200 a Administración valóraos en 2,5 millóns de euros. Se vostede me di que é imposible facer un centro de saúde, porque unha demolición de 200.000 euros non é boa e que buscan vostedes outra nova parcela, cando a parcela que está ao lado vale dous millóns e medio de euros, ou somos ineficientes todos, que é posible, ou é que non se quere facer o centro de saúde.

Ten vostede unha oferta. O Concello apoia e axuda á demolición dese edificio. Agora a pelota está no seu tellado —e non en Miguel Tellado, que, se non, xa saberíamos que non a faría, pero por alusións, señor conselleiro—. Ten vostede que decidir, centro de saúde si ou non,

pero nin me fale do hospital, señor conselleiro, nin me fale doutras cousas. ¿Queren ou non queren facer o centro de saúde? Ten unha oferta encima da mesa.

¿Pódenos contestar, por favor, se quere facer ou non...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...quere facer ese centro de saúde? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Turno de peche.

Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Precisamente, nós dicimos que a asistencia sanitaria —porque falamos en xeral da asistencia sanitaria da área de Vilagarcía— é adecuada, pero nunca quedamos aí, queremos mellorar a medio e longo prazo.

Evidentemente, ao Concello de Vilagarcía o único que lle pedimos é o que lle pedimos a calquera concello onde facemos un centro de saúde, que é unha parcela sen gravames, adecuadamente localizada, con boas comunicacións e que sexa un referente para ese concello. Mire, o que dicimos é que onde nos ofrece o Concello de Vilagarcía unha parcela —que, por certo non é del, non é do Concello de Vilagarcía— ten gravames, non só polo edificio, que é un edificio que non vale para as condicións do centro de saúde, senón que aínda encima ten gravames por parte do porto. Nós non construímos desa forma. Eu o que lle pediría ao Concello de Vilagarcía é que faga como o de Caldas de Reis, tamén socialista. Por certo, que antes dixeron que houbera na Autoridade Portuaria un socialista e na Consellería unha socialista. Iso é o culmen xa, o máximo da xestión. Non sei por que non o fixeron nese momento. A verdade é que foi unha pena.

Nós non falamos de que son populares os que están agora, o que dicimos é que queremos a mellor situación para unha parcela que sexa pasada ao Servizo Galego de Saúde e en boas condicións, que estea ben localizada e que os técnicos digan que reúne todas as condicións. O alcalde de Caldas de Reis, tamén socialista, aceptou perfectamente que a parcela que nos ofreceu non era a adecuada. Neste momento estamos a punto de pechar un acordo co Concello de Caldas para facer un centro de saúde, que tamén se necesita, e posiblemente incluso para antes que o de Vilagarcía. Pero, desde logo, se Vilagarcía, o Concello de Vilagarcía, pon unha parcela adecuada en situación, en localización e en situación con respecto á poboación e, loxicamente, libre de gravames, desde logo estaremos dispostos, a Consellería estaría disposta, a facer o que hai que facer, pero sempre nas condicións que estamos pedindo a calquera outro concello, sexa de onde sexa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Pregunta de D^a María Dolores Toja Suárez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da implementación de medidas de mellora para o Hospital Virxe da Xunqueira, de Cee

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Toja Suárez.

A señora TOJA SUÁREZ: Boa tarde.

En primeiro lugar, dende o Grupo Parlamentario Socialista queremos amosar a nosa solidariedade cos profesionais do Hospital Virxe da Xunqueira, de Cee, (*Aplausos.*) e así tamén cos pacientes, porque á fin de contas son eles os que están sufrindo as deficiencias, as carencias e as deficiencias de medios técnicos e persoais no hospital.

Parece que foi onte, pero xa pasaron dezaoto anos desde que está en funcionamento o Hospital de Cee, e co paso dos anos, co paso do tempo, está claro que xerou novas necesidades. As máis importantes son as seguintes:

Ampliación a tempo completo do servizo de reanimación. Actualmente, cando un paciente require de reanimación por tempo superior a 24 horas derivase a un hospital de referencia.

Implantación do Servizo de CardioloXía. Vivimos nunha sociedade avanzada, nunha sociedade desenvolvida, e as enfermidades cardiovasculares son a principal causa de morte hoxe en día, sen embargo, o Hospital de Cee non conta cun servizo de cardioloXía.

Ampliación de persoal na área de dixestivo. Só hai unha persoa de dixestivo. As listas de espera de colonoscopias e endoscopias son interminables; atrásanse considerablemente.

Renovación urxente do material de quirófano, que está desgastado polo uso. En campaña electoral, en setembro de 2016, anunciouse un investimento de 160.000 euros para a dotación de material de quirófano. Isto íase levar a cabo no último trimestre de 2016. Pasou o día e pasou a romaría. A día de hoxe, seguen sen estar feitos eses investimentos.

Ampliación do servizo de nefroloxía. Esta é unha cuestión de humanidade. Os pacientes de nefroloxía están recibindo o tratamento nun cuarto pequeno, sen luz, onde pasan alí tres días á semana, catro horas ao día, nun lugar pequeno, que parece un zulo e onde non hai luz. Estes son, precisamente, os afortunados, porque logo hai outro tipo de pacientes que, como só hai un nefrólogo e só realiza un turno, loxicamente, o resto están derivándose ou ao Hospital da Coruña ou ao Hospital de Santiago, co cal, aí empeza o periplo destes pacientes, que chegan ás veces a estar once horas desde o comezo da súa xornada, ata ao final; once horas ao día, tres días á semana. Os pacientes, cando van, están cansados, pero á volta están moi, moi esgotados porque son pacientes que están enfermos á espera dun transplante. Por tanto, isto é unha cuestión de humanidade. Simplemente cun nefrólogo máis poderíase facer turno de mañá e turno de tarde e poderíase atender o dobre de persoas. Como lle digo, esta é unha cuestión de humanidade, e non o dicimos nós, senón que o demandan os propios pacientes, demandan este servizo.

Como ven, o que lles estamos pedindo hoxe é, coma sempre, unha cuestión de básicos, que é o que pedimos sempre, como cada vez que pedimos algo para a Costa da Morte; cuestión de básicos.

Por tanto, preguntámoslle: ¿ten previsto o Goberno galego implementar algún tipo de medida de mellora en termos de recursos para o Hospital Virxe da Xunqueira?

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señora deputada, primeiro quería facerlle unha corrección. Precisamente neste ano imos celebrar o 20º aniversario, non o 18º, 20º aniversario da construción do Hospital de Cee, Virxe da Xunqueira, que a verdade é que leva vinte anos. E quero aproveitar este momento tamén para ter un recordo para quen foi o primeiro xerente, don José Rey Aneiros, que hai xusto tres días que fixo dous anos desde que faleceu, e que foi unha das persoas que fixo moito polo desenrolo deste hospital no seu inicio.

Mire, a avaliación de necesidades e a implementación de melloras e solucións posibles é algo que non se fai de forma puntual, senón continuamente. Nos últimos anos, téñense realizado melloras de xeito continuo para manter e mellorar a calidade da asistencia sanitaria prestada á poboación e a dotación de recursos á disposición do persoal, por exemplo, mamógrafo dixital, novo arco cirúrxico, sistema de dispensación automatizado, dotación para teleasistencia no ictus, aparataxe electromecánico por valor de 150.000 euros, desfibriladores, ecocardiogramas, monitores, ecodoples, motor novo en quirófano de traumatoloxía, ecógrafo, videogastroscoPIO para dixestivo, sala dixital, dotación de OCT (tomografía de coherencia óptica) para oftalmoloxía, remoción de máquinas de anestesia, adquisición dunha mesa de quirófano de trauma, substitución do TAC... Ademais, realízase de xeito continuo a reparación e substitución de material que os servizos detectan que pode presentar deterioración, tanto por procedementos de reparación e petición de compra habilitados en toda a xerencia e xestión integrada como pola análise do plan de necesidades de centros segundo a actividade realizada, que garante a calidade da atención.

A demanda de asistencia sanitaria da poboación adscrita ao Hospital Virxe da Xunqueira mantívose estable nos últimos exercicios e puido incrementarse a procedente de municipios de áreas limítrofes aos da poboación atendida en virtude do Decreto 55/2015, do 26 de marzo, polo que se regula, entre outros, o dereito á libre elección de centro hospitalario no sistema público de saúde de Galicia.

A planificación e ordenación de recursos realizada permitiu manter o funcionamento eficiente e a calidade asistencial, de xeito que os datos de actividade e os tempos de espera melloran a media galega. O tempo medio de espera para a unha intervención cirúrxica foi de 43 días no 2016, fronte a 68 a nivel xeral. O Servizo de Medicina Interna, que conta con actividade de consultas externas e hospitalización, presta atención á área de cardioloxía para procesos de baixa complexidade. Os pacientes que precisan atención en superespecialidades

cardiolóxicas contan cun servizo de referencia de elevado prestixio onde se pode prestar unha atención personalizada e axustada ao proceso diagnóstico concreto do paciente.

Está implantada na Área Sanitaria da Coruña a teleconsulta de cardioloxía, que permite, mediante a dotación dixital a través dos proxectos Hospital 2020, a comunicación áxil e eficiente dos profesionais, co Servizo de Cardioloxía de xeito telemático.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica.

Señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Señor conselleiro, non me contestou a nada do que lle preguntei, a nada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Di que son vinte anos, non dezaoto, moi ben, pois máis motivo aínda para facer investimentos, non cabe dúbida. *(Aplausos.)*

Eu o que lle pediría, por favor, e píddllo en nome dos pacientes de nefroloxía, é un exercicio de empatía. Imaxine que o un enfermo deses é un familiar seu, un fillo, un pai, un irmán, imaxine iso, e imaxíneo levantándose ás cinco da mañá para coller unha ambulancia compartida, porque van oito persoas, que as van recollendo por aí, para logo ir a un tratamento de catro horas. Imaxine despois volver. Ao longo da xornada foron once horas. Imaxine e faga un exercicio de empatía, pense que non son números, que son persoas que están esperando por un transplante. E eu diríalle algo: que, polo menos, busquen un sitio mellor para que o tratamento que se fai en Cee non sexa no lugar que ía ser destinado a neveira de cadáveres. Alí non hai luz. Aí é onde están recibindo as persoas o tratamento. Non hai luz. Esta é unha enfermidade que ten unha importante carga emocional, e así teñen aos pacientes. Un exercicio de empatía é o que lle pediríamos. Sabemos que é difícil, porque son un goberno sen alma, porque a Costa da Morte non lles importa nada, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* é iso é o que nos demostran cada día *(Aplausos.)* ¡Cada día! Non nos din a verdade, veñen en campaña, prometen a autovía, logo fan corredores, logo veñen e prometen material cirúrxico... Non cumpren coa Costa da Morte. E, ¿saben unha cousa? Xa demostramos con Ferroatlántica e xa demostramos con todo que non imos quedar calados. Nós saímos á calle, imos protestar. Non imos quedar calados, non, e, cando a Costa da Morte se levanta, conseguimos o que nos propomos. Escóitenos, porque é mellor. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Turno de peche.

Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Mire, eu creo que vén moi nerviosa hoxe a esta pregunta, porque... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* vostedes...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio, por favor!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...foron á prensa a dicir que pedía o desmantelamento encuberto dos servizos do Hospital de Cee. Iso foi unha semana. Á semana seguinte: «*El PSOE denuncia que en el Hospital de Cee el material de quirófano se lava a mano*»... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Logo o Sergas tivo que saír a dicir que isto era unha barbaridade. Di: «*Tacha de falsas las denuncias del PSOE respecto al Hospital Virxe da Xunqueira*». E entón vostedes teñen que vir e o día 29 de marzo din: «*El PSOE aclara que nunca puso en duda la labor del cuadro de personal del Hospital de Cee*». *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)* E isto confírmalo hoxe cando o primeiro... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Antes de nada, da pregunta, piden desculpas ao persoal...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Todos estamos de acordo en que o persoal deste hospital de atención primaria, como o de todos os hospitais galegos, é excelente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero iso non pode ser utilizado con fins políticos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...para deixar en mal lugar unha actividade asistencial sanitaria...

O señor PRESIDENTE: Hai que encaixar algo... Perdón, isto é un turno de preguntas e respostas, pero hai que encaixar algo tamén. *(Murmurios.)*

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...que temos unha das mellores asistencias sanitarias...

O señor PRESIDENTE: ¡Home, por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...de España. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E o Hospital de Cee non é un elemento illado da asistencia sanitaria, está incorporado a unha das áreas sanitarias máis importantes de España, que é a Área Sanitaria de Coruña. Evidentemente, por temas de poboación, temos uns servizos determinados no Hospital de Cee,

pero, desde logo, o CHUAC, o Juan Canalejo da Coruña, ten sempre cobertura para toda a área de poboación, e, polo tanto, (*Murmurios.*) nunca se pode dicir... Temos servizos, temos aínda que mellorar na incorporación e na coordinación entre os diferentes ámbitos hospitalarios, de feito, vai haber unha modificación —que xa comentamos en anteriores días— de estrutura para facer máis áxiles este tipo de relacións. E, desde logo, a única guía que nos debe levar a nós a funcionar, a servir ao cidadán galego, é que teñan as mesmas condicións aqueles que están en calquera área de Galicia.

Desde logo, nós si defendemos a todos os cidadáns destes oito concellos, como defendemos os 313 concellos de Galicia, e o que procuramos, con todos os servizos que poñen os cidadáns á disposición a través dos seus impostos, é que sexa un servizo de calidade e de equidade entre todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Rematados os puntos da orde do día de hoxe, érguese a sesión. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Perdón? Non teño eu... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non. Eu creo que anunciei ben á mañá a orde do día. Creo que anunciei que serían... Eu falei de dúas preguntas para o conselleiro. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, pero mañá o conselleiro non está. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)


Pois non sei cal é a pregunta. (*Murmurios.*) Non sei. É que non sei. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Claro, ao mellor non é o conselleiro de Sanidade quen resposta, non o sei. Eu agora non sei. Neste momento non o sei, non lle podó responder a isto porque non o sei. (*Murmurios.*)

Érguese a sesión.

Suspéndese a sesión ás oito e trinta e seis minutos do serán.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pérez Seco, José Manuel	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pierres López, María Luisa	(S)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Prado del Río, Paula	(P)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rey Varela, José Manuel	(P)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Arias, Marta	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez Estévez, David	(EM)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Salorio Portal, María Soraya	(P)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Sánchez García, Antón	(EM)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Solla Fernández, Eva	(EM)
28. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	66. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
29. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	67. Toja Suárez, María Dolores	(S)
30. Mato Otero, Beatriz	(P)	68. Torrado Quintela, Julio	(S)
31. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Mouriño Villar, Antonio	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Novo Fariña, María Isabel	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Núñez Feijóo, Alberto	(P)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25